Un dos seus primeiros recordos é unha anécdota que lle ocorreu mentres se atopaba coidando as vacas do seu pai: unha das vacas, nun descoido seu, entrou nos terreos que formaban parte do Consorcio, co que rapidamente se presentou ante el un garda nunha moto que lle preguntou o nome do seu pai. Suplicoulle en repetidas ocasións que non o amoestase pois fora un descoido, pero transcorrida unha semana chegoulle ao seu pai unha multa de 60 pesos, o que equivalía na época a vender un cabrito.

Nas Pontes, comézase coa reforestación nos montes do consorcio no ano 1959 e abarcará, aproximadamente, un período de catro anos, obrigando aos veciños propietarios dos terreos a que o gando que tiñan abandonase os devanditos terreos, o que conlevou unha gran miseria aos veciños. A moitos deles, que posuían 10 vacas e rabaños de ovellas, isto levoulles a ter que desfacerse de case todo o gando porque xa non tiñan por onde pastorear. Como solución a este problema o Consorcio facilitoulles uns «pasteiros», pero resultaron ser non máis que un cerco común para todos os veciños, onde o espazo e os pastos eran diminutos.

Desde Pontevedra chegaban dous camións que traían piñeiros de raíz, «a especie utilizada nas Pontes», e deixábanos no que chamaban o sementeiro. O terreo dividíano e entón enviaban aos equipos de plantación. Nas Pontes había dous equipos formados por unha vintena de persoas cada un deles, incluídos mulleres e nenos.

O traballo organizábase por grupos. Sobre o terreo dous homes portaban unha corda anudada para ir marcando os lugares onde se tiña que cavar

para plantar. Tras eles ía outro grupo de homes, que se coñecían como os do «plantamon» (nome tomado da ferramenta que utilizaban para cavar) e que se encargaban de realizar os buracos, duns 30 cm de diámetro, ademais este traballo considerábase como un dos máis duros. Detrás destes últimos ían as plantadoras, xeralmente mulleres e nenos, metendo os piñeiros nos buracos e despois tapándoos. Transcorrido un tempo revisábanse as plantacións e, se se apreciaba que algún piñeiro estaba a secar, había que volver limpar o terreo para plantar un novo.

Había un capataz para cada equipo e adoitaba tratarse de xente afín ao réxime; ademais, os capataces eran os que se encargaban dos pagos. A mecanización aínda non chegara ao campo, polo que cada persoa que ía á plantación tiña que levar a súa propia ferramenta.

As plantadoras gañaban 15 pesetas por xornada e os homes 20 pesetas, correspondéndose unha xornada a 10 horas de traballo diarias, e ademais tiñan que levar a comida debido a que había traballadores que tardaban aproximadamente unha hora en chegar aos terreos onde se estaban levando a cabo as plantacións. Estes xornais correspondíanse coa metade dun soldo normal, pero non había outra cousa e a necesidade era moita.

A maioría da xente contratada pertencía ás aldeas máis próximas aos montes nos que se estaban realizando as plantacións, pero tamén había xente que se enrolou nos devanditos traballos que se desprazaba desde a vila das Pontes. Pola mañá saía un camión con bancos para levar aos traballadores ata o monte, e nel regresaban ao final da xornada. A saída do camión facíase diante do bar Casa Franco, na Avenida do Ferrol.

A medida que os traballos de reforestación ían avanzando puxéronse gardas forestais en cada zona, coa intención de protexer os montes e vixiar que a xente non levara o seu gando para pastar neles. Este traballo adoitaba ser desempeñado por veciños das Pontes afíns ao Réxime.

O proxecto inicial de reforestación nos montes das Pontes incluía a realización de devasa, para iso deixábase sen plantar a zona destinada a tal fin, que constaba de dúas liñas de 7 metros de ancho e 10 metros no centro. Este tra-

Fotografía 1. Equipos de traballo das Pontes, en Tras da Serra, no Freixo.

Fotografía 2. O mesmo lugar de Tras da Serra, no Freixo, en 2021.

ballo adoitaba ser realizado por catro homes e limpábase cada ano, ademais o monte que quedaba no medio rozábase. Era un traballo cualificado como menos duro en comparación ao resto, polo que adoitaban facelo «amigos» do garda forestal, debido a que era este quen tamén asignaba os traballos.

A continuación pódense ver unhas fotografías que corresponden á zona do Monte Caxado que foi obxecto de intervención, onde pode apreciarse o resultado que se obtivo co traballo de reforestación, 60 anos despois.

Foto 3. Zonas do consorcio forestal, na actualidade

Hoxe en día aínda se poden ver as dúas marcas do que foi no seu día o cortalumes (foto 4). Tamén se aprecian as plantacións onde a masa forestal é moi reducida ou practicamente nula, cunhas árbores de pouca talla e pouca altura de peito (grosor incluíndo a cortiza do tronco, a unha altura de 1,3 metros do chan).

A maioría do plantado non saíu adiante, como se pode apreciar claramente nas fotos 4, 5, 6, só frutificou nalgunhas zonas debido a que eses terreos empregáronse anteriormente para plantacións de avea e millo.

Foto 4. Devasa

Foto 5

Foto 6



Mapa do Caxado coa localización das zonas fotografiadas

O sindicalismo na España franquista. Grupos Sindicais de Colonización

Fronte ao concepto de sindicato entendido como medio de protección dos obreiros contra os patróns e ligado á idea marxista de loita de clases, nas primeiras décadas do século XX cristalizará un novo tipo de sindicalismo «armonicista» e corporativo, que invocará a colaboración entre empresarios e traballadores baixo a tutela do Estado.

Esta corrente, desenvolta nos países de réxime totalitario (principalmente Italia e Alemaña), articulouse na España de Franco baixo os principios do nacionalsindicalismo, baseado na estruturación sindical da economía e do Estado mesmo. Peza central deste proxecto foi o sindicato vertical, institución de encadramento obrigatorio para empresarios e traballadores, chamado a ser a «avanzada» do proxecto político falanxista. Con todo, a práctica convertería a estas organizacións en aparellos inoperantes, burocratizados e dedicados en exclusiva á desmobilización da clase traballadora. Neste apartado do estudo que se está desenvolvendo vanse explicar os principios en que se baseou o sindicalismo vertical durante o franquismo, a estruturación orgánica dos sindicatos e o fracaso que, en última instancia, constituíu esta experiencia.

Desde o seu nacemento no século XIX, os sindicatos constituíron un órgano fundamental de defensa dos traballadores fronte aos intereses dos empresarios. A diferenza dos gremios medievais e as mutualidades do Antigo Réxime, os sindicatos apareceron como reacción ás condicións laborais creadas polo capitalismo, asociacións de traballadores cuxa influencia foi crecendo a medida que se acentuaba o proceso de proletarización.

Conforme avanzaba a consolidación dos sindicatos como organizacións de masas, produciuse de forma paralela a conversión dos mesmos en instrumentos políticos e órganos de loita ao servizo dunha ideoloxía. O sindicato, por tanto, sería empregado non só como unha asociación laboral defensiva, senón como «ariete» para impoñer o triunfo dunhas ideas e intereses políticos.

Ata aquí desenvólvese o que, desde a cosmovisión franquista, se consideraban as dúas primeiras fases do sindicalismo; é dicir, o sindicato como instrumento defensivo e o sindicato como instrumento político. A terceira fase da asociación sindical, á que se adscribía o modelo español, era o sindicato considerado como instrumento do Estado. Esta última concepción nutriríase dos principios doutrinais corporativistas e fascistas, quedando realizada principalmente nos países de réxime totalitario, Italia e Alemaña, como xa se comentou con anterioridade. O sindicalismo fascista italiano implantado durante a etapa de goberno de Mussolini consideraba aos sindicatos como substrato e fundamento da sociedade, de forma que aquelas entidades quedaban unidas, integradas e sometidas ao Estado como ferramentas ao seu servizo para deseño e implementación da política económica. Así, empresarios e traballadores permanecían encadrados baixo sindicatos ou corporacións profesionais que participaban na formación da vontade política do Estado no seu máis alto grao; é dicir, na lexislación.

A práctica sindical corporativa de Italia e Alemaña sería asimilada polas organizacións fascistas españolas que terminarían unificándose ao redor de Falanxe Española ao longo da década de 1930. A concepción falanxista do corporativismo bebeu, ademais, do ensaio que durante a ditadura de Primo de Rivera supuxera a posta en marcha da Organización Corporativa Nacional. Para a posta en práctica destes principios teóricos, Falanxe Española das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista crearía en 1934 e 1935, respectivamente, dúas agrupacións que constituirían o embrión do réxime sindical implantado tras a guerra civil: a Central Obreira Nacional Sindicalista e a Central de Empresarios Nacional Sindicalista. Ambos os sindicatos tiñan un carácter vertical, agrupando o primeiro deles aos obreiros, e o outro, aos empresarios, aínda que ningunha destas organizacións tivo transcendencia real, limitándose a súa escasa actividade a «unha propaganda entusiasta dos principios sociais e aspiracións de xustiza social».

Con todo, a creación destas Centrais adquiriu valor xurídico como «fonte orixinaria dun novo dereito» que quedaría recoñecido no artigo 29 dos

Estatutos de Falanxe Española Tradicionalista e das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista de agosto de 1937, onde se especificaba que correspondía ao partido único crear e manter «as organizacións sindicais aptas para encadrar o traballo e a produción e repartición de bens», e que os mandos das devanditas organizacións habían de proceder «das filas do Movemento».

Grupos sindicais de Colonización

A Lei de Colonización de Interese Local, do 25 de novembro de 1940, instaurou unha serie de auxilios para efectuar melloras agrarias. Estableceu no seu artigo 3º que devanditos auxilios podían ser solicitados por Entidades, Sindicatos ou «Agrupacións de toda índole, constituídas con fins agrícolas». Aproximadamente uns 7 meses despois, a Orde do Ministerio de Agricultura, do 11 de xuño de 1941, á hora de impoñer un nome a estas «Agrupacións» introduciu unha importante novidade na nomenclatura das persoas xurídicas: «Para os efectos da Lei do 25 de novembro de 1940, os grupos de produtores que se organicen, constituiranse baixo a denominación de «Grupos Sindicais de Colonización»».

Esta mesma Orde do Ministerio de Agricultura encargou á Delegación Nacional de Sindicatos a redacción dun Regulamento Tipo dos Grupos Sindicais de Colonización, que foi aprobado por Orde do Ministerio de Agricultura, do 5 de xullo de 1941. O 25 de Agosto deste mesmo ano, o Ministerio de Agricultura dita outra orde aprobando o Regulamento dos Grupos Sindicais denominados «menores» por contar cun número de socios inferior a dez.

Ata o de agora sinaláronse as disposicións emanadas da autoridade estatal que configuran os Grupos Sindicais de Colonización como agrupacións de produtores orientadas a realizar obras e melloras de interese local. Pero, sobre esta base, os Grupos Sindicais van ir desenvolvendo ao ritmo das disposicións ditadas pola Delegación Nacional de Sindicatos (DNS) e a Xefatura da Obra de Colonización. Estas disposicións adaptan os Grupos Sindicais á política agra-

ria do Estado, outorgándolles novas finalidades industriais e comerciais, inicialmente vinculadas ás «obras ou melloras» efectuadas polo Grupo Sindical, e máis tarde planeadas como actividades substanciais, non accesorias.

A Orde da Delegación Nacional de Sindicatos, do 20 de marzo de 1943, establece o Regulamento da Obra Sindical de Colonización, que regula a constitución dos Grupos Sindicais de Colonización, as achegas dos socios, órganos, etc.

O 30 de setembro de 1943, a DNS aproba o Regalmento do Rexistro de Grupos Sindicais de Colonización onde, ademais de ditar normas sobre organización, forma de practicar os asentos no Rexistro, efectos da inscrición etc., fai unha interesante clasificación dos Grupos.

Por último, a Orde de Servizo do 10 de decembro de 1963, tamén da DNS, aproba os Estatutos do Órgano Federativo destas entidades, denominado Unión Nacional de Grupos Sindicais de Colonización.

As disposicións que se acaban de citar constitúen as sindicais de rango superior. Por baixo delas, a Xefatura da Obra Sindical de Colonización, ditou Circulares e Instrucións. Entre as máis importantes pódense citar; a número 17, do 15 de maio de 1963, sobre Grupos Sindicais de Colonización para a explotación comunitaria da terra; número 30, do 12 de abril de 1965, sobre Empresas Sindicais de Colonización (asociación de Grupos Sindicais de Colonización entre si ou con persoas xurídicas ou naturais con fins homoxéneos relacionados coa produción agraria), e a número 52, da mesma data, que inclúe unha Ordenanza de Réxime Interior tipo para os Grupos Sindicais de Colonización en comarcas de Ordenanción Rural.

Doutra banda, non se pode esquecer que existen diversas leis que fan referencia moi concreta aos Grupos Sindicais de Colonización, esixindo esta forma asociativa para determinados auxilios ou axudas estables ou realizar certas actividades. Por exemplo, a Lei de Ordenación Rural, a de Montes, a de Concentración Parcelaria, e a de Asociacións e Unións de Empresas.

Desde o punto de vista fiscal, os Grupos Sindicais de Colonización gozarían do mesmo estatuto aplicable ás Cooperativas.

Dentro dos Grupos Sindicais de Colonización pódense distinguir dúas vertentes: os Consorciais e os Societarios. Nos Grupos Sindicais Societarios perséguese a obtención de ganancias repartibles entre os membros do Grupo, verdadeiros socios, en proporción ás achegas de cada un dos mesmos e ás actividades realizadas a través do mesmo Grupo. Nos Grupos Sindicais Consorciais cada asociado conserva a propiedade da súa leira, mentres que nos Grupos Societarios achégase, polo menos en usufruto, todo ou parte segundo a modalidade, aínda que se poden achegar, ademais das terras, metálico ou outros bens, ou exclusivamente man de obra.

Os Grupos Sindicais Consorciais «son realmente os únicos que, en sentido estrito, poden ser considerados como verdadeiros Grupos de Colonización».

Grupos Sindicais nas Pontes

O 9 de abril de 1976 créase o Grupo Sindical de gandeiros e labregos «Caxado» das Pontes, elixindo a xunta reitora, e os asociados correspóndense cos afectados polo consorcio entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello das Pontes.

O 2 de xullo de 1976 a Organización Sindical de Colonización nomea presidente a D. Francisco Corral Fresco.

O 12 de outubro de 1976 dáse personalidade xurídica ao Grupo Sindical de colonización «Caxado».

O 12 de outubro de 1976 publícase no *Boletín da Organización Sindical* a aprobación da devandita Obra Sindical e o seu regulamento.

Regulamento do Grupo Sindical de Colonización «Caxado» do 2 de xullo de 1976.

Socialización das protestas veciñais e a conciencia ecolóxica

O ideal autárquico promovido polo Goberno franquista permitiría acabar coa «subordinación ao estranxeiro» en canto a produtos básicos e, ao mesmo tempo, xeraría un excedente para o comercio exterior. Así se sinala: «En tempos de paz non fai falta que a autarquía sexa absoluta, senón simplemente que nos garanta que en momentos como os actuais non teñamos que vernos a mercé do estranxeiro, por mor da escaseza de materias primas e produtos de primeira necesidade».

O franquismo desenvolveu unha gran actividade industrializadora, o que provocou conflitos por distintas zonas de España pola instalación de plantas de celulosa, factorías químicas, centrais eléctricas, ademais de pola construción de encoros. Pensábase que a xente aceptaría as industrias se había traballo, pero non foi así.

No norte de España foi onde se concentraron a maioría das protestas: os altos fornos en Bilbao e Barcelona, as actividades mineiras de Avilés e Mieres en Asturias e as Encrobas en Galicia, as industrias químicas de Tarragona e Huelva, Sagunto, industrias do aluminio en Zaragoza e Huesca, o enriquecemento de uranio de Xaén, tratamentos de coiro de Vic, foron os lugares onde máis protestas veciñais se produciron.

É tamén o caso dos mariscadores que protestaron contra a instalación da fábrica de celulosa das Rías Baixas, en Carballo e en moitos lugares en contra da Sociedade Agraria de Transformación, que expropiaban os terreos de forma especulativa.

O sector primario protestou polas expropiacións das terras, como tamén polo feito de que a industria que se creou empezou a contaminar ríos e terreos, co que isto afectaba ao sector.

As protestas ambientais, con todo, xa comezaran antes. Fixérono coa incipiente indutrialización ao final dos anos 40. E nos anos 60 o debate ampliouse coa implantación de centrais nucleares e os movementos sociais.

Un medio habitual de protesta durante o franquismo foron as pintadas nos muros das diversas industrias. As protestas ambientais mantivéronse en moitas zonas e nalgunhas delas, con resultados sanguentos. Os veciños botáronse á rúa fartos de soportar os efectos contaminantes de factorías e o aumento dos problemas respiratorios nas zonas. As mulleres tiveron moita importancia nas protestas e a súa presenza fronte ás manifestacións non evitou as cargas policiais.

Uns poucos anos despois, o ecoloxismo comezou a institucionalizarse. Desde a Administración franquista, con iniciativas como a creación do Instituto para a Conservación da Natureza (ICONA) o 28 de outubro de 1971, e a aprobación o 22 de decembro de 1972 da Lei de Protección do Ambiente Atmosférico.

Esta Lei xa denunciaba, hai máis de 40 anos, «a degradación urbana xeral», «o grao de contaminación» e «a privatización do chan público», e ponse de manifesto que o medio ambiente é un asunto social e político, de que os watts teñen que ver coa xustiza social e de que as inxustizas ambientais pagábanas os máis débiles.

A percepción da contaminación sempre existiu, aínda que non sempre se lle chamou así nin se regulou, e hai que resaltar que esa problemática non foi sinalada por expertos senón que veu de abaixo, da poboación xeral.

Nos conflitos que tiveron lugar en Galicia débese destacar a figura dun home que tivo relación co noso pobo, un home ao que se lle consideraba apoloxista da violencia e da desorde, e continuamente era incoado polas instancias militares, encarcerado e multado varias veces e cuxo único delito foi defender aos máis débiles. Tratábase de Ramón Valcarce, a quen se chegou a coñecer como ou «cura das Encrobas» tras os enfrontamentos que se produciron nese lugar no ano 1977; ademais foi aquí onde se deu a coñecer ao poñerse diante dunha inxustiza, a expropiación de terras para unha central térmica. Igualmente púxose diante na loita en Carballo no ano 1977, onde se lle dá permiso a unha empresa para extraer area dunha marisma de Baldaio e tamén en Teixo-Somozas no ano 1984, onde defendeu diante

da Sociedade Agraria de Transformación aos afectados pola expropiación dunhas casas adquiridas de forma especulativa.

Ramón Valcarce, ademais de ser un activista político, tamén foi un gran defensor do medio ambiente, chegando a ser vicepresidente do grupo ecoloxista pontés Neno do Azor.

Moncho Valcarce non foi o único que protestou, denunciou e loitou por inxustizas dentro dos límites do noso concello, tamén houbo varios veciños que loitaron por recuperar os terreos que lles eran usurpados pola Sociedade Agraria de Transformación.

Busto de Moncho Valcarce no instituto Pontes ao que lle dá nome.

As protestas e loita para recuperar os montes nas Pontes

As consecuencias negativas sobre a cabana gandeira, a prohibición de cavar, plantar ou realizar aproveitamentos de leas e madeiras e, en definitiva, a perda da posesión dos montes veciñais coloca aos campesinos ante unha situación límite, non lles deixando máis opción que a protesta e mobilización. Para iso utilizaron diversas formas de loita, a protesta pública de carácter pacífico, a vía xudicial e outras formas «resolutorias».

Nas Pontes non foi ata o ano 1977 cando, desde o Grupo Sindical de Colonización «Caxado», comenzan a reclamar as terras que anos antes se lles usurparon. Houbo peches no concello dúas noites e tres días, ademais de moitas cartas e denuncias para que lles devolvesen os seus terreos, pero esta reclamación non era unha tarefa sinxela debido a que en moitos casos se lles pedía que ensinasen documentos acreditando que aquelas terras

eran súas, carecendo a maioría de papeis que o demostrasen posto que as terras herdábanse de xeración en xeración sen necesidade de escrituralas.

O 30 de novembro de 1976, o Concello, en contestación ao presidente do Grupo Sindical, D. Francisco Corral Fresco, certifica que os montes non son propiedade do Concello ao non telos incritos no rexistro da propiedade.

En 1977 preséntase o primeiro documento solicitando ao Concello das Pontes a anulación do consorcio forestal co Patrimonio Forestal do Estado en setembro do 1956, e no pleno municipal do 3 de xuño de 1977 adóptase «por unanimidade propoñer ao Instituto Nacional de Conservación da Natureza a resolución, rescisión ou anulación do consorcio forestal»

O 11 de outubro de 1978, o Grupo Sindical de Colonización «Caxado» presenta uns escritos ante todas as estancias implicadas: Instituto para a Conservación da Natureza (ICONA), Ministerio de Agricultura e Concello das Pontes, explicando cronoloxicamente os acontecementos desde a firma do consorcio forestal á petición da disolución do devandito consorcio.

O 28 de novembro de 1978, o Ministerio de Agricultura en contestación á carta enviada o 11 de outubro dese mesmo ano insta a que o ICONA e o Concello das Pontes procedan á extinción do consorcio forestal.

O 20 de abril de 1979, outra carta do Grupo Sindical «Caxado» urxe ao Concello para acelerar os trámites para a devolución dos terreos despois do pago dunha suma de diñeiro ao ICONA en compensación pola madeira que se deu nos montes reforestados.

O 21 de maio de 1979, en pleno municipal extraordinario, apróbase a rescisión do consorcio forestal.

O 14 de decembro de 1979, a dirección do ICONA toma o acordo «polo que se accede á rescisión dos consorcios» unha vez paga a cifra de compensación.

Durante as negociacións para fixar a indemnización, o grupo sindical presenta un escrito valorando os terreos e os resultados da reforestación.

Esta cifra é valorada no seguinte informe que se presenta o 27 de marzo de 1980.

O 4 de xaneiro de 1980 en pleno do Concello apróbase que se page a indemnización de 4.660.472 pesetas ao Instituto Nacional para a Conservación da Natureza.

O 11 de xaneiro de 1980, unha vez cumprimentadas as obrigacións, o Concello certifica a rescisión do consorcio de montes no Concello das Pontes.

O 23 de xullo de 1980, D. Francisco Corral Fresco (representante legal de Sociedades Agrarias de Transformación «Caxado», envía un escrito ao Concello das Pontes, unha misiva dura ante a inacción do mesmo para a devolución dos montes.

O 20 de outubro de 1980, unha carta recibida do Intituto Nacional para a Conservación da Natureza ordena a devolución dos montes «Caxado e outros», «Caxado», «Penas da Noite» e «Tras da Serra e outros» aos seus lexítimos propietarios e, en outubro de 1980 e baixo selo notarial, entréganse definitivamente os terreos aos seus lexítimos propietarios.

Epílogo

Cunha visión global, obviando as idiosincrasias, así se construíu un plan de forestación que non funcionou e que o único que conseguiu foi facer que a xente do campo «pasase máis traballos», e así é como sempre que se idea un plan xeral e que se presenta como ben de interese xeral, se fai sen ter en conta aos que se van ver afectados polo mesmo.

A industria forestal e da madeira en Galicia experimenta un gran crecemento a mediados do século XX, o que se reflicte nun gran incremento de serradoiros, que se multiplicaron e cos trámites para a creación dunha industria de celulosa en Pontevedra.

O plan de poñer en valor terras que ata a data non eran produtivas, cun sistema de regadíos e reforestacións, foi un plan ambicioso e globalmente moi atractivo, pero a nivel local foi un desastre, como xa se comentou. Unha mala planificación ao escoller terras de pouca produtividade, sen contar coa xente

dos lugares que coñecía o terreo e o apropiarse pola forza das terras, foron motivos máis que suficientes para que moita xente se posicionase en contra do plan. Cando unha colaboración sería o máis ideal, plantar nas súas terras e compartir os beneficios, deixar que o gando que era o sustento de moitos veciños seguise pastando nelas e así limpar os chans, abonalos, e evitar os temibles incendios forestais.

Os consorcios forestais estendéronse tamén polos concellos limítrofes, Ortigueira, Muras, e co mesmo resultado que nas Pontes. Os consorcios rescindíronse e os terreos volveron aos seus propietarios. Aínda non hai moitos anos, os veciños de Ortigueira seguían en xuízos esixindo a devolución dos mesmos.

Ademais de usurparlles as súas terras nun principio e de ter que demostrar posteriormente que eran súas, fíxoselles pagar por resarcir o investimento neses montes, e que como se viu con anterioridade a madeira producida sesenta anos despois non era nin unha décima parte da prevista.

Moitos concellos quedaron cos terreos ao non poder os veciños xustificar que eran da súa propiedade, e estes vendéronse por prezos irrisorios aos mesmos alcaldes ou amigos seus.

A terra galega é unha gran produtora de madeira e é unha referencia a nivel nacional como produtora de madeira e derivados, e tamén unha gran exportadora.

Pero todo iso sen plans de como explotar a terra sen degradala para conservar os nosos bosques autóctonos, cunha sobreexplotación do Eucaliptus, que leva ao abandono do rural e que fai que se produzan máis feroces incendios forestais. Ademais, agora débese engadir a problemática de utilizar os nosos montes para «plantar» parques eólicos. De novo se parte dunha visión global, sen actuar con respecto ao rural galego, ao seu valor paisaxístico, sen respecto aos pasos de aves nas súas peregrinaxes, sen coidar o patrimonio enterrado (medoñas, castros), sen utilizar especies autóctonas, aínda que non sexan de rápido crecemento, e sobre todo sen ter en conta aos que van ser os máis afectados, o rural galego.

«A cidade cre que fóra dela non hai máis que paisaxe, patacas e leite; ignoran que tamén existe unha cultura nobre, antiquísima e insobornable». (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza*)

Bibliografía

AMADO, A. e PATIÑO, A. (2020): *Habitar el agua: La colonización en la España del siglo xx.* Madrid: Turner.

CABANA IGLESIA, A. (2007): «Os incendios no monte comunal galego. Lugo durante o primeiro franquismo». *Historia agraria,* 43: 555-577.

FERNÁNDEZ, E. (2013): «Sumisión o muerte: notas sobre la represión del sindicalismo en Galicia». *Memòria antifranquista del Baix Llobregat,* 13: 31-33.

GÓMEZ HERRÁEZ, J. M. (2003): «As cooperativas no marco das irmandades sindicais, (1939-1959)». *Historia agraria,* 30: 151-182.

PANTAGUA, J. e CARBONELL DE MASY, R. (1974): «Grupos sindicales de colonización». *Estudios cooperativos,* 32: 19-32.

RAPOSO ARCEO, J. J. (2014): *Régimen jurídico de los montes vecinales en mano común en el marco de la propiedad forestal.* Tese de doutoramento. Facultade de Dereito. Universidade da Coruña.

RICO BOQUETE, E. (1995): «El rechazo de una opción conservacionista e integradora. Galicia en el Plan General de Repoblación Forestal de España de 1939». *Historia agraria,* 9: 155-173.

ROMÁN CERVANTES, C. (2008): «Las Sociedades Agrarias de Transformación en España: un análisis histórico». *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa,* 63: 65-87.

VADELL GUIRAL, E., DE MIGUEL MAGAÑA, S. e PEMÁ GARCÍA, J. (2019): «La repoblación forestal en España: las especies utilizadas desde 1877 a partir de las cartografías forestales». *Historia agraria,* 77: 107-136.

Fontes hemerográficas

— *La Voz de Galicia.*
— RTVE, fondos documentais.

Fontes orais

— D. Carlos Castelo.

Anexos

1. Bases do Consorcio Forestal do Estado As Pontes de García Rodríguez - Pena da Noite.
2. Bases do Consorcio Forestal do Estado As Pontes de García Rodríguez - Tras da Serra.
3. Bases do Consorcio Forestal do Estado As Pontes de García Rodríguez - Monte Caxado.
4. Acta de constitución do Grupo Sindical de Colonización de Caxado.
5. Relacións nominais dos socios de Grupos Sindicais de Colonización.
6. Certificación da rescisión dos consorcios forestais das Pontes (1980).
7. Acta de entrega dos montes de Caxado, Penas da Noite e Tras da Serra (1980).

1.1

3

Modelo 1.339

MINISTERIO DE AGRICULTURA

PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO

11

ES del Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de PUENTES DE GARCIA RODRIGUEZ

de la provincia de LA CORUÑA para la repoblación forestal de 72,4 hectáreas de terrenos pertenecientes a esta entidad.

BASE 1.ª

Se establece un Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de Puentes de García Rodriguez.

bjeto de proceder á la repoblación forestal de los terrenos que se describen en la Base 2.ª, a la conservación y ora del vuelo que se cree o exista actualmente en los mismos, y en su día a su aprovechamiento.

BASE 2.ª

Los terrenos a que el presente Consorcio afecta pertenecen a l Ayuntamiento de Puentes de García Rodrigues.

on los que se describen a continuación por su denominación, situación administrativa y legal, límites, extensión, ado forestal y servidumbres.

nominación: PENAS DA NOITE

uación administrativa y legal: Communal - Parroquia de Deveso.

nites: N.- Monte raso, fincas particulares y robleda, de los vecinos de los lugares de Jares, Cabeceira y Cancelas.

E.- Parroquia del Freijo, Monte "Cazado y otros".

S.- Parroquia del Freijo.

O.- Carretera de la de Ortigueira a Estación de Parga el Deveso.

xtensión consorciada y Estado forestal:

on arbolado espontáneo o creado por la Entidad propietaria del terreno — Ha.

on repoblado artificial creado con fondos del Estado 72,4 Ha.

in vegetación arbórea — Ha.

uperficie total consorciada 72,4 Ha.

ervidumbres: Cominos.- Esquilmos - Para los pastos se reservan zonas en cada lugar usuario.

Al ser puestos estos terrenos a disposición del Patrimonio Forestal del Estado podrá levantarse acta, que se extenderá uando menos por duplicado, expresando sus circunstancias.

BASE 3.ª

El suelo continuará perteneciendo a l Ayuntamiento de Puentes de García Rodriguez, que los aporta al Consorcio, salvo venta que del mismo pudiera hacerse al Patrimonio Forestal del Estado, o con autorización de éste.

El vuelo existente al formalizarse el Consorcio, así como el que se cree a consecuencia de éste, pertenecerá al Patrimonio Forestal del Estado.

Tanto el suelo como el vuelo, serán inscritos en el Registro de la Propiedad en la forma mencionada.

1.2

BASE 4.ª

1.º El Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez aporta al Consorc

A) Los terrenos de su propiedad descritos en la Base 2.ª, y el arbolado en ellos existente.

2.º—El Patrimonio Forestal del Estado aporta al Consorcio:

A) La totalidad de los gastos de repoblación, conservación y mejora.

B) La dirección técnica y administrativa de los trabajos.

C) La Guardería forestal.

Si fuera necesaria la construcción de vías de saca u otras obras de carácter permanente, fuera de la Zona que consorcia, las partes contratantes convendrán la cuantía con que han de contribuir a los gastos, y la forma de ha efectivo el pago.

BASE 5.ª

Como Organismo Asesor del Consorcio se crea una Junta formada por dos representantes de la Entidad pro taria del terreno consorciado y el Ingeniero encargado de la ejecución de los trabajos, o por un representante d Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado.

Esta Junta velará por el respeto a las Bases establecidas, podrá informar la distribución de beneficios y aquellas cuestiones surgidas de la interpretación del contrato, procurando dentro de sus facultades que se cumpl finalidad del Consorcio con la máxima eficacia, economía de gastos, y la mayor rentabilidad de los aprovechamien

BASE 6.ª

Las propuestas o proyectos necesarios para la ejecución de los trabajos u obligaciones consignados en Base 4.ª, se formularán por el Servicio Forestal encargado de los trabajos, y una vez aprobados por la Direcc General del Patrimonio Forestal del Estado serán ejecutados o dirigidos por dicho Servicio, bajo la inspección Su rior de aquella Dirección General.

BASE 7.ª

El Servicio Forestal encargado de la dirección y gestión inmediata de los trabajos someterá trimestralmen la aprobación de la Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado las cuentas justificativas de los gs correspondientes, así como dentro del primer trimestre de cada año, la Memoria de la labor realizada en el anterior, de la que se dará cuenta a la Junta del Consorcio, o Entidad interesada.

BASE 8.ª

De los beneficios líquidos que se obtengan de la explotación del vuelo arbóreo creado en virtud del Conso o por el Estado con anterioridad al mismo, el Patrimonio Forestal del Estado cede a el Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez el cuarenta por cie

Los demás aprovechamientos no comprendidos en el párrafo anterior los disfrutará la Entidad propietaria del t no en las mismas condiciones que al presente, subordinando siempre su localización, época y cuantía a las necesid de la repoblación y conservación del arbolado, dispuestas por el Servicio Forestal Gestor.

Las valoraciones, liquidaciones y distribución de beneficios serán formuladas por el Servicio Forestal que d los trabajos, y se elevarán a la Dirección General del Patrimonio Forestal del Estado para su resolución y efectiv

BASE 9.ª

El presente Consorcio tendrá carácter administrativo, y todas las cuestiones que surjan acerca de su cum miento, rescisión, ejecución, interpretación y demás incidencias, corresponderán a la jurisdicción Administr del Ministerio de Agricultura, y dentro del mismo se resolverán por la Dirección General del Patrimonio Fore del Estado.

Contra estas resoluciones podrá recurrirse en alzada ante el Ministro en el plazo máximo de un mes.

BASE 10.ª

1.3

ado así el Consorcio podrá ser elevado a Escritura pública a requerimiento de cualquiera de las partes

BASE 11ª

Consorcio tendrá efectividad durante el tiempo preciso para que rimonio Forestal del Estado se reintegre de las cantidades que hu- invertido, las cuales tendrán el carácter de anticipo.

participación en las ventas futuras se establecen de conformidad con rcentajes utilizados con carácter general en la provincia y relativos orcios análogos al presente.-

José Pérez Cid -------- *Secretario de l*
ntamiento de Puentes de García Rodríguez
RTIFICO: Que las Bases que anteceden han sido aprobadas por el Ayuntamiento Pleno
sión extraordinaria ---------- *cumpliéndose el requisito del quorum en sesión*
el día Ocho del actual ----------
ue conste expido la presente certificación visada por el Sr. Alcalde-Presidente ---------
s de García Rodríguez a ocho de Octubre ----------
ovecientos cincuenta y seis.-

V° B°
EL ALCALDE,

EL SECRETARIO,
José Pérez Cid

BASE ADICIONAL

Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez se compromete a entregar día a los vecinos que puedan resultar propietarios del monte objeto - e Consorcio, los beneficios correspondientes a la participación que - rtenezca en el vuelo arbóreo que se cree, en proporción a sus respec cuotas en la totalidad del monte.

DON JOSÉ PÉREZ CID -- Secretario del Ayuntamiento de Puen- García Rodríguez.

CERTIFICO: Que las Bases que anteceden han sido aprobadas por Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez en sesión extraordinaria, cele- diecinueve de Febrero de mil novecientos cincuenta y siete y ocho del año mil novecientos cincuenta y seis.

Vº.Bº.
EL ALCALDE

EL SECRETARIO
José Pérez Cid

2

Modelo 1.509

MINISTERIO DE AGRICULTURA

PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO

(1

S del Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de PUENTES DE GARCIA RODRIGUEZ de la provincia de LA CORUÑA para la repoblación forestal de 731,1 hectáreas de terrenos pertenecientes a esta entidad.

BASE 1.ª

e establece un Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de Puentes de Garcia Rodriguez
:to de proceder a la repoblación forestal de los terrenos que se describen en la Base 2.ª, a la conservación y
ı del vuelo que se cree o exista actualmente en los mismos, y en su día a su aprovechamiento.

BASE 2.ª

.os terrenos a que el presente Consorcio afecta pertenecen a l Ayuntamiento de Puentes de Garcia Rodriguez
los que se describen a continuación por su denominación, situación administrativa y legal, límites, extensión,
forestal y servidumbres.

ominación: TRAS DA SERRA

ción administrativa y legal: Comunal = Parroquias de Freijo y San Mamed.

s: N.- Rio Tras da Serra, límite con la provincia de Lugo.

E.- Resto del mismo monte, reservado a efectos de pastoreo a los vecinos de Tras da Serra, Campoverde, Formigueiro, Sangofiedo, Coto, Mondio, Couserredondo, y Cotelo, y límite con la provincia de Lugo.

S.- Propiedades particulares y zona reservada a pastos de los lugares de Balifa y Cabeceira.

O.- Propiedades particulares y zona reservada a pastos de San Mamed (Iglesia), Monte "Caxado y otros" de la parroquia de Freijo, propiedades particulares y monte reservado a pastoreo de Casanova, Azor, Torre y Couso dos Muros.

ısión consorciada y Estado forestal:

rbolado espontáneo o creado por la Entidad propietaria del terreno	— Ha.
epoblado artificial creado con fondos del Estado	— Ha.
egetación arbórea	731,1 Ha.
ficie total consorciada	731,1 Ha.

idumbres: Caminos.- Esquinas.- Para los pastos se reservan zonas en cada lugar usuario.

r pastos estos terrenos a disposición del Patrimonio Forestal del Estado podrá levantarse acta, que se extenderá lo menos por duplicado, expresando sus circunstancias.

BASE 3.ª

El suelo continuará perteneciendo al Ayuntamiento de Puentes de García Rodriguez os aporta al Consorcio, salvo venta que del mismo pudiera hacerse al Patrimonio Forestal del Estado, o con ización de éste.

el vuelo existente al formalizarse el Consorcio, así como el que se cree a consecuencia de éste, pertenecerá al

3

Modelo 1.339

MINISTERIO DE AGRICULTURA

PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO

1

BASES del Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y el Ayuntamiento de PUENTES DE GARCIA RODRIGUEZ de la provincia de La Coruña para la repoblación forestal de ..... hectáreas de terrenos pertenecientes a esta entidad.

BASE 1.ª

Se establece un Consorcio entre el Patrimonio Forestal del Estado y ..... con objeto de proceder a la repoblación forestal de los terrenos que se describen en la Base 2.ª, a la conservación y mejora del vuelo que se cree o exista actualmente en los mismos, y en su día a su aprovechamiento.

BASE 2.ª

Los terrenos a que el presente Consorcio afecta pertenecen a ..... y son los que se describen a continuación por su denominación, situación administrativa y legal, límites, extensión, estado forestal y servidumbres.

Denominación: [redacted]

Situación administrativa y legal: Monte CAXADO

Comunal - Parroquia de San Mamed

Límites:

N.- Parroquia del Freijo, Monte "Caxado y otros".

E.- Camino de Muras a Somozas, más monte de la misma parroquia, lugar de Feros, río de Campos y Camino.

S.- Más monte destinado a pastoreo de Calvela, Suarriba, Porta y Vidas, fincas particulares de vecinos de dichos lugares y arroyo del Marchán.

O.- Carretera de la de Ortigueira a Estación de Parga al Devoso y parroquia del Freijo, monte "Caxado y otros".

Extensión consorciada y Estado forestal:

Con arbolado espontáneo o creado por la Entidad propietaria del terreno	— Ha.
Con repoblado artificial creado con fondos del Estado	— Ha.
Sin vegetación arbórea	234,— Ha.
Superficie total consorciada	234,— Ha.

Servidumbres: Caminos.- Esquilmos - Para los pastos se reservan zonas en cada lugar usuario

Al ser puestos estos terrenos a disposición del Patrimonio Forestal del Estado podrá levantarse acta, que se extenderá cuando menos por duplicado, expresando sus circunstancias.

BASE 3.ª

El suelo continuará perteneciendo al Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez, o con que los aporta al Consorcio, salvo venta que del mismo pudiera hacerse al Patrimonio Forestal del Estado, o con autorización de éste.

El vuelo existente al formalizarse el Consorcio, así como el que se cree a consecuencia de éste, pertenecerá al Patrimonio Forestal del Estado.

[illegible] serán inscritos en el Registro de la Propiedad en la forma mencionada.

4

ACTA DE CONSTITUCION DEL GRUPO SINDICAL DE COLONIZACION CAXADO

En Pontes de García Rodríguez a nueve de Abril de mil novecientos setenta y seis, en el domicilio social de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, y siendo las trece horas del día, se han reunido, bajo la Presidencia de D. Manuel Domínguez Chao, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, con asistencia del Secretario de dicha Entidad D. Clemente Gómez Marqueiro, los productores agrarios cuya relación se acompaña.-

Declarada abierta la sesión, el Presidente del Acto declaró que la reunión tiene por objeto constituir el GRUPO SINDICAL DE COLONIZACIÓN que ha de realizar la explotación en común de los montes CAXADO y otros, sitos en las parroquias de San Ramed, Devesa, y Freijo, así como maquinaria ganado etc. con forme al proyecto y presupuesto que se redacte y que tiene por objeto beneficiar los intereses agrarios de los que concurren en la reunión.-

Así mismo declaró que el Grupo Sindical de cuya constitución se trata abrá de regirse por el Reglamento aprobado por Orden del Ministerio de Agricultura de 5 de Julio de mil novecientos cuarenta y uno que fué publicado en B.O. del Estado al trece del mismo mes.-

Los asistentes manifiestan por unanimidad:

1º.- Que se tenga por constituido el Grupo Sindical de cuyo objeto inmediato es el indicado por la presidencia del Acto, como la de cuales quiera otros que puedan beneficiar los fines pertenecientes a los montes del "CAXADO y otros", interesando la inscripción del Grupo en el Registro de la Obra Sindical de Colonización.-

2º.- Que el Grupo se someta, además de a la disciplina Sindical, al Reglamento Orgánico de dichos Grupos, aprobado por la Orden del Ministerio de Agricultura antes mencionada.-

3º.- Se acuerda proponer a la Obra Sindical de Colonización la siguiente Junta Rectora:

PRESIDENTE: D. Francisco Corral Franco
INTERVENTOR-VICEPRESIDENTE: D. Felix Alvariño Gallas
SECRETARIO: D. Víctor Boal Boria
TESORERO: D. Víctor Gregorio Cabarcos
VOCALES:

D. Manuel Prado Carreira
D. Alfonso Gómez Pena
D. Alfredo Fernández Piña
D. Manuel Fontes Pajón
D. Antonio Fernández Corral
D. José Peña Piña
D. Francisco Piñón Fernández
D. José Barra Franco

Que una vez designada, queda autorizada para la determinación del capital social del Grupo y de la participación que a cada uno de sus socios corresponderá // aportar y que deberá ser siempre proporcional al beneficio y participación de cada / uno de ellos.-

4º.- Se concede un amplio voto de confianza al Presidente del Grupo para que realice las gestiones que sean necesarias y convenientes, a fin de cumplir las finalidades legales que la constitución del Grupo exige.-

5º.- Que los reunidos se comprometen, para el caso de falta de conformidad con la distribución establecida en la clausula tercera, al arbitraje de la Obra Sindical "Colonización" que será quién en este caso determine la cantidad que cada uno de los asociados habrá de aportar para formar el capital social.-

6º.- Que los propietarios de las parcelas en que hayan de realizarse las obras que sirven de base para la mejora propuesta, quedan expresamente obligados a // transmitir al Grupo aquellas por la estimación que se fije por Técnicos competentes.-

4

- 2 -

7º.- Los socios del Grupo se comprometen, de modo especial y con independencia de sus demás obligaciones específicas, como tales dentro de aquel a realizar por su parte las artes y funciones típicas de la explotación para cuya puesta en marcha se ha constituído el Grupo.-

8º.- Que los reunidos acuerdan expresamente encomendar la realización de los estudios Técnicos de carácter previo y la confección del proyecto a la Agencia de Desarrollo Ganadero.-

9º.- Que igualmente se comprometen a la aportación por su parte del tanto por ciento del presupuesto de ejecución de la mejora proyectada que no resulte / auxiliada por el Organismo financiero del que se solicite.-

10.- Que facultan expresamente al Presidente del Grupo Sindical, para formular la petición de auxilio económico al Organismo correspondiente, y percibir en su día las cantidades que, como consecuencia de aquel, sean al Grupo concedidas.-

11.- El capital social del Grupo se cifra _____ Ptas.-

Una vez procedido a la constitución del Grupo Sindical se tratan los asuntos siguientes:

CONSORCIO DE LOS MONTES.- Los reunidos, y por unanimidad acuerdan; proponer a través de los Servicios u Organismos competentes al I.C.O.N.A. (antes Patrimonio Forestal del Estado) o al propio Ministerio de Agricultura la anulación del consorcio que existe entre éste y el Ayto., puesto que merma viabilidad a las mejoras que el Grupo se propone realizar en los montes, porque, la intención del Grupo es aprovecharla de una forma más racional y rentable, que como se está aprovechando en la actualidad, y, en consonancia con la vocación ganadera de los vecinos, y las especiales características del terreno.-

ENERGIA ELECTRICA.- Conocientes de que para realizar las mejoras que el Grupo pretende llevar a cabo, así como para el uso doméstico en los respectivos hogares, es imprescindible el disponer de energía eléctrica, por ello los reunidos / acuerdan; realizar las gestiones pertinentes ante los Organismos apropiados a fin de que sean electrificadas las parroquias que no disponen de dicha energía.-

Y no habiendo más asuntos de que tratar, se levanta la sesión firmando se la presente acta en prueba de conformidad por el Presidente del acto, y los productores que integran el Grupo.- De todo ello yo Secretario doy fé. - - - - - - - -

5

RELACION NOMINAL DE LOS SOCIOS COMPONENTES DEL GRUPO SINDICAL DE COLONIZACION CONSTITUIDO EN EL SENO DE LA HERMANDAD SINDICAL DE LABRADORES Y GANADEROS.-

Núm.	Nombre y Apellidos	Domicilio	Edad	Estado Civil.
1	-Evangelino Cal Ureira	Pajon Freijo	60	Casado
2	-Emilio Pernas Pardo	Campo Verde	68	"
3	-José Ureira Otero	Yglesia	46	Soltero
4	Vicente Giz Castro	Pena Moura	45	"
5	-Julio Castrillon Rogo	Cabanas	86	Casado
6	-José Seoane Castro	Chão	54	Casado
7	Guillermo Prieto Rodriguez	Suradio	35	Casado
8	Ramona Pernas Bellas	Curiscada	68	Casado
9	Manuel Pernas Bellas	Puentes	67	Casado
10	-German Corral Tejeiro	Tras da Serra	42	Casado
11	Constante Perauy Carreiras	Tras da Serra	56	Casado
12	Felix Alvariño Bellas	Coxoto	42	Casado
13	-José A. Seoane Otero	Chão	19	Soltero
14	-Alberto Pernas Pita	Suradio	39	Casado
15	-Alfredo Pernas Pita	"	33	"
16	-Manuel Rego Perauy	Pandedó	51	"
17	-Manuel Martinez Prieto	Coto	69	Viudo
18	Manuel Martinez Rivera	"	36	Casado
19	-Manuel Segundo Freire Pita	Foro	50	Soltero
20	Amando Freire Pita	"	48	Viudo
21	Domingo Freire Pita	"	60	Soltero
22	Manuel Barro Fontes	Dó	21	Soltero
23	José Barro Franco	Dó	49	Casado
24	-Estrella Cal Rey	Pajon	69	Viuda
25	José Romero Cal	"	33	Soltero
26	Manuel Romero Cal	"	29	"
27	José Guerrias Vazquez	Pichaira	27	"
28	-Domingo Guerreira Pono	"	55	Casado
29	Luis Ureira Bellas	Turrullón	28	Soltero
30	-Jesús Ureira Pono	"	67	Casado
31	Jesús Villanueva Prado	Pouparifia	35	Casado
32	Eugenio Perauy Rey	Coutoscoro	50	Casado
33	-Manuel Villanueva Prado	Cabanela	48	Casado
34	-Alfonso Gómez pono	Arbeiral	48	"
35	Victor Gregorio Cabarcos	Pont inha	28	"
36	-Julio Castro Bellas	Sangañada	46	"
37	-Servando Casaeiro Bernudez	"	56	"
38	-Alfonso Pajon Pia	Tras da Serra	51	"
39	Guerreindo Perauy Pernas	Formiguoiro	54	"
40	-Manuel Garriá Sueiro	Subeixo	64	Soltero
41	-Maximino Garria Sueiro	Subeixo	56	Casado
42	-Victor Ramil Garja	Yglesia	47	Soltero
43	-Francisco Corral Freire	Puentes	65	Viudo
44	Manuel Dapico Chao	Pontaiba	43	Casado
45	Evangelino Ramil Prieto	Yglesia	68	Viudo
46	Roberto Ramil Garria	Yglesia	36	Soltero
47	Celso Paz Bellas	Suñadio	30	"
48	Rodrigo Franco Sueiro	Suradio	23	"
49	-Manuel Giz Prado	Campeiras	50	Casado
50	José Duran Paz	Puentes	55	"
51	Amador Roman Pita	Arbeiral	65	"
52	Francisco Ramos Pita	Solleos	64	Soltero
53	Leopoldo Otero Sabalairo	Solleos	65	Casado
54	-Jesús Pardo Otero	Estes	55	Casado
55	-Rodolfo Pardo Otero	Roga	35	Soltero
56	Francisco Pardo Otero	Roga	46	Soltero
57	Antonio Otero López	Casadabouza	48	Casado
58	Eugenio Rey Pita	"	49	Soltero
59	-Manuel Otero López	Cabdodos	57	Casado
60	-Manuel Gregorio Pono	Coloretos	69	Soltero
61	-Hostencio Rey Corral	Pozos	53	Viudo
62	Candido Otero Ramil	"	57	Casado
63	Segundo Otero Ramil	"	65	Soltero
64	Sebastiño Ramil Prieto	Turrullón	59	Casado
[illegible]	[illegible]	[illegible]	49	Casado

5

Núm.	Nombre y Apellidos	Domicilio	Edad	Estado Civil
56	-Antonio Rego Ramos	Cabana	55	Casado
57	-Josefa Guerreiro	"	56	Viuda
58	Filomena Guerreiro	"	70	Soltera
59	Dolores Casaveiro Ramos	Pouparifia	63	Viuda
60	Eliodoro Guerreiro Pena	"	49	Casado
61	Segundo Vilavoy Bellas	Cabañeira Devesa	66	"
62	Manuel Bolaño Lagoa	Cobereira "	56	"
63	Manuel Fontao Castro	Geral "	68	"
64	Manuel Fontao Pajon	" "	38	Soltero
65	-Antonio Fernandez Corral	Subarriba San Ramed	49	Casado
66	-José Rora Pena	Vidás	55	"
67	-José Pena Pita	Porto	44	"
68	Manuel Piñon	Calvela	31	Soltero
69	-Gervasio Pita Fraga	Subarriba	57	Casado
70	-José Luis Castro Rego	Subarriba	26	Soltero
71	-Antonio Corral Tojeiro	Calvela	67	Casado
72	-Luis Martinez Fernandez	Aldea de Arriba	55	Casado
73	Bolaño Pena Pita	" Abajo	49	"
74	-Francisco Piñon Fernandez	" Arriba	40	Soltero
75	Manuel Rora Casaveiro	Vidás	27	Casado
76	-José Casaveiro Bermudez	"	53	Soltero
77	Amandino Fernandez Otero	Yglesia	52	Casado
78	Manuel Ramoro Pena	Aldea de Abajo	50	Soltero
79	Alcindo Alcalde Benavides	Sub Hornida	69	Casado
80	Benito Pita Corral	Subarriba	23	Soltero
81	-José Casaveiro Paz	Aldea de Abajo	50	Casado
82	-Adriano Fernandez Garcia	Grandian	60	Casado
83	Adolfo Casaveiro Bermudez	Vidás	51	Soltero
84	Manuel Vilavoy Seoane	Aldea de Arriba	30	Casado
85	Adoración Otero Corral	" de Arriba	40	Soltero
86	José Ramoro Pena	" "	48	Casado
87	-Manuel Seoane Suaire	Sub Hornida	80	Casado
88	-Amorina Corral Tojeiro	Calvela	60	Soltera
89	Luis Fernandez Otero	Calvela	49	Casado
190	José Ma Corral Rego	"	68	Soltero
191	Francisco Fernandez Senabad	Corvicela	58	Casado
192	José Ma Fernandez Corral	"	53	"
193	-José Fernandez Corral	"	40	"
194	Francisco Corral Rego	"	75	"
195	Candido Corral Cao	Iglesia	49	"
196	Jesús Ramoro Pena	"	75	Viudo

Puentes 9 de Abril de 1.976

VO BO
EL PRESIDENTE DE LA HERMANDAD.

EL PRESIDENTE DEL GRUPO SINDICAL DE COLONIZACION

6

D. JOSE RODRIGUEZ SANCHEZ, Secretario del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez.

CERTIFICO: QUEel Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día cuatro de enro de 1.980, adoptó entre otros el siguiente acuerdo:

MONTES RESOLUCION DEL CONSEJO DE DIRECCION DEL INSTITUTO NACIONAL PARA LA CONSERVACION DE LA NATURALEZA; SOBRE RESCISION DE CONSORCIOS EN LOS MONTES CAXADO Y OTROS DE ESTE MUNICIPIO.- Da de lectura de un escrito de la Jefatura Provincial del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza (ICONA) de fecha 19 de diciembre de 1.979, dando traslado de la resolución adoptada por la Comisión Permanente del Consejo de Dirección de dicho Instituto, de fecha 22 de octubre del mismo año, accediendo a la rescisión de los consordios de los montes Caxado y otros, Penas da Noite y Tras da Serra y otros, de este Municipio, previa indemnización a ICONA de 4.660.472 pesetas que habrá de ser ingresada antes de los 90 días de tener conocimiento este Ayuntamiento de tal resolución, con señalamiento del recurso de alzada que puede interponerse ante el Excmo. Sr. Ministro de Agricultura y sometido a debate la procedencia de abonar integramente la indemnización o entablar el recurso de alzada interesando que la misma sea rebajada en todo lo posible y que la misma sea posteriormente invertida en obras de mejoras en favor de la comunidad de vecinos de las parroquias en donde se halla los montes, a Corpoación Municipal, por votación, acordó: Que se proceda a satisfacer dicha cantidad de 4.660.472 pesetas al Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la forma que en la comunicación se señal y posteriormente solicitar contrapartidas por esa indemnización, votando en favor de esta resolución los Sres. Concejales: Guerreiro Pena, Bóo Mosquera, Vera Garrido, Rivera Formoso, Vigo Dopico, Formoso Antón, Varela Pérez y García Pazos.

Los Sres. Concejales: Coello Coello José Benito, Castro Ferreiro, Vilaboy Ramil y el Sr. Alcalde D. Tomás Coello Coello, consideran que antes de satisfacer la indemnización se interponga el recurso de alzada ante el Excmo. Sr. Ministro de Agricultura al objeto de interesar que dicha cantidad sea rebajada al máximo y de la rebaja que se obtenga sea posteriormente invertida en mejoras rurales de las parroquias donde se hallan los montes consorciados y ahora rescindido.

Adoptado el acuerdo precedente, esta Secretaria estima y es del parecer que el mismo contraviene lo establecido en la vigente Ley de Régimen Local, Reglamento de Bienes y preceptos del Código Civil, así como el Reglamento de Haciendas Locales y sus Instrucciones en lo referente a la materia de ordenación del gasto y del abono del pago que se pretende, proponiendo que la ejecutoriedad de este acuerdo queda a resultas de informes que de en interesarse a la Unidad Básica de Administración Local y a la Xuntade Galicia- Conselleria de Administración Local.

Para que conste, conla advertencia de lo señalado en el Artº 121 del R.O.F., expido la presente con el cúmplase del Sr. Alcalde, en Puentes de García Rodríguez a nueve de Enero de mil novecientos ochenta.

Cúmplase
El Alcalde,

5

CLASE 8ª

PTA 5

CINCO PESETAS

1B6691695

ACTA DE ENTREGA DE LOS MONTES "CAXADO Y OTROS","CAXADO","PENAS DA NOITE", Y "TRAS DA SERRA Y OTROS" .-

En el Ayuntamiento de As Pontes de García Rodríguez,siendo las doce horas del día del mes de octubre de mil novecientos ochenta, se reunen,por una parte,en representación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza,D. Guillermo Camarero Cuervo,Ingeniero de Montes, Jefe del Servicio Provincial de dicho Instituto en La Coruña,y de la otra,D. ,actuando en nombre del Ayuntamiento de As Pontes de García Rodríguez,a objeto de realizar la entrega por parte del ICONA y consiguiente recepción por el citado Ayuntamiento de los montes denominados "CAXADO Y OTROS","CAXADO","PENAS DA NOITE" y "TRAS DA SERRA Y OTROS" -que previamente han sido dados de baja en el Catálogo de los de Utilidad Pública y cuyo consorcio ha sido rescindido en su totalidad-,cumpliendo de esta manera la resolución adoptada por el Consejo de Dirección del ICONA el 22 de octubre de 1.979,así como las correspondientes instrucciones de la Sección de Consorcios y Convenios de la Subdirección General de Recursos Patrimoniales y Repoblación Forestal del repetido Instituto,de 2 de julio de 1.980,que ordena dar de baja en el Elenco los montes de referencia con las existencias que sustenten y la devolución a su titular de los mismos,una vez que por la Administración se ha expedido recibo de la entrega de la cantidad en que se estimó el costo de la indemnización a abonar por tal Ayuntamiento. - - - - - - - -

La descripción y datos de los montes objeto de la entrega,todos éllos sitos en términos del Municipio de As Pontes,son los siguientes: - - - - - -

MONTE "CAXADO Y OTROS".-Superficie:1.158,3 has.;Límites:Norte:Más monte reservado a pastoréo del lugar de Caxete,camino de San Miguel, limitando con el Ayuntamiento de ~~Valdoeo~~ MAÑÓN,carretera de Ortigueira a Estación de Parga,limitando con el Ayuntamiento de Mañón;Este:Propiedades particulares y más monte destinado a zonas de pastoréo de Acibeiral,Rega,Solloso,Candedos,Pazos,Celerotes,Pajón,Cobas,Freijo (Iglesia),y Busto,y Monte denominado "Tras da Serra";Sur:Camino de Muras a Somozassirviendo de límite con la Parroquia de San Mamed,y monte "Caxado" y monte de la Parroquia de Puentes;Oeste:Parroquia de Puentes,monte "Penas da Noite" finca de El Seijo,propiedad del ICONA,y propiedades particulares; más monte destinado a pastoreo de los vecinos de Popuparíña,Cabana,Penaquente,Coucegordo,Couceseco,Santomé, Portopereira,Cabanela e Insua. - - - - -

MONTE "CAXADO".-Superficie:234,- has.;Límites:Norte:Parroquia del Freijo,monte "Caxado y otros" -que igualmente se entrega- y finca de El Seijo,propiedad del ICONA;Este:Camino de Muras a Somozas,más mon-

.../...

.../...

—te de la Parroquia de San Mamed, lugar de Feros, río de Campos y Camino; Sur: Más monte destinado a pastoréo de Calvela, Suarriba, Porto y Vidas, fincas particulares de vecinos de dichos lugares y arroyo del Marchán; Oeste: Carretera de la de Ortigueira a Estación de Parga al Deveso y Parroquia del Freijo, monte "Caxado y otros", objeto también de esta entrega. - - - -

MONTE "PENAS DA NOITE".-Superficie: 72,4 has. Límites: Norte: Monte raso, fincas particulares y robleda, de los vecinos de los lugares de Jares, Cabaceira y Candelas; Este: Parroquia de El Freijo, monte "Caxado y otros", que también se entrega, y finca de El Seijo, propiedad del ICONA; Sur: Parroquia de El Freijo; Oeste: carretera de la de Ortigueira a Estación de Parga al Deveso. - - -

MONTE "TRAS DA SERRA Y OTROS".-Superficie: 731,1 has. Límites: Norte: Río Tras da Serra, límite con la Provincia de Lugo; Este: resto del mismo monte reservado a efectos de pastoréo a los vecinos de Tras da Serra, Campoverde, Formigueiro, Sangoñedo, Coto, Sucadio, Coucerredondo y Cotelo, y límite con la Provincia de Lugo; Sur: propiedades particulares y zona reservada a pastos de los lugares de Baliña y Cabaceira; Oeste: propiedades particulares y zona reservada a pastos de San Mamed (Iglesia), monte "Caxado y otros", que igualmente se entrega en este acto, propiedades particulares y monte reservado a pastoreo de Casanova, Azor, Torre y Couce dos Muros. - - - -

Habiéndose cumplido, por tanto, todos los condicionamientos impuestos por la Administración se procede en este momento ~~a~~ hacer entrega, por parte del ICONA, de los montes descritos, Al Ayuntamiento de As Pontes de García Rodríguez, quién los recibe en plena conformidad, pasando por éllo la posesión de los mismos al citado Ente Local desde este momento.

Y a continuación se firma la presente acta por los comparecientes que la aprueba y ratifican una vez leída por todos éllos.

Accesit premio Hume 2021

A modernidade de Rodolfo Ucha Donate nas vivendas de renda limitada das Pontes de García Rodríguez

Alberta Lorenzo Aspres

12

O home non está formado unicamente por un corpo, senón que é un conxunto composto de corpo e alma. As vivendas construídas ata agora non satisfán suficientemente as necesidades espirituais dos seus ocupantes.

Alexander Klein (1878-1960)

O compromiso social da arquitectura

Durante a primeira década do século XX, e a pesar do reformismo lexislativo e territorial que os diferentes países europeos desenvolven dentro do seu marco urbanístico nacional, as consecuencias do desmesurado incremento demográfico, propiciado pola industrialización do continente durante a centuria anterior, continúan sendo obxecto de crítica na prensa e motivo dun descontento social xeneralizado.

Teóricos e profesionais da arquitectura publican propostas e solucións dende diferentes puntos de vista. Polo xeral, abordan o problema a escala urbana dende unha cooperación activa entre as diferentes estruturas de gobernos, as entidades bancarias máis importantes e os organismos territoriais pertinentes, chegando incluso a dar cabida ás utopías urbanas.

Estas medidas afrontan a cuestión de maneira global, e establecen un marco corporativo dependente lexislativamente de cada país. Neste senso,

conseguen aliviar paulatinamente os problemas máis urxentes. Elabórase un sistema de actuación dedutivo, é dicir, as reformas aplícanse dende os estamentos máis globais ata a escala da cidade, do barrio; non obstante, a aproximación á escala urbana acaba resultando insuficiente, e os problemas agora parten da escala doméstica, do xeito de habitar a vivenda.

Xorde entón a necesidade social de levar a cabo unha iniciativa revisionista a escala proxectual por parte do colectivo dos arquitectos, e con este obxectivo aparecen os Congresos Internacionais de Arquitectura Moderna (CIAM).

Durante a última semana do mes de xuño de 1928 ten lugar no castelo suízo de La Sarraz a celebración do primeiro congreso. Figuras relevantes da arquitectura e consagradas nos seus respectivos países de orixe, como Victor Bourgeois (1897-1962), Le Corbusier (1887-1965), Sigfried Giedion (1888-1968), Ernst May (1886-1970), Hans Emil Meyer (1889-1954), Karl Moser (1860-1936), Gerrit Thomas Rietveld (1888-1964) ou Hans Schmidt (1893-1972) asisten ao evento. Por España, participan o arquitecto zaragozano Fernando García Mercadal (1896-1985)[1] e o pamplonés Juan de Zavala Lafora (1902-1970).[2]

Esta reunión supón unha declaración de intencións sen precedentes no mundo arquitectónico, ao establecer as bases sobre as que se asenta a arquitectura moderna. Neste senso, os asistentes propóñese partir dunha

1 Fernando García Mercadal (1896-1985) é o número un da súa promoción da Escola de Arquitectura de Madrid (1921), sendo bolseiro durante catro anos na Academia Española de Roma. A súa actividade profesional desenvólvese fundamentalmente entre Madrid e Aragón. Destaca por ser o principal impulsor da creación do Grupo de Artistas e Técnicos Españois para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC), constituído en outubro de 1930. Tamén é un dos compoñentes máis representativos da Xeración do 25, que introduce en España o racionalismo arquitectónico centroeuropeo. No 1929 organiza o Concurso de Vivenda Mínima en España; e no 1933 recibe o Premio Nacional de Arquitectura.

2 Juan de Zavala Lafora (1902-1970) titúlase no 1925 pola Escola de Arquitectura de Madrid e é o primeiro arquitecto en historiar a arquitectura española dende unha perspectiva moderna, analizando as obras dos seus propios compañeiros na publicación *La Arquitectura.* Traballa sobre todo para o Banco de España, e despois da Guerra Civil realiza algunhas obras para o Ministerio de Sanidade como arquitecto de hospitais.

tabula rasa e encoméndanse a responsabilidade social de proxectar e divulgar internacionalmente unha nova arquitectura baseada no actual estilo de vida en todas as súas escalas: dende a vivenda –entendida por Le Corbusier como *unha máquina de habitar*– ata a cidade.

As actas do evento recollen a vontade e o compromiso para a celebración anual de máis encontros. Así establécese que en outubro do ano seguinte se celebre un novo congreso en torno ao estudo da vivenda para o mínimo nivel de vida, titulado *Die Wohnung für das Existenzminimum.*

A intención principal do II Congreso Internacional de Arquitectura Moderna –celebrado na cidade alemá de Frankfurt– é obxectivar o tema da vivenda para elevar o debate a unha esfera científica dende a que poder proclamar internacionalmente unhas conclusións de carácter universal que sirvan de base práctica para a edificación residencial.[3]

Tras unha introdución xeral presentada por Sigfried Giedion, Ernst May expón a súa conferencia *A vivenda para o mínimo nivel de vida.* Considera primordial a necesidade de que as estruturas do Estado avalen a nova arquitectura como ferramenta para traballar sobre a escala doméstica proxectando a vivenda mínima dende os principios da vida moderna, tendo en conta as novas necesidades e apartando calquera reminiscencia historicista.

Pola súa banda, Walter Gropius, na súa charla *Fundamentos sociolóxicos da vivenda mínima para a poboación obreira da cidade* elabora un discurso no que defende a necesidade da célula habitacional como parte de estudo para, posteriormente, extrapolalo á vivenda colectiva. Neste senso, considera que a célula habitacional e a vivenda unifamiliar son elementos-unidade que adquiren sentido no marco do común, no bloque residencial.

En canto a Victor Bourgeois, coa súa intervención *A organización da vivenda mínima,* pon de manifesto os problemas arquitectónicos como problemas interdisciplinares, o que permite a reconciliación e a colaboración

3 Molina Ramírez, E.: *Orígenes de la vivienda mínima en la modernidad. Parámetros de calidad para viviendas en las ponencias de los CIAM 1929-1930*. Universidade Nacional de Colombia. Medellín, 2014. Páx. .47-72.

das funcións sociais, económicas e técnicas enfocadas á racionalización da actividade doméstica.

Le Corbusier é o autor da conferencia final: *Análise dos elementos fundamentais do problema da vivenda mínima.* Nela deixa claros

> (...) dous feitos que pasan na vivenda. O feito estático é definido polo arquitecto e este potencializa ou limita o feito biolóxico que corresponde á forma na que as persoas poden usar o espazo no que a vida doméstica consisten nunha serie regular de función moi específicas, organizándose todas en torno á circulación exacta, económica e rápida (...). As funcións precisas da vida doméstica esixen diversos espazos cuxa capacidade mínima pode fixarse con bastante precisión.[4]

O arquitecto francés introduce na vivenda o fenómeno do *zooning,* que xa se practicara nas utopías urbanas do cambio de século, para, máis adiante, extrapolar a devandita especialización das funcións básicas á escala urbana mediante a zonificación.

Todas estas intervencións, ao igual co conxunto do congreso, están grandemente influídas pola obra antolóxica do arquitecto ucraíno Alexander Klein (1879-1961)[5]: *Vivenda mínima 1906-1957,* publicada o ano anterior e que supón toda unha revolución no campo arquitectónico ao empregarse por primeira vez o concepto de *vivenda mínima* dende unha perspectiva científica.

Klein pertence á liña da *arquitectura funcional.* Defende a premisa de *luz, aire e sol para todos* na procura dunhas edificacións –sobre todo, vivendas–

4 Molina Ramírez, E. *Orígenes de la vivienda mínima en la modernidad. Parámetros de calidad para viviendas en las ponencias de los CIAM 1929-1930*. Universidade Nacional de Colombia. Medellín, 2014. Páx. 47-72.

5 Alexander Klein (1879-1961) titúlase como arquitecto no Instituto de Enxeñaría Civil de San Petersburgo no 1904. Logo de facer unha viaxe por Italia para ampliar os seus estudos, traballa como profesor na Facultade de Arquitectura de San Petersburgo entre 1915 e 1920. Tras residir en Berlín e Francia, establécese en Palestina como docente do Instituto Tecnolóxico de Haifa, sendo director do mesmo a partir do 1951. No ano 1943 funda o Instituto de Investigación para os Problemas da Construción e a Planificación.

que respecten as condicións hixiénicas de vida e o emprego funcional óptimo; co obxectivo de facilitar a simultaneidade de funcións vitais sen que se produzan interferencias entre elas. Procura así efectos espaciais tranquilos resultantes da relación entre equilibrio e normalidade.

Con tal finalidade, elabora detalladas análises comparativas entre diferentes tipoloxías de vivendas mediante a parametrización de aspectos cuantitativos e cualitativos co obxectivo final de atopar un método eficaz para a optimizar o custo da vivenda mantendo as súas prestacións en materia de hixiene e funcionalidade.

> O problema da vivenda mínima redúcese á definición da súa planta. A planta é un medio obxectivo e cuantificable superficialmente, ideal para controlar simultaneamente un conxunto de variables, como parte dun problema matemático.[6]

Baséase na hipótese de que a redución de superficie útil dunha vivenda ata o mínimo habitable non supón necesariamente o detrimento das súas condicións de salubridade. Para isto analiza a densidade de ocupación das vivendas e establece un factor de cálculo adimensional para cuantificar a relación entre hixiene e economía, entendendo a primeira como a lonxitude das súas fachadas, e apoiándose na profundidade da vivenda como método de aproveitamento económico. Devanditos cálculos son acompañados de análises gráficas comparadas nas que proxecta varias distribucións alternativas dentro dunha mesma planta para establecer un método de cualificación das circulacións, a concentración das superficies libres e o estudo do asollamento en relación ás diferentes orientacións e ás dimensións dos ocos.

O funcionalismo adquire un papel fundamental e é, en si mesmo, obxecto de estudo, entendido como unha verdade absoluta, universalmente válida, para o exercicio da arquitectura en calquera marco físico-territorial. A arquitectura debe adaptarse ao novo modo de habitar da modernidade, em-

6 KLEIN, A.: *Vivienda mínima 1906-1957.* Gustavo Gili. Barcelona, 1980. Páx. .81-106.



Fig. 01. Análise tipolóxica con incrementos progresivos da profundidade da vivenda e da superficie útil. (Klein 1980: 106-109).

pregando para iso os métodos de produción en serie que ofrece a industria e a estandarización como base dos novos sistemas construtivos.

Seguindo estas liñas de pensamento, en 1930 celébrase en Bruxelas o III Congreso Internacional de Arquitectura Moderna. O tema central é o aproveitamento racional do espazo, ascendendo por momentos o plano de estudo á escala urbana. Tamén se encarga a algúns arquitectos asistentes a tarefa de divulgar a actividade dos congresos nos seus respectivos países, así como a capacidade e o deber de chamamento á participación en conferencias e seminarios pertinentes.

2. De casas baratas a vivendas de renda limitada

O 12 de xuño de 1911 apróbase a coñecida como a primeira Lei de Casas Baratas, que supón un revulsivo en materia de vivenda social en España. Ao igual que as exencións de impostos son unha práctica habitual nas normativas homónimas europeas, para a nova lei, o Instituto de Reformas Sociais (IRS) rescata o precedente da Lei de 1877 sobre a exención de contribucións aos edificios de construtora benéfica. De feito, o organismo ten en consideración a necesidade de regular positivamente este tipo de iniciativas mediante subvencións directas do Estado.[7]

O Instituto desempeña un papel fundamental tanto na concepción como na execución a bo termo da lexislación sobre *casas baratas,* e é, ademais, o que asume a responsabilidade da distribución de competencias entre os diferentes estratos político-territoriais.

7 Por unha banda, o Instituto de Reformas Sociais sinala a necesidade de redistribuír os fondos das entidades bancarias independentes; e pola outra, favorece o investimento en créditos hipotecarios por algúns deses bancos coa finalidade de persuadir a promotoras benéficas para solicitalos. CASTRILLÓN ROMÓN, M.A.; «Influencias europeas sobre la Ley de Casas Baratas de 1911: el referente de la Loi des Habitations à Bon Marché de 1894», *Cuadernos de Investigación Urbanística,* 36. Madrid, 2003. Páx. 5-52.

> Entenderanse por *casas baratas* aos efectos desta Lei e de cantas persigan fins análogos, as construídas ou que se intenten construír polos particulares ou colectividades para aloxamento exclusivo de cantos perciben emolumentos modestos como remuneración de traballo, tendo en conta, ademais (...):
>
> As vivendas poderán consistir en casas illadas, en poboado ou no campo, casas de veciños ou en barriadas para aloxamento de familias, ou ben en casas para recibir a persoas soas, con habitacións independentes, sen que en ningún caso poidan subarrendarse (...).
>
> Que as casas que se constrúan se acomoden ás condicións xerais hixiénicas e de capacidade e distribución que o Regulamento determine.[8]

Por outra banda, esta normativa favorece a constitución de Xuntas Locais de Reformas Sociais nos municipios, creadas coa finalidade de fomentar a construción deste tipo de edificacións; pero tamén a promoción de sociedades benéficas, cooperativas ou sociedades de crédito popular que faciliten a consecución do obxectivo principal.[9]

De igual maneira, e co fin de fomentar a construción de casas baratas, esta normativa concede ao Estado, á provincia e aos concellos a capacidade de ceder gratuitamente os terreos ou parcelas oportunas nas aforas das poboacións, así como a facultade para a expropiación de barrios insalubres ou a designación promotora para a edificación de vivendas xunto coa aprobación de licenzas de obra.

E aínda que a acometida de reformas urbanísticas sanitarias soluciona os problemas de hixiene nos centros de grandes cidades e o número de concesións para a construción de colonias obreiras de nova planta crece, o certo é que os ritmos de execución dos proxector urbanos das cidade satélite ou

8 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1911.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1913.

9 No caso de non constituírse unha Xunta Local, é o propio Instituto de Reformas Sociais (IRS) o que exerce directamente as funcións que a normativa confire ás xuntas no referente ás relacións das mesmas coas sociedades ou particulares que pretendan gozar dos beneficios da presente lexislación.

colonias obreiras son tan lentos que, a finais da segunda década do século XX, moitas obras apenas se inician. Isto é debido, entre outros factores, a unha burocracia que entorpece a concesión de licenzas de obra; de xeito que o diñeiro inxectado das arcas públicas ás caixas de aforros provinciais é insuficiente a curto prazo e estas comezan a retirarse dos programas de subvención inmobiliaria recollidos na lexislación. Isto provoca unha reacción regresiva en cadea ata o punto de que os concellos comezan a interromper a municipalización dos terreos.[10]

O grande erro de carácter estrutural que subxace nesta concatenación de feitos desfavorables é a falta de vinculación relativa entre unha estatística de medición de concesión de créditos e subvencións bancarias, a expropiación forzosa municipal do solo e os requisitos económicos dos obreiros. Ao manterse fixos estes últimos, sen depender dos demais factores, acaban por converterse en criterios inalcanzables e, a efectos prácticos, a lexislación fracasa.

No 1921 apróbase a redacción dunha nova e máis ampla normativa, facéndose efectiva en xullo do ano seguinte mediante a aprobación dun regulamento específico.[11]

Entre os principais cambios introducidos, destaca a inclusión dunha distinción morfolóxica entre dúas tipoloxías de casas baratas. Ademais dos *grupos de vivendas* e *cidades satélites*, a nova lei distingue, por unha banda, a *vivenda familiar,* identificada como aquela que é utilizada por unha soa familia –xa sexa en propiedade ou en alugueiro–; e pola outra, a *casa colectiva,* entendida como o bloque de vivendas veciñais de varias familias ou a edificación con varios cuartos dispoñibles para ser alugados por diferentes familias ou traballadores de tránsito.[12]

10 RODRIGO ÁLVAREZ-SALA, F.J.: *Movimiento o estilo: las colonias madrileñas de principios del siglo XX*. Universidade Politécnica de Madrid. Madrid, 2019. Páx. 13-30.

11 Mentres a lei de 1911 está composta por corenta e sete artigos e unha disposición adicional, a nova lei de 1921 consta de máis de catrocentos cincuenta artigos.

12 Esta distinción é exactamente a mesma que se propón no 1929 para o II Congreso Internacional de Arquitectura Moderna (CIAM), celebrado en Frankfurt sobre a vivenda mínima. RODRIGO ÁLVAREZ-SALA, F.J.; *Movimiento o estilo: las colonias madrileñas de principios del siglo XX*. Universidad Politécnica de Madrid. Madrid, 2019. Páx.13-30.

Igualmente, esta nova lexislación especifica as condicións técnicas ás que debe axustarse a construción de cada un dos anteditos modelos. No caso das vivendas familiares:

> Condicións relativas á estrutura. Os cimentos e muros (...) han de construírse de modo que resulten protexidos contra a humidade do solo (...). Os muros exteriores e as cubertas dos edificios deberán ter as debidas dimensións para garantir a súa solidez, e haberán de protexer suficientemente o interior contra as variacións atmosféricas de humidade e temperatura.
>
> Condicións relativas á hixiene (...). Todo patio ou xardín, mancomunado ou non, non poderá ter unha superficie menor de dez metros cadrados, con lado mínimo de tres metros (...). Non se consentirá colocar os retretes en forma de tambor no interior dos patio. Debe darse preferencia, cando sexa posible, aos patios abertos por algún dos seus lados (...).
>
> Nas casas baratas familiares limítase o número de pisos á planta baixa, ou natural, e primeiro piso. O espazo que quede entre o último teito e a cuberta non será habitado en ningún caso. A altura mínima da planta baixa será de tres metros e a do primeiro piso de dous con oitenta metros. Nas casas situadas en recinto urbanizado e cuxa planta baixa se destine a tendas ou talleres, a altura mínima deste será de tres con sesenta metros, podendo entón o seu nivel ser o da rasante da rúa, e sen que poida utilizarse para vivenda. O piso baixo deberá ter unha elevación mínima de vinte centímetros sobre a superficie do solar e estar illado deste polo sistema de construción, que garanta a súa defensa contra a humidade do solo.
>
> A distribución de cada casa haberá de acomodarse ás particularidade e costumes de cada localidade, e dun xeito moi especial ás necesidades da familia que vaia habitala, tendo en conta que o número mínimo de habitacións será o necesario para vivir en condicións hixié-

nicas, e o máximo estará limitado polas estritamente indispensables para encher as necesidades das persoas de posición modesta que haberán de habitar as casas baratas (...).

A peza de estar, ou comedor, terá unha capacidade mínima de corenta metros cúbicos; a cociña, de vinte metros cúbicos; os dormitorios, se han de ser empregados por unha soa persoa, un mínimo de vinte metros cúbicos, se por dúas, de trinta metros cúbicos, e se por tres, límite máximo que se autoriza para durmir nunha mesma habitación, de corenta metros cúbicos; os retretes, catro con cincuenta metros cúbicos. As pezas destinadas a roupeiros e despensas non poderán ter en planta un lado maior superior a un con cincuenta metros, e en ningún caso poderán ser utilizadas como dormitorios.

Recoméndase, nas casas familiares, a existencia dunha peza ou sala ben alumeada e aireada, que poida servir indistintamente de estancia familiar durante o día, de comedor, sala de traballo e aínda cociña; a súa capacidade non será inferior a cincuenta metros cúbicos (...).

As cociñas e retretes terán luz e ventilación directa (...), e o seu acceso ha de ser independente entre si e dos comedores, dormitorios, etc... (...).

As vivendas disporán, cando sexa posible, de auga potable, situada no interior das casas, afastada de toda contaminación (...). Para cocción de alimentos, bebidas, lavados, limpezas, retretes e demais necesidades, considerarase como mínimo de dotación a de cincuenta litros de auga por persoa e por día. En casos de escaseza, que apreciarán as Xuntas de casas baratas, admitiranse menores dotacións de auga.

Para a ventilación artificial, ou ben para a natural, na que interveñen de modo eficaz a distribución, dimensións e disposición dos vans, terase en conta que a renovación do aire interior das habitacións é máis necesaria (...). A suma da superficie dos ocos destinados a dar luz e ventilación de cada habitación deberá ser, como mínimo, un sexto da superficie da planta daquela.[13]

13 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1922.

O novo documento tamén establece as condicións técnicas que debe seguir a construción das casas colectivas, sendo as mesmas que as establecidas para as unifamiliares, pero con algunhas pequenas modificacións.

> Condicións relativas á estrutura. Ao construír unha casa colectiva de máis de tres plantas, empregarase un sistema de construción e materiais que produzan como resultado un conxunto incombustible, especialmente en escaleiras e cubertas (...). Ningún cuarto estará afastado máis de vinte e cinco metros da escaleira de acceso (...).
>
> Condicións relativas á hixiene (...). Todo patio ou xardín ocupará o vinte e cinco por cento do total da parcela (...). Os grandes patios, nas casas de máis de tres plantas, situaranse en forma que linden coas vías públicas por algún dos seus lados, evitando o confinamento prexudicial do aire (...).
>
> A altura total dunha casa colectiva de máis de tres plantas non será en ningún caso maior que o ancho da rúa (...). Cando os pisos sexan máis de catro, instalaranse un ou varios ascensores en locais especiais e en comunicación coas escaleiras, pero nunca no ollo destas. O límite máximo de altura será o que marquen as Ordenanzas municipais (...).
>
> Nas casas colectivas onde habiten máis de quince veciños, haberá cuartos de baño ou instalacións de duchas en número suficiente para satisfacer a necesidade de tódolos inquilinos. Estarán dotados de auga corrente quente e fría.
>
> (...) O cuarto-habitación do garda ou encargado da orde dentro da casa barata colectiva estará situado no lugar dende o cal poida exercer a súa vixilancia o máis directamente posible, e dentro del, ou moi preto, colocaranse as chaves de paso de auga para cortar inundacións, bocas de rego ou de incendio, ou extintores, se os houbese, etc...
>
> Nas grandes casas colectivas disporanse dúas pezas convenientemente situadas en canto ao seu doado acceso e debido illamento, revestidas de estuco ao lume, e con pavimento impermeable, ao obxecto

> de velar os cadáveres e recibir as visitas do doo. A capacidade de cada unha delas non poderá ser menor de trinta metros cúbicos.[14]

En canto aos sistemas e detalles construtivos empregados, deben ser sempre os máis convenientes de acordo co criterio económico destas vivendas; polo que a lei recomenda o emprego de materiais e solucións presentes na localidade. Cando a orientación das fachadas non está subordinada ás aliñacións das ordenanzas municipais, prima unha orientación que garanta o maior grado de iluminación e ventilación naturais. O mesmo esixe respecto da distribución interior, na que se debe asegurar a entrada directa de luz e aire para as habitacións.

> Para conciliar a hixiene, sinxeleza e economía, evitarase o emprego de molduras e decoracións no interior das habitacións, e redondearase o encontro de paramentos e teitos a fin de non crear depósitos de po e microbios.
>
> Os enlocidos interiores serán de pinturas ou estuco, que admitan lavado (...), facilmente renovables, e os pavimentos de material hixiénico e económico, segundo as localidades.[15]

Esta lexislación tamén fai referencia ao custo da vivenda, cuxo prezo de venta –incluído o das obras de urbanización e, no seu caso, o valor dos terreos– non debe exceder do quíntuplo do ingreso máximo anual sinalado ao beneficiario. Tampouco admite obras de mellora cando o custo das mesmas, unido ao valor da casa, lle fagan exceder o prezo máximo fixado. Non obstante, poderanse exceptuar, previa autorización do Instituto de Reformas Sociais, as obras imprescindibles para a consolidación e conservación da casa.[16]

14 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1922.
15 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1922.
16 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1922.

O novo texto, ademais de dedicar un capítulo ás exencións tributarias e outro aos préstamos do Estado –establecendo os pagos dos xuros e das amortizacións–, expón diversas hipóteses para a transmisión das casas baratas por herdanza e as posibles cuestións xudiciais derivadas. Tamén establece a creación do Servizo Especial de Casas Baratas, dependente do Instituto de Reformas Sociais e baixo as ordes do director xeral de Traballo e Inspección. A súa función principal é a de facer cumprir e supervisar que se cumpran as disposicións establecidas na presente lei, así como impulsar e dirixir todo aquelo relacionado co fomento da construción das casas baratas, co estudo do problema da vivenda en determinadas localidades e coa promoción das diversas formas de crédito.

Outra das modificacións importantes introducidas pola nova normativa radica en que as Xuntas Locais agora comparten as súas competencias cos Concellos. Este cambio permite que se axilicen os trámites de expropiación forzosa dos solos, ampliando o seu radio de actuación e proporcionando o marco físico realmente necesario para desenvolver a construción de vivendas baratas. Pero como todo depende da cooperación entre concello e xunta, a afinación política dos membros desta última cobra especial relevancia, producindo cambios estruturais na súa organización.[17]

Respecto das sociedades construtoras, a nova lei esixe que nos respectivos estatutos se cualifiquen como cooperativas, benéficas ou lucrativas.

> Aos efectos da lei (...), considerarase como Cooperativas ás Asociacións que se dediquen a construír casas soamente para os seus socios, sempre que a súa dirección e administración queden a cargo destes, e cuxo capital estea constituído por desembolsos dos mesmos socios, sen dereito a percibir dividendos ou intereses, e que o número de socios non sexa ilimitado (...).

17 AZPIRI ALBÍSTEGUI, A.: «La ley de Casas Baratas de 1911 a 1921», en *Un siglo de vivienda social (1903-2003).* Editorial Nerea. Madrid, 2003. Páx. 54-57.

> Consideraranse como benéficas as Asociacións ou Fundacións cuxo capital estea formado por donativos, legados, cotas de subscrición ou subvencións; que estean obrigadas a investir o importe dos alugueiros e das subvencións e o prezo de venda ou cotas de amortización en sucesivas construcións ou en adquisición de terreos con destino a casas baratas, e cuxa dirección e administración estean confiadas única ou moi principalmente a persoas distintas de las que han de aproveitarse en calquera forma dos alugueiros ou da adquisición das casas.
>
> As demais Sociedades considéranse lucrativas.[18]

E son as identificadas como cooperativas as que protagonizan o modelo de xestión máis habitual na construción de vivendas subvencionadas. Tanto é así que en outubro de 1924 apróbase unha terceira Lei de Casas Baratas que favorece a constitución –en gran número– de pequenas cooperativas.[19]

Entre as novidades introducidas por esta normativa, cuxo obxectivo principal é converter en realidade as aspiracións contidas na súa antecesora, encóntrase a adxudicación de limiares económicos para as axudas orzamentarias do Estado, establecéndose contías concretas e anulándose os concursos de préstamos para as cooperativas. Asemade, determínanse as condicións legais de herdanza das vivendas subvencionadas –os herdeiros deben reunir uns requisitos económicos menos restritivos que os seus sucesores– e, a cambio, fíxanse as porcentaxes concretas do imposto de sucesión. Administrativamente, ínstase aos concellos que non conten cun plan municipal aprobado a establecer e urbanizar sectores de casas baratas.

Por outra banda, as modificacións incorporadas eliminan toda referencia ao saneamento da vivenda, *materia contida no Estatuto municipal, que non lle era esencial;* e simplifican a tramitación dos asuntos, introducindo reformas que tenden a dar unha maior visibilidade aos preceptos sobre casas baratas.

18 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Ministerio de Gobernación. Madrid, 1922.
19 VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1924.* Presidencia del Directorio Militar. Madrid, 1924.

Non obstante, o fracaso político desta lexislación chega cando –entre 1925 e 1927– a cantidade de vivendas construídas descende a un número moi inferior ao previsto, e a burguesía comeza a investir na construción de infraestruturas e equipamentos dotacionais en vez de centrarse nos conxuntos residenciais. Deste xeito, xorde a necesidade de estender estas políticas económicas aos novos estamentos sociais e apróbanse así a Lei de Casas Económicas (1925) e a Lei de Casas para Funcionarios (1927).[20]

A proclamación da Segunda República abre as portas ao debate entre quen reclama vivendas moi baratas e obras institucionais, e quen, pola contra, procura fomentar a actividade do sector privado. Ante unha situación que se volve cada día máis complexa, o Consello de Ministros do 24 de abril do 1935 dedícase exclusivamente a analizar o preocupante problema da desocupación, aprobando dous meses máis tarde a Lei de Previsión contra o Desemprego.

Como consecuencia, o 25 de xuño deste mesmo ano, apróbase a chamada *Lei Salmón* –en referencia a Federico Salmón Amorín, ministro de Traballo nestes momentos–,[21] coa que se pretende mitigar o paro obreiro involuntario ao favorecer a construción de vivendas para os traballadores e conceder importantes beneficios fiscais a quen promova a construción de vivendas de alugueiro para a clase media.

20 Mediante Real Decreto, durante a ditadura de Primo de Rivera, as condicións da lei de 1924 fanse extensivas á clase media, e o termo *casas baratas* é substituído por *casas económicas* para unha mellor aceptación social entre a nova clase. As medidas introducidas pretenden gañarse o favor político das clases medias baixo unha aparencia de modernización que favorece aos denominados colectivos de traballadores intelectuais, entre eles os funcionarios; os cales, no 1927 ven agradecido o seu labor –tras un período de recortes orzamentarios estatais– coa aprobación dunha nova lei de vivenda centrada en conceder beneficios especiais ao gremio dos traballadores públicos. RODRIGO ÁLVAREZ-SALA, F.J.: *Movimiento o estilo: las colonias madrileñas de principios del siglo XX.* Universidad Politécnica de Madrid. Madrid 2019. Páx. 13-30.

21 Federico Salmón Amorín (1900-1936) estuda Dereito en Valencia e obtén unha praza de avogado do Estado para Murcia, en cuxa universidade será catedrático de Dereito Político. En política, desempeña a secretaría xeral da Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA), e dende maio ata decembro de 1935 ocupa as carteiras de Traballo, Sanidade e Previsión Social, e de Traballo, Xustiza e Sanidade; converténdose no ministro máis novo da II República. É asasinado en Paracuellos del Jarama (Madrid) o 7 de novembro de 1936.

A exención tributaria aparece nesta lexislación *como estímulo ao construtor, cada vez máis apartado do seu mester* –sobre todo respecto do alugueiro da vivenda edificada–, por mor da Lei de Arrendamentos Urbanos, que ao conxelar as rendas despraza este negocio da marcha ascendente experimentada pola rendibilidade nas demais empresas.[22]

A aplicación desta lei tradúcese na construción de máis de tres mil vivendas para as clases medias e obreiras en varias cidades españolas,[23] vivendas cunhas características arquitectónicas comúns que lles valen o sobrenome de *Casas Salmón.*[24] Son edificacións cualificadas como unha variante heterodoxa do estilo racionalista español, que amosan nas súas fachadas xestos de imprecisa modernidade –como un gusto formal pola horizontalidade e o remate curvo–, pero que na súa organización en planta manteñen un programa de necesidades alleo por completo á arquitectura contemporánea europea.

Durante a Guerra Civil interrómpense –de xeito forzoso– tanto as reformas lexislativas como a execución das licenzas xa concedidas. Tralo conflito bélico, o problema residencial é abordado polo novo goberno, que procura marcar diferenzas coa etapa anterior cesando das súas funcións á Xunta Administradora Nacional de Casas Baratas e Económicas –creada polo Decreto do 13 de outubro de 1938– e traspasando tódolos seus servizos e recursos a un novo organismo.

> Baixo a dependencia do Ministerio de Organización e Acción Sindical créase un Organismo que se denominará Instituto Nacional da Viven-

22 VV.AA.: *Ley de 25 de junio de 1935 (Ley Salmón).* Ministerio de Trabajo, Sanidad y Previsión. Madrid, 1935.

23 Na provincia da Coruña preséntanse douscentos vinte expedientes para construír vivendas de alugueiro para a clase media ao amparo das vantaxes fiscais ofertadas pola lei do 1935; en Lugo menos de dez solicitudes; e en Ourense e Pontevedra non consta ningún documento ao respecto. VV.AA.: *Memoria de la labor realizada por la Junta Interministerial de Obras para Mitigar el Paro.* Ministerio de Trabajo. Madrid, 1942-1944.

24 MUÑOZ, R. e SAMBRICIO, C.; «Viviendas de alquiler para la clase media. La Ley Salmón de 1935 y el Madrid de la Segunda República», *Ilustración de Madrid*, 9. Madrid, 2008. Páx. 29-36.

da, que terá por misión fomentar a construción de *vivendas protexidas* e asegurar o seu mellor aproveitamento (...).

A misión do Instituto Nacional da Vivenda será a de ditar normas de construción, seleccionar tipos de vivendas e materiais, ordenar e orientar as iniciativas dos construtores e contribuír, outorgando determinados beneficios, á edificación de casas de renda reducida, procurando que se atenda, en primeiro termo, ás necesidades dos máis humildes e que as casas reúnan as máis esixentes condicións de hixiene e de calidade de construción.

(...) Terá unha organización relativamente reducida, servirase das Corporacións e Organizacións do Movemento para cumprir o seu cometido sen que o Estado se ocupe da finaciamento, da construción, nin sequera da administración directa das obras, sen prexuízo de que vele e interveña eficazmente para facilitar e garantir que todas estas funcións se realicen da mellor maneira posible e servindo ao fin social que ha de presidir esta grande empresa.

A creación e posta en funcionamento deste organismo estatal, así como as súas funcións e a súa estrutura organizativa, están reguladas pola nova lexislación do 19 de abril de 1939; que, ademais, establece un novo réxime de protección para a vivenda protexida ou de renda reducida.

Entenderase por *vivendas protexidas* as que, estando incluídas nos plans xerais formulados polo Instituto, constrúanse con arranxo a proxectos que foron oficialmente aprobados por este, por reunir as condicións hixiénicas, técnicas e económicas determinadas nas Ordenanzas comarcais que se ditarán ao efecto.

A protección da Lei alcanzará, en todo caso, ao taller familiar, nas vivendas para artesáns, e ao celeiro e cuadras, nas casas para labradores. Tamén se estenderá aos edificios destinados a capelas e escolas que se constitúan formando parte dos proxectos de grupos e barriadas.

> Se as casas se tivesen que construír en terreos sen urbanizar, será imprescindible que o proxecto abarque as obras de urbanización indispensables e os servizos complementarios.[25]

De acordo con esta nova lexislación, poden acollerse aos beneficios fiscais da mesma e construír este tipo de vivendas os concellos e as deputacións provinciais, pero tamén os sindicatos, diversas organizacións do Estado, empresas –sempre que as casas sexan para os seus traballadores–, sociedades benéficas de construción, caixas de aforros e cooperativas de edificacións; incluso os propios particulares. Tamén permite que as entidades e os particulares constrúan a título lucrativo sempre que destinen algún piso a vivendas de alugueiro reducido. En casos excepcionais, o Instituto Nacional da Vivenda pode emprender por si mesmo a construción de vivendas protexidas.

A aprobación do Decreto do 8 de setembro de 1939 trae consigo o regulamento necesario para aplicación da lei aprobada cinco meses antes en materia de vivenda. Ademais de reiterar os beneficios e as vantaxes económicas ás que poden acollerse as entidades construtoras, este novo documento insiste nas funcións e nos deberes do Instituto Nacional da Vivenda, así como nos requisitos que deben cumprir os plans urbanísticos e os proxectos arquitectónicos para ser aprobados polo mesmo.

Tamén volve definir o concepto de *vivenda protexida*, especificando nesta ocasión o que se entende por *renda reducida: aquela que supoña un alugueiro mensual non superior ao importe de seis días de xornal ou á quinta parte do soldo mensual do seu presunto usuario.* Ademais puntualiza sobre o uso que se lle debe dar a este tipo de residencias e que nesta cualificación *non se aceptará ningunha vivenda que non sexa susceptible de albergar unha familia con fillos, polo cal esixirase que, cando menos, cada vivenda teña tres dormitorios de dúas camas.*[26]

25 VV.AA.: *Ley de 19 de abril de 1939, sobre régimen de protección a la vivienda.* Jefatura del Estado. Madrid, 1939.

26 VV.AA.: *Decreto de 8 de septiembre de 1939. Reglamento para aplicación de la Ley de 19 de abril de 1939, de viviendas protegidas.* Jefatura del Estado. Madrid, 1939.

Con todo, o problema da vivenda non comeza a tratarse de maneira sistemática en España ata os anos cincuenta da pasada centuria.

No 1953, o Colexio Oficial de Arquitectos de Cataluña e Baleares dedica dous números da revista *Cuadernos de Arquitectura* a definir as bases teóricas da vivenda económica. As condicións mínimas esenciais desta tipoloxía coinciden coas conclusións de Alexander Klein –nas que se basea o II CIAM–, que se poden resumir en:

> a) Planta racional con distribución funcional dos mobles, procurando a unión dos espazos libres, para obter un maior benestar sen aumento de superficie. b) Redución ao mínimo dos pasos perdidos, aínda que sen suprimilos, *debido á conveniencia de separar da intimidade do fogar a todo individuo estraño.* c) Os servizos deben ser mínimos e as superficies, volumes e ocos, os convenientes para unha boa hixiene.[27]

A publicación tamén especifica que a vivenda debe constar dos seguintes elementos: comedor e sala de estar que, *a ser posible, non sexan habitacións de paso;* dormitorios, *nos que non debe aceptarse nunca a máis de dúas persoas, así como tampouco o comedor-dormitorio;* cociña; servizos sanitarios, *sendo conveniente o seu emprazamento preto da cocina para unha maior economía de instalacións;* lavadoiro; e xardín ou horta familiar.[28]

Non obstante, nas vivendas do momento sóese acceder directamente ao salón-comedor –que é necesario cruzar para acceder ao resto das pezas–, e xeneralízanse as pezas habitables de paso. Neste senso, dende a revista aconséllase *evitar ser demasiado estrito ao aplicar as relacións mínimas entre as superficies de circulación e as habitadas* –coincidindo con Klein–, pero

27 BASSÓ BIRULÉS, F., BOHIGAS I GUARDIOLA, O. & Buxó, J.M.; «El problema de la vivienda», *Cuadernos de Arquitectura,* 15-16. Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña y Baleares. Barcelona, 1953. Páx. 1-40.

28 BASSÓ BIRULÉS, F., BOHIGAS I GUARDIOLA, O. & Buxó, J.M.; «El problema de la vivienda», *Cuadernos de Arquitectura,* 15-16. Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña y Baleares. Barcelona, 1953. Páx. 1-40.

continúa dicindo que o fin é *non dificultar a concepción da vivenda como un fogar, e un fogar cristián*.[29]

Tres anos máis tarde, en setembro de 1956, publícanse na *Revista Nacional de Arquitectura* –editada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid– os tipos de vivendas proxectados para cada un dos oito primeiros Poboados de Absorción da capital.[30] Na introdución a este artigo –realizada polo director xeral do Instituto Nacional da Vivenda, Luis Valero–, póñense de relevo os seguintes aspectos:

> Se dispuxeramos de diñeiro en abundancia, de terreos urbanizados bastantes, dos necesarios materiais de construción e dunha boa man de obra (...), o problema da construción de vivendas quedaría reducido a un problema técnico (...) no que os profesionais (...) poñerían á exposición das xentes a súa capacidade e o seu gusto, e facilmente serían loados.
>
> (...) Que ingrata é a tarefa do arquitecto. (...) Os nosos arquitectos deben agudizar o enxeño e desperdiciar facultades para resolver *á española* o enorme afán da patria para dar fogar digno e alegre a todos os compatriotas que del carecen.[31]

E é que o Estado considerara o problema da vivenda como unha cuestión técnica; se cadra, reflexo da tensión xerada na sociedade da posguerra polo empeño posto dende a Administración en enfrontar os valores materiais cos espirituais. En consecuencia, determinar as condicións materiais mínimas da vivenda para posibilitar o desenrolo espiritual dos máis desfavorecidos convértese nun problema case teolóxico.

29 Bassó Birulés, F., Bohigas i Guardiola, O. & Buxó, J.M.; «El problema de la vivienda», *Cuadernos de Arquitectura,* 15-16. Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña y Baleares. Barcelona, 1953. Páx. 1-40.

30 Os oito modelos presentados para as vivendas de planta baixa presentan unha mesma solución: a sala de estar, ademais de ser a peza de acceso dende o exterior, sirve como distribuidor, polo que é necesario atravesala para acceder ao resto das pezas.

31 Valero Bermejo, L.; «Los Poblados de Absorción de Madrid», *Revista Nacional de Arquitectura,* 176-177. Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid. Madrid, 1956. Páx. 45-49.

Ao mesmo tempo, o Estado pensa na *conveniencia de conceder un apoio máis intenso e eficaz* aos particulares co fin de obter o máximo rendemento na construción de vivendas protexidas; facilitándolles unha ampla mobilización do crédito inmobiliario. Para iso é necesario redactar unha nova lexislación na que se outorguen maiores bonificacións tributarias. Así, o 15 de



Fig. 02. Diversas disposicións de mobiliario en vivendas de renda reducida, extraídas do estudo *Viviendas de renta reducida en Estados Unidos*, de Chueca Goitía. (Valero Bermejo 1956: 45-49).

xullo de 1954, apróbase a Lei sobre vivendas protexidas, que a partir de agora denominaranse *de renda limitada;* distinguíndoas en función de se para a súa construción se solicitan ou non auxilios económicos directos do Estado.

> O grupo constituído polas *vivendas de renda limitada* para as que se soliciten os devanditos auxilios (...), dividirase, á súa vez, en tres categorías, cuxas características se fixarán no Regulamento en función da súa superficie e orzamento por metro cadrado de edificación.[32]

Esta nova normativa ordena, ante todo, a elaboración dun plan xeral de protección para a vivenda de renda reducida; simplifica os trámites para a concesión de beneficios económicos; concede unha maior amplitude e alcance aos beneficios de orde fiscal outorgados aos construtores deste tipo de edificacións; aumenta os prazos para a devolución ao Estado dos anticipos concedidos con este propósito; e refunde nun só texto as numerosas disposicións que ata o momento regulan esta materia, facendo máis doado o seu coñecemento para os interesados así como a súa aplicación por parte dos diferentes organismos aos que afecta.

Ademais, os artigos catro e trinta e cinco desta lei dispoñen que o Instituto Nacional da Vivenda formule os plans xerais de construción de vivendas. En consecuencia, o 20 de outubro de 1961 apróbase, por acordo do Consello de Ministros, o Plan Nacional de Vivenda para o período 1961-1976, cuxo principal obxectivo é proporcionar a *solución definitiva e o planeamento económico a longo prazo* para o problema da vivenda.[33]

A execución do devandito Plan proxéctase para etapas cuadrienais coordinadas cos plans xerais de desenvolvemento económico do país. E dentro do número de vivendas cuxa construción está prevista para cada período,[34]

32 VV.AA.: *Ley de 15 de julio de 1954 sobre protección de viviendas de renta limitada.* Jefatura del Estado. Madrid, 1954.

33 VV.AA.: *Ley 84/1961, de 23 de diciembre, sobre Plan Nacional de la Vivienda para el período 1961-1976.* Jefatura del Estado. Madrid, 1961.

34 O primeiro dos períodos que entra en vigor segundo o Plan Nacional da Vivenda vai afectar

o Ministerio da Vivenda determina a súa distribución xeográfica, de acordo coas necesidade de cada provincia e a súa respectiva urxencia. Igualmente, establece as características das casas a construír.

Por outra banda, prevese a aprobación dun texto refundido e revisado da lexislación en materia de construción e utilización de vivendas de renda limitada, para adaptala ás circunstancias do momento e conseguir a máxima eficacia do Plan.

Esta nova lei, aprobada finalmente o 24 de xullo de 1963, establece uns principios xerais sobre a acción do Estado en materia de vivenda,

> e tras eles, completa e perfecciona a relación de promotores, regula os beneficios outorgados polo Estado aos promotores de construción de vivendas, establece as normas para a contratación das obras, dita disposicións relativas á cualificación provisional e definitiva das vivendas e os seus respectivos efectos, así como o uso, conservación e aproveitamento delas; recolle e perfecciona a función do desafiuzamento administrativo xa establecida; contén os preceptos xerais xa en vigor sobre as liñas esenciais das funcións do Instituto Nacional da Vivenda e os medios cos que conta para o desenvolvemento do seu labor; e establece finalmente un réxime sancionador adecuado.[35]

Entre as novidades máis significativas que introduce a nova lexislación, están, por unha banda, o concepto relativo á *unicidade* do expediente, co fin de simplificar os trámites administrativos; e pola outra, a posibilidade de autorización para unir dúas vivendas cando o seu uso corresponda a familias numerosas.

---

a 139.603 vivendas no ano 1962, a 150.518 no 1963, a 162.144 no 1964 e 175.051 no 1965. O ano 1961 considérase unha etapa de transición.

35 VV.AA.: *Decreto 2131/1963, de 24 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la legislación sobre viviendas de protección estatal.* Ministerio de Vivienda. Madrid, 1963.

Rodolfo Ucha Donate

Segundo a lexislación vixente en materia residencial nos anos sesenta do século XX, poden ser promotores de vivenda de renda limitada en España, entre outros, as cooperativas de vivenda con destino exclusivo para os seus asociados; e, en consecuencia, acollerse a exencións e bonificacións tributarias, préstamos con xuros, anticipos sen xuros –reintegrables a longo prazo–, subvencións e primas a fondo perdido, e ao dereito á expropiaci6n forzosa de terreos.

Tal é o caso da Cooperativa de Vivendas Nosa Señora da Luz, con domicilio fiscal no concello das Pontes de García Rodríguez e constituída por traballadores da Empresa Nacional de Electricidade S.A. (ENDESA).[36] Fúndase como sociedade non lucrativa cun Consello de Administración –ou Xunta de Directores–, elixido en xunta xeral polos socios para encargarse das xestións e dos trámites administrativos necesarios para proporcionar aos seus socios unhas vivendas de calidade, pero a prezo de custo.

E con este obxectivo contratan ao arquitecto Rodolfo Ucha Donate (1922-2015) no ano 1967.

Ferrolán de nacemento, é fillo do recoñecido arquitecto modernista Rodolfo Ucha Piñeiro (1882-1981).[37] Ao rematar a carreira na Escola de Arqui-

36 A orixe de ENDESA nas Pontes de García Rodríguez está moi vinculada á Empresa Nacional Calvo Sotelo (ENCASO) de combustibles líquidos e lubricantes. Esta é a segunda empresa que crea o Instituto Nacional de Industria (INI), constituíndo o seu proxecto máis ambicioso. ENDESA créase no 1944, mais a súa propia conformación empresarial vai sufrindo cambios ao longo do tempo a medida que vai absorbendo outras empresas do sector. SÁNCHEZ CARREIRA, M.C.: «A empresa pública e a privatización. A experiencia de Endesa nas Pontes», *Hume. Revista de Estudos Históricos Locais*, 7. Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume As Pontes de García Rodríguez, 2014. Páx. 111-148.

37 Justo Perfecto Rodolfo Ucha Piñeiro (1882-1981) obtén o título de Arquitecto na Escola de Arquitectura de Madrid o 18 de xullo de 1906, ingresando pouco despois como profesor axudante na Escola de Belas Artes de San Fernando. Exerce en solitario a súa actividade profesional, compaxinándoa cos cargos de arquitecto municipal de Ferrol (1909-1936), arquitecto da Mariña (1909-1915) e arquitecto de Facenda (1919-1952). A súa obra pertence nun primeiro período ao estilo modernista, con inspiración secesionista e reminiscencias eclécticas decimonónicas. Nunha segunda etapa creativa mestura elementos de diferentes estilos que o conducen a unha manifesta indefinición formal, con trazos do art decó e do racionalismo. Entre os seus proxectos, localizados principalmente en Ferrol, atópase a

tectura de Madrid no 1953, regresa a Ferrol e traballa dous anos no estudio do seu pai. Logo, abre o seu propio despacho no segundo piso do número vinte e oito da avenida Rubine da Coruña.[38]

Afiliado co número 1469 á delegación coruñesa do Colexio Oficial de Arquitectos de León, Asturias e Galicia, compaxina o exercicio liberal da súa profesión co cargo de arquitecto municipal en Ferrol, Lugo e A Coruña, e tamén co de arquitecto da Delegación Provincial de Sindicatos de Lugo.

Con máis de dous mil catrocentos proxectos visados, a súa inmensa herdanza arquitectónica está composta por vivendas unifamiliares, edificios residenciais, inmobles institucionais, equipamentos dotacionais, naves industriais, urbanizacións, reformas, ampliacións, etc...[39]

A pesar de non acadar a mesma fama e recoñecemento co seu pai, forma parte da xeración de profesionais que contribúe á recuperación da modernidade en Galicia despois da Guerra Civil, no que se coñece como a *segunda modernidade*.[40] Este grupo distínguese dos seus antecesores en que non pasa pola experiencia autárquica no seu exercicio profesional, e, polo tanto, a recuperación da modernidade convértese nun asunto preferente.[41]

A obra autodidacta da maioría dos integrantes do devandito grupo, revela no seu eclecticismo as dificultades que teñen que vencer e sinala un importante cambio cualitativo. Por iso, aceptando os principios da modernidade dunha maneira moderada e reflexiva, logran ao longo da súa carreira, outorgarlle un valor propio.

Peixería da actual praza de abastos (1910), o edificio de *El Correo Gallego* (1912), o actual Hotel Suízo (1913), o chalé de Antón Iboleón (1918) ou o Casino ferrolán (1921).

38 A partir do ano 1975 ocúpase, xunto coa súa irmá Lucila, do estudio paterno sito na rúa de Rubalcaba.

39 Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia: Expedientes de visado de Rodolfo Ucha Donate (1955-1984).

40 RÍO VÁZQUEZ, A.S.: «Dos ejemplos brigantinos en la recuperación de la arquitectura moderna», *Anuario Brigantino,* 34. Concello de Betanzos. Betanzos, 2011. Páx. 481-492.

41 A este grupo xeracional pertencen, entre outros, Xosé Bar Boo (1922-1924), Joaquín Basilio Bas (1921-2018), Andrés Fernández-Albalat Lois (1924-2019), José López Zanón (1926), Desiderio Pernas Martínez (1930-1996) e os irmáns Antonio Tenreiro Brochón (1923-2006) e Ramón Tenreiro Brochón (1928-2007).

Á diferenza da primeira modernidade, que se produce fundamentalmente nas capitais galegas durante os anos trinta, con escasos exemplos situados fóra das principais urbes, a segunda modernidade proxecta gran parte das súas obras en contornas rurais ou pequenas vilas, encontrando casos emblemáticos como os asinados por Ucha Donate, entre os que cómpre salientar o grupo asistencial do poboado de Carburos Metálicos en Cee (1957), a gardería municipal da Coruña (1958) ou as casas sindicais de Lugo (1959) e Betanzos (1961).[42]

Nas súas obras, emprega metodoloxías e sistemas construtivos modernos mantendo un esquema clásico, utiliza unha composición espacial moderna, e fai continuas referencias a elementos propios da arquitectura tradicional galega –como as galerías–, incorporándoos como parte fundamental dos seus proxectos. Esta actitude é a que sitúa as súas obras como pioneiras no proceso de recuperación da modernidade na arquitectura galega.

E dous exemplos desta actitude poden verse nos proxectos para un edificio de oito vivendas e para un conxunto de dezasete casas realizados no concello das Pontes de García Rodríguez por encargo da Cooperativa de Vivendas Nosa Señora da Luz.[43]

Bloque lineal de oito vivendas

Durante seiscentos anos, o desenvolvemento urbanístico das Pontes de García Rodríguez queda limitado a unha forma embrionaria, un auténtico prototipo do estado orixinario dunha vila medieval europea, no que se distingue a tríade de elementos que constitúen as pezas básicas na creación

42 RÍO VÁZQUEZ, A.S.: *La recuperación de la modernidad: arquitectura gallega entre 1954 y 1973.* Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. A Coruña, 2014. Páx.199-201.

43 Ucha Donate tamén proxecta vivendas unifamiliares illadas acollidas á Lei de Renda Limitada para promotores particulares no municipio pontés. UCHA DONATE, R.: *Proyecto para dos viviendas acogidas a la Ley de Renta Limitada en el lugar de A Casilla (Pontes de García Rodríguez).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coas signaturas C-41049 / 944 e C-41049 / 949. A Coruña, 1963.

da cidade: o espazo da vila perfectamente delimitado á beira do río Eume, a ponte como paso obrigado de persoas e mercancías, e o castelo – actualmente desaparecido – dende o que se exercía o dominio sobre o territorio.[44]

A vila pontesa mantén o seu perfil claro de pequeno agregado compacto vertebrado sobre o eixo dunha vía principal ata a segunda metade do século XIX, permanecendo practicamente inalterado nos seus elementos esenciais. A construción a partir do 1860 das estradas de Ferrol e Ortigueira –xunto coa Ponte Nova–, ofrecen as infraestruturas de soporte necesarias para favorecer un crecemento urbano lineal de longas ringleiras de edificacións sobre as anteditas estradas, que se manteñen como dominantes ata mediados da pasada centuria.

A actividade comercial e inmobiliaria vaise afastando do núcleo medieval cara ao norte, volvéndose máis intensa no cruzamento das estradas e nos bordos do Campo da Magdalena ou da Feira, ámbito fundamental da actividade económica que tiña neste espazo o centro dunha ampla bisbarra agrícola e gandeira.

Cara a esta zona vanse desprazando os novos edificios institucionais e os equipamentos da capitalidade municipal; e en consecuencia, na súa contorna aparecen bloques plurifamiliares de carácter lineal resoltos con catro ou cinco alturas.

Un destes inmobles residenciais nace tralo encargo por parte de Ventura García –en representación da Cooperativa de Vivendas Nosa Señora da Luz– a Rodolfo Ucha Donate en xuño de 1967. Dous meses máis tarde, o arquitecto asina o proxecto para a construción dun edificio de catro pisos –oito vivendas– acollido á Lei de Vivendas de Renda Limitada (expediente C-VS-8003/67), sito na actual rúa Rego do Campo –antiga rúa do Carme–.[45]

---

44 MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L.: *As Pontes de García Rodríguez: da vila medieval aos polígonos de vivendas.* Consellería de Vivenda e Solo. Santiago de Compostela, 2007. Páx. 13-20.

45 UCHA DONATE, R.: *Proyecto para dos viviendas acogidas a la Ley de Renta Limitada en el lugar de A Casilla (Pontes de García Rodríguez).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coas signaturas C-41049 / 944 e C-41049 / 949. A Coruña, 1963.

O edificio, cunha altura dende a rasante da beirarrúa ata a cornixa de coroación de 11'90 metros –sendo a da planta tipo de 2'80 metros e o baixo de 3'50 metros–, presenta dúas solucións de vivendas. Na planta baixa sitúanse dúas unidades da tipoloxía A con 81'10 metros cadrados de superficie construída –70'17 metros cadrados de superficie útil– cada unha; e nos andares superiores desenrólase seis vivendas da tipoloxía B con 92'25 metros cadrados de superficie construída –74'21 metros cadrados de superficie útil–.

> Empregaranse na súa construción os seguintes materiais. Cimentación de cachotaría de pedra; estrutura de formigón armado; peches de muros e fachadas de tabicón de ladrillo dobre formando cámara de aire; tramados horizontais de cerámica armada; distribución interior con tabiques de fábrica de ladrillo de 4 centímetros, enlocidos con morteiro de cemento por ambas caras; carpintería interior de madeira de boa calidade; pintura ao óleo sobre carpintería e ferraxes de primeira calidade; cuberta de fibrocemento sobre tabiquillos e viguetas, ou tella sobre tramado de madeira; canlóns e baixantes de zinc; carpintería exterior de madeira de castiñeiro ou tea e persianas graduables tipo *veneciana* en fiestras.
>
> (...) As distintas habitacións de que se compoñen as vivendas terán os seguintes acabados: pavimentos de baldosa hidráulica con cores correntes; rodapés de cemento; paredes revocadas e pasteadas con morteiro de cemento e pintadas ao temple en cores discretas; teitos revocados con morteiro de cemento e pintura ao temple; carpintería de tramado celular prefabricada e pintada ao óleo ou vernizada; fiestras de madeira ou metálicas, con pintura ao óleo, sobre unha man de imprimación.
>
> Cociñas, baños e aseos. Pavimentos de baldosa hidráulica; paredes alicatadas con azulexo branco de 15 x 15 centímetros, ata unha altura mínima de 1'50 metros e recibido con morteiro de cemento 1/6; teitos e paredes revocadas con morteiro de cemento e pintadas ao temple;

portas de madeira de tramado celular e fiestras de madeira de castiñeiro ou tea, ou metálicas, pintadas ao óleo con cores discretas.

(...) As fachadas irán parcialmente revocadas con morteiro de cemento, incluíndo a molduración que figura nos planos e pintura ao *petralik*. Empregaranse materiais impermeabilizantes especiais (...), así como lousas, vitraico ou similares (...).

De acordo co disposto na Lei do 23 de xullo de 1966, dotarase ao edificio da correspondente antena colectiva de Televisión, cunha toma en cada una das vivendas de que consta o edificio.

Fontanería e aparatos sanitarios. Serán instalados os seguintes aparatos sanitarios (...): bañeira de ferro esmaltado, lavabos de louza vitrificada, bidés de louza vitrificada, inodoro con baixante, cisterna e asento con tapa, lavadoiro de pedra artificial e pía de louza ou pedra artificial (...). Nestas pezas inclúense billas de boa calidade, e pezas especiais para tubaxes, etc...

Electricidade. Puntos de luz instalados baixo tubaxe Bergmam empotrados, coas súas correspondentes caixas rexistro; enchufes de enerxía eléctrica, baixo tubaxe Bergmam e empotrados, con fío vulcanizado; timbres de chamada a vivendas, incluso cadro de pulsadores en portal; e taboleiro para instalación de contadores en portal.

Capacidade e iluminación. A capacidade das distintas dependencias, así como a súa iluminación, proxectáronse de acordo coas disposicións oficiais (...).

Condicións sanitarias. As augas sucias serán conducidas mediante tubaxes de ferro, chumbo e gres, con seccións de 100 a 150 milímetros.[46]

O presuposto das obras ascende a un millón oitocentas cincuenta e cinco mil seiscentas catorce pesetas con oitenta e dous céntimos –aproximada-

46 UCHA DONATE, R.: *Proyecto para dos viviendas acogidas a la Ley de Renta Limitada en el lugar de A Casilla (Pontes de García Rodríguez).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coas signaturas C-41049 / 944 e C-41049 / 949. A Coruña, 1963.

mente once mil cento cincuenta euros–. E as devanditas obras danse por rematadas o 10 de novembro de 1969.

Ucha Donate utiliza unha solución de bloque lineal que lembra ás tipoloxías manexadas pola cultura arquitectónica europea no primeiro terzo do século XX, se ben é certo que este exemplo pontés posúe unha escala moito menor.



Fig. 03. Plano de situación do bloque de oito vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Planimetría elaborada pola autora).



Fig. 04. Plantas baixa, tipo e de cubertas do bloque de oito vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Planimetrías elaboradas pola autora).



Fig. 05. Alzado principal e sección transversal do bloque de oito vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Planimetrías elaboradas pola autora).

Fig. 06. Fachada principal do bloque de oito vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 07. Fachada secundaria do bloque de oito vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Táboa 01. **Características básicas da vivenda tipo A.**

Estancia	Área útil (m^2)	Volume interior (m^3)	Área fachada (m^2)	Área ocos (m^2)	Fachadas / Ocos (%)	Ocupación (persoas)
Vestíbulo	3'12	8'74	0	0	-	-
Distribuidor	5'05	14'14	0	0	-	-
Estar-comedor	11'52	32'26	10'08	2'80	28	-
Cociña	10'95	30'66	8'12	2'10	26	-
Dormitorio 1	10'03	20'08	9'52	2'80	29	2
Dormitorio 2	8'75	24'50	7'00	2'10	30	1
Dormitorio 3	8'75	24'50	7'00	2'10	30	1
Dormitorio 4	6'75	18'90	7'00	2'10	30	1
Baño	5'25	14'70	4'20	1'05	25	-
TOTAL	70'17	196'48	52'92	15'05	28	5

Táboa 02. **Características básicas da vivenda tipo B.**

Estancia	Área útil (m^2)	Volume interior (m^3)	Área fachada (m^2)	Área ocos (m^2)	Fachadas / Ocos (%)	Ocupación (persoas)
Vestíbulo	3'75	10'50	0	0	-	-
Distribuidor	5'60	15'68	0	0	-	-
Estar-comedor	12'00	33'60	10'64	2'80	26	-
Cociña	10'95	30'66	8'12	2'10	26	-
Dormitorio 1	11'21	31'39	10'64	2'80	26	2
Dormitorio 2	8'75	24'50	7'00	2'10	30	1
Dormitorio 3	8'75	24'50	7'00	2'10	30	1
Dormitorio 4	7'95	22'26	8'40	2'10	25	1
Baño	5'25	14'70	4'20	1'05	25	-
TOTAL	74'21	207'79	56'00	15'05	27	5

Exteriormente, o inmoble presenta referencias a elementos propios da nosa arquitectura tradicional, que son incorporados como unha parte fundamental do deseño. Igualmente, o emprego dunha composición espacial moderna e a vinculación á tradición local levan a situar esta obra dentro do proceso de recuperación da modernidade na arquitectura galega.

Interiormente, dispón dun núcleo de escaleiras situado no centro dunha das fachadas da edificación, dando acceso a dúas residencias por planta, ata sumar un total de oito. Á súa vez, a profundidade das vivendas permite a introdución dun vestíbulo de acceso e un corredor central que delimita dous ambientes claramente diferenciados: por unha banda, a zona de dormitorios e cuarto de baño; e pola outra, o cuarto de estar-comedor e a cociña –e balcón-lavadoiro no caso da tipoloxía B–. Esta separación funcional, que distingue entre zona de día e zona de noite, ten como obxectivo principal –de acordo coas análises de Alexander Klein– o facilitar a simultaneidade das funcións vitais sen que se produzan interferencias entre elas. Non obstante, nestas residencias, contrariamente ao recomendado para un bo funcionamento das mesmas, para chegar á zona de día dende a entrada ou acceso principal, débese percorrer todo o corredor e, polo tanto, atravesar toda a zona de noite.

En canto ás dimensións das estancias, na procura dun equilibrio entre especialización funcional e economía construtiva, a sala de estar presenta a maior superficie de toda a vivenda; e está unida co comedor, nun binomio que evita a *cociña de vivir*. O tamaño das demais dependencias é tal que, *despois da colocación do mobiliario máis necesario, queda libre unha superficie que permite o movemento sen necesidade dun excesivo coidado.*[47] Da concentración destas *áreas libres* depende, en primeiro lugar, a comodidade e espaciosidade da vivenda, así como a posibilidade de situar máis mobles; aspecto que se reflicte nas planimetrías do proxecto de Ucha Donate ao dispoñer o mobiliario, se ben nos dormitorios non se indica a situación dos roupeiros, podendo xerar certos conflitos funcionais á hora de habitar.

47 KLEIN, A.: *Vivienda mínima 1906-1957*. Gustavo Gili. Barcelona, 1980. Páx. 81-106.

Por outra banda, a ordenación das zonas de paso e o percorrido das circulacións marcan dun modo determinante a posibilidade de organización racional e sinxeleza de uso da casa en relación co *gasto de enerxías físicas.* Nestas vivendas, se ben as circulacións entre as zonas de día e noite se cruzan desaconsellablemente en dous puntos, os tres procesos principais das mesmas –cociñar-comer, habitar-descansar e durmir-lavarse– poden desenvolverse de maneira simultánea sen interferencias, xa que se resolven



Fig. 08. Tipoloxías das vivendas do bloque proxectado por Ucha Donate en 1967: análise da disposición do mobiliario e zonas libres; estudo das zonas de día e de noite; e diagrama das circulacións. (Esquemas elaborados pola autora).

mediante percorridos curtos e relativamente rectos favorecidos pola proximidade das dependencias relacionadas.

Ambas tipoloxías de vivendas están proxectadas para albergar a unha familia de cinco membros, pois presentan un dormitorio dobre ou principal e tres cuartos individuais. A diferenza de metros cadrados radica, fundamentalmente, na existencia de dous balcóns ou terrazas nas plantas superiores: un vinculado á sala de estar-comedor e o outro á cociña, funcionando como lavadoiro independente.

En xeral, as vivendas resultan *agradables,* xa que tódalas súas estancias gozan de iluminación natural e ventilación directa. Pero tamén se debe a que a totalidade das dependencias posúen proporcións espaciais harmoniosas, que á súa vez promoven a utilización de sistemas construtivos simples e a execución dunhas instalacións sinxelas, o que favorece o abaratamento do orzamento edificador.

Na actualidade, o conxunto encóntrase perfectamente recoñecible, sufrindo apenas cambios significativos dende a súa construción.

Conxunto de dezasete vivendas acaroadas

As estradas de Ferrol e Ortigueira –como xa dixemos– favorecen un crecemento urbano lineal da vila pontesa en base a longas ringleiras de edificacións que se levantan apoiadas sobre as citadas vías, as cales permanecen como dominantes ata mediados do século xx. Pero, en ocasións, tamén aparecen pequenos conxuntos residenciais que xorden como un fragmento que ignora o tecido preexistente e limítase a autoorganizarse ao xeito de pezas conectadas coa estrutura viaria que, dende o núcleo urbano, avanza sobre o territorio.

Un destes fragmentos é o conxunto de vivendas unifamiliares encargado por Ventura García –en representación da Cooperativa de Vivendas Nosa Señora da Luz– a Rodolfo Ucha Donate en xuño de 1967. Dous meses máis

tarde, o arquitecto asina o correspondente proxecto acollido á Lei de Vivendas de Renda Limitada.[48] Nunha primeira versión do documento, as vivendas son vinte e cinco, pero finalmente apróbase unha segunda proposta cun total de dezasete unidades.

Pode considerarse como unha sinxela parcelación ao redor dunha vía de nova apertura –actualmente rúa Virxe da Luz– que emprega o tipo de vivenda acaroada propio da urbanística paradigmática da *cidade xardín,* xa que están presentes os principios desta ordenación urbana, aínda que con certo empobrecemento na resolución final.

As casas son de planta baixa, con cuberta de dúas augas e unha altura dende a rasante da beirarrúa ata a cornixa de coroación de 3'00 metros, sendo a da planta tipo de 2'80 metros. Teñen 86'35 metros cadrados de superficie construída, é dicir, 74'07 metros cadrados de superficie útil.

> Empregaranse na súa construción os seguintes materiais. Cimentación de cachotaría de pedra; estrutura de formigón armado; peches de muros e fachadas de tabicón de ladrillo dobre formando cámara de aire; tramados horizontais de cerámica armada; distribución interior con tabiques de fábrica de ladrillo de 4 centímetros, enlocidos con morteiro de cemento por ambas caras; carpintería interior de madeira de boa calidade; pintura ao óleo sobre carpintería e ferraxes de primeira calidade; cuberta de fibrocemento sobre tabiquillos e viguetas, ou tella sobre tramado de madeira; canlóns e baixantes de zinc; carpintería exterior de madeira de castiñeiro ou tea e persianas graduables tipo *veneciana* en fiestras.
>
> (...) As distintas habitacións de que se compoñen as vivendas terán os seguintes acabados: pavimentos de baldosa hidráulica con cores correntes; rodapés de cemento; paredes revocadas e pasteadas con morteiro

48 UCHA DONATE, R.: *Proyecto para la construcción de diecisiete viviendas de planta baja en Pontes de García Rodríguez (A Coruña).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coa signatura C-41032 / 2115. A Coruña 1967.

de cemento e pintadas ao temple en cores discretas; teitos revocados con morteiro de cemento e pintura ao temple; carpintería de tramado celular prefabricada e pintada ao óleo ou vernizada; fiestras de madeira ou metálicas, con pintura ao óleo, sobre unha man de imprimación.

Cociñas, baños e aseos. Pavimentos de baldosa hidráulica; paredes alicatadas con azulexo branco de 15 x 15 centímetros, ata unha altura mínima de 1'50 metros e recibido con morteiro de cemento 1/6; teitos e paredes revocadas con morteiro de cemento e pintadas ao temple; portas de madeira de tramado celular e fiestras de madeira de castiñeiro ou tea, ou metálicas, pintadas ao óleo con cores discretas.

(...) As fachadas irán parcialmente revocadas con morteiro de cemento, incluíndo a molduración que figura nos planos e pintura ao *petralik.* Empregaranse materiais impermeabilizantes especiais (...), así como lousas, vitraico ou similares (...).

De acordo co disposto na Lei do 23 de xullo de 1966, dotarase ao edificio da correspondente antena colectiva de Televisión, cunha toma en cada una das vivendas de que consta o edificio.

Fontanería e aparatos sanitarios. Serán instalados os seguintes aparatos sanitarios (...): bañeira de ferro esmaltado, lavabos de louza vitrificada, bidés de louza vitrificada, inodoro con baixante, cisterna e asento con tapa, lavadoiro de pedra artificial e pía de louza ou pedra artificial (...). Nestas pezas inclúense billas de boa calidade, e pezas especiais para tubaxes, etc...

Electricidade. Puntos de luz instalados baixo tubaxe Bergmam empotrados, coas súas correspondentes caixas rexistro; enchufes de enerxía eléctrica, baixo tubaxe Bergmam e empotrados, con fío vulcanizado; timbres de chamada a vivendas, incluso cadro de pulsadores en portal; e taboleiro para instalación de contadores en portal.

Capacidade e iluminación. A capacidade das distintas dependencias, así como a súa iluminación, proxectáronse de acordo coas disposicións oficiais (...).

> Condicións sanitarias. As augas sucias serán conducidas mediante tubaxes de ferro, chumbo e gres, con seccións de 100 a 150 milímetros.[49]

O presuposto das obras ascende a seis millóns duascentas vinte e catro mil trescentas noventa e dúas pesetas –aproximadamente trinta e sete mil catrocentos euros–. E as devanditas obras danse por rematadas en xuño de 1970.

Ucha Donate utiliza –como vemos– as mesmas técnicas construtivas e os mesmos acabados que no bloque residencial para deseñar este conxunto de vivendas unifamiliares acaroadas, cuxo exterior manifesta referencias a elementos propios da nosa tradición arquitectónica, que son incorporados como unha peza importante do proxecto. E ao igual que no antedito bloque, a utilización dunha composición espacial moderna, así como a vinculación á tradición local, sitúan esta intervención no marco do proceso de recuperación da modernidade na arquitectura de Galicia.

Interiormente, a xeometría rectangular das vivendas permite a introdución dun vestíbulo de acceso centrado na fachada principal e un corredor axial delimitador de dous ambientes claramente diferenciados: por unha banda, a zona de dormitorios e cuarto de baño; e pola outra, o cuarto de estar-comedor e a cociña. Esta separación funcional –que tamén se observa nas casas do bloque residencial– distingue entre zona de día e zona de noite, e ten como obxectivo principal o facilitar a sincronía das actividades vitais sen que se produzan interferencias entre as mesmas. De feito, nestas casas, ambas áreas funcionan de maneira totalmente independente.

49 UCHA DONATE, R.: *Proyecto para la construcción de veinticinco viviendas de planta baja en Pontes de García Rodríguez (A Coruña).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coa signatura C-41032 / 2115. A Coruña, 1967.

Fig. 09. Plano de situación do conxunto de dezasete vivendas proxectado por Ucha Donate en 1967. (Planimetría elaborada pola autora).



Fig. 10. Esquema e localización das vivendas de renda limitada –plantas baixa e de cubertas– segundo o proxecto de Ucha Donate en 1967. (Planimetrías elaboradas pola autora).



Fig .11. Plantas, alzados e sección transversal dunha parella de vivendas acaroadas do conxunto proxectado por Ucha Donate en 1967. (Planimetrías elaboradas pola autora).

Fig. 12. Vista actual da vivenda n.º 1, coa n.º 3 ao carón, do conxunto residencial de renda reducida proxectada por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 13. Vista actual da vivenda n.º 2 do conxunto residencial de renda reducida proxectada por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 14. Vista actual da vivenda n.º 6, coa n.º 8 ao seu carón, do conxunto residencial de renda reducida proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 15. Vista actual da vivenda n.º 11, coa n.º 13 ao seu carón, do conxunto residencial de renda reducida proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 16. Vista actual das vivendas n.º 12 e n.º 10, coa n.º 8 ao fondo, do conxunto residencial de renda reducida proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Fig. 17. Vista actual da vivenda n.º 17 do conxunto residencial de renda reducida proxectado por Ucha Donate en 1967. (Arquivo fotográfico da autora).

Táboa 03. **Características básicas da vivenda unifamiliar.**

Estancia	Área útil (m^2)	Volume interior (m^3)	Área fachada (m^2)	Área ocos (m^2)	Fachadas / Ocos (%)	Ocupación (persoas)
Vestíbulo	1'00	2'80	2'80	1'90	68	-
Distribuidor	6'00	16'80	0	0	-	-
Estar-comedor	23'10	64'68	7'98	3'50	44	-
Cociña	8'60	24'08	7'56	2'80	37	-
Dormitorio 1	13'52	37'86	7'84	3'50	45	2
Dormitorio 2	10'81	30'27	7'56	2'80	37	2
Dormitorio 3	7'04	19'71	6'16	1'40	23	1
Baño	4'00	11'20	5'60	1'05	19	-
TOTAL	74'07	203'40	45'20	16'95	38	5

En canto ás dimensións das estancias, ao igual ca no proxecto do bloque residencial, na procura dun equilibrio entre especialización funcional e economía construtiva, a sala de estar presenta a maior superficie de toda a vivenda –equivale a máis dun terzo da superficie útil da mesma–; e está unida co comedor, pero diferenciada mediante un pequeno tabique que divide a dependencia en dúas zonas dentro dun mesmo espazo diáfano. O tamaño das demais estancias é tal que, despois da colocación do mobiliario máis necesario, queda libre unha superficie que permite a circulación dos habitantes sen a necesidade de movementos bruscos. Da concentración destas *áreas libres* depende, en primeiro lugar, a comodidade e espaciosidade da vivenda, así como a posibilidade de situar máis mobles; aspecto que se reflicte nas planimetrías do proxecto de Ucha Donate ao dispoñer o mobiliario, se ben nos dormitorios non se indica a situación dos roupeiros, podendo xeral certos conflitos funcionais á hora de habitar.

Por outra banda, a ordenación das zonas de paso e o percorrido das circulacións marcan dun modo determinante a posibilidade de organización racional e sinxeleza de uso da casa en relación co *gasto de enerxías físicas.*

Nestas vivendas as circulacións entre as zonas de día e noite non se cruzan en ningunha ocasión, dándose así o caso óptimo defendido por Alexander Klein. En consecuencia, os tres procesos principais da casa –lembremos: cociñar-comer, habitar-descansar e durmir-lavarse– poden desenvolverse de xeito simultáneo e sen interferencias, xa que se resolven mediante percorridos curtos e relativamente rectos favorecidos pola proximidade das dependencias relacionadas.



Fig. 18. Vivenda acaroada proxectada por Ucha Donate en 1967: análise da disposición do mobiliario e zonas libres; estudo das zonas de día e de noite; e diagrama das circulacións. (Esquemas elaborados pola autora).

As vivendas están dispostas en dous grupos divididos por unha vía central, e cada unha delas ten unha capacidade para cinco membros, polo que, en xeral, o conxunto residencial está proxectado para un máximo de oitenta e cinco persoas.

En xeral, as casas resultan *agradables,* xa que tódalas súas estancias gozan de iluminación natural e ventilación directa. Pero tamén se debe a que a totalidade das dependencias posúen proporcións espaciais harmoniosas, que á súa vez promoven a utilización de sistemas construtivos simples e a execución dunhas instalacións sinxelas, o que favorece o abaratamento do orzamento edificador.

Actualmente, o conxunto encóntrase moi desvirtuado respecto do proxecto orixinal debido ás intervencións –máis ou menos agresivas– realizadas nalgunhas das vivendas e no interior das súas parcelas.

Táboa 04. Características actuais do grupo de dezasete vivendas (medidas aproximadas).

Parcela	Área finca (m^2)	Vivenda orixinal (m^2)	Nova Planta 0 (m^2)	Nova Planta 1 (m^2)	Nova Planta 2 (m^2)	Garaxe / Almacén (m^2)	Xardín (m^2)
01	306'00	86'35	0'00	0'00	0'00	52'00	167'65
02	243'00	86'35	81'00	198'00	96'00	75'65	0'00
03	593'00	86'35	0'00	93'00	52'00	94'00	412'65
04	197'00	86'35	0'00	52'00	0'00	70'00	40'65
05	616'00	86'35	0'00	0'00	0'00	101'00	428'65
06	197'00	86'35	0'00	52'00	0'00	70'00	40'65
07	611'00	86'35	0'00	52'00	0'00	24'00	500'65
08	206'00	86'35	100'00	216'00	186'00	19'65	0'00
09	601'00	86'35	54'00	52'00	0'00	93'00	367'65
10	534'00	86'35	0'00	52'00	0'00	54'00	393'65
11	302'00	86'35	0'00	52'00	0'00	51'00	164'65
12	522'00	86'35	0'00	0'00	0'00	106'65	329'00
13	540'00	86'35	48'65	155'00	114'00	57'00	348'00

Parcela	Área finca (m^2)	Vivenda orixinal (m^2)	Nova Planta 0 (m^2)	Nova Planta 1 (m^2)	Nova Planta 2 (m^2)	Garaxe / Almacén (m^2)	Xardín (m^2)
14	496'00	86'35	0'00	52'00	0'00	58'00	351'65
15	517'00	86'35	0'00	0'00	0'00	54'00	376'65
16	805'00	86'35	101'00	0'00	0'00	54'00	563'65
17	908'00	86'35	37'00	0'00	0'00	26'00	758'65

Seguindo a orde da numeración actual da rúa, a primeira casa –a única illada– mantén as dimensións e a estética exteriores orixinais; se ben, na parte traseira ábrese unha porta de acceso ao xardín protexida por unha pérgola. Ademais, nesta zona do solar érguese un novo volume de planta baixa –a modo de garaxe– ao que se accede dende un dos laterais da finca.

A segunda parcela é unha das que máis transformacións alberga –se non é a que máis–, atopándose totalmente edificada. Da vivenda orixinal apenas quedan pegadas, tenues reminiscencias como os ocos e o vestíbulo de acceso na fachada principal; pois entre os anos oitenta e noventa da pasada centuria amplíase o volume primixenio tanto en planta como en sección, chegando a ter tres alturas e varios accesos independentes, tanto de peóns como de vehículos.

Ao igual co caso anterior, a terceira parcela tamén amosa cambios. Ademais da construción dun volume traseiro exento para garaxe e almacén, a vivenda primixenia presenta diversas modificacións acometidas a finais dos anos noventa do século XX, que se traducen nunha ampliación de dous novos andares.

A vivenda número catro mantén o tamaño e a aparencia exteriores orixinais; se ben, o baixocuberta faise habitable e convértese en accesible dende o exterior a través dunha escaleira metálica sita no lateral. Ademais, na parte traseira da parcela levántase un novo volume de planta baixa –destinado a garaxe–, que se encontra acaroado á fachada secundaria da casa.

A quinta casa conserva intactas a morfoloxía e o aspecto orixinais; e no xardín levántase unha construción exenta de planta baixa destinada a ga-

raxe e almacén, que ademais conta con acceso para vehículos polo extremo oposto da finca.

A sexta vivenda mantén as dimensións orixinais, pero a fachada principal atópase forrada con plaqueta de imitación a pedra de distintas cores que simula a estética orixinal da edificación. O baixocuberta faise habitable e convértese en accesible dende o exterior a través dunha escaleira lateral, cuxo baixo se aproveita como almacén. Ademais, na parte traseira da parcela levántase un novo volume de planta baixa –destinado a garaxe–, que se encontra acaroado ao alzado secundario da casa.

A vivenda número sete conserva a morfoloxía orixinal. A fachada principal, ao igual ca da casa anterior, está forrada con plaqueta de imitación a pedra de distintas cores, simulando a estética primixenia do inmoble. O baixocuberta faise habitable e convértese en accesible dende o exterior a través dunha escaleira metálica sita no lateral. Ademais, no xardín levántase unha construción exenta de planta baixa destinada a garaxe e almacén, que tamén ten entrada rodada polo outro lado da parcela.

A oitava parcela é –xunto coa segunda e terceira– unha das que máis transformacións alberga, atopándose totalmente edificada. Da vivenda orixinal apenas quedan pegadas, lixeiros recordos como os ocos e o vestíbulo de acceso na fachada principal, o cal se atopa duplicado na actualidade. Isto é debido a que nos anos noventa da pasada centuria amplíase o volume primixenio tanto en planta como en sección, chegando a ter tres alturas e varios accesos independentes, tanto de peóns como de vehículos, que na actualidade acceden pola parte traseira da parcela. Cómpre sinalar que mentres o alzado principal se resolve con plaqueta de imitación a pedra –ao igual ca vivenda acaroada–, o alzado secundario presume de empedrado, tanto nos paramentos verticais como nos balaústres dos balcóns, evocando á arquitectura tradicional galega.

A vivenda número nove conserva o estilo orixinal, a pesar de que a súa fachada principal está forrada con plaqueta de imitación a pedra, o que proporciona certa unidade primixenia respecto da casa que ten acaroada. Por

outra banda, elimínase o alzado traseiro ao levantarse un novo volume para aumentar a superficie útil da casa. Ademais, o baixocuberta faise habitable e convértese en accesible dende o exterior a través dunha escaleira exterior. Tamén se ergue no xardín unha construción exenta de planta baixa destinada a garaxe e almacén, que ademais ten acceso dende o outro lado da parcela.

A décima casa mantén as dimensións e a estética exteriores orixinais; se ben, o baixocuberta transfórmase en habitable e accesible dende o exterior a través dunha escaleira lateral, cuxo baixo se aproveita como almacén. Ademais, na parte traseira da parcela levántase un novo volume exento de planta baixa destinado a garaxe e almacén.

A décimo primeira vivenda, ao igual ca anterior, conserva o tamaño e a aparencia exteriores orixinais; se ben, o baixocuberta faise habitable e con acceso dende o exterior a través dunha escaleira metálica sita no lateral. Ademais, na parte traseira da parcela levántase un novo volume exento de planta baixa para garaxe e almacén, tendo tamén unha entrada secundaria dende o outro lado da finca.

A parcela número doce tamén mantén as dimensións e a estética exteriores orixinais da vivenda. Non obstante, na zona do xardín levántanse dous volumes de planta baixa orientados a garaxe e almacén: un comunicado coa casa a través do alzado secundario da mesma, e o outro exento e sito na parte traseira da finca.

A décimo terceira vivenda é –xunto coa segunda, terceira e oitava– unha das que máis modificacións presenta. Da casa orixinal presérvase intacta a fachada principal, que se amplía ata ocupar totalmente o ancho da parcela; pois durante os primeiros anos do século XXI amplíase o volume primixenio tanto en planta como en sección, chegando a ter tres alturas e varios accesos independentes. Ademais, na parte traseira do xardín constrúese un volume exento de planta baixa para almacéns. O acceso rodado prodúcese dende a cara secundaria da parcela.

A décimo cuarta casa conserva o tamaño e a aparencia exteriores orixinais; se ben, o baixocuberta faise habitable e con acceso dende o exterior a

través dunha escaleira metálica sita no lateral. Ademais, acaroado ao alzado traseiro da edificación levántase un novo volume de planta baixa para garaxe e almacén.

A parcela número quince mantén as dimensións e a estética exteriores da vivenda primixenia. Na parte traseira do xardín érguese un novo volume exento de planta baixa destinado a garaxe e almacén, ao que tamén se accede dende o outro extremo da finca.

A décimo sexta casa é a última da súa fila. Preserva intacta a fachada principal orixinal, que se amplía –durante o cambio de centuria– ata ocupar totalmente o ancho da parcela, mediante un novo volume que mantén as dimensións e o deseño primixenios e que se destina a garaxe. O conxunto resultante tamén se incrementa cara á parte traseira, conseguindo que a edificación primixenia duplique a súa superficie útil. Por outra banda, os propietarios desta parcela adquiren o terreo lindeiro para aumentar a súa zona axardinada.

A décimo sétima vivenda –ao igual co inmoble anterior– é a última da súa fila, e conserva a fachada principal primixenia, que se amplía ata ocupar totalmente o ancho da parcela, mediante un novo volume –a modo de garaxe– que mantén as dimensións e o deseño orixinais. Ademais, na parte traseira da parcela levántase un novo volume exento de planta baixa destinado a almacén. Por outra banda, os donos desta finca adquiren o terreo anexo para ampliar a súa área de xardín, á que tamén se accede polo outro extremo da mesma.

Conclusións

Se ben en Cataluña e na comunidade de Madrid existen dous focos culturais capaces de soster un fértil debate arquitectónico sobre das posibilidades reais da modernidade –reforzados ademais por dúas revistas insignia: *Cuadernos de Arquitectura*, do Colexio Oficial de Arquitectos de Cataluña e

Baleares, e *Revista Nacional de Arquitectura,* do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid–, noutras rexións periféricas como Galicia, a ausencia dunha crítica interna e a xeral despreocupación polo problema teórico dá como resultado un traballo individualista e autoestimativo, transcendido pola calidade dalgúns profesionais galegos –como Rodolfo Ucha Donate–, a cuxa obra local se suman as intervencións de arquitectos foráneos.

A mediados do século XX, as morfoloxías urbanas dominantes na vila das Pontes de García Rodríguez abranguen un ámbito superficial moi reducido: a actividade industrial abre paso a un escenario onde se despregan novos tipos edificatorios e novas dinámicas de expansión. O crecemento demográfico concentrado converte ao núcleo urbano pontés nun espazo de iniciativas de empresas estatais, de organismos propios da Administración en materia de vivenda, e/ou de cooperativas que a partir da década dos sesenta impulsan varias experiencias residenciais para os traballadores.[50]

Unha desas experiencias é a proporcionada pola Cooperativa de Vivendas Nosa Señora da Luz no ano 1967, cando establece un binomio laboral co arquitecto Ucha Donate para a construción –acollida á Lei de Vivendas de Renda Limitada–, dun bloque lineal de oito vivendas e dun grupo residencial de dezasete casas acaroadas.

Ambos proxectos adiantan a aplicación de novas estruturas formais que chegan a situalos –por momentos– máis preto da arquitectura de vivenda mínima europea que da arquitectura modernista da primeira metade do século XX ou, incluso, da súa contemporánea rexionalista.

Nunha primeira lectura sintética, a linguaxe estilística empregada por Ucha Donate resulta da reminiscencia modernista inmanente á súa formación, e da súa difusión dende un academicismo institucionalista. Non obstante, atendendo á distribución do programa residencial, constátase a existencia dunha intención por establecer parámetros funcionalistas na estrutura compositiva da súas plantas, con maior ou menor éxito.

50 MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L.: *As Pontes de García Rodríguez: da vila medieval aos polígonos de vivendas. Consellería de Vivenda e Solo.* Santiago de Compostela, 2007. Páx. 7-8.

Neste senso, o marco lexislativo baixo o que se deseñan supón o límite entre o convencional e o moderno, e obriga a atender a cuestións de rendibilidade económica antes que a linguaxes formais e outras interpretacións. Á súa vez, é correcto preconcibir que a antedita normativa de *casas baratas* asenta as bases para o avance urbanístico en materia de hixiene. E igualmente certo é observar que, contraditoriamente, pode supoñer un elemento constritor para o desenvolvemento da modernidade.

> O mínimo de vivenda comprende todos aqueles aspectos cuantitativos e cualitativos que abaratan ata o límite o servizo da vivenda para familias de tamaño medio, sen que os seus moradores teñan que sufrir en corpo e alma.[51]

Porque –finalmente– é competencia exclusiva do arquitecto elaborar as tipoloxías adecuadas aos programas residenciais co obxecto de encontrar a solución máis eficaz dende o punto de vista técnico e económico, co mínimo custo posible.

Apropiarse dos parámetros establecidos por Alexander Klein para analizar a calidade espacial das tipoloxías domésticas proxectadas por Ucha Donate, así como a elaboración de esquemas gráficos que facilitan o comparar visualmente a claridade das circulacións e as porcentaxes de superficies destinadas ás diferentes funcións programáticas da vivenda, permite poñer de manifesto que os anteditos proxectos son practicamente irreprochables.

O arquitecto ferrolán resolve as vivendas pontesas cunha mínima superficie construída para un máximo número de camas, presentando a máxima relación entre a superficie do estar e dos dormitorios coa superficie construída; cuestión que favorece a utilización de sistemas construtivos simples e dunhas instalacións sinxelas. Por outra banda, o número de estancias correspóndese coas condicións da familia que habita a casa, estando as devan-

51 KLEIN, A.: *Vivienda mínima 1906-1957.* Gustavo Gili. Barcelona, 1980. Páx. .131-150.

ditas estancias correctamente agrupadas e relacionadas entre si seguindo uns determinados criterios de comodidade. Ademais, as dependencias teñen unhas proporcións espaciais bastante harmoniosas –que veñen determinadas pola súa función–, dándose a posibilidade de colocar o mobiliario indispensable sen desfigurar os espazos. Tamén existe unha boa comunicación entre as estancias, as cales gozan de iluminación e ventilación naturais tan satisfactorias como hixiénicas.

En definitiva, tanto o bloque lineal como o conxunto residencial, a pesar das imposicións legais que os definen, representan un intento por transcender ás estruturas clásicas que se veñen asignando aos diferentes estamentos sociais. Neste senso, poden considerarse como movemento moderno social, que aínda que non chega a depurar as estruturas formais da arquitectura, senta o precedente da dignificación da vivenda para as clases menos favorecidas.

Bibliografía

ACEBILLO I MARÍN, Josep e STEEGMANN, Enrique: *Las medidas en arquitectura*. Barcelona: Gustavo Gili, 2007.

ALCALÁ MEADE, María Fernanda e MARTÍN LÓPEZ, Lucía: «Una metodología de análisis del espacio doméstico polivalente», *Estudios del Hábitat,* 17 (1). Universidad Nacional de la Plata. Bos Aires, 2019.

ALLEN, Gerald, LYNDON, Donlyn e MOORE, Charles: *La casa: forma y diseño.* Barcelona: Gustavo Gili, 1999.

ÁLVAREZ-BUILLA GÓMEZ, Maryan: *Descripción y análisis gráfico de la vivienda mínima. Evolución y vigencia de sus principios.* Madrid: Universidad Politécnica de Madrid, 2004.

BASSÓ BIRULÉS, Francesc, BOHIGAS I GUARDIOLA, Oriol e BUXÓ, J. M.: «El problema de la vivienda», *Cuadernos de Arquitectura,* 15-16. Barcelona: Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña y Baleares, 1953. Páx. 1-40.

BURR PETRI, Carlos: «Cooperativas de vivienda», *Cuadernos de Arquitectura,* 17. Barcelona: Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña y Baleares, 1954. Páx. 30-31.

—: *Las cooperativas: una economía para la libertad*. Santiago de Chile: Editorial del Pacífico, 1961.

CASTRILLO ROMÓN, María A.: *Reformismo, vivienda y ciudad. Orígenes y desarrollo de un debate: España 1850-1920*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 2001.

—: «Influencias europeas sobre la Ley de Casas Baratas de 1911: el referente de la Loi des Habitations à Bon Marché de 1894», *Cuadernos de Investigación Urbanística*, 36. Madrid: Instituto Juan de Herrera, 2003. Páx. 5-52.

DE PRADA PÉREZ DE AZPEITIA, Manuel: «La vivienda mínima en la España de la posguerra: desde el *Existenzminimum* al hogar», *Arquitectura,* 301. Madrid, 1995. Páx. 59-65.

GARCÍA MERCADAL, Fernando: *La casa popular en España.* Barcelona: Gustavo Gili, 1981.

KLEIN, Alexander: *Vivienda mínima: 1906-1957*. Barcelona: Gustavo Gili, 1980.

LOZANO VELASCO, José María: *La vivienda unifamiliar de protección estatal en España. Evolución, antecedentes y propuestas para un medio rural*. Tese de doutoramento. Valencia: Universidade Politécnica de Valencia, 1987.

—: *La vivienda social entre utopía y realidad.* Valencia: Universidade Politécnica de Valencia, 2002.

MARTÍNEZ SUÁREZ, Xosé Lois: *As Pontes de García Rodríguez: da vila medieval aos polígonos de vivendas.* Santiago de Compostela: Consellería de Vivenda e Solo, 2007.

MOLINA RAMÍREZ, Esteban: *Orígenes de la vivienda mínima en la modernidad. Parámetros de calidad para viviendas en las ponencias de los CIAM 1929-1930.* Medellín: Universidade Nacional de Colombia, 2014.

MUÑOZ, Raquel e SAMBRICIO, Carlos: «Viviendas de alquiler para la clase media. La Ley Salmón de 1935 y el Madrid de la Segunda República», *Ilustración de Madrid*, 9. Madrid, 2008. Páx. 29-36.

RÍO VÁZQUEZ, Antonio S.: «Dos ejemplos brigantinos en la recuperación de la arquitectura moderna», *Anuario Brigantino,* 34. Betanzoz: Concello de Betanzos, 2011. Páx. 481-492.

—: *La recuperación de la modernidad: arquitectura gallega entre 1954 y 1973.* A Coruña: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 2014.

RIVERA ROUCO, Enrique: *Historia de Puentes de García Rodríguez.* As Pontes de García Rodríguez: Concello das Pontes de García Rodríguez, 1976.

RODRIGO ÁLVAREZ-SALA, Francisco Javier: *Movimiento o estilo: las colonias madrileñas de principios del siglo XX.* Madrid: Universidad Politécnica de Madrid, 2019.

RUIZ MÉNDEZ, Víctor: *Los orígenes de la modernidad en la vivienda unifamiliar en España (1925-1935).* Valladolid: Universidad de Valladolid, 2013.

SAMBRICIO, Carlos (coord.): *Un siglo de vivienda social (1903-2003).* 2 volumes. Madrid: Editorial Nerea, 2003.

—: *La vivienda protegida. Historia de una necesidad.* Madrid: Ministerio de Vivienda e Asociación de Promotores Públicos de Vivienda y Suelo, 2010.

SÁNCHEZ CARREIRA, María del Carmen: «A empresa pública e a privatización. A experiencia de Endesa nas Pontes», *Hume. Revista de Estudos Históricos Locais*, 7. Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume. As Pontes de García Rodríguez, 2014. Páx. 111-148.

UCHA DONATE, Rodolfo: *50 años de Arquitectura Española (1900-1950).* Madrid: Editorial Adir, 1980.

—: *Proyecto para la construcción de un edificio compuesto de ocho viviendas en Pontes de García Rodríguez (A Coruña).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coa signatura C-40758 / 2098. A Coruña, 1967.

—: *Proyecto para la construcción de diecisiete viviendas de planta baja en Pontes de García Rodríguez (A Coruña).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coa signatura C-41032 / 2115. A Coruña, 1967.

—: *Proyecto para la construcción de veinticinco viviendas de planta baja en Pontes de García Rodríguez (A Coruña).* Documento consultado no Arquivo do Reino de Galicia, coa signatura C-41032 / 2115 bis. A Coruña, 1967.

VALERO BERMEJO, Luis: «Los Poblados de Absorción de Madrid», *Revista Nacional de Arquitectura,* 176-177. Madrid: Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid, 1956. Páx.45-49.

VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1911.* Madrid: Ministerio de Gobernación, 1913.

VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1921.* Madrid: Ministerio de Gobernación, 1922.

VV.AA.: *Reglamento provisional para la aplicación de la Ley de Casas Baratas de 10 de diciembre de 1921.* Madrid: Ministerio de Gobernación, 1922.

VV.AA.: *Ley de Casas Baratas de 1924. Madrid:* Presidencia del Directorio Militar. 1924.

VV.AA.: *Decreto Ley, de 29 de julio de 1925, de casas económicas destinadas a la clase media.* Presidencia del Directorio Militar. Madrid 1925.

VV.AA.: *Ley de 25 de junio de 1935 (Ley Salmón).* Madrid: Ministerio de Trabajo, Sanidad y Previsión, 1935.

VV.AA.: *Decreto de 13 de octubre de 1938. Creación de la Junta Administradora Nacional de Casas Baratas y Económicas.* Madrid: Ministerio de Trabajo, 1938.

VV.AA.: *Ley de 19 de abril de 1939, sobre régimen de protección a la vivienda.* Madrid: Jefatura del Estado, 1939.

VV.AA.: *Decreto de 8 de septiembre de 1939. Reglamento para aplicación de la Ley de 19 de abril de 1939, de viviendas protegidas*. Madrid: Jefatura del Estado, 1939.

VV.AA.: *Orden de 29 de enero de 1941. Reglamento de Régimen Interior del Instituto Nacional de la Vivienda.* Madrid: Jefatura del Estado, 1941.

VV.AA.: *Memoria de la labor realizada por la Junta Interministerial de Obras para mitigar el paro.* Madrid: Ministerio de Trabajo, 1942-1944.

VV.AA.: *Decreto Ley, de 27 de noviembre de 1953, de viviendas bonificables.* Madrid: Jefatura del Estado, 1953.

VV.AA.: *Decreto Ley, de 14 de mayo de 1954, sobre protección de viviendas de tipo social, por el Instituto Nacional de la Vivienda.* Madrid: Jefatura del Estado, 1954.

VV.AA.: *Decreto Ley, de 29 de mayo de 1954, sobre construcción de viviendas por la Obra Sindical del Hogar.* Madrid: Jefatura del Estado, 1954.

VV.AA.: *Ley, de 15 de julio de 1954, sobre protección de viviendas de renta limitada.* Madrid: Jefatura del Estado, 1954.

VV.AA.: *Decreto Ley, de 3 de abril de 1956, sobre viviendas de tipo social.* Madrid: Jefatura del Estado, 1956.

VV.AA.: *Plan Nacional de Vivienda 1961-1976.* Madrid: Jefatura del Estado, 1961.

VV.AA.: *Ley 84/1961, de 23 de diciembre, sobre Plan Nacional de la Vivienda para el período 1961-1976.* Madrid: Jefatura del Estado, 1961.

VV.AA.: *Decreto 2131/1963, de 24 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la legislación sobre viviendas de protección estatal.* Madrid: Ministerio de Vivienda, 1963.

Marcial Lens Pita (1877-1951) farmacéutico e secretario municipal, figura chave nas Pontes do primeiro terzo do século XX

Xosé María Torres Bouza

Marcial Lens Pita, ortigueirés de nacemento, exerceu de farmacéutico nas Pontes de García Rodríguez onde, polo seu cargo como Secretario do concello, tivo grande importancia na vida política desta vila no primeiro terzo do século XX; tamén participou na vida social desempeñando diferentes postos no ámbito da cultura e da música, e como correspondente de prensa.

En diferentes artigos publicados nesta mesma revista -dedicados á vida pontesa no período anterior á Guerra Civil- ven citado frecuentemente; relátase nela como a súa estancia nas Pontes rematou abruptamente en 1937 pois tivo que fuxir xa que a súa vida corría perigo desde o trunfo da sublevación franquista trala que foi sometido a expediente, ademais de destituído do posto de Secretario da Corporación pontesa. Este artigo pretende aclarar algo dese oscuro periodo, ademáis de detallar o seu percorrido vital antes e despois da sua prolongada vida nas Pontes.

Datos biográficos

Marcial Lens Pita (1877-1951) nace o 11 de outubro de 1877 en Santa Marta de Ortigueira, vila puxante que iniciaba a que se deu en chamar a súa idade de ouro cultural, e que duraría ata a Guerra Civil. Nese período, ademais dun crecemento demográfico notable -ou tal vez debido a iso- veu florecer

a unha xeración de persoeiros no ámbito da historia e da cultura dos que Federico Maciñeira e Pardo de Lama e Julio Dávila Díaz (nacidos en 1870 e 1873, respectivamente) son só algúns exemplos sobranceiros.

A súa nai, a ortegana Carmen Pita Villarnovo (1860-1880), ten ao seu fillo en 1877 con tan só 16 anos, e inscríbeo e bautízao cos seus apelidos: Marcial Francisco Alejandro Pita Villarnovo, como atesta o rexistro parroquial de bautismos. Da a luz no número 7 da rúa Real, na que residía a xente máis distinguida da vila por tratarse dunha rúa ancha para aqueles tempos; a súa denominación oficial era rúa Ancha, por ser a primeira destas características fóra do núcleo medieval.

O pai do neonato era Enrique Lens Viera, singular personaxe que xa merecera a nosa atención (Torres, 2020); tiña vinte e dous anos e era estudante de Farmacia en Santiago, mais compaxinaba a súa vida coa música, arte na que manifestara ser un neno prodixio. Casara en Ortigueira, sendo aínda estudante, con Dolores Pita Villarnovo, coa que marcha a Santiago, pero por algún motivo abandona esta cidade e instálase algún tempo en Ortigueira exercendo de farmacéutico de modo irregular. Abandonaría a vila pouco antes do nacemento do seu fillo con Carmen Pita Villarnovo, irmá de Dolores, desentendéndose del. Tras unha demanda xudicial, en xullo de 1879, recoñece a súa paternidade, herdando o neno o seu apelido: Marcial Lens Pita.

Avós maternos

O avó materno do nacido era Francisco Pita Fernández,[1] recadador e depositario das contribucións do distrito de Santa Marta; nacera en 1838 en Cee (a onde fora dar a luz a súa nai, natural daquela vila). A familia pertencía

1 Francisco Pita Fernández, avó de Marcial Lens, erixira unha casa na zona de expansión do núcleo de Ortigueira, a rúa Ancha ou Real, edificio onde hoxe se atopa a imprenta Fojo. No enreixado dos balcóns do primeiro andar aínda se poden ver as iniciais FP, confeccionadas con elegante e artística factura.

á burguesía ortigueiresa pois o pai de Francisco era Andrés Pita,[2] falecido en 1877, que exercera de farmacéutico nesta vila.

A avoa materna era Joaquina Villarnovo Cordido [*sic*, se ben o apelido materno correcto debera ser Sánchez], de Ortigueira. Joaquina dedicábase ao comercio; consta que vendía á parroquia de Santa Marta aceite -material fundamental nas igrexas naquela época-, conta pagada pola Confraría do Santísimo, a máis potente neses anos. Francisco sucedería á súa nai no negocio.

O pai, Enrique Lens

O pai do neno era Enrique Lens Viera, unha curiosa figura: músico, compositor, intérprete, profesor, galeguista... Quen queira coñecer con certa amplitude o seu recorrido vital pode consultar o noso traballo (Torres, 2020). En todo caso, damos del algúns datos significativos, anteriores ao nacemento de Marcial.

Enrique Lens nacera na Coruña o 17 de novembro do 1854 no seo dunha familia acomodada. Destacou na nenez como concertista de piano; a súa formación musical fora encargada ao mestre Felipe Bascuas director da banda de música do Rexemento de Artillería da Coruña. Despois de cursar a segunda ensinanza no instituto coruñés da rúa Herrerías, inicia estudos na facultade de Farmacia de Santiago no curso 1870-1871. O seu expediente académico revela que, tras finalizar o curso 1873-74, abandona os estudos. A súa vida da varias voltas, algunhas tráxicas, entre Santiago e Ortigueira.

A relación coa capital do Ortegal cremos que partiría dunha invitación a visitar a vila por parte do ortegano Pedro Castiñeiras Villarnovo tamén estudante de Farmacia (entre 1872 e 1875), e afeccionado á música coma el.

2 Nacido Andrés Rodríguez Díaz, se ben usaría primeiro o nome de Andrés Rodríguez Pita e, finalmente, Andrés Pita, trasmitiendo aos seus fillos este apelido. En maio de 1838, cando nace o seu segundo fillo, era «hacendado y boticario en la villa». Seguía sendo farmacéutico en Ortigueira cando en 1854 ten lugar a epidemia de cólera no porto de Cariño.

Vivindo na mesma rúa, e tal vez na mesma casa que Pedro, coñece alí a unha parente del, a súa curmá Dolores Pita Villarnovo, con quen contrae matrimonio o 27 de xuño de 1873, el con 19 anos e ela con 17. No rexistro de matrimonios da parroquia de Santa Marta o noivo é identificado como «músico y de *profesión farmacéutico*» (sic), algo irregular se temos en conta que non superara nin dous cursos da licenciatura, e carecía por tanto de titulación para exercer.

O seguinte dato do que temos noticia é que en setembro do ano seguinte, en 1874, nace en Santiago a primeira filla do matrimonio, María Dolores Lens Pita. Como sinalamos antes, en xuño de 1874 Enrique finaliza o curso académico, pero en setembro non se matricula do curso seguinte. A partir de aquí na vida de Enrique acontecen unha serie de tráxicos sucesos[3]: o 11 de febreiro de 1876 falece en Ortigueira, de tose ferina, a filla da parella, de 18 meses. No rexistro parroquial indícase que a falecida «y su legítimo marido, Enrique Lens, *farmacéutico* [sic], están avecindados en la Villa». Apenas dous meses despois, o 13 de abril de 1876, Dolores Pita Villarnovo, a súa esposa, de tan só 20 anos falece de tise pulmonar no seu domicilio da rúa Real.

Enrique Lens, pai de Marcial, en Arxentina. Ca. 1930.

Xa viúvo, segue exercendo -de modo irregular- como boticario en Ortigueira e mantén unha relación coa súa cuñada Carmen Segunda Pita Vi-

3 Arquivo parroquial de Santa Marta de Ortigueira. Libro de defuncións.

llarnovo,[4] coa que ten un fillo en outubro de 1877, Marcial. Meses antes do parto, Enrique abandonara a vila para trasladarse a Santiago, e en xaneiro de 1878 renova a súa matrícula na universidade. Nos cursos 1877-1878 e 1878-1879 examínase dalgunha materia pero desiste dos estudos para dedicarse á música cunha intensa actividade. En 1880 estrea na Coruña a zarzuela *En la playa*, e dedícase a vivir profesionalmente da música.

Iniciará unha nova vida en Santiago. Casa en 1879 en segundas nupcias con Ana Cuena Bermúdez, natural de Huelva, cidade á que marcha a familia en 1881. En 1886 retorna a Santiago para cubrir unha praza de profesor de Piano no conservatorio da cidade. Nesa época retomaría os estudos de Farmacia, que concluiría en outubro de 1889, dezanove anos despois de iniciados, cando aproba a última das materias da licenciatura; pero non realiza os exercicios de grao e, por tanto, non obtén o título de licenciado.

Non sabemos se mantivo algunha relación co seu fillo Marcial, orfo de nai, ou se lle ofreceu algún apoio económico durante a súa nenez e adolescencia. Enrique viviría na cidade compostelá ata 1908, período durante o cal terían lugar os estudos universitarios de Marcial entre 1897 ata 1900.

Educación de Marcial: primaria, secundaria e universidade

Os primeiros anos da vida do noso biografado transcorren en Ortigueira. Desgraciadamente, como citamos antes, a súa nai Carmen falece de tuberculose en marzo de 1880 -cando el tiña dous anos e medio- quedando orfo e ao coidado das súas tías e avoa materna, dado que o seu pai o abandonara xa antes de nacer. Sabemos que en 1885, con 7 anos, vivía coa súa tía materna Rosario Pita Villarnovo, de 27 anos, na casa de Joaquina Villarnovo Cordido, a súa avoa, viúva, nacida en 1824. Xa sabía ler e escribir, polo que concluímos

4 Carmen Pita Villarnovo, solteira, de 19 anos, cumpridos en decembro, falece de tise pulmonar o 8 de marzo de 1880 sen testamento; deixa un fillo natural de 27 meses, Marcial Lens, nacido en 1877. Foi enterrada no nicho da súa irmá Dolores no Cemiterio vello da parroquia. Arquivo da parroquia de Santa Marta de Ortigueira. Libro de defuncións.

que estuda as primeiras letras en Ortigueira, na escola pública de nenos varóns situada na parte traseira do exconvento e que estaba rexida durante eses anos -entre 1872 e 1904- polo ilustrado mestre Marcial Dávila Rivadeneira (avó do xeógrafo Julio Dávila).

A punto de cumprir 13 anos, o 27 de setembro de 1890, fai o exame de Ingreso ao bacharelato no instituto de Lugo. Antes ou despois deste fito estudou no seminario de Mondoñedo, pois así o relata o polígrafo ortigueirés Julio Dávila Díaz (1871-1971) nun artigo no que describe unha exploración xeográfica no monte Caxado, para a cal visita As Pontes saíndo desde alí acompañado de «mi hermano político, el farmacéutico de Puentes D. Marcial Lens Pita...»:[5]

> Mi acompañante, que tiene una hermosa voz de bajo, la hizo oír de cuando en cuando; y como conoce bastante bien el idioma de Horacio y Virgilio, por haber sido estudiante en el seminario de Mondoñedo, alternaba el canto con algunas disquisiciones filológicas referentes a si se debía decir Ouceira o Uceira; porqué al Caxado se le llamaba Cajado; si el lugar de Espá no debiera ser más bien Spá; si Ínsua proviene de isla porque esa parroquia está circundada de ríos por tres sitios; si Mañón no debiera ser Maañón; si a los nacidos en Puentes les cuadraba bien el nombre de puenteses, como ellos llaman, etc.

De Marcial sabemos que realiza os estudos de segunda ensinanza durante dous cursos (91-92 e 92-93) no instituto de Reus (Tarragona) e aproba o grao de Bacharel no instituto de Tarragona o 26 de xuño de 1894. Descoñécese o motivo de desprazarse a Reus, localidade ben lonxe, para facer estes estudos. En todo caso, pasarían catro anos máis ata que a universidade do distrito, a de Barcelona, lle expida dito título o 7 de maio de 1898.

Ese mesmo curso de 1897-98, con 21 anos, iniciaría os estudos de Farmacia na universidade de Santiago. A elección da carreira contaba co apoio dos

5 DÁVILA, Julio (1906): «Una excursión al Caxado». *El Eco de Galicia*.

antecedentes familiares: tanto seu pai Enrique como un dos seus bisavós por liña materna, Andrés Pita, seguiran os mesmos estudos. Podería engadirse que un tío paterno de Marcial tamén se licenciara en Farmacia en 1871: Antonio Lens Viera (1851-1933), co cal, sabemos, Marcial mantivo algún tipo de relación familiar.

O seu medio irmán, Enrique Lens Cuena (1880-1918), estudaría Farmacia e Medicina; esta última impartíase no mesmo edificio do Colexio de Fonseca, e sería a carreira que exercería. Con el debeu de coincidir durante os anos 1897-1900, así que forzosamente tivéronse que coñecer.

Marcial seguiría os estudos de Farmacia con certa aplicación, pois os completaría en só tres anos, en lugar dos catro habituais.

Expediente académico de Marcial Lens Pita[6]

Curso	Disciplina
1.º (preparatorio, na facultade de Ciencias) Curso 1897-1898	Física Química Xeral Mineraloxía e Botánica Estudo dos Instrumentos Zooloxía
2.º (xa en Fonseca) 1898-1899	Química Inorgánica Química Orgánica Materia Farmacéutica Vexetal
3.º 1899-1900	Mineraloxía e Zooloxía Botánica Descritiva Práctica de materiais Análise Química Farmacia Práctica

Sexan cal fosen os motivos de elección dos estudos, Marcial examínase ese mesmo maio de 1898, e en setembro, por ensino libre. En xuño de 1900, tras tres cursos académicos, completa os estudos; realiza o 6 de outubro, aos 23 anos, o segundo exercicio do Grao de Licenciado. Obtén o título, ex-

6 AHUS. Expediente académico de Marcial Lens Pita. Carpeta 684/15.

pedido polo ministerio de Fomento o 11 de febreiro do ano 1901, e recólleo en 1903 no Goberno Civil da Coruña.[7]

Durante os anos universitarios consta o seu domicilio familiar en Ortigueira; no censo municipal de 1900, aparece vivindo no número 10 do Cantón (ou rúa Real).

Desempeño como farmacéutico

En 1901, o 1.º de novembro, inscribe a súa alta como farmacéutico na matrícula da contribución industrial e de comercio de Ortigueira; consta que o establecemento está situado na rúa Real, no baixo da casa erixida polo seu avó, e na que habitaban as súas tías, das que sería herdeiro; curiosa situación se temos en conta que, a escasos metros, no n.º 7, atopábase a farmacia de Pedro Castiñeiras.

Casa con Caridad Dávila Díaz (Ortigueira, 1 de agosto do 1878), irmá do polígrafo ortigueirés Julio Dávila, coa que ten seis fillos: Marcial (nacido en Ortigueira, febreiro de 1903, que falece nas Pontes o 11 de agosto de 1908 «de rápida enfermidade», polo que a outro dos fillos tamén lle impoñerían o mesmo nome), Manuel, Nicolasa, Maria del Carmen, Marcial e Jesús.

Marcial mantén a farmacia na vila apenas tres anos, ata o 28 de maio de 1904, en que causa baixa. Coincide durante este tempo cos farmacéuticos Pedro Castiñeiras Villarnovo e Pascual Torres Crego; curiosamente catro décadas despois volvería a exercer na súa localidade natal pero como rexente da farmacia da viúva deste último.

7 Como era habitual na época, ao non vivir en Santiago solicita ao Reitor da universidade que llo envíe ao Goberno Civil da Coruña; alí recólleo o 19 de maio de 1903 de mans do negociado da Xunta Provincial de Instrución Pública.

A farmacia de Marcial Lens é a segunda casa pola dereita, tapada polo carromato. Actual avenida de Galicia. Ano 1908

Traslado ás Pontes

En maio de 1904, tras pechar a farmacia en Ortigueira, abre farmacia en As Pontes, concello que carecía deste establecemento fundamental para a atención sanitaria da poboación, dispoñendo unicamente dunha especie de botiquín atendido polo médico José Julio Yllade[8] Cao (nacido en 1847 no Burgo, concello de Muras), cuxos descendentes de ata tres xeracións conformarían unha coñecida saga de farmacéuticos de As Pontes: Julio Yllade Rilo, Julio Yllade López e Isabel Yllade Hernando (esta última falecida prematuramente en 2001.

8 O apelido Yllade (escrito con i grego, forma usada pola familia á que nos referimos), ten a súa orixe no hidrotopónimo Illade, nome do río que nace no sur do monte Caxado, e que designaba tamén a un lugar, na parroquia de Vilavella, desaparecido pola mina de lignito, e hoxe subsumido no lago.

A farmacia de Marcial Lens, segunda casa pola dereita. Entrada nas Pontes desde Vilalba, actual avenida de Galicia. Ano 1912

Marcial abre a farmacia nun concello que contaba cuns cinco mil habitantes e a capital da vila, algo máis de mil. Faino de acordo co seu amigo o médico ferrolán José Varela González, nacido na cidade departamental o 27 de xuño de 1877 (Castro, 2013), e que abre a súa consulta en maio do mesmo ano que Marcial. Este médico recibira na súa consulta na rúa San Carlos de Ferrol, onde levaba exercendo apenas un ano, a unha comisión de ponteses encabezada por Manuel Fernández Vidal (Manolo de Carmen, avogado, xuíz de paz de As Pontes, iniciador da Festa da Fraga, e encargado da administración de Tabacalera na vila) que lle pediron -algo curioso, pois xa había outro médico na vila)- que abrise consulta nas Pontes. Ao principio negouse, por non haber farmacia, pois consideraba que un médico pouco podía facer sen unha persoa que preparase as medicinas.

Non sabemos cal era a relación previa entre Varela e Lens, pero podemos sospeitala: que foran condiscípulos na universidade en Santiago, no vello

Colexio de Fonseca. É pouco coñecido o dato de que a facultade de Farmacia compostelá, creada en 1857, se instalou en Fonseca porque esa era a sede, desde algúns anos antes, da facultade de Medicina, e conviviron ambas alí -incluso impartíndose materias comúns- ata o ano 1928 en que Medicina se traslada a un novo edificio na rúa San Francisco, a 300 m de distancia, pasada a praza do Obradoiro. Polo tanto, a finais da década de 1890 coincidiron nos estudos Varela (entre 1893 e 1902) e Lens (entre 1897 e 1900) no Colexio de Fonseca, cando o número de alumnos era moi reducido.

Un dos fillos de Varela, Enrique Varela Hyde, aclara como sucedeu: «A este farmacéutico [Marcial Lens] tróuxoo o sogro de Adolfo, o millonario... de Ortigueira», relatando despois que foi Marcial Lens o que invitou ao médico José Varela a instalarse nas Pontes.[9]

Situación da farmacia

Marcial instala a súa farmacia no n.º 18 da estrada xeral -hoxe avenida de Galicia-, na entrada desde Vilalba, a escasos metros da ponte de Isabel II (construída en 1860), e contigua, cunha horta por medio, co número 16, onde tiña inicialmente a vivenda e consulta José Varela,[10] ambos a escasos 200 m do núcleo orixinal da vila, que pouco a pouco se ía estendendo. Marcial tiña 26 anos e Varela, 27, e no exercicio da súa profesión melloraron notablemente a asistencia sanitaria na vila.

É oportuno indicar que o médico Varela tería desde 1912 -trala morte do antes citado Manuel Fernández Vidal- a representación da Tabacalera, xestionando no baixo da súa vivenda o estanco da vila, asunto sorprendente

9 Entrevista a Enrique Varela Hyde. Vid. Anabel Alonso et al. (2010): «Recollida da cultura popular feita polo equipo de etnografía da Asociación Hume». *Hume, Revista de Estudos Históricos Locais,* 3: 93-176.

10 A familia Varela cambiará de domicilio en 1930, e despois no 35, pasando ao n.º 42 da estrada xeral.

aos ollos de hoxe, pero non naquela época[11]. É interesante tamén apuntar que, se ben na actualidade os estancos dedican a súa actividade comercial maioritaria á venda de tabaco, naquela época comercializaban unha ampla gamma de produtos: selos de Correos, pólizas, papeis de pagamentos ao Estado (necesarios para pagar multas, taxas oficiais etc.), impresos de diversos tipos, artigos de papelería e outros, polo que era un establecemento de certa importancia social.

A amizade entre galeno e boticario era profunda, pois ambos -segundo noticia publicada en 1915 no quincenal *La Unión, periódico independiente de Puentes de García Rodríguez*[12] (fundado en 1912 e impreso en Ferrol nos talleres de *El Correo Gallego*)- eran «compañeiros» do periódico; era este un medio impreso que se dedicaba a criticar con dureza ao deputado do distrito, Alonso Gullón e García-Prieto, así como ao «cacique e secretario do concello» Andrés F. Corral Pico (que levaba cando menos desde 1902 no posto); a este facíaselle dicir en ton de burla nunha suposta asemblea do Comité Liberal-Democrático das Pontes: «¿Quen pode con nós tendo en Madrid a Gullón, na Coruña a Sandomingo e en Ortigueira a Casariego? ¿Quen se atreverá a disputarnos?»

O médico José Varela González

Nesa época a comunicación entre As Pontes e Ortigueira era ben dificultosa (a mellor estrada era a que ía de Ferrol ata Vilalba e Rábade), pois a

11 Os danos na saúde do consumo de tabaco non se coñecerían ata 1954, en que o epidemiólogo inglés, Richard Doll (1912-2005) o relacionou co cancro de pulmón. Ademais, ata o último terzo do século XX, nas farmacias dispensábanse cigarros medicinais -sen tabaco- con propiedades antiasmáticas.

12 Nesta publicación, por certo, infórmase da creación en 1915 da primeira praza de garda municipal nas Pontes, se ben xa había antes persoas que desempeñaban esa función.

DEL ESTADO
AL ESTADO
4.ª CLASE 10 PESETAS
Parte superior para entregar al interesado
C2635157
Policía de Tráfico
Corresponde a la multa de Diez pesetas impuestas por la Pol. de Tráfico a D. Vicente Sánchez Martín como propietario del vehículo matrícula M-66361 por transportar dos cubiertas sin documentación en cumplimiento a lo dispuesto en el B. O. del Estado n.º 120 fech. 8 de Agosto de 1942 y de la Presidencia del 21 de Febrero de 1
Madrid, 13 de Enero de 1944
EL JEFE DEL DESTACAMENTO
PAGOS AL ESTADO
10 PESETAS
DIRECCIÓN GENERAL DE SEGURIDAD
CUARTEL DE LA PRINCESA
POLICÍA DE TRÁFICO
4ª CLASE

Pagamento dunha multa de tráfico con papel de pagos ao Estado. Ano 1944

vía que entre ambas localidades era de moi mala calidade, o que dificultaba a Lens visitar aos seus familiares na súa localidade natal, cabeza do partido xudicial. Sábese que en 1912 estaba en construción a estrada grazas ás xestións realizadas por Juan Fernández Latorre, deputado republicano polo distrito de Ortigueira de 1891 a 1910 (e fundador de *La Voz de Galicia*), e que en outubro de 1919 estaban as obras case rematadas (faltaba o último tramo, de 8 km, entre A Uceira e As Pontes); agardábase que no verán seguinte, segundo a prensa, «poidan circular xa carruaxes entre unha e outra vila», signo de que ata entón só se podería recorrer a pé ou da cabalo.

Marcial exerce como boticario nas Pontes durante máis de tres décadas, ata 1936, nun principio en solitario, e desde 1906 en competencia con Julio Yllade Rilo, fillo do médico José Julio Yllade Cao. Julio instala a súa farmacia co nome de Farmacia Moderna no n.º 6 da praza do Cruceiro -hoxe do

Hospital- centro neurálxico da vila, e onde ese mesmo ano se instalará o quiosco de música.

Marcial e Julio terían anos despois algunha disputa de importancia que chegarían a desavinzas entre as respectivas familias. Mais o asunto xa viña de máis atrás, dende o ano seguinte da chegada de Marcial (*El Noroeste*, 5.02.1905):

> En el juzgado de Ortigueira se está instruyendo sumario contra el médico municipal de esta villa [José Julio Yllade Cao], en virtud de una denuncia que contra él presentó el farmacéutico, acusándole de expender medicamentos al público.
>
> Con objeto de declarar en este sumario marcharon hoy a Ortigueira el abogado D. Manuel Fernández Vidal, el médico D. José Varela González, el farmacéutico D. Marcial Lens Pita, D. Ángel Carrera y el veterinario D. Julio Ferreiro.

Anos despois, *El Ideal Gallego,* con data do 22 de novembro de 1925, informa:

> La Guardia Civil instruyó atestado contra el estudiante D. Manuel Lens Dávila, de 20 años, por sostener una riña con el farmacéutico de Puentes, D. Julio Illade Rilo, por antiguos resentimientos... Al agresor le fue ocupada una pistola que usaba sin licencia.

Tarifa 4.ª			
Castrillo Alonso Arsenio.	Notario colegiado.	Carretera.	103·95
Ferreiro Rey Julio.	Veterinario.	Idem.	38
Lens Pita Marcial.	Farmacéutico.	Real.	56
Illade Rilo Julio.	Idem.	Crucero.	56
Ledo Airado Manuel.	Herrero.	Carretera.	18

As Pontes. Matrícula Contribución Industrial do ano 1909, tarifa 4.ª (profesións)

Praza do Hospital no primeiro terzo do séc. XX. Farmacia Moderna do licenciado J. Illade

O establecemento de Marcial, no que tamén colaboraba a súa esposa Caridad, lucía na entrada un cartel grande co rótulo Farmacia, sobre o que Julio Dávila no artigo citado antes (Dávila, 1906) e tras pasar o día polo monte Caxado e o Freixo nunha inspección xeográfica, volven ás Pontes, fai un comentario no que se deixa levar polo humor, un trazo pouco habitual nos escritos do ilustre polígrafo:

> Al llegar a la puerta de la Botica y leer por centésima vez aquel letrero grande que sólo dice *Farmacia,* completé el nombre agregándole *del Caxado*, así, tal cual suena en gallego, porque en castellano hay que tener mucho cuidado con aquellas personas que pronuncian la *g* por la *j* resultando así un verdadero atentado a la moral... y al boticario.

Unha botica, por certo, que tiña unha excelente aparencia estética, con botes de cerámica de esmerada decoración, así como os mobles e andeis, perdi-

dos para o erario familiar trala precipitaba venda a finais do 1936. E onde, signo da época, había un animado faladoiro vespertino ao que asistían o médico Varela, o crego José Río Seijo (párroco de Santa María das Pontes desde 1931), e o comerciante José Tojeiro Prieto (pai de Roberto Tojeiro Díaz, fundador da empresa GADISA), ademais do propio Lens. Todo iso nuns anos nos que Marcial exercía un labor asistencial altruísta, segundo a lembranza familiar, transportando medicamentos a cabalo, ao atardecer, a persoas necesitadas que vivían en lugares lonxe do núcleo urbano, sempre acompañado polo seu fillo Manuel, cazador e por tanto armado con escopeta, co fin de evitar desagradables encontros co lobo ou con persoas de dubidosa condición.

O 19 de marzo de 1908 Marcial sería nomeado polo concello Farmacéutico Municipal, cunha remuneración anual de 365 pesetas. Esta designación incluía o concerto do subministro de medicinas ao concello, en concreto para os inscritos no padrón de Beneficencia, e outros colectivos como os membros do posto da Garda Civil e os empregados municipais. Anos despois, e antes da Guerra Civil, ese mesmo posto de Farmacéutico Titular (ou Municipal) das Pontes faríase extensible a Julio Yllade Rilo. Tiña, ademais, en colaboración cos médicos, competencias relacionadas coa sanidade, para o cal requiríase a instalación dun pequeno laboratorio na farmacia.

Vida cultural e social

Ao pouco de chegar á vila pontesa ten, xunto co médico Varela, unha intervención importante no ámbito sanitario que se trasladaría ao social nun evento que persiste na actualidade: a Festa da Fraga. Así nolo conta Xosé María López (López, 2018):

> As crónicas municipais apuntan a que as orixes desta festa teñen o seu precedente na denominada Festa da Illa, unha celebración que na súa primeira edición tivo un carácter amplamente social.

> No ano 1904 a chegada do farmacéutico Marcial Lens Pita e o doutor José Varela González, supuxo un avance moi notable nas condicións sanitarias da poboación pontesa. Eles foron os promotores dunha iniciativa que asegurou o tratamento médico a centos de veciños ponteses con independencia do seu poder adquisitivo, nun intre no que o acceso ás manciñas estaba reservado só para quen podía custealas.
>
> Coa axuda de Manuel Fernández Vidal, avogado e veciño das Pontes, e a axuda económica da Sociedad de Naturales de Puentes de García Rodríguez, conseguiron abrir un dispensario público farmacéutico e unha consulta médica pública, facendo realidade nas Pontes un dos éxitos sociais máis importantes do noso tempo, a asistencia sanitaria universal.
>
> Co fin de celebrar este feito, o 25 de xullo de 1904, Fernández Vidal propuxo realizar unha merenda na Illa da Ramalleira, unha insua que existía no río Eume no lugar da Balsa. Iniciábase así unha romaría que continuaría en anos sucesivos, e á que acudían numerosos veciños para pór fin ás festas patronais.
>
> No ano 1947, coa construción da presa da Calvo Sotelo, a Illa da Ramalleira quedaría anegada polo embalse, polo que os romeiros veríanse obrigados a mudar de ubicación, neste caso para un terreo próximo, no mesmo lugar da Balsa.

O mesmo autor apunta a participación importante da familia de Rita Cabarcos Durán, mestra de escola, na continuidade da festa:

> Foi precisamente grazas aos herdeiros de Rita, que no ano 1950 doaron a Fraga da Ribeira ao concello de As Pontes, que se fixo posible o traslado da romaría a este entorno natural de incomparable beleza, á beira do río Eume.

Ponte de acceso á Illa da Ramalleira que permitía o acceso dos romeiros

Máis alá do plano farmacéutico, e do musical, do que falaremos a seguir, Marcial colaboraría en numerosas actividades culturais e desenvolvería unha intensa actividade social. Apenas uns meses despois da súa chegada ás Pontes xa ditaba unha conferencia (*El Noroeste*, 4 de xaneiro do 1905):

> El jueves [29.12.1904] se celebró en la escuela de adultos de esta villa la segunda conferencia científica, que estuvo a cargo del farmacéutico D. Marcial Lens Pita, que desarrolló el tema de la «Música comparada con la Gramática castellana». Empezó lamentándose de la ausencia de las autoridades... Elogió al profesor D. Evaristo Montenegro por la iniciativa de tan hermosa obra como son estas conferencias... Presidió el acto el señor cura párroco, con los señores notario [Castrillo Alonso] y profesor de esta villa...
>
> Desarrolló luego el tema, con tanta claridad, que los mismos legos en Música que allí nos encontrábamos, la entendimos perfectamente.

Como escritor e xornalista colabora en revistas comarcais, como a quincenal *Galicia Pintoresca* -editada en Vilalba entre 1916 e 1918- en cuxo n.º 5, de xullo de 1916, publica un longo artigo de dúas páxinas no que repasa a historia e a arqueoloxía pontesa, así como os transportes, comunicacións e as fontes de riqueza da zona. En setembro de 1917 morre o párroco Antonio del Riego (sería substituído polo seu coadxutor, Gumersindo Couto Sanmartín), do que Marcial fai, nesta mesma revista, o seu obituario. Nela aparecen numerosos artigos na sección «Desde las Puentes» asinados por *El Cronista,* os cales, nos atrevemos a suxerir, sexan o pseudónimo baixo o que se oculte o propio Marcial, polas temáticas descritas, na que inclúe moitas noticias de carácter relixioso, visitas de bispos, actividades da parroquia etc.

O mesmo labor fai nalgún outro xornal, como en *El Ideal Gallego*, definido como «xornal católico, rexionalista e independente» e que no seu ano de aparición en 1917 o cualificaba como «correspondente» nas Pontes. En varias colaboracións, se ben non levan a sinatura de Marcial, pode estimarse a súa autoría, polo tipo de noticias, sobre a parroquia e festividades relixiosas.



Portada da revista *Galicia Pintoresca*, editada en Vilalba entre 1916 e 1918

A súa presenza en actos culturais é continua: en 1927 participa na organización da Festa da Árbore nas Pontes, evento no que fai uso da palabra cun discurso no que explica aos escolares e público presente a importancia da festa; a finais de maio do 1935 presenta aos oradores dun ciclo de conferencias destinadas a labregos, impartidas pola Cátedra Agrícola Ambulante.

A importancia social de Marcial vese reflectida en acontecementos sociais propios da época, como son os enterros e funerais, dos que os medios

de comunicación dan debida conta, reflectindo quen presidía a comitiva fúnebre, e onde a presenza de Lens é constante. Así ocorre cando morre Francisca González, en xuño de 1917, nai do médico Varela; Marcial, xunto con outras autoridades e persoeiros da vila, presidiría a comitiva fúnebre e ademais realizaría a ofrenda -en nome da familia- durante o funeral. Ou actúa de padriño de voda do seu amigo José García Iglesias, médico da Capela, na cerimonia celebrada na igrexa de San Salvador de Illade.

Polo seu interese no progreso das Pontes -sobre o que versarían algúns artigos seus- José Castro (2013) diría que «Marcial Lens parecía ter as inquietudes típicas dos homes da Ilustración». Nós engadiríamos que a súa cultura e formación eran propias dun home renacentista, con coñecementos e intereses en variados campos da cultura e o saber.

Marcial Lens e a música

Pero se hai unha actividade pola que Marcial sería apreciado nas Pontes e arredores era pola súa dedicación ao mundo da música. Descoñecemos cal foi a súa formación neste ámbito; aínda que o seu pai, como indicamos, foi músico e profesor de música, non hai datos de que convivisen nunca, polo que entendemos que non lle puido transmitir o amor nin a formación por esta arte.

A pregunta aparece enseguida: de onde lle veu a Marcial ese talento? Parece que hai un consenso en recoñecer que esta capacidade nunha persoa provén dunha combinación de tres factores: a) unha aptitude innata, isto é, de base xenética, b) do ambiente musical no que se críe a persoa, e c) do ensino e da práctica musical. O que si sabemos con seguridade é que Marcial estivo no seminario de Mondoñedo e que por tanto recibiu formación musical, como era habitual entre os que seguían estudos eclesiásticos.

Outra posibilidade complementaria, máis incerta, pero non descartable, é que Marcial acudise ao Conservatorio de Música de Santiago, posto en

marcha pola Sociedade Económica de Amigos do País -situado nos baixos do mosteiro de San Martiño Pinario, fronte á catedral-, durante a súa estancia universitaria entre os anos 1897 e 1900. O seu pai, Enrique, levaba alí como profesor desde 1886, inicialmente de Piano, e despois de Harmonía, Canto e instrumentos de metal, e como director desde 1893. Parece estraño que non se coñecesen pois o seu pai interviña con asiduidade na vida social e musical desa pequena cidade de 24.000 habitantes en 1900, a súa presenza non podía pasar desapercibida, máis se temos en conta que tiña o seu domicilio na céntrica rúa do Vilar.

Por fas ou por nefas, o que resulta coñecido é que no seu longo período pontés Marcial participaba en actos relixiosos interpretando el mesmo cancións, cunha boa voz timbrada, pero sobre todo dirixía bandas e coros da parroquia e doutras entidades que interviñan nas funcións relixiosas solemnes das festividades locais das Pontes e lugares adxacentes. Será un labor constante, realizado de forma claramente altruísta, pois incluso pagaría do seu propio peculio nalgunha ocasión a actuación da Banda de Rebollar de Ortigueira nas festas patronais pontesas, a cuxos músicos aloxaba na súa casa, pois era moi amigo do fundador e director Manuel Rebollar.

Poñamos exemplos concretos dese labor musical: en 1909 participa nas Pontes na celebración do Corpus Christi dirixindo a banda que acompañaba na misa cantada na igrexa parroquial. Ese mesmo ano, en outubro, colabora nun festival benéfico en pro dos feridos da guerra en Marrocos. Lembremos que o 27 de xullo dese ano tivera lugar, en Melilla, o Desastre do Barranco do Lobo.[13] Así recolle o xornal *El Progreso,* na súa edición do 15 de outubro do 1909, a participación de Marcial dirixindo a banda:

> En el Café Español de As Pontes se organizó un baile con el laudable objeto de allegar recursos para los heridos en la campaña de Melilla...

13 Orixe da Semana Tráxica de Barcelona, cando a protesta por embarcar ao que se presumía unha carnicería deu lugar a unha auténtica revolta popular entre o 26 de xullo e o 2 de agosto de 1909.

> Reciban los organizadores del festival nuestra felicitación más sincera... Lo mismo decimos de la banda que dirige nuestro querido amigo el farmacéutico D. Marcial Lens Pita, la que se negó a admitir cantidad alguna en concepto de precio por su trabajo, y si solo a instancias del dueño del café una pequeña gratificación.

En xullo de 1916 (Castro, 2013) falecía nas Pontes «durante as festas do Carme», Manuel, o cuarto fillo do médico José Varela e Carlota Hyde, nado este mesmo ano. Tras o enterro, ao que asistiron doce sacerdotes e numeroso público, celebrárase a misa de gloria na igrexa parroquial, actuando nela «o coro que dirixía Marcial Lens, o farmacéutico».

En setembro de 1917 acode a Vilalba á celebración das festas da Guadalupe, na capela homónima de recente construción na parroquia de Sancovade. Alí actúa a banda Santo Adrián (Ortigueira), dirixida por Manuel Rebollar Martínez de Ortigueira, que interpreta a misa de Prado «a la que contribuye a dar mayor esplendor con su preciada voz el farmacéutico de las Puentes D. Marcial Lens».

En novembro de 1926 ten lugar nas Pontes unha homenaxe aos gardas civís que amosaran unha actitude heroica durante a inundación do 7 de novembro de 1925 cando se desbordara o río Eume; os gardas, expoñendo as súas vidas, salvaran a tres anciáns: un matrimonio e a unha muller, que non puideran abandonar as súas vivendas. Os heroes da fazaña foran o cabo Matías Hernández e os gardas Manuel Saavedra, Miguel Sastre, Juan Gago e Antonio Ferreiro, aos que se lle conceden, por real orde, as cruces da Orde Civil da Beneficencia, costeadas por subscrición popular. O acto faise coa asistencia da primeiras autoridades da provincia: gobernador civil, presidente da deputación, presidente do comité da UP (Unión Patriótica, o partido de Primo de Rivera) da Coruña, tenente coronel xefe da Comandancia etc. É interesante salientar que estaba prevista, aproveitando a presenza das autoridades, unha cerimonia de bendición do novo cemiterio pontés, recentemente construído, suspendida polo mal tempo; no seu defecto «can-

touse un responso por unha sección coral dirixida pola acertada batuta de Marcial Lens».

Católico fervoroso, Marcial colaboraría coa parroquia pontesa de forma estreita; diso da conta Enrique Rivera Rouco (Rivera, 2012), coadxutor de Santa María das Pontes e Cronista Oficial do concello, na súa *Historia de Puentes de García Rodríguez*; no epígrafe «Hechos del año 1923» relata:

> Por estas fechas existió el célebre coro parroquial, compuesto por muchachas y dirigido y ensayado por D. Marcial Lens, secretario de la alcaldía [sic]. Fue un coro bien preparado y que hizo ambiente en Puentes.

En xuño do 1932, *El Ideal Gallego* da conta da celebración conxunta nas Pontes das festas do Santísimo Sacramento, das Flores e do Catecismo. Con ocasión da misa solemne indícase que:

> El coro de Hijas de María, dirigido por el competentísimo farmacéutico de esta localidad y secretario del Ayuntamiento, don Marcial Lens, cantó con mucha afinación la misa del maestro Prado, acompañado al armonium por doña Clara Villar e intercalando algunos motetes y plegarias alusivos a los Misterios que se conmemoraban.

Como vemos, a actividade musical na familia Lens non quedaba reducida a Marcial, senón que tamén se sumaban outros familiares, como a súa nora -desde había catro anos que casara un fillo seu- a ortigueiresa Clara Celia Villar Díaz, Quela. Esa actividade musical continuaría tras marchar das Pontes en 1937 con destino a Ortigueira, onde impartiría clases de música no colexio-academia dirixido polo presbítero Jesús Márquez Cortiñas, e colaboraría co coro parroquial de Santa Marta.

Cargos no concello e xulgado pontés

Nas Pontes, a faceta pública máis coñecida e importante de Marcial, máis alá da súa profesión de farmacéutico, é a de secretario do concello, que conseguira en 1917 e que debía levar aparellada á do xulgado municipal (ver glosario ao final), como noutras localidades. En febreiro de 1913 xa solicitara a praza de xuíz municipal; era unha praza que outorgaba prestixio social, habitualmente desempeñada por profesionais con estudos universitarios. O posto declarárase vacante pola secretaría da Audiencia Territorial da Coruña. Marcial concorrera xunto con outros candidatos: Julio Ferreiro Rey, Antonio Mosteiro e Alfonso Yllade Rilo, se ben non lograría o posto.

A vacante na secretaría do concello e do xulgado prodúcese tralo falecemento, en marzo de 1917, de Andrés F. Corral e Pico, que desempeñaba tal posto, un curioso personaxe:[14]

> coñecido polo zoqueiro de Ribadeume, que faleceu este ano, deixando vacantes as secretarías dos concellos das Pontes e da Capela; nun deles festexaba as vitorias liberais e no outro as conservadoras, é dicir, nos tempos do bipartidismo, sempre estaba cos gañadores.

Pola súa parte, *Ecos del Eume*, na súa edición do 25 de marzo de 1917 relatábao da seguinte maneira:

> En su casa de Las Puentes de García Rodríguez falleció en la última semana el secretario de aquel Ayuntamiento y Juzgado municipal, D. Andrés F. Corral y Pico. Este señor ejercía también el cargo de secretario del Ayuntamiento de Capela, y hasta hace poco tiempo, el de secretario del Juzgado de este último pueblo...

14 BRISSET MARTÍN, Xavier (2017): «Novas de Pontedeume e a súa comarca publicadas en *Ecos del Eume* e en *La Voz de Galicia* en 1917». *Cátedra. Revista eumesa de estudios,* 24: 233-330.

Para acceder ao posto Marcial realiza en maio de 1917 exames na Coruña, xunto con outros 18 aspirantes, dos 59 inicialmente inscritos. Obtén a cualificación de sobresaliente, xunto con outros 8 candidatos. Como consecuencia destas probas será designado secretario do concello pontés e do xulgado municipal. Así da a noticia a revista *Galicia Pintoresca* con data 19 de setembro de 1917:

Marcial Lens na súa etapa de secretario do concello de As Pontes

> El 4 del actual, tomo posesión de la secretaría, en propiedad, del Juzgado Municipal de Las Puentes de García Rodríguez, nuestro querido amigo el ilustrado farmacéutico de aquella villa y culto colaborador de esta revista, D. Marcial Lens Pita.
>
> De enhorabuena están los vecinos de Las Puentes, pues el Sr. Lens reúne, además de una cultura poco común, un trato afabilísimo y caballeroso que le hacen acreedor a las múltiples simpatías de que goza. A las muchas felicitaciones recibidas, una la nuestra, que aunque humilde, no es menos sincera y cariñosa.

Similares eloxios apunta *La Voz de Galicia* para informar da toma de posesión:

> con carácter de propiedad, el ilustrado farmacéutico de la misma villa, nuestro querido amigo D. Marcial Lens Pita, que tan brillantes ejercicios había hecho en los últimos exámenes y que de tantas simpatías goza en aquel Municipio por su talento, corrección y caballerosidad. Nuestra cariñosa enhorabuena.

Ese mesmo mes de setembro, a Sala de goberno da Audiencia Territorial «desestima o recurso de alzada interposto por un veciño desta vila» contra o nomeamento de Lens como Secretario, sen que teñamos datos do autor do recurso.

O posto de secretario do concello é moi relevante pois leva aparellado o da secretaría do xulgado municipal e incluso da xunta municipal do censo electoral. Cando Marcial desempeña o posto -durante case dúas décadas- pasan pola alcaldía moitos personaxes, como o médico Alfonso Yllade Rilo (que o foi en torno a 1923, e que era irmán do seu adversario profesional Julio) e outros cos que obrigatoriamente se relaciona. Foi un longo período de numerosos cambios políticos en España.

Rivera Rouco fai outra anotación no epígrafe do seu libro *Puentes en la Segunda República*: «Eran autoridades da vila ao chegar o Alzamento: Alcalde, D. José Vilaboy Pajón; secretario D. Marcial Lens Pita; Mestre D. Aurelio Janeiro etc., que co cambio político tiveron que cesar». Para entender a política e o contexto social nas Pontes nesa época anterior á Guerra Civil é moi útil o artigo de Manuel Souto (Souto, 2001), onde se cita reiteradamente a Marcial Lens.

Un exemplo dese período convulso é un suceso ocorrido nas Pontes, no que Marcial ten unha participación tanxencial polo seu posto no concello, pero que resulta de interese aquí por reflectir o clima social na época final da República, previa ao golpe de Estado do 36.[15] Ante os feitos acaecidos en Madrid, onde se queimaban propiedades da Igrexa, o párroco das Pontes, José Río Seijo, decidiu baleirar en secreto a Igrexa parroquial de imaxes de santos e obxectos de culto, e que estes quedasen repartidas e escondidas en casa de fregueses de confianza. O asunto chegou ao coñecemento da alcaldía, rexida por José Vilaboy Pajón, quen ditou unha providencia amosando o seu enfado, apelando ao carácter pacífico dos veciños das Pontes e en particular dos de ideas republicanas, e instando ao crego á reposición inmediata do sucedido:

15 «Carta do alcalde Vilaboy ao cura para que devolva os santos á Igrexa». Asociación Amigus, sección Historia. As Pontes. Dispoñible en: https://www.amigus.org/o_mundo_militar/. Foron corrixidas varias erratas.

Providencia: Teniendo conocimiento esta Alcaldía de que de la Yglesia parroquial de esta Villa han desaparecido imágenes y objetos destinados al culto con el pretexto de resguardarlos de un supuesto atentado.

Considerando: que en este pueblo no existen elementos exaltados que siquiera de una manera velada hayan exteriorizado su propósito de atentar contra la Iglesia, antes al contrario, sabe y le consta a esta Alcaldía, que son personas de orden, respetuosas con los derechos de los demás, por lo que el hecho que motiva esta providencia, constituye una provocación y al mismo tiempo una ofensa para los vecinos de este pueblo y en particular para los que profesan ideas Republicanas.

Considerando: Que las imágenes y objetos del culto fueron adquiridas por suscripción popular por cuya razón son de atender las reclamaciones del vecindario que se considera con derecho a ellos.

Considerando: Que si existiese el temor del atentado antes mencionado, puede el Sr. Cura Párroco, reclamar el auxilio de la Guardia Civil, con cuya cooperación está suficientemente garantizado el respeto a la Yglesia y a cuantos edificios se juzguen amenazados.

Considerando: Que en ningún momento se adoptó la resolución de retirar las imágenes y objetos del culto, y esta fue tomada después del triunfo obtenido por el ideal Republicano en las elecciones celebradas el dieciseis de febrero último por lo que es lógico deducir un desafecto y desconfianza para dicho Régimen.

Considerando: Que según ha podido comprobar esta Alcaldía, tal medida débese a presiones ejercidas por los elementos desafectos al Régimen actual, con lo que se pretende desacreditarlo, constituyendo un acto de sabotaje, ya que según queda especificado ni remotamente existe el temor de que se lleve a la práctica el atentado que trata evitarse.

Considerando: Que existe un general descontento entre numerosos vecinos de esta Villa por la medida que se comenta y de continuar este estado de cosas pudieran ocurrir alteraciones de orden público que es obligación de la Alcaldía evitar.

Vistas las disposiciones de aplicación al caso, se acuerda:

Hacer saber al Sr. Cura Párroco de esta Villa que en el improrrogable plazo de tres horas, restituya a la citada Yglesia Parroquial, las imágenes y demás objetos destinados al culto que sin razón ni motivo ha retirado; apercibiéndole que si transcurrido dicho plazo no lo verifica se dará cuenta de lo ocurrido al Excmo. Sr. Gobernador Civil de esta Provincia, además de hacerle responsable de cuantos trastornos y perjuicios se originen por su actitud y desafecto al Régimen.

Lo mandó y firma el Sr. Alcalde D. José Vilaboy Pajón en Puentes, a doce de marzo de mil novecientos treinta y seis. =José Vilaboy=Marcial Lens= Rubricadas y Sellada=

No documento, como vemos, consta a sinatura de Marcial, como secretario do concello validando a providencia do alcalde. Segundo parece, a historia terminou ben; dado que existía entre o párroco, don José Río Seijo e o alcalde, don José Vilaboy, unha certa amizade, o crego «pediulle que non o deixase en evidencia tendo que devolver os santos en pleno día, e que esa noite se faría a devolución». Parece ser que «esa noite houbo unha boa procesión clandestina de santos polas rúas das Pontes».

Actividade política

A primeira noticia que temos da actividade política de Marcial é a de ser candidato (Castro, 2013) nas eleccións municipais do 9 de novembro de 1913 polo partido Independente xunto José Varela e Alfonso Yllade Rilo, ambos os dous médicos. Dos tres so sae elixido Varela; os restantes elixidos pertencerán ao partido Liberal–democrático.

Sábese que participou en 1924 no somatén[16] local, que dirixía o seu bo amigo, o médico José Varela; é interesante subliñar, a efectos de asignar

16 Ver glosario final.

Somatén das Pontes no ano 1924. Marcial Lens, sentado e con gafas, terceiro pola dereita.

tendencias políticas, que este corpo auxiliar de orde pública fora implantado en 1923 en toda España pola Ditadura de Primo de Rivera, e era de signo conservador.

En 1930, o 30 de novembro, no marco dunha campaña (Rosende, 2016) para as elección municipais previstas para 1931, celébrase nas Pontes un mitin convocado pola Federación Agraria, encabezado por Leandro Pita Romero e ao que asisten unhas dúas mil persoas. O líder agrario é presentado polo médico José Varela, se ben tamén intervén Marcial (pese a compartir lugar de nacemento e o apelido Pita non tiña relación de parentesco co político agrario de Ortigueira). No banquete posterior en casa do exalcalde José María Soto interveñen de novo Varela e Lens.

Sucesión de expedientes e riscos vitais

Na longa lista de expedientes e problemas legais que sufriu Marcial nas Pontes, moitos deles superados sen consecuencias, cabe citar que en 1915 o concello pontés informaba «al Gobernador Civil que procede confirmar la providencia de la Alcaldía de Puentes de García Rodríguez imponiendo a D. Marcial Lens Pita, D. Domingo Bouza y don Víctor López Bouza, la multa de 20 pesetas a cada uno, desestimando en todas sus partes el recurso», sen que saibamos a orixe desta sanción.

En relación con outros expedientes, dos que daremos conta, débese sinalar que na España dos anos 20 e 30 do pasado século XX teñen lugar unha sucesión de réximes de moi diferente cariz político:

— Ata 1923: monarquía parlamentaria
— De 1923 a abril do 1931: ditadura de Primo de Rivera
— De abril de 1931 a febreiro de 1936: Segunda República
— De febreiro a xullo de 1936: Segunda República con Goberno da Fronte Popular
— Desde xullo do 36: Sublevación militar de Franco e ditadura franquista

En apenas tres lustros un total de cinco réximes políticos, que poderían ser máis, pois no período republicano, durante o chamado *bienio negro* (anos 1934-35) gobernaron as dereitas... En cada cambio era habitual, lamentablemente, que os novos gobernantes examinasen con lupa todo o anterior, mandando instruír expedientes, suspender de emprego a funcionarios, anular providencias... todo un cerimonial que non tiña que ver en modo algún con actuacións fraudulentas e si cos ánimos vingativos da nova facción política gobernante.

Nas eleccións de 12 de abril de 1931 (Souto, 2002) que darían lugar á fin da monarquía e á chegada da Segunda República, gañan os pitistas -partidarios da Federación Agraria presidida polo ortigueirés Leandro Pita Romero-, e toma posesión como alcalde José Vilaboy Pajón o día 22. Na seguinte

sesión da Corporación, celebrada o 13 de maio, aparece formada por unha Comisión Xestora encabezada por Guillermo Baamonde Fontao xunto co médico Felipe Pimentel Núñez. O 10 de xuño a comisión xestora cesa e toma posesión de novo como alcalde José Vilaboy Pajón.

Souto apunta que «durante o goberno da comisión xestora decretaron a suspensión de emprego ao secretario municipal D. Marcial Lens Pita por supostas irregularidades durante o desempeño do seu cargo. Nomearon secretario interino a D. José Durán Juega e fixeron unha revisión da xestión administrativa municipal dende o ano 1923». Debeu ser algo temporal e sen importancia. E continúa: «En canto ás profesións liberais e comerciantes, non eran todos da oposición. Temos que sinalar a figura de pitistas recoñecidos como o médico José Varela González ou o secretario do concello, D. Marcial Lens Pita».

Souto indica que a corporación, agrarista, preitea co outro boticario, Julio Yllade Rilo, ao que negan a veciñanza e a titularidade da farmacia, unha disputa que non se amañaría ata a sublevación franquista. Chegan as eleccións xerais de febreiro do 36, e colle forza no concello o líder de Izquierda Republicana, Servando López Cao, Cubero, que en xuño é nomeado alcalde polo gobernador civil, destituíndo a José Vilaboy por ser «desafecto al régimen republicano e monarquizante». Esta nova corporación designada pola superioridade -e non elixida por votación popular- comeza a facer:

> unha revisión das contas do Concello, tendo como encargado a un novo secretario, chamado D. José Durán Juega. O anterior secretario, e que o fora durante moito tempo, D. Marcial Lens Pita, é suspendido de emprego e soldo. Manterán un expediente tanto esta corporación como as posteriores ao Alzamento. Remata a favor de Marcial Lens cando este xa se tivera ido fóra das Pontes.

Sobre a presenza nas Pontes de José Durán Juega (que desempeñara diversos postos nos concellos de Vimianzo e Corcubión en temas de Recada-

ción, e na Baña e Laxe como secretario do concello), cómpre dicir que chegara ás Pontes como oficial da secretaría municipal chamado polo primeiro alcalde republicano por afinidade ideolóxica. Sería designado secretario nas Pontes a primeiros de xuño do 36 ao suspenderse de novo a Lens. Curiosamente mantería ese posto coas novas autoridades franquistas, e participaría nas acusacións contra o médico Varela (que á súa vez o acusou de esquerdista e de estar afiliado á UXT) e contra Lens.

Estes procesos habituais na época, incrementaríanse a partir de xullo do 1936, coa instauración do novo réxime. O 12 de agosto, apenas un mes despois da sublevación franquista, *El Ideal Gallego* da conta de que o gobernador civil da Coruña, González Vallés, «foi cumprimentado onte» por varias persoas, entre elas, Marcial Lens Pita. Esta visita, que correspondería a unha solicitude de Lens, ou a unha orde de presentarse alí, repítese o día 14. A recepción polo gobernador non indica en principio gravidade, e tal vez simplemente control dos funcionarios chave nos concellos. Sen embargo, o 26 do mesmo mes o gobernador civil, a proposta do delegado de Orde Pública de Ferrol, acorda a destitución de Marcial do posto de Secretario, con carácter preventivo.

Pero o risco que se percibe na vila foi aumentando. Un dos fitos destacados foi a masacre da familia Ramos Ferreiro,[17] ocorrida no lugar das Barosas (parroquia de Vilavella) o 26 de agosto, onde catro membros da familia foron asasinados por falanxistas. Sexa como for, o 7 de novembro de 1936 Marcial decide traspasar a farmacia de forma apresurada e, por tanto, mal vendida, a Fernando De La Fuente Rodríguez, anteriormente con farmacia en Villarino de Campos (Zamora).

A teima contra el continúa e o 2 de decembro o concello «de conformidade coas disposicións do Goberno de Burgos» acorda instruír expediente de destitución de Lens como secretario; o 11 de xaneiro de 1937 a Comisión instrutora acorda ampliar a información dispoñible, e cita a declarar a «veciños con arraigo da localidade» como son:

---

17 GUERRA VILABOY, Sergio (2007): «La masacre fascista de la familia Ramos Ferreiro en Galicia (1936)». *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, 15: 137-144

— Jesús Cabarcos Cal, representante do Banco de España e de todos os da Coruña.
— Francisco Gómez Levices, labrego.
— Dictino Carro Crespo, apoderado de D. Jesús Cabarcos, do Banco de España e de todos os da Coruña.
— Ubaldo Fernández Trigo, comerciante.
— Manuel Freire Bouza, carpinteiro.
— Antonio Gómez Otero, das «Milicias Armadas de este pueblo».
— Manuel González Pérez, cura párroco do Freixo.
— Francisco Penabad Dopico, rexente da sucursal da Caixa de Aforros.
— Manuel Pérez Prieto, propietario.
— Felipe Pimentel Núñez, médico e xuíz municipal.
— Benigno Pita Díaz, ferreiro.
— José Sierra Casal, Condestable retirado da Armada.
— Buenaventura Vivero Domínguez, propietario.

Das declaracións destes saen estas imputacións:

a) Que antes do Movemento Militar pertencía a Izquierda Republicana, relacionándose cos dirixentes de dito partido.
b) Que foi o organizador e propulsor da Sociedade de Oficios Varios desta vila, afecta á UXT, convivindo cos «elementos máis malos da vila».
c) Que era amigo íntimo dos fusilados neste termo municipal a raíz do Movemento Militar: Ramos, de Gondré; Guerreiro, do Freixo, e Bermúdez, de Sáa, individuos que obedecían cegamente as súas ordes, e foron por el inducidos a cometer actos de rebelión.
d) Que facía propaganda persoalmente, pedindo votos, nas últimas eleccións para Deputados, en favor da candidatura da Fronte Popular.
e) Que nesta elección e na Mesa Electoral desta Vila defendía con tesón esta candidatura.
f) Que perseguía con saña os elementos significados de dereitas desta localidade.

g) Que o día en que os mineiros de Viveiro pasaron por esta vila para a Coruña, ao estalar o Movemento, dunha camioneta baixaron dúas persoas a falar co señor Lens á porta da súa casa.
h) Que é conceptuado persoa indesexable na vila e funesta a súa actuación no cargo.

Nalgún outro momento cítase tamén que asistira, xunto co médico Varela e o exalcalde Vilaboy, ao mitin de Ramón Suárez Picallo na vila pouco antes das eleccións xerais do 16 de febreiro de 1936.

En conxunto, uns cargos gravísimos, moi comprometidos na orde política, se ben sen documentación que os acrediten. Castro (2013) rebaixa moito estas acusacións, pois só indica que «ben notorias eran aos ollos da veciñanza as simpatías políticas de Marcial Lens cara ás ideoloxías de esquerdas», pero novamente sen datos concretos que os confirmen. Con todo, apunta que:

> Marcial Lens e a súa familia eran conscientes do perigo que corrían quedándose nas Pontes, pois, sen dubida, eran o obxectivo anunciado de futuras represalias organizadas por grupos de incontrolados, ou, en momentos de confusión como aqueles, vítimas exemplares para servir de aviso aos menos entusiastas.

E apunta un dato de interese:

> Que esta era a pura realidade próbao o feito de que o fillo de José Varela, Pepe, xa médico, destinado na fronte de Asturias, cando viña ás Pontes de permiso a ver aos seus pais, adoitaba durmir na casa dos Lens para servirlles de protección no caso probable de que chegasen a recibir algunha visita nocturna moi desagradable.

En fin, a principios de febreiro de 1937, Marcial marcha apresuradamente das Pontes «polo perigo que representaban para el e a súa familia, co novo

réxime xa instalado, as súas anteriores simpatías republicanas». Na lembranza familiar a fuga prodúcese polo aviso dun perigo inmediato, se ben o traspaso da farmacia catro meses antes indica que era algo xa previsto.

Sucedíanse as noticias negativas.

O 4 de febreiro o novo alcalde do concello das Pontes, Fernando Fernández, publica un edicto coa «Acta da comisión instrutora do expediente contra D. Marcial Lens Pita, no que se da un prazo de 15 días para examinar o expediente, recoller o prego de cargos, e alegar na súa defensa canto considere oportuno.» Diso mesmo informa o xornal *La Voz de Galicia* (Castro, 2013) o domingo, 7 de febreiro, dando outro apunte interesante:

> La comisión instructora del expediente de destitución que se sigue al secretario de este ayuntamiento, don Marcial Lens Pita, ha formulado el pliego de cargos contra el mismo, resultando acordado quede el expediente de manifiesto en la secretaría del ayuntamiento para que en el plazo de quince días pueda examinarlo y alegar en su defensa cuanto estime oportuno.
>
> Y como se ignora el domicilio y actual paradero del señor Lens, habiéndose además ausentado toda su familia de este término...

Destitución e proceso xudicial

Finalmente, o 9 de abril de 1937 o concello das Pontes acorda a destitución como secretario de Marcial Lens. Pero non por iso rematan aquí os seus problemas. O 20 de abril o concello pontés instrúe un novo expediente contra o alcalde José Vilaboy Pajón, o secretario Marcial Lens, o depositario Valentín López e os concelleiros que actuaran entre os anos 1931 e 1936. Os cargos que se formulan en acta do 3 de xuño de 1937 son de tipo económico, debido a libramentos de pago dos anos 1931 a 1936 que -segundo os instrutores do expediente- carecen do soporte legal axeitado,

a redución ou condonación de tributos (repartimento de utilidades) que se deixaran de recadar etc. Entre aqueles atópanse, por exemplo, o soldo do propio Lens como secretario no ano 1931, de 5.000 pesetas, o pagamento a Marcial Lens de 581,10 pesetas polo material adquirido para a oficina do seu cargo, ou do pagamento de 800,85 pesetas por medicamentos facilitados aos pobres (inscritos na Beneficencia municipal) e Garda Civil no 4º trimestre de 1930 e ano enteiro de 1931; neste último apunte os instrutores falan de «malversación de fondos».

De todos estes cargos (en realidade unha causa xeral, pola súa desmesura) ordénase dar conta aos imputados, para que no prazo de dez días hábiles (ampliable a dez días máis) aleguen o que estimen oportuno. Sabemos que o 30 de xuño Marcial recolleu o prego de cargos, e que desde Ortigueira e a traveso do alcalde desta vila solicita no mes de xullo ampliación do prazo para alegar, pero non apelou nin fixo alegación algunha.

Finalmente, en sesión extraordinaria do 4 de setembro de 1937 no pleno do concello dáse conta do «expediente de responsabilidade civil relativo ao reintegro ao concello da cantidade de 83.253,81 pesetas» instruído contra o alcalde (Vilaboy), concelleiros (e herdeiros, pois algún falecera), depositario (Valentín López Corral, tamén falecido, pero que afecta aos seus herdeiros) e secretario (Lens) que actuaron entre 1931 e 1936, e acorda que todos os responsables, diferentes en cada unha das partidas irregularmente pagadas devolvan solidariamente ao concello as cantidades que lles toque. Falamos de cantidades moi elevadas, de varios miles de pesetas. En concreto, ditaminan que lle correspondería pagar a Lens, que é o que nos interesa neste caso, as cifras seguinte: 3.145 + 1.736 + 4.694 + 1.885 + 5.015, que suman 16.475 pesetas.

O 30 setembro varios acusados formulan recurso pedindo a nulidade do expediente e do acordo, alegando non ter competencia o concello para esixir responsabilidades civís por estar as contas de 1931, 1932 e 1933 xa aprobadas pola corporación, e que ao exsecretario se lle cercenou o dereito de defensa etc.; a corporación rexeita a reposición do acordo.

A teima contra Marcial supera o ámbito administrativo e chega ao xudicial. Así se constata na acta[18] da Corporación pontesa do 17 de agosto de 1936, no que se fala de que no xulgado de instrución do partido, en Ortigueira, se tramita o sumario n.º 68/1936 contra o secretario Marcial Lens por «malversación e falsificación de documentos públicos», no que o concello está representado polos letrados Dámaso Calvo Moreiras e Emilio Pita Álvarez, e co procurador Ramón Álvarez Martínez, o cal ante á súa ausencia é substituído por Francisco Rodríguez Barahona, mais este rexeita o encargo polo que se nomea a Jesús Rego Fernández, que non é procurador titulado.

Contra o acordo do 4 de setembro de 1937 os acusados interpoñen recurso xudicial contencioso-administrativo. Pola súa banda o concello declara, ante a falta de pagamento polos acusados, á prema executoria, contra á que recorre Marcial o 17 de xuño de 1938.

Ata aquí os datos que coñecemos sobre estes dous procesos: o administrativo e o xudicial. Descoñecemos como remataron. En todo caso, cabe apuntar a estraña coincidencia de tramitarse un expediente administrativo cando xa hai unha acción xudicial sobre o mesmo asunto; hoxe non sería posible. Pero máis alá do expediente anterior, ou tal vez como consecuencia do mesmo, segue a persecución contra Marcial, como reflicte o edicto publicado no BOP do 30 de novembro de 1938: «A Comisión Provincial de Incautación de Bens da Coruña, en uso das atribucións conferidas polo decreto-lei do 10 de xaneiro de 1937 acorda formar expediente de responsabilidade civil a D. Marcial Lens Pita, veciño do concello de Ortigueira».

Os expedientes vólvense en contra, incluso, dos cargos e empregos designados poucos meses antes polas autoridades franquistas, aos que se impoñen multas moi elevadas. Así o reflicte o xornal *El Compostelano,* con data 22 de decembro de 1937:

18 Arquivo Municipal das Pontes. *Libro de Actas das sesións plenarias da Corporación*. Ano 1936.

> Como consecuencia da inspección practicada... comprobáronse determinadas anomalías administrativas e actos caciquís... imposición polo Sr. Gobernador Civil de dez mil pesetas de multa a D. Julio Illade Rilo [o farmacéutico adversario de Marcial], destitución do Alcalde Fernando Fernández Freire e multa ao mesmo de cinco mil pesetas; outra multa de cinco mil pesetas ao Secretario do Concello José Durán Juega e outra multa igual de cinco mil pesetas a D. Jesús Carbarcos.

Os expedientes afectan a calquera persoa sospeitosa de ideoloxía republicana de calquera facción, por exemplo, ao médico José Varela, amigo íntimo de Lens, que é expedientado en 1937 (co obxectivo de desposuílo da praza de médico municipal) se ben a causa se resolve ao seu favor, meses antes de seu falecemento por enfermidade en 1938.

Observancia relixiosa

Non deixa de ser curioso –visto aos ollos de hoxe en día- que o novo réxime franquista expedientase a Marcial Lens, católico fervoroso, colaborador da parroquia pontesa, na que era director do coro parroquial, e estreito amigo dos párrocos das Pontes, primeiro de Antonio Ángel del Riego (que o foi durante varios decenios, e de quen faría unha glosa á súa morte en setembro de 1917 no n.º 34 de *Galicia Pintoresca*, publicado o 4 de outubro) e despois de José Rio Seijo, que como dixemos era un habitual no faladoiro da farmacia.

Por citar algún outro dato expresivo (*Galicia Pintoresca*, n.º 47-48, 12.05.1918), a primeiros de maio de 1918 visitaba As Pontes o bispo de Mondoñedo D. Juan José Solís, que se acerca á parroquia pontesa de Vilavella onde «recibiron o Sacramento da confirmación uns 100 nenos, actuando como padriños o farmacéutico D. Marcial Lens e a súa distinguida esposa...»

Marcial Lens na súa madurez

Similar afán amosaría a súa muller, Caridad Dávila Díaz, que participa activamente durante os anos 20 e 30 en confrarías e colectivos relixiosos das Pontes: era membro[19] da agrupación apostólica Obra das Tres Marías, da que sería presidenta en 1929, co párroco D. José Seijo Río (ou Río Seijo); vicepresidenta do Apostolado da Oración desde 1921, e presidenta da mesma desde 1930, agrupación da que formaban parte o propio Marcial e os seus fillos Manuel, Nicolasa e María del Carmen, membresía que seguían ostentando en 1938, en plena Guerra Civil.

A conclusión é que en Galicia os falanxistas, gardas civís e franquistas varios perseguiron non só a sindicalistas e membros de partidos de esquerda, como é habitual pensar, senón a simples demócratas, como se visualiza na película *A lingua das bolboretas*, de José Luis Cuerda, baseada nun relato contido na novela *Que me queres, amor?*, de Manuel Rivas, onde se persegue a un mestre que defendía principios pedagóxicos avanzados.

Retorno a Ortigueira e docencia na Academia

Máis alá de todos estes problemas, en Ortigueira Marcial pasará a colaborar como profesor na Academia de bacharelato Santa Marta que dirixía o sacerdote D. Jesús Márquez Cortiñas -funcionou entre 1934 e 1966- e á que acudían alumnos de 10 a 17 anos, xa que o ensino obrigatorio só estaba garantido na escola primaria, dos 6 aos 10 anos. Non está de máis recordar que nesta academia participaba no cadro docente Feliciano Crespo Bello, xefe

19 «Movementos eclesiais ponteses nos séculos XIX e XX (2.ª parte)». Dispoñible en: https://www.amigus.org/movementos_ecle/

Alumnos e profesores da Academia Santa Marta. No centro, de chaqueta cruzada, Marcial Lens; á súa esquerda Jesús Márquez Cortiñas (presbítero e director da academia), Antonio López de Medrano (vista de Aduanas) e Feliciano Crespo Bello (xefe comarcal de Falanxe).

comarcal de Falanxe Española, o que podería ter suposto unha garantía de protección para Marcial. Tamén exerceu alí de profesor -e atopou refuxio- alí o escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro, pero só entre outubro do 36 e maio do 37, polo que cremos que non coincidirían no cadro docente.

Como docente Marcial impartiría materias como agricultura, portugués, educación física ou música -materia na que a súa competencia era destacada-, e dirixiría obras de teatro dos alumnos; tamén desempeñaría labores musicais na parroquia.

Rexencia na farmacia Torres

Ademais deste labor docente, desde outubro de 1938 exercería como farmacéutico rexente na farmacia de Dolores Pajón Sanjurjo, viúva de Pascual Torres Crego[20], falecido en 1933, e que xa tivera varios rexentes desde entón. A administración da botica naquela época non adoitaba requirir a presenza diaria do rexente; era un emprego que implicaba sobre todo asuntos legais (firma nos libros receitarios, control de estupefacientes etc.). Na práctica a farmacia estaba xestionada por unha filla do farmacéutico falecido, Rosario Torres Pajón.

O 9 de setembro de 1939, con 61 anos de idade, e actuando como rexente desta farmacia, solicita ao concello ortegano ser nomeado para unha das catro prazas de inspector farmacéutico municipal que contemplaba o orzamento vixente. A solicitude suscita dúbidas no concello, xa que o solicitante non é titular da farmacia polo que traslada a consulta á Inspección Provincial de Sanidade, consulta que debeu ser resolta positivamente, pois resposta instando a Marcial a achegar no prazo de tres días o título de inspector farmacéutico municipal.

Este, dous días despois expón ao concello que non dispón desa certificación, que a ten solicitado ao concello das Pontes, pero que solicita unha ampliación do prazo concedido pois «es a todas luces claramente insuficiente, máxime si se considera la situación excepcional del exponente respecto a dicho ayuntamiento...». O concello acorda concederlle 15 días máis. O 7 de decembro, o secretario municipal das Pontes expide unha certificación pola que se indica que o concello ofreceu a Marcial Lens en marzo de 1908 o posto, coa remuneración de 365 pesetas ao ano, e que este aceptou, polo que quedou nomeado pola Corporación.

Porén, non hai constancia de que o concello ortegano accedese á súa petición, tal vez polos litixios que había sobre ditos postos e a súa distribución territorial, debía haber dous en Santa Marta, un en Cariño e outro máis en Mañón (este sufragado polo concello de Mañón).

20 Avoa e avó, respectivamente, do autor destas liñas.

En xullo de 1940 o colexio de farmacéuticos provincial devólvelle a súa solicitude pola que pedira se cursase ao ministerio de Gobernación solicitando a súa inclusión na escala de Inspectores Farmacéuticos Municipais, por estar xa incluído na mesmo co número 56. Unha solicitude que faría con vistas a futuras posibilidades de acceder a algunha praza de inspector farmacéutico que se convocase nalgunha localidade.

Marcial actúa de rexente na farmacia Torres desde o 6 de outubro de 1938 até o 28 de agosto de 1945. O día 16 dese mes solicita ao colexio de farmacéuticos coruñés a baixa e solicita a alta no de Ourense por ter adquirido unha farmacia nunha localidade da provincia -que non precisa no escrito de solicitude pero que era en A Rúa, no oriente ourensán- á licenciada María Paris Villar. Inscribiríase o 12 de agosto de 1945 co n.º 93 no Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense. Sería titular desta farmacia ata o seu falecemento, o que ocorre na Coruña en setembro de 1951.

A adquisición da farmacia é un tanto rechamante, pois nese momento Marcial Lens contaba con 67 años, unha idade provecta, e xa se xubilara como secretario municipal de Valdoviño; de feito, as fontes familiares consultadas indican que realmente non se desprazou á localidade valdeorresa a vivir e exercer alí como titular da botica, senón que esta quedaría a cargo dunha rexente (que en 1951 era Benita Valeiras Valeiras), desprazándose alí de cando en vez. En 1952, tralo falecemento de Marcial, os seus herdeiros traspasarían a farmacia á licenciada María Ancochea Cibeira.

Secretario do Concello de Valdoviño

Un devir máis no recorrido vital de Marcial é o seu retorno ao desempeño do posto de secretario nun concello, en concreto, ao de Valdoviño en 1941. Un feito salientable por ter no seu currículo a destitución no concello das Pontes polas novas autoridades franquistas; e incluso sorprendente que o réxime lle permitise iso apenas dous anos e medio despois de que a Comi-

sión Provincial de Incautación de Bens publicase, en decembro de 1938, un edicto sobre a formación dun expediente de responsabilidade civil a «Marcial Lens Pita, de Ortigueira», se ben non sabemos o seu alcance.

A realidade histórica é que o ministerio de Gobernación publica o 19 de xuño de 1941 unha nova relación de secretarios de administración local de primeira categoría; entre eles, en Galicia, figura Marcial Lens para Valdoviño (A Coruña). Entendemos que antes Marcial estaría atento a esta posibilidade e faría algunha solicitude da que non temos constancia, pois de modo sorprendente non fora eliminado da escala. Accedería a este posto con 63 anos, se ben debemos lembrar que a xubilación nesa época adoitaba producirse aos 70 anos.

Ao pouco tempo de traballar en Valdoviño solicita[21] do Concello das Pontes o pagamento de 1.500 pesetas en concepto de trienios por servizos prestados como secretario, e precisa as datas do seu desempeño no cargo de «secretario propietario»: do 31 de xaneiro de 1921 a 2 de xullo de 1936. Tamén apunta que, con data 7 de decembro de 1940, a Dirección Xeral de Administración Local do ministerio de Gobernación publicara a escala definitiva de Secretarios municipais de primeira categoría confirmando as datas de servizo e os quinquenios aos que tiña dereito.

En todo caso, a permanencia na escala e o desempeño do novo posto botan por terra todas aquelas gravísimas acusacións contidas no expediente instruído nas Pontes e detallado en páxinas anteriores (militancia en Izquierda Republicana, fundador dun sindicato integrado na UXT, amigo de fusilados que obedecían cegamente as súas ordes etc.), apenas catro anos antes, pois a mínima dúbida sobre iso impediría acceder a un posto tan importante nunha época tan vehemente do franquismo como é a postguerra.

Por se acaso, tras levar un ano no posto, Marcial obtén unha certificación do concello que disipa calquera dúbida sobre a súa condición política, profesional, relixiosa e persoal, louvando con acendidas verbas, propias da época, a estima da veciñanza e da corporación valdoviñesa:

21 Arquivo Municipal das Pontes. Instancia de Marcial Lens Pita. Rexistrada en 30.11.1941

Andrés Fraga Aneiros, primer teniente-alcalde en funciones del ayuntamiento de Valdoviño,

CERTIFICO: Que D. Marcial Lens Pita, Secretario de este Ayuntamiento, observa intachable conducta, cumpliendo con las obligaciones que le impone su cargo, a satisfacción plena de la Corporación, por lo que goza de la confianza absoluta de cuantos la integran.

Por su honradez, competencia y laboriosidad, que le han granjeado la estimación de todo el vecindario, disfruta de envidiable predicamento y es honra del Cuerpo al que pertenece.

Modelo de caballeros en el orden social y cristiano fervoroso y práctico en el religioso, está considerado como un modelo, cuyas virtudes desean imitar cuantos le rodean.

En el orden político es un entusiasta y decidido colaborador, dentro de su esfera de asesor, del Régimen implantado por el Glorioso Movimiento que encarna y propugna nuestro invicto Caudillo.

Y para que conste y pueda acreditarlo donde le convenga, libro la presente en Valdoviño a quince de abril de mil novecientos cuarenta y dos. =Andrés Fraga=. Rubricado. =Hay un sello que dice: Ayuntamiento de Valdoviño (Coruña).

Es copia. [firma de recibí de Marcial Lens]

En 1944 Marcial, cando ten xa 66 anos, cesa neste posto por solicitar a xubilación, non sabemos se por razóns de saúde, pero si sabemos deste proceso pois en agosto de 1944 o Goberno Civil da Coruña ditamina o día 3 «en relación co expediente de xubilación instruído polo concello de Valdoviño pola xubilación de Marcial Lens». Na información publicada no BOP coruñés indica que a dirección xeral de Administración Local do ministerio de Gobernación di:

a) Que o interesado traballou máis de 25 anos como secretario dos concellos de As Pontes e Valdoviño
b) Que o maior soldo recibido foi de 12.000 pesetas ao ano.



EL SEÑOR

D. MARCIAL LENS PITA

FARMACEUTICO Y SECRETARIO DE ADMINISTRACION LOCAL (JUBILADO)

Falleció en el día de ayer, a los 73 años, después de recibir los Santos Sacramentos y la bendición de Su Santidad

R. I. P.

Sus hijos Nicolasa, M.ª del Carmen, Marcial y Jesús; hijos políticos Clara Villar, Federico Martínez Bello, Arcadio L. Casillas, Sara Tuero y Josefa Novio; hermanos políticos Julio, María y Concepción Dávila, Petra Núñez y Manuel Casariego; nietos, sobrinos y demás familia,

PARTICIPAN a sus amistades tan sensible pérdida y ruegan le encomienden en sus oraciones así como que asistan a la conducción del cadáver al Cementerio católico, acto que tendrá lugar el lunes, a las seis de la tarde.

Casa mortuoria: Avenida de América, 5-1.º

FUNERARIA VARELA

Esquela Marcial Lens . *La Voz de Galicia.* 2 de setembro de 1951

c) Que o concello de Valdoviño acordou conceder a xubilación solicitada, fixándoa en 7.560 pesetas anuais, equivalente ao 60 % do soldo regulador.

E que feito o oportuno rateo, corresponde pagar a As Pontes: 433,40 pesetas/mes e a Valdoviño: 196,59 pesetas/mes, que suman 629,99 pesetas/mes que pagará Valdoviño, recadando de As Pontes as cantidades correspondentes. E así se fixo, pois no arquivo municipal pontés hai constancia de comunicacións do concello de Valdoviño para compartir os gastos da pensión de xubilación de Marcial.

Finalizado o seu recorrido laboral como funcionario Marcial retorna a Ortigueira, onde reside un par de anos; logo trasládase a vivir á Coruña e

desde alí atende os asuntos relacionados coa farmacia da Rúa de Valdeorras. Na capital coruñesa falece en 1951, aos 73 anos, xa viúvo, pois a súa muller, Caridad, morrera seis meses antes.

Remata aquí a exposición da traxectoria vital dun home importante na historia das Pontes. Aos historiadores compete separar o grao da palla para elucidar o verdadeiro valor da figura de Marcial Lens Pita.

Glosario

Oficina de Farmacia. Desde 1860 ata 1944 a instalación dunha farmacia ven rexida polas Ordenanzas de Farmacia que determinan a liberdade de instalación cos seguintes requisitos: a) instancia ao alcalde b) plano ou esbozo do local c) listado de existencias de medicamentos simples e compostos d) listado de instrumentos e aparatos, e) título de licenciado en Farmacia. De estar todo correcto, no día fixado para a apertura realizábase unha visita de inspección a cargo do alcalde, do médico titular do concello e do subdelegado de Farmacia do distrito xudicial; no caso das Pontes o subdelegado de Farmacia desde 1899 e ata 1927 (en que falece) era o boticario e artista ortigueirés Pedro Castiñeiras Villarnovo.

Somatén. Corpo auxiliar armado, con funcións de orde pública no ámbito rural e de colaboración coa Garda Civil, de quen dependía. Era unha institución similar -se ben de diferente signo político e social- á Milicia Nacional, de alistamento forzoso, que fora constituída a principios do século XIX, e disolta en 1844 coa fundación da Garda Civil. O somatén ten a súa orixe e fonda tradición en Cataluña, pero a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) o estendeu a todo o territorio español, se ben en Galicia tivo escasa importancia. Disolto pola República en 1931, foi restablecido por Franco en 1945, e abolido definitivamente en 1978.

Xulgado municipal. Foron creados en 1808 co nome de xulgados de paz, ou municipais, para separar as funcións xudiciais das puramente adminis-

trativas que tiñan os concellos, naqueles municipios sen xulgados de primeira instancia. A imitación dos franceses, os xulgados de paz terán competencias no ámbito da conciliación, demandas de escasa contía, faltas e inicio da instrución de causas penais, así como a xestión do rexistro civil. Á fronte del estaba un xuíz municipal, nomeado pola Audiencia ou o gobernador civil segundo a época, e contaba coa axuda dun secretario, posto que recaía habitualmente no que desempeñaba ese labor no concello.

Anexo

Rexistro Civil de Ortigueira. Nota á marxe na folla de inscrición do nacemento do neno Marcial Francisco Alejandro Pita Villarnovo:

> En Ortigueira a treinta de Julio de mil ochocientos setenta y nueve.
>
> D. Vicente García Domínguez, juez municipal de este término. Por ante D. Ángel Martínez XX [ilexible].
>
> Certificamos:
>
> Que por virtud de sentencia de trece de julio de mil ochocientos setenta y ocho, fue declarado el reconocimiento del niño Marcial Francisco Alejandro Pita, cuya sentencia se confirmó por la Audiencia del Territorio en primero de mayo del corriente año, y finalmente por el Tribunal Supremo de Justicia en treinta de Junio próximo pasado según certificación remitida del Juzgado de partido y resultando que dicho niño es hijo natural de Don Enrique Lens Viera, natural y vecino de la ciudad de La Coruña, propietario. Y es nieto, por la misma línea de D. Antonio Lens natural de la misma ciudad y de su muger D. ª Antonia Viera.

Comentario: sorprende en grado sumo que unha sinxela demanda de filiación chegase naquel tempo ao Tribunal Supremo, tras pasar por dous tribunais inferiores, o xulgado de instrución -de Ortigueira, entendemos- e

a Audiencia Territorial da Coruña. Por un lado, dedúcese un rexeite claro do pai a recoñecer a ese neno, e por outro unha insistencia da nai e familia da demandante para chegar ao Supremo, algo só ao alcance dunha familia con capacidade económica para soster unha demanda en Madrid.

Agradecementos

A Clara Lens Villar, neta de Marcial Lens, polas informacións sobre o seu avó.

A Xosé María López Ferro, director do Museo Etnográfico Monte Caxado das Pontes, polas imaxes antigas das Pontes e súa colaboración no artigo.

A Manuel Souto López, pola subministración de copias de documentos do Arquivo Municipal das Pontes de García Rodríguez, e por indicacións varias.

Bibliografía

ALONSO, Anabel *et al.* (2010): «Recollida da cultura popular feita polo equipo de etnografía da Asociación Hume». *Hume, Revista de Estudos Históricos Locais,* 3: 93-176.

BRISSET MARTÍN, Xavier (2017): «Novas de Pontedeume e a súa comarca publicadas en *Ecos del Eume* e en *La Voz de Galicia* en 1917». *Cátedra. Revista eumesa de estudios,* 24: 233-330.

CASTRO VARELA, José (2013): «Reflexos de historia dende 'As pontes do río Eume' (1904-1937)». *Hume. Revista de Estudos Históricos Locais,* 6: 93-244.

GUERRA VILABOY, Sergio (2007): «La masacre fascista de la familia Ramos Ferreiro en Galicia (1936)». *Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía,* 15: 137-144

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Xosé María (coor.) (2018): «As nosas festas: Sanidade para tod@s» [bloque 9]. *Exposición celebrada en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)* de 14-07-2018 a 30-08-2018. As Pontes de García Rodríguez: Concello das Pontes.

RIVERA ROUCO, Enrique (2012): *Historia de Puentes de García Rodríguez.* Edición facsímile. As Pontes: Concello das Pontes. 168 páx.

SOUTO LÓPEZ, Manuel (2002): «II República nas Pontes de García Rodríguez, 1931-1936: os agrario-republicanos ("pitistas")». *Cátedra. Revista eumesa de estudios,* 9: 157-178.

ROSENDE FERNÁNDEZ, Anxo M (2016). «O agrarismo ortegano, o "pitismo" en As Pontes». *Hume, Revista de Estudos Históricos Locais,* 9: 205-221.

TORRES BOUZA, Xosé María (2020): «Enrique Lens Viera (1854-1945), concertista de piano, famoso compositor e fugaz farmacéutico en Ortigueira». *Terras do Ortegal,* 7: 141-158.

A casa de Benito en Marraxón de Arriba, Concello das Pontes de García Rodríguez. A súa historia a través dos documentos

Carlos Romero Castro

Introdución

Xa hai moitos anos, cando aínda vivía a miña tía Manuela Castro Cabaleiro nesta casa de Marraxón, nunha das varias visitas familiares que regularmente facíamos ao longo do ano, levoume ao faiado pequeno da casa onde había cousas vellas retiradas que quedaron alí dende facía moito tempo. Entre elas lembro que había algún moble vello de castaño, libros usados case todos incompletos, (*Las mil y una noches*, *La Prehistoria*, unha Biblia do ano 1828 co Vello e o Novo Testamento, ..., e un libro titulado *Curso de Matemáticas para estudiantes de Física, Química e Ingeniería* do ano 1936). Non atopei unha relación entre este último libro e as persoas que nesa casa naceron ou viviron nesa época. O curioso é que me serviu como libro de consulta e apoio cando estaba estudando na universidade, pois trataba de temas relacionados con matrices, derivadas, integrais, curvas cónicas, representacións logarítmicas, etc. Quizais se mercase nunha feira local onde estaban expostos nun baúl vello libros usados e se adquirían a un bo prezo. Aínda gardo estes libros con moito valor sentimental.

Con todo, o que máis me chamou a atención foi a enorme cantidade de escrituras e outros documentos, todos eles enrolados e marcados por fóra cunhas notas indicando o seu contido. Teñen unha importante dificultade en canto á súa lectura polo seu regular estado nalgúns casos, a familiarida-



EL

NUEVO TESTAMENTO,

TRADUCIDO AL ESPAÑOL,

DE LA

VULGATA LATINA,

POR EL

RMO. P. PHELIPE SCIO DE S. MIGUEL,

DE LAS ESCUELAS PIAS, OBISPO ELECTO DE SEGOVIA.

LONDRES:

IMPRESO POR GUILLERMO CLOWES, STAMFORD-STREET.

1828.



ÉPOCA TERCIARIA

ÚLTIMO PERÍODO O PLIOCENO

Hemos podido notar, en el transcurso del rápido estudio que venimos haciendo de los períodos de la época terciaria, que cada vez va enfriándose más la atmósfera terrestre: ello determina ya, en este período plioceno, que algunas plantas que, en los períodos anteriores, podían vivir en nuestras latitudes norteñas, como por ejemplo las *palmeras*, van desaparecíendo de ellas para quedar circunscritas a las zonas de temperatura más cálida.

Aumenta extraordinariamente la evaporación, tal vez debida a los fenómenos geológicos y de actividad volcánica del período anterior y aún de éste; se forman gran-

Paisaje terrestre durante el período glacíeo.

Paisaje durante el período carbonífero.

Aprisionados por estos sedimentos quedaron los cuerpos de numerosísimos *trilobites*, de otros seres en forma de tubitulados *sépolas*, de un número incalculable de *infusorios*, de algunos peces que tenían la particularidad de poseer unas placas que les acorazaban, y de unas especies de moluscos llamados *Espirifer*. Estos seres, *fosilizados*, han servido para caracterizar los terrenos llamados, [illegible] correspondientes a los tiempos mo-

Fósil de *Pleurotiopa*, pez acorazado de la Era primaria

Espirifer (moluscos de molusculdo de la época primaria). El de la parte superior aparece con la concha abierta

CURSO DE MATEMÁTICAS

PARA ESTUDIANTES DE FÍSICA, QUÍMICA E INGENIERÍA

POR

JOSÉ M.ª ÍÑIGUEZ Y ALMECH

CATEDRÁTICO DE MATEMÁTICAS ESPECIALES DE LA FACULTAD DE CIENCIAS DE ZARAGOZA

TOMO I

ZARAGOZA

Imprenta Editorial Gambón

1936

de das abreviaturas utilizadas en tempos pasados, as moedas de cambio e medidas superficiais usadas e a propia nomenclatura dos escribáns.

Anos máis tarde pedinlle aos fillos de Manuela, os meus curmáns Pepe e Norma Barro Castro, que me deixasen fotocopiar todos eses documentos para poder lelos e ordenalos algún día cando tivera tempo. Non foi sen

hora, unha vez ordenados e lidos detidamente, resulta que agora me serven para pescudar como transcorreu a historia da casa de Benito en Marraxón de Arriba e tamén para ver que xeracións pasaron por alí, os seus nomes e apelidos, algúns aspectos do día a día, relacións dos veciños do mesmo ou de diferentes lugares, costumes, como compraban ou vendían as propiedades e terras que naquela época eran a principal forma de vida, as formas de pago, tamén como foron algunhas quintas no servizo militar, a guerra civil, as festas, as segas...

O que aquí se presenta engloba o período que vai dende 1728 ata hoxe, case 3 séculos, se ben os documentos relacionados neste traballo os limitaremos ata 1950 para non se estender demasiado, xa que o máis antigo é o máis descoñecido.

Veremos a través destes documentos a importancia das propiedades raíces na subsistencia das numerosas xeracións que a base do seu traballo deron o mellor de si. Tamén nos serve como un exemplo da Galicia do minifundio, onde as herdanzas tiñan e teñen un papel principal na excesiva fragmentación da propiedade.

Nesta época da historia onde era normal nas familias ter catro, cinco ou máis fillos, na seguinte xeración se convertían en vinte, trinta ou máis persoas. Esta foi a circunstancia de que cando finaban os membros máis vellos a súa herdanza pasaba a ser de decenas de persoas.

A casa de Benito de Marraxón non foi unha excepción, máis ben este problema empeorou. Podemos ver a continuación que foi necesario máis de século e medio para conseguir que esta casa fose de novo dun só propietario, alá polos anos corenta do século XX.

Deduciremos que Encarnación Cabaleiro Vilaboy e o seu marido Francisco Castro Romero foron quen finalmente remataron a tarefa de xuntar a propiedade desta casa.

Se ben esta tarefa xa se iniciou un século e medio antes por varias xeracións da familia Do Barro, (A Calvela), cuxo núcleo principal foi Juan do Barro e a súa muller María Carballeira Cabaleiro e, a partir de aí, Juan Vilaboy e a súa



muller María Juana Carballeira Fernández, continuando a familia Cabaleiro Vilaboy e finalizando a familia Castro Cabaleiro na data antes sinalada.

A nosa nai Maruxa lémbranos a miúdo que o día 15 de abril de 1941, día da feira nas Pontes de García Rodríguez, que a súa nai Encarnación Cabaleiro Vilaboy cando chegou da feira á súa casa dixo o seguinte: «Estou moi contenta que por fin acabamos de pagar todas as débedas aos meus irmáns». Refírese á casa e ao lugar de Marraxón onde quedaron os irmáns Cabaleiro Vilaboy. Por desgraza Encarnación morreu ao día seguinte con só 49 anos.

Os documentos e a súa cronoloxía

Para situarnos mellor na cronoloxía dos documentos aquí presentados, non está demais lembrar, as distintas etapas da historia de España entre 1700 e 2023. Deste xeito pódese comprender mellor os costumes, a lexislación en cada momento e as relacións entre os veciños e a súa influencia noutros lugares.

Períodos e etapas históricas en España (1700-2023)

Períodos		Etapas históricas
Felipe V (1700-1724) e (1724-1746)	Casa de Borbón	
Luis I (1724)	Casa de Borbón	
Fernando VI (1746-1759)	Casa de Borbón	
Carlos III (1759-1788)	Casa de Borbón	
Carlos IV (1778-1808)	Casa de Borbón	
Fernando VII (1808-1833)	Casa de Borbón	
José Bonaparte (1808-1813)		
Isabel II	Casa de Borbón	Período de Rexencia (1833-1843)
		Década Moderada (1843-1853)
		Bienio Progresista (1854-1856)
		Epílogo isabelino (1856-1868)
Sexenio Revolucionario (1868-1874))	Casa de Saboia	Monarquía constitucional de Amadeo I de Saboia (1871-1873)
	I República	I República (1873-1874). Etapas: Estanislao Figueras, Francisco Pi y Margall, Nicolás Salmerón e Emilio Castelar.
Restauración Borbónica (1874-1923)	Casa de Borbón Alfonso XII (1875-1885) Alfonso XIII (1886-1931)	Primeira Restauración (1874-1902)
		Segunda Restauración (1902-1923) — Semana tráxica (1909) — Goberno de Canalejas (1910-1913)
Ditadura de Primo de Rivera (1923-1929/30)		Directorio Militar (1923-1924)
		Directorio Civil (1925-1929)
		Última etapa da Ditadura (1929-1931)
II República (1931-1939)		Niceto Alcalá Zamora (1931-1936)
		Manuel Azaña Díaz (1936-1939)
		Diego Martínez Barrios (1939)
		Goberno provisional e Bienio Progresista (1931-1933)
		Bienio Restaurador ou Dereitista (1933-1936)
		Fronte Popular (Abril-xullo 1936)
	Guerra Civil (1936-1939)	Gabinete Giral (19/04/1936-04/09/1936)
		Gabinete de Largo Caballero (05/09/1936-17/05/1937)
		Gabinete Juan Negrín (17/05/1937-1939)
Ditadura do xeneral Franco (1939-1975)		
Transición democrática	Casa de Borbón Xoán Carlos I (1975-2014) Filipe VI (2014-)	Inicios (1975-1978)
		Consolidación democrática (1978-1982)
		Réxime democrático (1982-2023)

Fonte: Sande, María: *Alcaldes das Pontes, un recorrido desde 1836* e García de Cortazar, F. e González Vesga, J.M.: *Breve Historia de España.*

***(18/08/1728?), (22/06/1747?), (10/1752?)** - O *testamento de Miguel do Pico,* que figura a continuación, danos pistas da orixe da casa. Ademais do corpo ou formato tradicional dos testamentos da época, no que se declara a fe, funerais, misas e mandas nos di que herdou o seu fillo Joaquín e que vendeu unha propiedade ao seu irmán Marcelino do Pico, así como tamén detalla todo o que debe e o que lle deben.

Este é o documento máis antigo que se conserva na casa de Benito no lugar de Marraxón de Arriba, o cal, para unha mellor lectura, transcríbese a continuación. Hai algunha contradición nas datas, pois nese documento aparece primeiro a data 22/06/1747 e ao final unha anotación de que está cumprido o testamento con data 18/08/1728 e outra anotación de visita comprobatoria do ano 1752.

Pódese interpretar ou deducir que na segunda metade do século XVIII esta casa pertencía á familia Ledo, segundo se desprende do documento de alugamento a Gregorio do Barro do ano 1811, aínda que estivo antes alugada a Miguel do Pico e despois ao seu fillo Joaquín do Pico.





Ynomine Amen. Sepan quantos esta carta de manda
y testamento ultima y postrimera voluntad y vieron
como yo Miguel do Pico vz de Santa María d las Puentes d
García Rodriguez morador en el lugar de marajón
da riba es cuando me enfermo en mi cama d enfer-
mo d enfermedad y q d dios fue servidor darmela
estando en mi sano juicio y en mi caval enten-
dmiento hago y hordno esta mi manda y mi testamen-
to = y ten mando primeramente mi alma al Dios nuestro
Sr que la crio y la redimio con su priciosima sangre =
y ten mando mi cuerpo a la tierra para onde fue formado = y ten
mis carnes pecadoras sean amortazadas en un abeto d mi
padre San Francisco en una selpultura de mis santos pasados = y ten
mando una misa d anima a si que me es faleciera
en el altar privigiliado y por ella dos rs = y ten mando que d mi entierro
ser me digan seis misas cantadas y recadas
con su misa y vigilia y responso con seis sacerdotes y el día d mis hon-
ras otras tantas y lofrenda acustunbada = y ten
mando seis ferados de pan a cada funcion a pobres a la puerta de la
YgleIsa y dspues pan trigo carne viño a pescado a gus-
to d mis cumplidores = y ten mando veinte y cuqtro misas, (ilexible por
deterioro do papel),...angel de mi guarda y santo
de mi devoción y por cada una dos rs.= y ten mando a la Santisima
Trinidad treinta y qtro maravidís = y ten man-
do a la Casa Santa y unas mandas forcosas treinta y cuqtro maravedis
y con esto les aparto de todos mis vienes = y ten
dvo a pº requeixo quarenta y quatro reais = y ten dvo seis reais a Fº
yanes vzº d Forxa = y ten dbo a ma-
nuel d vilavoy d diez rs = y ten dvo a diego lopez d garavatos quince
reais = y veinte y un quarto de una de la
que debeme domingo ramos vzo de la prª d hispiñaredo y medio duca-

do = y ten me dbe la viuda d Canposa un-
de qtos de cirvicol = y tb me debe José da Bouza un par d capones = y
ten me debe mi pº romeu siete rs y para
es t menimeso la dun par d capata d palo = y ten dbo antonio freire seis
rs menos tres qtos d ocho jor-
nales = y ten debo a pascua lopez mi criada quarenta y quatro reais = y
ten debo a niculas d vibero nueve rs y ten
jadbo a Loisa Frz dos reais y tres qtos = y ten mando a pº romeu un
sayo un jabon y un calcon todo usado
= y ten debo a la hija d paulos y a nesta vecidura

d dos velas = y ten vendin una terra q se dice do pileutre
a marcelino do pico
que esta junto a la casa d niculas de vibero por la par-
te d abajo q llebara d sembradura cinco ferrados de pan
poco mas o menos y por no tenermos papel ningún echo y
por esto lodejo declarado en este testamento y mela un enila
pago y me dio ducientos y veintecinco reais vellon
y por quanto no le tengo echo estamento echo tod lo declarado a
presencia de los testigos q se allaron presentes a es-
ta que manda y testamento.
y tenemos yo y mi cuñado Jose Frº Cabarcos tengo ---
do una pradlla y más otra partida y las quales esta a prado
icivindas = y ten mando quatro rs, (reais), a un cura q me avd, (ayude)
a vie, (bien), morir
y todos los 8 días que ocupare dos rs y d comer = y ten mando quatro
rs a un cura que me sace d casa
= y ten dbo veinte y dos quartos de sal = y ten mando a mi cumplidro
que me d toda la ropa d color
a una obligación mia y a que la d = y ten dbo veinte rs
a nuestra señora dl socorro = y tengo un lar d grau prestado a pedro d

Formoso = y ten dejo por mi cumpli-
dor a hermano marcelino do pico para que cumpla este testamento,..
(ilexible por deterioro do papel),...
suyos = y después de mi testamento cumplido dejo a mi hijo Joquin por
legitimo hijo y d Cata-
lina Frs para que herdlos con la bendición d dios y la mia.
Fecha ya otorgada a veinte y dos d días dl mes d junio
año d mil sitecientos y quarenta y siete y d los q lo fueron presentes a
todo ello testigos Gregorio nob Juan d galdo
jsé Romeu y Joseph Rosend da Bouza y antonio ledo todos veciños d sta
pquia d las puentes d gar-
cia rz y no lo firmo el sobriedicho por no saver firmar y rogo a un tes-
temuñas que lo firme d su nombre q
lo fue Joseph Rosend dabouza.
Asinado Antonio Ledo, Joseph Rosend da Bouza e Faustino López San-
tomé como testemuñas a rogo. Outro testemuñas e Juan Galdo.
Notas o final do documento con datas dispares.: esta cumplido este
testamento quanto a lo ---- para que conste a onde convenga lo firmo
Ptes agosto 18 de 1728 Faustino lopez sollbeiras?, Santhome. --- -Visi-
tose Puentes 10 1752

***01/03/1738 –** Escritura de venda dunha peza de labradio de seis ferrados onde se di da Cubela, para centeo, e doutras dúas pezas, unha delas contra a ermida de Marraxón. Vendedor: Francisco do Barro, veciño da Calvela. Comprador: Marcelino do Pico. Valoración de 54 ducados de vellón. Moeda: Ducados de vellón. Selo cuarto 20 marabedís. Testemuñas: Narciso González, Juan das Bellas, Francisco de Souto e Fernández de Curral.

***22/04/1791 –** Xuízo divisorio polo perito contador, taxador e agrimensor Domingo Filgueiras. Herdanza por Diego Arias (presbítero) e as súas irmáns (1/3), Fernando Franco (1/3) e fillos de Jacobo Franco (1/3), de 33 pezas por un valor total de 6332 reais (equivalente a 2110,22 reais cada parte) nos lugares

de Bacariza (Piñeiro), Miraz, Casanova, Buliqueiras, ... e outras dúas pezas por 190 reais.

***01/01/1800 –** O muíño dos Barro: Venda de Francisco do Barro, veciño da Calvela, ao seu irmán Miguel do Barro e ao fillo deste, Gregorio do Barro, de 1/8 dos muíños chamados dos Barro situados no Rio Grande, (Río Eume). Francisco do Barro, solteiro, servía de criado a Francisco López Fraga y Calé. Os muíños estaban deteriorados e a casa e presa tamén debido ás continuas riadas do Río Grande. O prezo de venda foi de 120 reais de vellón, necesitando melloras na cimentación. Selo 4º de 40 marabedís de Carolus IV. Sométense á xustiza da Súa Maxestade. Testemuñas: Vicente Cebreiro, Vicente Mesía e Joseph Mesía.

***28/06/1804 –** Cota (cupo) de bens mobles que lle tocan a Gregorio do Barro pola herdanza dos seus pais falecidos Miguel do Barro e María Cruzes Fernández, (4 irmáns máis tamén son herdeiros). Actuou como contador igualador para os cinco irmáns Juan Antonio Uceira Buqueixo no lugar de Marraxón de Arriba: 24 partidas de bens mobles, apeiros, sellas de auga, potes, madeira, animais,... para Gregorio do Barro por valor de 1531 reais.

***20/10/1810 –** Alugueiro do lugar de Marraxón de Arriba (onde habitou Joaquín do Pico) a Gregorio do Barro por 8 anos a partir do día 01/01/1811. O alugador foi Genaro Bentura Ledo no seu nome e no do seu irmán Patricio Ledo. O prezo fixouse en 44 reais de vellón ao ano pola casa e anexos e 1/5 do froito das terras de labradío e montesía. Testemuñas: Antonio do Chao, Antonio Ramos e Antonio de Castro.

***13/05/1821 –** Compra por Gregorio do Barro a Simón Pastor Ledo de 1/8 parte do lugar que habita de Marraxón de Arriba por 1843 reais de vellón. Inclúe casa, horta, eira, curral, terras de labradío e montesía e anexos. Este 1/8 pertenceu a Josefa Ledo, viúva de Miguel Castro que é irmá do outorgante con quen fixo un troco. Vende segundo está en mixtión cos herdeiros de Miguel do Barro e outros. Selo 4º no reinado de Fernando VII no ano 1821, por 40 marabedís. Testemuñas: Fernando José Piñeiro, Domingo de Fraga e Diego Curral.

***02/07/1827 –** Compra por Gregorio do Barro de 1/5*1/8=1/40 avas partes do lugar que habita en Marraxón de Arriba e 1/5 doutras propiedades en Marraxón de Arriba e de Abaixo valorado en 475 reais de vellón. Inclúe casa, aira, horta, labradíos, montesíos, muíños e postas deles e anexos. Selo 4º no reinado de Fernando VII no ano 1827, por 40 marabedís. Testemuñas: José Ciprian Caveiro, Manuel López e Bartolomé Novo.

***26/12/1831** - Compra de 1/2 de 1/5=1/10 ava parte dun monte da Cuquela en Marraxón de Abaixo e 1/2 de 1/5 parte na Fonte da Virxe en Marraxón de Abaixo. Inclúe 1/2 de 1/5 de 1/8 da casa, aira, horta, labradíos, montesíos, muíños, postas deles e anexos do lugar en que habita o comprador en Marraxón de Arriba. Vendedor: Juan Caaveiro e a súa muller María Fernández de Somede con expreso consentimento do seu home. Comprador: Gregorio do Barro. Valoración de 226 reais. Selo 4º no reinado de Fernando VII no ano 1831, por 40 marabedís. Testemuñas: José Ciprián Caveiro, Antonio Cebreiro e o seu fillo Antonio.

***06/09/1834 –** Trato no lugar do Carballal para contraer matrimonio Juan do Barro con María Cabaleiro. No contrato di que irían para Marraxón de Arriba e teñen a obriga de coidar a Gregorio e a Bicenta. Interveñen Gregorio do Barro, a súa muller Bicenta Pérez e o seu fillo Juan do Barro e por outro lado Pedro Carballeira, a súa muller Juana Cabaleiro e a súa filla María Cabaleiro. Cédense dotes de Pedro e Bicenta a María Cabaleiro que inclúen 100 pares de feixes de centeo, unha arca de madeira de castaño, mantas, gando e outros. A Juan do Barro outorgóuselle parte doutros bens mobles, así como a súa irmá Dominga do Barro quen non casará na casa para seguir vivindo con eles. Testemuñas: José Juan Carballeira e Antonio Cebreiro.

***10/09/1837 –** Pedro Carballeira, veciño do Carballal, compra unha peza de ferrado e medio de centeo no lugar do Paraño, coto de San Fiz, chamado Leirón Grande por 400 reais de vellón. Vendedor: Juan Paz, morador no lugar do Paraño. Selo 4º no reinado de Fernando VII, no ano 1837, por 40 marabedís. Testemuñas: José Juan Carballeira e os seus fillos Pedro, Antonio e Manuel.

***24/12/1837 –** Pedro Carballeira, veciño do Carballal, compra unha peza de dous ferrados de centeo no lugar do Paraño, chamado Leira Grande por 650 reais de vellón. Vendedor: Juan Paz, morador no lugar do Paraño. Selo 4º no reinado de Fernando VII no ano 1837, por 40 marabedís. Testemuñas: José Juan Carballeira, o seu fillo Manuel e Antonio Vérez.

***14/06/1838 –** Montón de Juana López e do seu fillo Juan por partida xudicial no lugar da Veliña. Tocoulle a metade da casa e propiedades ata 36 bens en total neste lugar. A outra metade a Juan Pita. Testemuñas: Julián Ramil, Francisco Curral e Domingo Seoane.

***01/04/1839 –** Gregorio do Barro, compra 1/2 de 0,5/10 avas partes dos montes, brañas e regadíos do Bañal Pequeno, parte da Leira Redonda e outros; 1/10 de 1/8=1/80 avas partes de todo o lugar de Marraxón con casa, casetas, currais, eiras, praderías, montes, fragas, muíño e anexos. Todo iso, por 320 reais de vellón. Vendedor Antonio Caveyro e a súa muller Francisca Fernández, veciños de San Xoan do Freixo. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1839, por 40 marabedís. Testemuñas: Antonio Cebreiro, o seu fillo Antonio e Eugenio Juan Ferreiro.

***28/01/1841** - 2º pago dos bens mobles que lle tocaron a María Cabaleiro (unha dos 5 herdeiros de Juana Cabaleiro), pola súa nai e o seu marido Juan do Barro, ata 15 partidas de bens: centeo, trigo, millo, roupa, alfaias (xoias) e gando. Testemuñas: Antonio Barro, José Prieto, Rosendo Lamas e Francisco Carballeira.

***04/06/1841 –** Partilla do lugar de Marraxón de Abaixo onde habita Ramón Guerreiro e cota, que por xuízo tocou a Domingo Ledo por 1/5 da casa e outros bens para si e para a súa irmá Josefa e outras porcións aos sobriños, fillos de Antonio. Ata 12 partidas de bens valoradas en 1648 reais de vellón. Testemuñas: Felipe Calvo, Ramón Guerreiro e Bernardo do Pico.

***18/05/1842 –** Pago anual pola casa e lugar de Barbeitos que tiña alugado ao pai de Juan Díaz e polo que pagará en agosto ou setembro de cada ano a Juan Díaz que é carabineiro da Facenda Nacional. Juan Díaz é vinculeiro e veciño da cidade de Ferrol onde se fixo este documento e tamén é dono do lugar de San

Martín da Ribeira de Becerreá. Pensión anual de 4 e 1/2 fanegas máis outra fanega de centeo. Menciona outras rendas procedentes de Carracedo no Bierzo.
***10/05/1844 –** Pago de 4 bens de monte e toxal a Pastor Piñón valorados en 127 reais e medio no lugar de Choutan, 1/12 avas partes. Perito agrimensor José Antonio Pérez.
***xx/xx/1848 –** Relación dos censos, foros e rendas que ten a Cofradía de Ánimas da parroquia das Pontes cuxa relación comprende as vencidas ao remate de ano que finalizou de 1848 e debe cobrar o actual mordomo Juan do Barro. Entre os confrades figura Manuel do Barro do Burgo e Pedro Cabaleiro da Riveira, (teño pendente de analizar o probable parentesco deste Cabaleiro cos Cabaleiros de Suarriba e Marraxón).
***08/03/1849 –** Compra de 1/8 da casa de Marraxón de Arriba, na que vive Rosendo Fernández Cabarcos, hortas, agregados, montes e labradíos e tamén de 1/8 de dúas pezas da herdanza dos do Chao e Marco do Serrón e 1/8 de monte do Rego García e do muíño fariñeiro por parte de Francisco Vilaboy para si e a súa muller e fillos. Pacto feito na feira da Toca en Santa María de Recemel. Vendedor: Félix Fernández Cabarcos da parroquia de Santa María da Vilabella. Valoración de 900 reais. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1849 por 40 marabedís. Testemuñas: José Casas, Felipe Fraga e Manuel Cabarcos.
***15/03/1849 –** No lugar de Brandián onde habita Andrés de Castro, Gregorio do Barro e a súa muller e Juan do Barro e a súa muller compran por metade 1/8 da casa do lugar de Marraxón de Arriba onde habita Rosendo Cabarcos, agregados, curral, hortas e forno de cocer o pan. Vendedor: Andrés de Castro e a súa muller. Esta herdouna da súa nai pola metade e a outra metade por doazón que lle fixo o seu irmán Vicente Ramos. Valoración de 160 reais de vellón. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1849, por 40 marabedís. Recadación do dereito de hipotecas: 2% do valor, ou sexa, 3 reais de vellón e 2 marabedís no partido de Vilalba. Testemuñas: Pedro Gregorio, Manuel de Castro (fillo do vendedor) e Antonio López.
***02/12/1849 –** Xustificante de 6 entregas en efectivo que fai Juan do Barro, antecesor, a Andrés Ferro e Manuel Ferro do Campo da Cova, actual mor-

domo da Cofradia de Ánimas. Con outras entregas suman 3515 reais e 19 marabedís que quedan rexistrados no libro da Cofradia das Pontes con data 20 de xuño de 1852.

***01/07/1850** - Gregorio do Barro e a súa muller e Juan do Barro e a súa muller compran por metade unha peza de terra de labradio e xestal no sitio do Curro no lugar de Marraxón de Arriba duns 5 ferrados. Vendedor: Andrés de Castro e a súa muller Josefa Rodríguez. Esta herdouna dos seus defuntos pais e renuncia ás leis de «non numerata pecuniae» do dereito romano como mecanismo de defensa procesal. Valoración de 370 reais de vellón. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1850, por 40 marabedís. Testemuñas: Francisco Puentes, Pedro Paz e Manuel Paz.

***01/08/1850 –** Compra de 3/16 avos de 14 cabezas de cabalerías bravas que están nos montes do Freixo e Demozas, (¿Somozas?), en mixtión coas 13/16 partes restantes. Compradores: Pedro Carballeira e Juan do Barro. Vendedores: cinco titulares segundo figura na escritura. Valoración de 320 reais de vellón. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1849 por 40 marabedís. Testemuñas: José Ledo, Juan Ledo e Antonio Maseda.

***03/10/1850** - Gregorio do Barro e a súa muller e Juan do Barro e a súa muller compran por metade unha leira que chaman do Caneyro no lugar de Marraxón de Arriba. Vendedor: Bonifacio Ramos, solteiro e veciño da Calvela. Valoración de 480 reais de vellón. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1850 por 40 marabedís. Testemuñas: Pedro Gregorio, Manuel Gregorio e Ramón Gregorio veciños da vila das Pontes.

xx/xx/1850¿? – Razón de como se comparte o uso do muíño dos Barros no lugar de Marraxón, posto en 192 horas naturais que conteñen os 8 días de cada «rolda», (8*24=192 horas). Os de Carballeira: 72 horas, os de Pedro Formoso 29 + 19/25 horas; Juan do Barro 39 + 21/25 horas; os de Antonio Cibreiro e de Cabeyro: 33+15/25 horas e, por último, os de Manuel Prieto: 16 + 20/25 horas. Total: 192 horas.

***20/03/1851** - Separación e partilla formal de bens raíces, 18 propiedades, 3 en mixtión por metade entre os interesados Gregorio do Barro e Antonio

Cebreyro sitas todas elas no Pombal, (Calvela), valoradas en 504 reais. Outros beneficiarios das 15 restantes son Salvador Curral, Domingo Curral e Vicente Vivero cunha valoración total de 1194 reais. Perito agrimensor da Súa Maxestade, Vicente Gregorio do Concello de Muras, sen prexuízo do real erario. Testemuñas: Juan Nobo, Manuel Prieto e Rosendo Restrebada.

***22/03/1851** - Demarcación e partilla «amistosa» de 23 ferrados de xestal e algo de labradío no Pombal, (Calvela). Interveñen Juan do Barro en 1/4 e os 3/4 restantes en partes iguais para outras 3 persoas: Miguel Nobo, Antonio Cebreiro e viúva de Antonio Ramil. Perito agrimensor da Súa Maxestade, Vicente Gregorio do Concello de Muras, sen prexuízo do real erario. Testemuñas: Juan Nobo, Salvador Curral e Vicente Vivero.

***01/04/1851** - Compra por Gregorio do Barro e o seu fillo Juan do Barro de parte da casa e lugar de Marraxón de Arriba onde habitan, polo prezo de 200 reais de vellón a Antonia e Andrea Alonso de San Xoan do Freixo, procedente en parte da herdanza de Manuel Ramos en parte por adquisición. Suxéitanse á xustiza de S. M. se o trato tivese vicios. Inclúe outras propiedades do lugar e parte dos muíños fariñeiros dos Barros así como propiedades no Bañal e en Marraxón de Abaixo. Selo 4º 1851 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Testemuñas: Andrés Pita, Pedro Gregorio e Manuel Gregorio.

***29/05/1851** - Compra por Francisco Vilaboy de 1/4 parte da casa e varias propiedades en Marraxón de Abaixo por 800 reais en moedas de ouro e prata a Luis López e a súa muller Josefa, veciños de Santa Mª da Vilabella. Nesta casa e lugar habita como colono Francisco Solloso quen seguirá vivindo nela pagando un alugueiro. Os 3/4 restantes son de José Soto de Recemel. Selo 4º 1851 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Testemuñas: Antonio López, Francisco Sollosa, José López e José Calvo.

***19/06/1851-** Compra por Gregorio do Barro e Juan do Barro de 1/50 avas partes e 2,5/6 doutra 1/50 ava parte de varias propiedades en Marraxón de Abaixo e de varias propiedades máis e parte da casa en Marraxón de Arriba onde habitan. Tamén parte dos muíños dos Barro, Bañal Vello e agregados. Vendedores: Andrés Pita e a súa muller por 170 reais de vellón e Juana Fernández viúva de

José Gregorio por outros 170 reais, todos eles veciños de San Xoan do Freixo. A valoración da compra é de 340 reais de vellón. Selo 4º 1851 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Testemuñas: Juan Ferreiro e Pedro Gregorio.

***12/10/1851 –** Compra de 1/16 ava parte do lugar e «caserío» no lugar de Moura de Riba en Goiriz. Comprador: Pastor Piñón de San Andrés de Lousada. Vendedor: María López, viúva de Bernardo Diaz, veciña de Santiago de Goiriz. Valorado en 160 reais. Recadación do dereito de hipotecas: 2% do valor, ou sexa, 3 reais de vellón e 2 marabedís no partido de Vilalba. Selo 4º 1851 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Testemuñas: Andrés José García, Manuel Vérez, Antonio Curral e Francisco Díaz.

***23/12/1851 -** Testamento de Gregorio do Barro e a súa muller Vicenta Pérez, veciños de Marraxón de Arriba. Os cumpridores designados son o seu fillo Juan do Barro e a súa muller María Cabaleiro que conviven na mesma casa e Dominga Pérez casada con Pedro Formoso, veciños de Santa María da Vilabella. Fíxanse no testamento as súas declaracións como católicos, forma do enterro, número de sacerdotes, misas de funeral e cabodanos, pago dos actos relixiosos con ferrados de centeo, trigo, viño, carne e outros de costume. Este testamento cumpriuse como pía, (piedade relixiosa), segundo manifesta o cura ecónomo Narciso de Castro con data 23 de maio de 1852. Testemuñas: Juan Fernández, José de Fraga e Diego de Curral.

***15/02/1852 -** Cota dun montón de bens mobles para Juan do Barro e a súa irmá Dominga do Barro polos seus pais Gregorio do Barro e Vicenta Pérez. Consta de 89 bens ou partidas, que inclúen gando, bens como pratos e vasos de madeira, «copetas» de madeira, sellas para a auga, potes, baño de toelo para salgar, apeiros de labranza, tear, lencería, fío medido en libras, gando vacún, lañar e cabalar, madeira para un carro, pedra para facer un forno ,.., que se valoran en 5319 reais de vellón. Testemuñas: Pedro Gregorio, José Fernández, José Domingo Casas e Pedro Formoso.

***10/08/1852 -** Compra por Pedro Carballeira, veciño das Pontes e morador no lugar do Carballal, de 1/3 de 1/4 da casa e 1/3 de 1/6 de toda a casa, aira, currais e hortas do lugar que colona Juan do Barro en Marraxón de Arriba.

Vendedores: Fernando Freyre e a súa muller Juana Fernández que herdou da súa defunta nai, veciños das Pontes no lugar das Cortes. Valoración en 900 reais de vellón. Selo 4º 1852 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Testemuñas: Nicolás Freire, Pedro Gregorio e Alejandro Bouza.

***22/10/1852 -** Compra por Manuel Gregorio da metade da cociña onde habita Juan Formoso, parte do curral, hortas, xestais, parte do muíño no lugar do Bañal. Vendedores: Manuel María Tomás López do Fronzal, (Somozas). Valoración en 306 reais. Selo 4º 1852 no reinado de Isabel II por 40 marabedís. Recadación do dereito de hipotecas: 2% do valor, ou sexa, 6 reais de vellón e 12 marabedís no partido de Santa Marta. Testemuñas: Andrés Pita, Domingo Permuy e Andrés Permuy.

***31/12/1852 -** Venda de 1/4 da peza chamada Condomina no lugar da Calvela. Comprador: Josefa Yrisma?. Vendedor: Domingo Curral de Santa María do Burgo. Valoración por 140 reais. Recadación do dereito de hipotecas: 2% do valor, ou sexa, 2 reais de vellón e 28 marabedís no partido de Santa Marta. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1852 por 40 marabedís. Testemuñas: Salvador Curral, Marcos Cebreiro e Antonio Freire.

***02/06/1853 -** Segundo pago a Francisco Vilaboy de 1/8 ava parte da casa que habita Rosendo Cabarcos, alboio, currais, aira, hortas no lugar de Marraxón de Arriba e outros catro bens máis de labradío, xestal, pradería e monte. Valoración: 260 reais. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1853 por 40 marabedís. Perito: José Domingo Casas.

***12/06/1853 -** Terceiro pago a Juan do Barro de 1/8 parte da casa que habita Rosendo Cabarcos e terras no lugar de Marraxón: Valoración: 180 reais. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1853 por 40 marabedís. Perito: José Domingo Casas.

***10/02/1854 –** «Primeiro testamento» de Juan do Barro, (fillo de Gregorio do Barro e Vicenta Pérez) e a súa esposa María Cabaleiro, (filla de Pedro Carballeira e Juana Cabaleiro), quen non tiveron descendentes. Testan na súa sobriña e afillada María Juana Fernández, filla de Francisco Carballeira, e que está na nosa compaña, de idade 14 anos, coa condición de coidalos ata o

seu falecemento. Fíxase todo o que concirne sobre hábitos, enterros, misas, honras, cabodanos, esmolas, ... Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1854 por 4 reais. Testemuñas: Pedro Carballeira, Manuel Neyra, Ramón Cavarcos e Cayetano Cebreiro.

***10/05/1854 –** «Segundo testamento» de Juan do Barro e a súa muller María Carballeira Cavaleiro, (previa licenza do seu marido), con data 10 de febreiro de 1854 a favor da súa sobriña afillada María Juana Fernández, filla de Francisco Carballeyra e que está na súa compaña. María Juana Fernández vai a contraer matrimonio con Juan Vilaboy, fillo de Francisco desta parroquia, e se formaliza agora como beneficiario dos seus bens coas mesmas condicións vixentes orixinariamente. Valoración en venda duns 4000 reais. Non asinan os herdeiros por non saber ler e o fan os testemuñas. Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1854 por 4 reais. Contadoría de Hipotecas de Ortigueira. Testemuñas: Antonio Varela, Antonio Freyre e Antonio María Prieto Pita .

***20/11/1854 -** Venda por María Castro, muller de Antonio Gómez de Cervicol, a Francisco Romero, solteiro e veciño de Vilarnobo dunha peza de labradío de dous ferrados en Cervicol, sitio de Lameyra por 240 reais de vellón. Suxeito á xustiza da S.M. Selo 4º 1854 no reinado de Isabel II 40 marabedís. Taxa 4 reais de vellón e 28 marabedís. no partido de Santa Marta. Testemuñas: Marcos López, Antonio Ledo e Marcos Cebreiro.

***11/03/1855 –** No lugar do Carballal, venda de José Pernas e a súa muller María Díaz Tenreiro de Cabreiros a Juan do Barro e Juan Vilaboy, veciños de Marraxón de Arriba, de 1/6 avas partes do lugar de Marraxón de Arriba que se compón de casa con cociña, forno, piso alto, portas, ventás e cuberta de madeira e lousa feita e dereita, de pedra e os seus currais. Tamén do muíño de Tineo e resto de propiedades do lugar. Suxeito á xustiza da S.M. Valoración: 1200 reais de vellón. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1855 por 40 marabedís. Taxa 24 reais de vellón no partido de Santa Marta. Testemuñas: Os irmáns José e Juan de Castro e Antonio Rouco.

***12/08/1855 -** Declaración xurada de Francisco Cao do Deveso de bens dos que é alugueiro, consistentes nunha casa no lugar do Chao e 13 propiedades

por 88 reais anuais para presentar ao alcalde das Pontes e por alugueiro que se fixo polo administrador de bens nacionais.

***02/09/1855 –** Venda de Manuel Fernández, veciño da vila das Pontes, a Juan do Barro e a Juan Vilaboy de todo o «obrado do cuarto da casa nova» composto de paredes, lousa e madeira no lugar de Marraxón de Arriba. Valoración: 130 reais. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1855 por 40 marabedís. Testemuñas: Vicente Fraga e Francisco Fraga.

***17/10/1855** - Venda por María Castro de Cervicol, muller de Antonio Gómez, a Francisco Romero, solteiro, veciño de Vilarnobo por 600 reais de vellón dunha peza de labradío de cinco ferrados en Cervicol sito Debaixo da Leira. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1855 por 40 marabedís. Taxa: 12 reais de vellón no partido de Santa Marta de Ortigueira. Testemuñas: Andrés Chao, Salvador Curral e Francisco Vilaboy.

***24/10/1857** - Memoriais dos bens do lugar en que habita Juan do Barro no lugar de Marraxón de Arriba:

Primeiro Memorial:

Casa onde habita Juan do Barro que se compón de cociña, forno de cocer, arcas, escaleira, sala con alto e baixo,...., curral e fondos dunha bodega e alboio: 1530 reais.

Horta en Sua Casa: 100 reais. -Eira e fondo dunha cabana: 50 reais .-Labradíos, regadíos e horta en Sua Casa : 1700 reais e así ata 12 pezas que totalizan 7840 reais,

Repártense en 40 avas partes entre 8 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Segundo Memorial:

Ata 2 pezas de labradío e montes que colona Juan do Barro e que se valoran en 627 reais.

Repártense en 25 avas partes entre 5 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Terceiro Memorial:

Peza dun monte, curral e campón en Suo Camiño chamado Serrón e Chao do Prado e que se valoran en 320 reais.

Repártense en 5 avas partes entre 5 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Cuarto Memorial:

Unha peza de labradio e outra de monte que chaman Rego García en Suo Camiño, chamado Serrón e Chao do Prado que se valoran en 252 reais.

Repártense en 9 avas partes e en 40 avas partes dos 4/9 entre 9 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Quinto Memorial:

Dos bens no lugar onde habita Isabel Fernández, viúva de Antonio Cebreyro, do lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 13 pezas, que inclúen a casa onde habita a viúva de Antonio Cebreiro, curral, caseta, leiras, cabanas de carros, hortas, campóns, labradíos e montes que se valoran en 10.011 reais.

Repártense en 40 avas partes entre 5 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Sexto Memorial:

Dos bens no lugar onde habita como alugueiro Domingo Cabeiro do lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 5 pezas, que inclúen casa, alboio, curral, horta e outras catro de labradíos, monte, campóns, que se valoran en 4860 reais.

Repártense en 30 avas partes entre 7 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Sétimo Memorial:

Dos bens no lugar onde habita como alugueiro Domingo Cabarcos do lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 2 pezas, montes e brañas que se valoran en 6136 reais.

Repártense en 8 avas partes e 4/5 destas en 30 avas partes entre 11 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Oitavo Memorial:

Dos bens propios de Juan do Barro, (3/4), e o do seu cuñado Pedro Formoso en representación da súa muller Dominga Pérez, (1/4), no lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 3 pezas: unha de casa, curral e horta na que habita Domingo Cabarcos, outra de montes e brañas e a terceira de labradío e xestais que se valoran en 1160 reais.

Repártense en 4 avas partes entre 2 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Noveno Memorial:

Dos bens propios de Juan do Barro, (1/2) e do seu cuñado Pedro Formoso en representación da súa muller Dominga Pérez, (1/2), no lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 14 pezas: unha bodega, alboio, corte e alpendre no lugar de Marraxón de Arriba, outra parte dun cuarto vello en Sua Cabana no lugar de Gondré, outra parte dunha horta, labradíos, montes, leiras, xestais e brañas, muíño fariñeiro e así ata catorce pezas en Gondré que se valoran en 1511 reais.

Repártense en 2 avas partes entre 2 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Décimo Memorial:

Dos bens do lugar do Pombal no que se presentan Juan do Barro e a «súa irmá Dominga Pérez», muller de Pedro Formoso, unha metade e a outra metade para Isabel Fernández, viúva de Antonio Cebreyro, no lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 4 pezas: un xestal no sitio de Chayño, un labradío en Sobre do Muro, un monte en Fragachá e outro monte en Fraga da Loma que se valoran en 524 reais.

Repártense en 2 avas partes entre 3 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Décimo Primeiro Memorial:

Dos montes, trigo e regadío que chaman do Bañal Vello no que se presentan Juan do Barro e a súa irmá Dominga Pérez, muller de Pedro Formoso, unha metade e a outra metade Isabel Fernández, viúva de Antonio Cebreyro, no lugar de Marraxón de Arriba.

Ata 8 pezas: montes, montes leñados con algúns carballos e moitas penas, carballeiras, regadíos, xestais, que se valoran en 4557 reais.

Repártense en 25 avas partes entre 5 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Décimo Segundo Memorial:

Dos bens labradíos, regadíos e montes que ten de herdanza no lugar de Marraxón de Abaixo no que se presentan Cayetano Bouza, 1/25 avos, Isa-

bel Fernández, viúva de Antonio Cibreyro, 12/25 avos, Juan Barro, 6 (1/2) /25 avos, e Pedro Formoso, 5 (1/2) /25 avos.

Ata 2 pezas: labradío, regadío e inculto e outra peza de monte onde chaman Fonte da Virxe, que se valoran en 1300 reais.

Repártense en 25 avas partes entre 4 herdeiros. (Ver Táboa Excel ao final)

Borrador de memoriais de compartido de bens onde habita Juan do Barro no lugar de Marraxón.

Consta de multitude de operacións aritméticas de reparto, feito en 15 pagos, polo perito agrimensor e que se resumo na seguinte táboa:

Grupos de herdeiros	Valor memorial	N.º partidas de bens	Data	N.º pago
1. Manuel Franco, representando a menores de Francisco Cabarcos	869,80	5	16/12/1858	1.º
2. Antonio Ledo e irmáns	1.255,56	5	18/12/1858	7.º
3. Juan Cabeyro	1.815,60	7	19/12/1858	8.º
4. Genaro Castro	2.366,91	11	19/12/1858	9.º
5. Francisco Carballeira	2.366,91	10	20/12/1858	10.º
6. Pedro Carballeira	1.104,40	6	20/12/1858	11.º
7. Vicente Ledo	1.325,24	6	20/12/1858	12.º
8. Juan Barro	7.290,84	30	23/12/1858	14.º
9. Pedro Fermoso representando á súa muller Dominga Pérez	6.441,48	—		15.º
10. Isabel Fernández (viúva de Antonio Cebreyro) e fillos	9.699,95	22	22/12/1858	13.º
11. Isabel Fernández e fillos, José Corral e fillos de Francisco Cebreyro	767,00	2	17/12/1858	4.º
12. Bonifacio Ramos	767,00	2	17/12/1858	2.º
13. Fernando Freyre	1.735,82	5	17/12/1858	5.º
14. Domingo Vibero	473,41	5	18/12/1858	6.º
15. Cayetano Bouza	818,80	9	17/12/1858	3.º
Valor total en reais	**39.098,72**			

***01/11/1857 -** Compra de medio ferrado de campón por Juan Vilaboy e por Juan do Barro, o seu padriño, para si e as súas mulleres, a Francisco Martínez do lugar da Graña, parroquia de Santa María de Xestoso, por un importe de 200 reais. Situado xunto a aira do comprador. Limita polo norte coa propie-

dade de Antonio Cebreyro, levante coa eira de José Caveiro. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1857 por 40 marabedís. Taxa 8 reais de vellón no partido de Santa Marta de Ortigueira. Testemuñas: Manuel Gregorio e Pedro Gregorio.

***15/12/1858 -** Venda de Manuel Fernández, de oficio canteiro e veciño da vila das Pontes a Juan do Barro e a Juan Vilaboy dun cuarto da casa nova de pedra e lousa de rumbeiro e sen «táboa fabricada de poñer» e parte das paredes da cociña e tamén unha porción de terra no lugar de Marraxón de Arriba. O seu prezo é de 200 reais en moedas correntes. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1858 por 40 marabedís. Testemuñas: Felipe Calbo, Francisco de Fraga e Vicente de Fraga.

***28/02/1859 -** Compra por Juan Vilaboy e Juan do Barro dun décimo de ferrado dun campón chamado da Cabeceira da Leira que colona Domingo Cavarcos aos seguintes vendedores: Vicente Vivero a nome do seu pai Domingo, Manuel Franco, Genaro de Castro, Francisco Carballeira, Antonio Ledo, Fernando Freire todos eles veciños da parroquia das Pontes e Pedro Formoso veciño da parroquia Vilabella. O seu prezo é de 30 reais. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Testemuñas: José Domingo Casas, José Alende e José Curral.

***01/09/1859 -** Compra de por metade por Juan Barro e Juan Vilaboy, o seu sobriño político, para si e para as súas mulleres de tres ferrados dun monte no sitio de Suo Camiño en Marraxón de Arriba a José Ferreiro e a súa muller Nicolasa Cebreiro, previa licenza marital, do barrio de Pontoibo. Suxéitanse á xustiza da Súa Maxestade, (SM). O seu prezo é de 140 reais de vellón en moedas boas e correntes. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Translación de dominio partido de Santa Marta de Ortigueira. 2%=2r 80 cts. Testemuñas: Juan Curral, Antonio Rouco e Andrés Romero.

***09/10/1859 -** Compra por Juan Vilaboy e polo seu tio Juan do Barro a Francisco Nicolas Cebreiro de Pontoibo de 3/4 de 1/3 dunha peza de monte de 38 ferrados no Serrón dos Gatos en Marraxón de Arriba e 3/4 de 1/16 avos dunha peza de once ferrados de prado, 1/3 de 1/8 do muíño fariñeiro do Tineo e

máis pezas. Suxéitanse á xustiza que aplica aos seus domicilios. O seu prezo é de 300 reais de vellón en moedas boas e correntes. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Translación de dominio en partido de Santa Marta de Ortigueira. 2%=2 reais e 80 cts. Testemuñas: José Domingo Casas, Cayetano González e José Ferreiro.

***13/12/1859 -** Compra a Fernando Freyre por Juan Vilaboy e Juan do Barro, para si e as súas mulleres, de 5/15 avos e medio dunha porción da casa, alboio, curral e horta que colona Domingo Cavarcos. Tamén de 1/15 avos a Domingo Vivero, 8/15 de Francisco Carballeira e Genaro Castro. O seu prezo é de 288 reais de vellón. Testemuñas: José Domingo Casas, José do Pico e Aniceto Cibreyro.

***15/12/1859 -** Compra a Juana Castro e ao seu marido Fernando Freyre por Juan Vilaboy e Juan do Barro de 5/15 avos e medio dunha «adra» da casa, alboio, curral e horta que habita Domingo Cavarcos. O seu prezo é de 188 reais de vellón en boas e correntes moedas. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Testemuñas: José Domingo Casas e Francisco Romero.

***19/12/1859 -** Deslinde de mutuo acordo entre Domingo Vivero e Juan do Barro sendo perito agrimensor José Domingo Casas veciño das Pontes, dunha «adra» da casa onde habita Domingo Cabarcos. Pasou a proceder ao deslinde da casa, curral e horta. 1/10 parte a Domingo Vivero da casa e alboio e 9/10 partes a Juan Barro. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Testemuñas: Pedro Gregorio, Pedro Paz e Domingo Permuy.

***25/12/1859 -** Compra a Genaro Castro e á súa muller Vicenta de Castro por Juan do Barro e o seu sobriño político Juan Vilaboy, para si e as súas mulleres, dunha «adra» da casa, alboio, curral e horta que habita Domingo Cavarcos. Suxéitanse á xustiza da Súa Maxestade, SM. Valoración de 200 reais de vellón en moedas boas e correntes. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1859 por 40 marabedís. Testemuñas: Antonio Rouco, Manuel Rouco e Antonio Fraga.

***14/01/1860 -** Asistencia a un xuízo verbal de faltas entre Juan Vilaboy e Antonio Cebreiro por lindes e uso indebido de paso pola cancela da súa casa. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1860 por 40 marabedís. Testemuñas: Antonio Freire Marcos e José López López.

***06/05/1860 -** Venda de Antonio de Gómez e da súa muller María de Castro, con licenza marital conforme á lei, a Francisco Romero, solteiro, desta mencionada vila da metade da casa que habita Bicente Romero no lugar de Cervicol e outras pezas. O seu prezo é de 1160 reais de vellón en moedas boas e correntes. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1860 por 40 marabedís. Translación de dominio partido de Santa Marta de Ortigueira. 2%=23 reais e 20 cts. Testemuñas: Andrés Chao, Salvador Curral e Antonio Curral.

***23/09/1860 -** Bonifacio Ramos, solteiro e veciño da Calvela e Francisco Vilaboy veciño do lugar de Marraxón permutan unha peza de monte e leira no sitio de Dapena Branca limitando nos lugares de Juan do Barro, Francisco Carballeyra e Francisco Vilaboy en Marraxón de Arriba. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1860 por 40 marabedís. Testemuñas: Pedro Gregorio, Benito da Pena e Felipe de Fraga.

***02/10/1860 -** Cesión de Francisco Vilaboy ao seu fillo Juan, maior de trinta años, dunha peza de monte e labradío que chaman Suo Camiño de menos de catro ferrados. Limita polo levante aos de Fraga, poñente ao camiño, Norte e Sur de Juan Barro e Francisco Carballeira. Pagando o fillo unha renda de medio ferrado de centeo cada ano a Bonifacio Ramos por permuta no sitio da Marrocheira. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1860, 40 marabedís. Testemuñas: Domingo Fraga, Pedro Formoso e Manuel Vilaboy.

***27/10/1860 -** Comparecen Juan Vilaboy que convive co seu tío Juan do Barro, Vicente Fraga e Jerónimo Gómez veciño da vila das Pontes. Juan ten un terreo que serve para os pallares, cerrado de sebe, derribado por Fraga por mandato de Gómez. Vilaboy solicitou xuízo verbal de falta que non tivo efecto por amar ás paces e transixiuse amigablemente o deslinde e «amoxonamento» pagando cada un en función do valor das súas propiedades. Selo

4º no reinado de Isabel II no ano 1860 por 40 marabedís. Testemuñas: José Domingo Casas, Antonio do Pico e Felipe Fraga.
***24/12/1860 –** Compra con data 01/11/1857 de medio ferrado de campón por Juan Vilaboy a Francisco Martínez. Posterior derribo dunha sebe feito polo comprador, unha vez foi propietario, e que se levou á xustiza que opina que foi un disparate. Foron condenados en Ferrol os que derribaron o cerramento a perder o xuízo de faltas e repoñer os gastos.
***11/02/1861 -** Carta de Andrés Vilaboy ao Sr. alcalde, Francisco Ramil López sobre a exención do servizo militar, na que explica que algunhas persoas afirman que esa exención é maliciosa. Expón motivos de defensa contra eles e en concreto contra o cura párroco D. Manuel Tomás González que anda dicindo que usou os mesmos medios que os seus irmáns , Juan e Manuel, e que ao seu irmán Antonio xa lle están preparando o mesmo motivo para librar a través do facultativo D. José Galán. Cuestionan así, do mesmo xeito, o labor do alcalde e o facultativo que interveñen neste proceso. Roga consten os motivos da exención no expediente e que se repoña o honor ao seu irmán Antonio e que conste no seu expediente o resultado da análise dos seus pés por parte do facultativo. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1861, 40 marabedís.
***07/07/1861 -** Venda de Francisca Cabeyro Vizoso e do seu marido Roque Cabaleiro, previa licenza deste, ambos veciños de San Xoan do Freixo a Juan do Barro de: 1ª) 1/7 parte do remanente no lugar de Marraxón de Arriba onde habita e colona o seu irmán Antonio Cabeyro consistente en casa, currais, eiras, hortas, terras, labradíos, regadíos, montes, fragas e un muíño. 2ª) Terras, montes, labradíos e campós na parroquia de Somozas que lle tocaron por herdanza. 3ª) Montes na parroquia do Freixo da mesma herdanza e que no se poden concretar xa que os títulos están reunidos nunha soa man con outros por derivación dos seus pais José Caveyro e María Vizoso. O seu prezo de 3180 reais de vellón en moedas correntes. Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1861, 4 reais. Translación de dominio partido de Santa Marta de Ortigueira. 2%=63 reais e 60 cts.

***01/08/1861 -** Venda de Francisco Cabeyro, veciño do lugar do Meidelo, a Juan do Barro de: 1ª) 1/7 parte do remanente no lugar de Marraxón de Arriba onde habita e colona o seu irmán Antonio Cabeyro consistente en casa, currais, eiras, hortas, terras, labradíos, regadíos, montes, fragas e un muíño. 2ª) Terras, montes, labradíos e campos na parroquia de Somozas que lle tocaron por herdanza. 3ª) Montes na parroquia do Freixo da mesma herdanza e que non se poden concretar xa que os títulos están reunidos nunha soa man con outros por derivación dos seus pais José Caveyro e María Vizoso. O seu prezo de 3500 reais de vellón en moedas correntes. Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1861, 4 reais. Translación de dominio partido de Santa Marta de Ortigueira. 2%=70 reais.

***15/03/1862 -** Pastor Piñón, veciño de San Andrés de Lousada, vende a Andrés Cabaleiro veciño do lugar de Suarriba da parroquia das Pontes, unha sala con piso, faio e corte no lugar de Teixido de Abaixo na parroquia de Lousada e outras partes máis no mesmo lugar. O seu prezo é de 2400 reais de vellón en moedas correntes. Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1862, 8 reais Translación de dominio no partido de Vilalba, 2% do valor para recadación do dereito de hipotecas = 48 reais. Testemuñas: o alcalde Francisco Ramil, Francisco Casas e Francisco José Romero.

***15/03/1862 -** Andrés Cabaleiro e a súa muller Juana Rodríguez, veciños do lugar de Suarriba, adquiriron ao seu sogro e pai respectivo, Pastor Piñon, veciño de San Andres de Lousada, unha porción da casa, oficina e agregados na que habita con parte do muíño do mesmo lugar de Teixido de Abaixo. Non lle esixirán renda algunha pola casa e muíño mentres viva o seu pai pero si polos restantes bens, mostrándose moi agradecido Pastor Piñon. Testemuñas: o alcalde Francisco Ramil, Francisco Casas e Francisco José Romero.

***24/04/1862 –** Interveñen Francisco Cabeyro Vizoso da parroquia de Santa María da Vilabella, Roque Cabaleiyro Rodríguez da de San Xoan do Freixo e Juan Vilaboy (Curral) Freyre en representación do seu tío político Juan do Barro Pérez. Os citados Cabeyro e Cabaleyro venden a Juan do Barro as 2/7 partes dos bens herdados do finado José Ciprián Cabeyro en Marraxón, San

Xoan do Freixo e Somozas. Garántense determinadas rendas hipotecando unha propiedade no lugar do Meidelo e outra no lugar de Sucadio en San Xoan do Freixo. Selo 5º no reinado de Isabel II no ano 1862, 32 reais. Testemuñas: José Domingo, Francisco Casas e Manuel Cavarcos.

***18/06/1862 –** Interveñen Antonio Caveyro e a súa irmá da parroquia das Pontes, Andrés Ferro e a súa muller da parroquia da Vilabella, Juan do Barro veciño das Pontes e Antonio Caveyro como herdeiro da 1/7 parte dos seus defuntos pais, outro 1/7 que adquiriu da súa irmá Carmen e outro 1/7 parte do seu irmán Vicente, (ausente na Habana), 1/7 parte da súa muller e 1/7 parte de María, (total 5/7 partes) e Juan Barro as outras 2/7 partes compradas a Francisco Caaveiro e á súa irmá Francisca. Tratan de dividir a totalidade da herdanza con varias condicións. Delimítase a parte de Juan do Barro quedando totalmente libre a partir do primeiro de xaneiro de 1864.

***18/06/1862 -** Certificación do perito agrimensor José Domingo Casas da partilla de José Cyprian Cabeyro e a súa muller María Vizoso Diez. Corresponde ao 2º pago das 2/7 partes a Juan do Barro dos bens da herdanza dos seus patrucios, 1/7 parte de Francisco Cabeyro e 1/7 parte de Roque Cabaleyro. Concédense os seguintes bens:

1º- 2/7 partes da casa e arredores valoradas en 1000 reais. 2º- 3/7 partes de pezas de labradío e aira valoradas en 390 reais. 3º- 2/3 partes de pezas de labradío chamado Os Loureyros valoradas en 2109 reais. 4º- Metade da peza de monte das Cañizas valoradas en 487,5 reais. 5º- 3/7 partes de peza de carballeira no muíño novo valoradas en 443,14 reais. 6º- Peza de monte e braña que chaman Fonte Salgueyro valoradas en 370 reais. 7º- Peza de monte e brañal en Cruz do Bañal valoradas en 8 reais.

Totalizan 4807,64 reais. Establécense varias declaracións por se quedasen outros bens sobre as escrituras. Selo 6º no reinado de Isabel II no ano 1862 por 16 reais. Testemuñas: Andrés Ferro, Antonio Viveiro, Felipe Calbo e Domingo de Fraga.

***31/12/1862 -** Pago de María Carballeira Cabaleiro polos bens que lle tocaron dos seus pais Pedro Carballeira e Juana Cabaleiro, veciños do «curato» das

Pontes, moradores no seu día no lugar do Carballal. Pago de 5576 reais e 20 marabedís para satisfacer a Juan Barro en nome da súa muller María Carballeira Cabaleiro:

Bens no lugar de Bermudez, (Bermui), parroquia de Santa María de Ribadeume por un importe de 1217 reais.

Bens herdados no lugar de Marraxón de Arriba, parroquia das Pontes, por un importe de 906 reais, que inclúe 1/3 de 16/40 avas partes e 2/3 doutra parte da casa antiga onde vive Juan do Barro, coa súa cociña, cuarto con alto e baixo, o fondo da bodega e alboio, reconstruído todo a expensas de Juan Barro e terreos anexos e outros próximos. Límites cos de Cibreiro, Juan do Barro, Vicente Ledo, Vicente Fraga, Francisco Castro, Vicente do Cal e fillos de José Cabeyro.

Bens no lugar de San Pedro de Miraz por un importe de 400 reais.

Bens no lugar de San Pedro de Santaballa por un importe de 1330 reais.

Bens no lugar da Bacariza por un importe de 427 reais e medio.

Bens no lugar do Paraño, parroquia das Pontes por un importe de 750 reais.

Bens no lugar de Santaballa por un importe de 379 reais.

Bens no lugar de San Saturniño, partido de Ferrol, por un importe de 168 reais.

Totalizan 5577,5 reais as propiedades deste cupo ("hijuela»), que radican nos distritos das Pontes, Xermade, Vilalba, Somozas, Capela e San Saturniño.

As seis misas que gravitan sobre as propiedades de aniversario quedan para sempre a cargo de Francisco Carballeira, irmán de Pedro Carballeira, e os seus herdeiros, para cuxo pago leva polo seu beneplácito o muíño fariñeiro do lugar do Carballal. Selo 6º no reinado de Isabel II no ano 1862, 16 reais. Expediente no distrito de Vilalba. Perito titular José Antonio Pérez da parroquia de San Pedro de Santaballa.

***23/04/1865 -** Os irmáns Vicente e Fernando Vibero, veciños da parroquia das Pontes, venden a Juan do Barro e ao seu sobriño político Juan Vilaboy a parte de 1/2 de 1/5 de 16/30 avos máis 1/3 da casa, alboio, varias propiedades e muíño no Tineo no lugar de Marraxón de Arriba por 760 reais. Selo 9º no

reinado de Isabel II no ano 1865, 2 reais. Testemuñas: Pedro Gregorio, José Ledo e Francisco da Bouza.

***08/12/1866 –** «Terceiro testamento» de Juan do Barro de 66 anos de idade e da súa muller María (Carballeira) Cabaleiro, da mesma idade, ordenando como serán as súas honras fúnebres, o número de misas fúnebres e de aniversario coa asistencia de 6 sacerdotes, entre estes o párroco, 4 sacerdotes nos aniversarios e os pagos de costume naquelas datas coas súas esmolas, con base de 8 ferrados de trigo e 8 de centeo. Valoran o seu capital en 8000 reais. Declaran que xa no ano 1854 doaron todos os seus bens, unha vez que faleceran os dous, á súa sobriña carnal Juana Carballeira Fernández que actualmente está casada con Juan Vilaboy (Curral) Freyre, que viven na súa compaña e aceptan o cumprimento de todos os termos do testamento. Selo 6º no reinado de Isabel II no ano 1866, 1 Escudo e 60 cts.

***08/12/1866 –** Na vila das Pontes, documento complementario do «terceiro testamento» de Juan do Barro e a súa muller María (Carballeira) Cabaleiro mediante escritura notarial de Ramón Dávila Salgado, notario da Coruña, confirmando o acordo de todas as partes e actualizando o testamento feito en 1854. Taxa de 6 reais. Selo 6º no reinado de Isabel II no ano 1866, 1 Escudo e 60 cts.

***28/06/1867 –** Ditame testamentario do licenciado Castro Bolaño en Lugo. Obrígase ao matrimonio formado por Juana (Carballeira) Fernández e Juan Vilaboy (Curral) Freyre a cumprir os requisitos que tiña fixados Juana (Carballeira) Fernández para dispoñer da doazón realizada por Juan do Barro e María (Carballeira) Cabaleiro e se considera que a aceptación será irrevogable salvo que os donantes non cumprisen coas súas obrigacións.

***16/10/1867 –** Pago de Juan do Barro e o seu sobriño Juan Vilaboy pola compra dunha terra e campón aos herdeiros de Ciprián Caveyro. Págase ao seu veciño Antonio Caveyro en representación dos herdeiros de Ciprian Caveyro que son Francisco Caveyro e a súa irmá Francisca. Consta de varios pagos: no ano 1867 pagou 140 reais e no 1868 outros 140 reais e 116 reais máis e 140 reais en 1869 como derradeiro pago por morrer María Cabeyro o 28 de

xuño de 1868. Documento privado xa que o oficial está en man do escribán de Santa Marta de Ortigueira.

***01/11/1867 –** Venda do dereito de canteira aberta no lugar de Marraxón de Arriba, no sitio chamado do Chao das Penas por Vicente Fraga a Juan Vilaboy (Curral) Freire no prezo de 120 reais. Cando calquera dos intervenientes o solicite pasarase a documento público. Selo 9º no ano 1867, 20 cts. de Escudo. Testemuñas: Juan Cavarcos Duran, Antonio Trigo e Francisco Ferro.

***14/05/1868** - Pago en bens a Juana Piñón Rodríguez, nai de Benito Cabaleiro Piñón, por herdanza da súa finada tía Rosa López Rodríguez, (una oitava parte), en Lousada. Consta de 7 bens no lugar de Lousada por un importe de 600 reais. Juana Piñón Rodríguez queda obrigada a pagar cada 8 años una renda á marquesa de Val de Carzana, (réxime señorial da alta nobreza asturiana), medio ferrado de centeo e catro reais anuais e outras rendas similares segundo convenio.

***05/06/1868** - Manifesto na parroquia das Pontes de Juan do Pico de 30 anos, solteiro, quen partirá para a Illa de Cuba, (Habana), coa intención de gañar un xornal e declarar algúns bens que deixa e entrega ao seu irmán José, con quen ten algunhas débedas, entre elas o coste da pasaxe do barco para A Habana. Cando dispoña de fondos suficientes llos enviará a fin de asistir e soster á súa nai Josefa do Pico, viúva de Manuel do Pico, mentres non volva a esta terra. Selo 9º no ano 1868, 20 cts. de Escudo. Testemuñas: Pedro Gregorio, José María Gregorio e Manuel Gregorio.

***18/06/1868 –** No lugar do Bañal da parroquia das Pontes, compra por Juan Vilaboy para si e para a súa muller de parte dos muíños chamados dos Barro na beira do río Eume, debaixo do lugar de Laxoso, e montes anexos, a Francisco Cebreyro de Marraxón, este tamén en nome dos seus irmáns Antonio e María Juana e a Juan Curral de Somede, en nome da súa muller Juana Caveyro por valor de 432 e 108 reais respectivamente. Ao non estar presente o escribán comprométense a trasladalo a documento público cando o pida Juan Vilaboy. Testemuñas: Pedro Gregorio e o seu fillo José María Gregorio e Manuel Gregorio.

***01/09/1868 -** Débeda de 540 reais, prestados por Juan Vilaboy a Marcos García do lugar da Cabeceira na parroquia das Pontes, a devolver no prazo dun ano se non o paga antes. Como garantía hipoteca o cuarto novo da casa coas súas paredes, lousa, piso e madeira onde habita, na parte do levante. Selo 9º no ano 1868, 20 cts. de Escudo. Testemuñas: Pedro Gregorio, Manuel Gregorio e Fernando Vibero.

***02/02/1870 -** Compra polo prezo de 550 reais dunha peza de dous ferrados de labradío no lugar do Trigal en Somozas por Andrés Cabaleiro, veciño de Suarriba, (pai de Benito Cabaleiro Piñón), a Manuel Rego Souto de San Xoan do Freixo. Selo 9º do ano 1870, 200 milésimas. Testemuñas: Pedro Pita Pérez e o seu fillo Pedro Pita Lago.

***02/04/1870 –** Acta de demanda na vila das Pontes ante o xuíz de paz Miguel Curral Fernández: Vicente Ruvido? Castrillón de Santa María da Pedra en Ortigueira e Pedro Rey López de San Sebastián dos Devesos contra Francisco Carballeira Cabaleiro, veciño do lugar do Carballal, sobre incumprimentos de división de ata 30 bens sitos nas parroquias de Piñeiro, Xermade, Candamil e Aparral do ditaminado nun anterior xuízo con data 02/06/1868. O demandante solicita ante o xuíz que retire a súa demanda chegando a un acordo todas as partes como homes bos para evitar gastos xudiciais e fíxanse novas condicións que o xuíz aproba. Selo 8º do ano 1870, 400 milésimas

***24/04/1870 –** Trato entre Juan do Barro e consorte do lugar de Marraxón de Arriba e Francisco Puentes veciño da Vilabella para arranxo e rectificado de parte dos muros e carpintería de madeira en portas e ventás do muíño fariñeiro dos Barros, con prazos de obra e de pago determinados no documento e que asinan cun importe económico de 3600 reais de vellón que pagarán Juan do Barro e socios a Francisco Puentes. As obras executaranse con total seguridade e firmeza e deberían comezar a mediados do mes de maio de 1870 e finalizarán a primeiros do mes de setembro dese mesmo ano. Testemuñas: Pedro Formoso e Salbador Curral.

***20/06/1870 –** A redención de cargos eclesiásticos: misa de aniversario perpetuo de esmola de tres reais a «descargar» o día 15 de agosto na igrexa de

Santa María de Piñeiro por ter Juan do Barro unha propiedade na Bacariza en Piñeiro. Adiantado ata 97 reais, descontado a capitalización dun 3% por pago adiantado. A propiedade hipotecada queda libre e exenta de todo gravame
Despois de varios «considerando» baixo o regulamento dos convenios entre a Santa Sé e outras fundacións piadosas, concédese redimida a citada misa perpetua e por tanto a propiedade hipotecada queda libre e exenta de todo gravame por este concepto.
Queda inscrito no libro de arquivo de esmolas piadosas na parroquia de San Martín de Piñeiro. Selo 9º do ano 1870, 200 milésimas e selo do Bispado de Mondoñedo.
***08/07/1871** - Pago de Juana Piñon, nai de Benito Cabaleiro Piñón, por separación amigable da partilla entre o seu irmán e ela pola herdanza de seu finado pai Pastor Piñon, valorada en 865 pesetas, correspondente aos bens que lle corresponden no lugar de Teixido de Arriba e Teixido de Abaixo, na parroquia de San Andrés de Lousada, de trece propiedades e parte dun muíño. Quedan sen repartir máis bens, algúns deles da súa finada nai.
***21/10/1871 –** Solicitude á alcaldía do concello das Pontes dunha certificación por parte de Francisco Vilaboy Rodriguez e Vicenta Novo López, solteiros e veciños de San Xoan do Freixo, de que veñen satisfacendo todos os anos dende antes da aplicación da nova lei Hipotecaria, por medio do colono Vicente Romero a correspondente contribución territorial que aplica a diversas propiedades no lugar de Cervicol das que son titulares por herdanza. O alcalde José Fernández Cabarcos certifica favorablemente. Selo 11º do ano 1871, 50 céntimos de peseta.
***06/09/1872 –** Na parroquia de Cerdido chégase ao acordo de venda de Vicente Rubido Castrillón, veciño do lugar da Bacariza, dos dereitos de renda foral que ten no lugar de Macendoy, parroquia de Piñeiro e distrito de Xermade, a Juan Vilaboy Curral do lugar de Marraxón de Arriba dos 260 reais que lles paga anualmente a viúva de Tojeiro e de 20 reais anuais que lle paga Andrés Fraguio. A trasladar a documento público cando o requira o comprador. Testemuñas: Antonio Prada e Francisco Novás.

***28/11/1872 -** Acto conciliatorio no xulgado municipal da vila de Ortigueira entre os membros da familia Sandomingo e outros para que autoricen a realización das partillas duns bens na Capela de Miraz que ostentaba Francisca Carballeira das Pontes coas testemuñas e os seus bos homes. Selo 5º do ano 1872, 8 pesetas.

***08/03/1873 -** Comparecen na Vila das Pontes dunha parte Juan Vilaboy Curral e da outra Francisco Cebreiro e Antonio Cabeiro, todos veciños do lugar de Marraxón, para acordar ante testemuñas como se farán e por quen os cerrumes e sebes en diversas propiedades no Bañal Vello. Testemuñas: Jacobo do Rego e José Alende.

***26/11/1873 -** Venda por Pedro Formoso Casal, casado, veciño da Vilabella, Antonio Ledo Díaz e Manuel Ramos Pardo da vila das Pontes a Juan Vilaboy Curral, viúvo, de corenta e tres anos, veciño do lugar de Marraxón de Arriba, da 13/30 ava parte e 2/3 partes doutro dos 5/8 da casa de Marraxón, onde viviu Domingo Cabarcos, con todos os edificios, curral, eira e hortas. Suxéitanse á xustiza. Prezo de 1200 reais, ou sexa, 300 pesetas en metálico. Selo 11º do ano 1873, 50 céntimos de peseta. Testemuñas: Antonio Trigo Paz, Francisco Vidal Castro e Fernando Vivero Freyre.

***30/03/1874 -** Acto conciliatorio no xulgado do concello das Pontes entre Vicente Ledo Lago e Juan Vilaboy Curral como demandantes contra varios demandados reclamando reposición en prazos determinados, valorado nunhas 375 pesetas por danos dunha queima da roza e leña por propagación do lume nos montes de Cabadas que tivo lugar en setembro de 1872. Selo 10º do ano 1874, 1 peseta. Aparece pegado a este documento un selo recadatorio,“ impuesto de guerra», por un importe de 10 cts. de peseta.

A modo de aclaración sobre este imposto de guerra.

Antecedente histórico[1]

No ano 1874 España estaba mergullada en graves conflitos, tanto internamente, coa sublevación cantonal e a nova insurrección carlista no País Vasco e Navarra, como fóra da península coa Guerra dos Dez Anos en Cuba. Escenario enmarcado ademais nun novo réxime político co inicio da I República Española tras a abdicación en 1873 do Rei Amadeo I.

Neste contexto de guerra, dáse, por suposto, un incremento constante de gastos e, por ende, a necesidade de crear medidas extraordinarias para sufragar e manter os orzamentos do Estado. Por este motivo, e como en moitas outras ocasións, ditouse a Lei do 2 de outubro de 1973, na que se decretaban unha serie de impostos extraordinarios e transitorios, un dos cales foi o imposto do timbre, referido no artigo 3.º da Lei.

Créase un imposto transitorio do timbre, representado por selos de 5 e 10 céntimos de peseta, que se distinguirán coa inscrición imposto de guerra, que deberán usarse adheríndoos nas cartas, documentos, títulos e billetes que de seguido se expresan.

O selo de 5 céntimos en toda carta ou prego, calquera que sexa o seu peso, que vaia circular na península e illa adxacentes, con exclusión das que se dirixan a ultramar.

O selo de 10 céntimos usarase:

1.º En billetes de lotería nacional e rifas. (...)

6.º En cada un dos pregos de papel de multas (...)

7.º En pregos de papel selado ou pagaré de bens nacionais e papel de pagamentos ao Estado (...)

8.º Documentos de xiro (...)

9.º Polizas de operacións de Bolsa (...)

10.º Nos manifestos (...)

11.º Pagamemtos de todas as clases (...)

1 Publicacións das sociedades de filatelia ou filatelia dixital.

Esta Lei tiña que cumprise a partir do 1.º de xaneiro de 1874, data na que se puxeron en circulación os dous primeiros selos de imposto de guerra de 5 e 10 céntimos, os cales tiñas que adherirse como tarifa complementaria aos documentos referidos.

***11/04/1874** - Devolución de préstamo por Juan Vilaboy Curral aos seus pais Francisco Vilaboy e Toribia Freire Curral, de 75 e 73 anos respectivamente, por un importe de 1250 pesetas, equivalente a 5000 reais, para compra da metade dunha casa de planta baixa e piso en Ferrol. Una cuarta parte pertence a Francisco Vilaboy e a outra cuarta parte a Antonio Vilaboy, irmán deste. Selo 11º do ano 1874, 50 cts. de peseta. Selo recadatorio «impuesto de guerra» por un importe de 10 cts. de peseta. Testemuñas: Domingo de Fraga.

***29/12/1876** - Venda de Vicente do Pico Fernández, veciño de Marraxón de Abaixo, de medio oitavo do muíño do Tineo neste mesmo lugar a Juan Vilaboy de Marraxón de Arriba por un importe de 80 reais. Selo 11º do ano 1876, 50 cts. de peseta. Testemuñas: Domingo Tojeyro e Alejandro Cebreiro.

***03/12/1877** - Escrito á corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez por varios veciños do lugar de Marraxón denunciando ao mestre José Mª Casás da «escola incompleta de nenos» de dito lugar. Era obriga do mestre impartir clase catro meses ao ano e residir en Marraxón e non adoita asistir por desempeñar a función de secretario no Concello da Capela, substitúeo o seu irmán Francisco Casás, que apenas sabe ler e escribir

e que só se dedica á aprendizaxe do oficio de ferreiro na fragua dun veciño nas horas de clase. Os veciños denuncian para que non lle paguen os seus haberes e ameazan con reproducir este feito ante a inspección provincial. Selo 11º do ano 1877, 50 cts. de peseta. Asinan polo menos 17 veciños.

***28/01/1878 –** Expedición de cédula a Juan Vilaboy (Curral) Fernández de 47 anos de idade e veciño do lugar de Marraxón de Arriba por extravío da mesma. Certificase polo alcalde Antonio Arias Rodríguez unha nova cédula. Nela especifícanse idade, altura e características faciais. Menciona que o seu oficio non é de labrego senón de «propietario». Selo da alcaldía Constitucional.

***21/02/1879 –** Ditame testamentario en Ferrol do licenciado Enrique López Vidal a petición de Juan do Barro e a súa muller Francisca Carballeira unha vez falecida a súa filla María. Aconséllaos sobre a forma máis eficaz de herdar, en doar todo os seus bens ao seu xenro Juan Vilaboy, con reserva do usufruto, e, no caso de que este falecera antes que eles, serían beneficiarios os seus catro fillos.

***27/02/1879** - Copia da cuarta consignación e pago que fai Francisco Vilaboy e Toribia Curral de mutuo acordo para o seu fillo Juan Vilaboy Curral, das súas 1588 pesetas e 75 céntimos que lle corresponde das súas herdanzas paterna e materna dos bens raíces en Marraxón de Abaixo, (22 bens), e Marraxón de Arriba, (5 bens), sendo 1/5 do total. Así mesmo 1000 pesetas por alfaias, efectos da casa, unha «cama de roupa», froitos secos, laboríos verdes e gando. Partido Xudicial de Ortigueira. Resérvase o usufruto mentres vivan e as 4/5 partes restantes para os outros catro irmáns de Juan.

***12/03/1879** - Na parroquia de Santiago Seré das Somozas, lugar da Garita, ante notario público, comparece Juan Barro Pérez de idade 78 anos, casado e cego, veciño do lugar de Marraxón de Arriba, con cédula número 179 expedida o 24 de xaneiro de 1879, designa en escritura de mandato para que administre todos os seus bens, compras, vendas, cobro de rendas e outros, sen excepcións e dentro das leis, así como para representalo en xuízos e conciliacións ao seu xenro Juan Vilaboy Curral que vive na súa compaña en Marraxón de Arriba. Selo 6º do ano 1879, 4 pesetas.

***12/03/1879 –** Cuarto testamento de Juan do Barro e a súa muller María Carballeira. Na parroquia de Santiago Seré das Somozas, lugar da Garita, ante notario público, comparece, por unha banda Juan Barro Pérez de idade 78 anos, casado e cego, coa asistencia da súa muller María Carballeira Cabaleiro de idade 77 anos, cuxa licenza solicitou, o seu marido recibiuna e ela aceptouna, e, por outra, Juan Vilaboy Freire Curral de 48 años, viúvo, todos eles veciños do lugar de Marraxón de Arriba, e cédulas número 179, 175 e 178 respectivamente expedidas o 24 de xaneiro de 1879. Concédese escritura de doazón en vida e designan en escritura de mandato para que, se non chega a herdar, o fagan os seus fillos Andrea, Antonio, Manuela e Andrés. Selo 6º do ano 1879, 4 pesetas. Liquidado o imposto sobre dereitos reais e transmisión de bens na oficina liquidadora de Ortigueira con data 09/04/1879. Taxa 10% do valor dos bens: 10% de 2000 = 200 pesetas.

***08/09/1880 -** Na parroquia de San Pedro Fiz de Roupar, por unha parte Rosendo Ledo Fernández veciño de Cabreiros e a súa muller Josefa González López venden varias propiedades a Juan Vilaboy e pasan a ser colonos das mesmas pagando cada ano catro fanegas de centeo pola medida de Vilalba e os entregan cada un de setembro na vila das Pontes. Suxéitanse á xustiza competente e poderá trasladarse a documento público cando o requira o comprador. Valoración 3500 reais, ou sexa, 875 pesetas en metálico. Testemuñas: Josefa López e Felipe Vermudez.

***01/12/1880 -** Comparecencia de Vicente García da parroquia de San Pedro de Muras, e, por outra banda, de Pedro Formoso da parroquia de Vilabella e de Juan Vilaboy das Pontes, unha vez acreditadas as súas cédulas persoais e con varias testemuñas, na que Vicente recoñece neste acto, ser donos dunha egua cun poldro e doutro poldro que foron selados por un erro. Resólvese amigablemente neste acto e comprométense a poñer o sinal que tiñan anteriormente. Asinan: ata catro persoas.

***26/12/1880 -** Venda verbal, a expensas de trasladala a pública, de Vicenta Tojeiro Fontao e da súa filla Antonia Tojeiro Bahamonde, ambas viúvas e veciñas do lugar de Marraxón de Abaixo na casa chamada do Vento a Ma-

nuel Cabeiro Fernández, veciño tamén de Marraxón de Abaixo, dunha peza de terra a labradío nomeada a Pedregosa, a súa cabida como tres ferrados, limitada por catro marcos. Suxéitanse ás leis vixentes. Valoración de 500 reais, ou sexa, 175 pesetas, en moedas de ouro e prata. Testemuñas: Marcos López, José Ferreiro Soto e Baltaxar Cebreiro Bouza.

***29/01/1882 –** Acordo de cambio e permuta dunha serventía no Rego do Muíño, extra muros da Vila das Pontes, entre Juan Vilaboy Curral e outros propietarios contiguos. Selo 11º do ano 1882, 50 cts. de peseta. Testemuñas: José Cabaleiro, Benito Cabaleiro e Antonio Rouco.

***05/11/1882 –** Alugueiro documentado na vila das Pontes do lugar que pertence a Juana Rodríguez Piñón por herdanza dos seus pais no lugar de Teixido, (Lousada). Comprende casa, hortas, labradío, monte, campos de pastoreo e de sega e uso do muíño en San Andrés de Lousada. Alugador: Andrés Cabaleiro Rodriguez e a súa muller Juana Rodríguez Piñón, veciños da parroquia das Pontes. Alugueiro: Juan López, veciño de San Andrés de Lousada. Tempo do alugueiro 5 anos e ata 4 anos máis se o lugar vai a máis en canto a rendemento. Pago de 5 »henajas» e media de centeo «limpo de polvo e palla» e un ferrado de trigo por un prado de labradío. En agosto ou setembro o alugueiro pagará a contribución do lugar. Testemuñas: Benito Nobo, Salvador Curral e Bonificio Ramos.

***17/12/1882 –** Cambio de varios bens en Marraxón de Arriba entre Juan Vilaboy e Francisco Cebreiro, veciños do lugar de Marraxón de Arriba. 1/8 parte da casa vella onde viviu como colono Rosendo Cabarcos queda para Juan Vilaboy, o resto son pezas de terreo de diversa tipoloxía que tamén se intercambian. Testemuñas: Vicente Romero, Pedro Castro Fernández e Plácido Pajón.

***01/02/1884 –** Alugueiro de varias pezas de labradío no lugar do Porto en Lousada. Alugador: Andrés Cabaleiro Rodríguez, veciño da parroquia das Pontes. Alugueiro: Juan Prieto, veciño de San Andrés de Lousada. O tempo do alugueiro será de 6 anos. Como renda pagará 8 ferrados e medio de centeo, libre de contribución no mes de setembro. Testemuñas: Pedro Caaveiro López, José María Vilaboy e Manuel Piñón.

***16/03/1884 –** «5º Testamento» de Juan do Barro Pérez de 84 anos de idade, fillo de Gregorio do Barro e de Vicenta Pérez, veciño do lugar de Marraxón de Arriba, quen lega a favor do seu afillado Juan Vilaboy Curral de estado viúvo e que vive na súa compañía. Non asina por non saber e ademais é cego. Dá fe en Marraxón de Arriba o notario Manuel Salgado García con residencia en Cerdido e pertencente ao Ilustre Colexio da Coruña. Selo da notaría de Manuel Salgado. Ata sete testemuñas.

***16/03/1884 –** «5º Testamento» de María Carballeira Cabaleiro de 84 anos de idade, (80 anos segundo un testamento anterior), muller de Juan do Barro, filla de Pedro Carballeira e Juana Cabaleiro, veciña do lugar de Marraxón de Arriba, quen lega a favor do seu sobriño político Juan Vilaboy Curral de estado viúvo e que vive na súa compañía. Non asina por non saber. Da fe en Marraxón de Arriba o notario Manuel Salgado García con residencia en Cerdido e pertencente ao Ilustre Colexio da Coruña. Selo da notaría de Manuel Salgado. Ata cinco testemuñas.

***25/03/1885 -** Acordo amigable de prexuízo por romper a gabia ao levantar un muro de cerramento sobre unha das propiedades no sitio da Fonte de López en Marraxón de Abaixo. Interveñen Antonio Cabeiro Vizoso e Juan Vilaboy Curral. Testemuñas: Vicente Pico Cebreiro, Antonio Rouco e Domingo Fresco López.

***12/09/1886 -** Certificado do secretario do Concello de Somozas solicitado por Juan Vilaboy Curral para acreditar que non ten que pagar a contribución nese concello por non figurar inscrito. Selo 11º do ano 1886, 1 peseta.

***06/01/1887 –** Compra de 1/10 de ferrado de campón inculto na aira en Marraxón de Arriba. Compradores: Antonio Vilaboy Carballeira no seu nome e para os seus irmáns Andrea, Manuela e Andrés, fillos de Juan Vilaboy Curral e María Carballeira Cabaleiro, en cuartas partes. Vendedores: Juan Curral Fernández e a súa muller Juana Fernández Caabeiro, por herdanza da nai desta. Valoración de 50 pesetas, ou sexa, 200 reais. Aplica a xustiza da S.M. O documento se trasladará a documento público cando o solicite o comprador. Testemuñas: Juan Tojeiro Rodríguez, Eleuterio Cebreiro Formoso e Antonio Rouco López.

***12/05/1887 –** Memorial de bens capitais ao óbito de Juan Vilaboy Curral. Interveñen os seus catro fillos coherdeiros: Antonio, Manuela, Andrea e Andrés Vilaboy Carballeira. Tamén Benito Cabaleiro Piñón, marido de Manuela, e Manuel Sánchez López, marido de Andrea. Acudiron como testemuñas Valentín Cebreiro, Sebastián López, Antonio Caveiro e Manuel Vilaboy Curral.
Inclúe 185 bens que constitúen un enorme patrimonio logrado en décadas anteriores durante a maior parte do século XIX polas herdanzas de Gregorio do Barro e a súa muller Vicenta Pérez, posteriormente do seu fillo Juan do Barro Pérez e o patrimonio tamén importante da súa muller María Carballeira Cabaleiro que non tiveron fillos e fillaron a María Juana Carballeira Fernández de 14 anos. Esta casou con Juan Vilaboy Curral quen, a pesar de morrer moi nova, tiveron os 4 fillos nomeados ao principio.
Durante todo este tempo foron numerosas as compras e permutas para intentar recuperar e agregar a propiedade da casa do lugar de Marraxón de Arriba, (Casa de Benito), onde habitaron e os bens correspondentes nese e noutros numerosos lugares, algúns ben lonxe.
A peculiaridade e a supra división ao longo de todo o século XIX das sucesivas herdanzas entre tantos fillos, cónxuxes, irmáns, etc., foi descomunal, como pasaba no resto dos lugares de Galicia, pois, a modo de exemplo, esta casa chegou a ser propiedade de decenas de persoas ata o final do mencionado século. Neste memorial figuran:

a) As citadas 185 propiedades ou bens raíces en lugares tan dispersos como Lousada, Santa Balla, Mourence, outros de Vilalba, Cabreiros, Piñeiro, outros de Xermade, Ribadeume, Bermuy, Villerma, outros da Capela, Pontedeume, Ferrol, Aparral, Freixo, Somede, Calvela, Cervicol, Bañal, Pena do Curro, Gondré, Uceira, Caxado, Ribeira, Meidelo, Vilabella, Marraxón de Arriba e de Baixo e outros nas Pontes, inclúese 1/8 parte dos dous muíños no Tineo en Marraxón de Abaixo e 3/8 partes do muíño dos Barro no río Eume cerca de Laxoso, todos eles valorados en 68.590 reais. Cada irmán percibe un total de 17.147,50 reais

b) Numerosos bens semoventes e movientes por un importe de 28.544 reais. A cada irmán 7136 reais.

c) Diñeiro en metálico por 26.400 reais. A cada irmán 6600 reais.

Totalizan 123.934 reais e corresponde a cada irmán 30.883,50 reais. Asinan algúns coherdeiros e o resto de testemuñas.

***01/07/1887 –** Certificación de «partida de matrimonio» levado a cabo o 12/01/1887 entre Benito Cabaleiro Piñón de 26 anos de idade, fillo de Andrés Cabaleiro e Juana Piñón con Manuela Vilaboy Carballeira de 20 anos, filla de Juan Vilaboy e María Juana Carballeira para a inscrición no Rexistro Civil. Selo 12º do ano 1887, 75 céntimos de peseta.

***07/10/1887 –** Memorial de bens capitais ao óbito de Juan Vilaboy Curral. Interveñen os catro irmáns coherdeiros: Antonio, Manuela, Andrea e Andrés Vilaboy Carballeira. Reparto dos bens movientes e semoventes.

Parte de Manuela Vilaboy Carballeira: 48 bens inmobles valorados en 17.147,50 pesetas. Inclúen casa patricial n.º 3, eira de mallar, curral, praderías, labradíos, pastos, montes, xestais, carballeiras, bens en Santaballa, no Aparral, dereito a recibir unha renda foral de 30 reais anuais que gravita sobre unha casa sita na rúa Real de Pontedeume e que capitalizadas ao 6% representan 598 reais.

Bens movientes e semoventes valorados en 7136,00 pesetas. Inclúen palleiros, feixes, roupa de cama, mobles e ferramentas, efectos de cociña e gando vacún.

Bens en metálico e obrigas valorados en 6600,00 pesetas. Moedas en metálico e obrigas a cobrar documentadas en papel.

Total de Manuela Vilaboy Carballeira: 30.883,50 pesetas.

***24/09/1887 –** Venda da 1/8 parte do muíño de Tineo de Abaixo, (muíño do Grilo), cuberto con madeira e lousa polo prezo de 20 reais, (80 céntimos). Comprador: Benito Cabaleiro Piñón. Vendedor: Vicente Bouza. Testemuñas: Valentín Cibreyro e Plácido Pajón.

***31/05/1888 –** Venda dunha meda de trigo, herdada do seu defunto pai no lugar de Marraxón de Arriba polo prezo de 1060 reais. Comprador: Benito

Cabaleiro Piñón. Vendedor: Andrés Vilaboy, menor de idade, que é o seu cuñado. Selo 12º do ano 1887 por 75 céntimos de peseta. Asinan os interesados e como testemuñas Plácido Cal, Nicolás Cal e Nicasio Cal Prieto.

***16/09/1888 –** División e partillas entre Francisco Carballeira, José Freire e os seus irmáns de varios bens rústicos sitos nos lugares de Marraxón de Arriba e de Abaixo, tamén no lugar de Brandián e na vila das Pontes. 12 bens en Marraxón de Arriba, 5 bens en Marraxón de Abaixo, 7 bens no lugar de Brandian, 4 bens nas inmediacións da vila das Pontes. Valoración total de 1415 pesetas. Testemuñas: Benito Cabaleiro, Bernardo López e Antonio Caaveiro.

***16/09/1888 –** Venda de parte da casa de Marraxón de Arriba onde habita Benito Cabaleiro cos seus agregados. Tamén bens no Serrón dos Gatos, Tras da Sebe, Suo Ribón e Sua Casa, valorados en 550 pesetas. Comprador: Benito Cabaleiro Piñón para si e a súa muller. Vendedor: Rita Freire, viúva de José López e Josefa Freire casada con Dionisio Bouza por herdanza da súa defunta nai Juana Castro. Trasladarase a documento público cando o requira o comprador. Asinan as testemuñas José Freire, Antonio Caaveiro González e José Domingo Casas.

***20/06/1889 –** Venda dunha peza de terra chamada da Marrocheira de Abaixo de dous ferrados aproximadamente e outra peza de secaño dun terzo de ferrado en Suo Ribón, sitas no lugar de Marraxón de Arriba onde habita Benito Cabaleiro, valoradas en 300 pesetas (1200 reais). Comprador: Benito Cabaleiro Piñón para si e a súa muller. Vendedor: Juan Rodríguez Ramil e a súa muller María Pico Rodríguez, veciños da Calvela, procedentes da herdanza do seu tío Bonifacio Ramos a favor de María. Trasladarase a documento público cando o requira o comprador. Suxeito á xustiza de S.M. Asinan o comprador e as testemuñas das dúas partes Vicente Pico Cebreiro, Antonio Ledo López, Narciso Cabarcos Bellas e Antonio Rouco López.

***05/10/1890 –** Trato común entre veciños propietarios para cerrar con muro de chantas e balados os montes que teñen na Cana Vella. Fíxanse determinadas condicións de pasto das súas cabezas de gando en mixtión ou

individuais. Interveñen: Pedro Pajón, Antonio Cabeiro, Benito Cabaleiro, Valentín Cibreiro, Andrés Curral e Vicente do Pico.

***15/06/1891 –** Compra por Benito Cabaleiro Piñón a Juana Caaveiro Fernández e ao seu marido Juan Curral de varios bens procedentes da herdanza da súa nai María Fernández: porción de casa, cortes e agregados no lugar de Marraxón de Arriba onde habitan os herdeiros de Francisco Cibreiro, unha peza de terreo de labradío chamado Trasfraga, outra peza de terreo de regadío chamado Bañal Vello, un herbal de secaño que limita na aira de Cebreiro, 20 ferrados de monte leñeiro chamado do Toxo e 30 ferrados nos Lagos e outra peza máis.

Trasladarase a documento público cando o requira o comprador. Valoración de 3000 reais. Selo 12º do ano 1891 por 75 céntimos de peseta. Asinan o comprador e as testemuñas das dúas partes: Vicente do Pico, Antonio Fraga e Antonio Caaveiro.

***21/05/1893 –** Compra por Benito Cabaleiro Piñón veciño do lugar de Marraxón de Arriba a Manuel Ramos Pardo veciño da vila das Pontes de 5 bens: un ferrado e medio de labradío chamado da Marrocheira, 3/30 avos dunha peza de labradío chamada Suo Ribón, 16 ferrados de monte en Tras das Sebes, 2 ferrados e 2/3 doutro monte chamado Panda do Souto e 15 ferrados de monte brañal onde chaman dos Lagos. Ademáis os dereitos que teña na fraga do Serrón. Liquidáronse os dereitos reais na oficina de Ortigueira: 3% de 500 pesetas = 15 Pesetas. Selo 13º do ano 1893 por 75 céntimos de peseta. Asinan o comprador e as testemuñas das dúas partes José María García Ledo e Buenaventura Alonso Díaz.

***15/07/1894 –** Compra por Benito Cabaleiro Piñón, veciño do lugar de Marraxón de Arriba a María Dopico e ao seu esposo Juan Rodríguez Ramil, veciños da Calvela de 3 bens: 1/9 parte do monte brañal das Corobas, 3/4 dun ferrado de monte brañal da Casa Noba e 30 ferrados de monte brañal dos Lagos. Valoración: 440 reais, ou sexa, 110 pesetas. Trasladarase a documento público cando o requira o comprador. Asinan o comprador e as testemuñas das dúas partes Fernando Barro, José María Barro e Antonio Cabeiro.

***05/03/1895 –** No lugar de Suarriba, acórdase o alugueiro por tres anos en mixtión entre Andrés Cabaleiro, veciño de Suarriba e o menor David Piñón. Duración de 3 anos con renda de 3 ferrados de centeo anuais pola medida de Vilalba. Alugadores: Andrés Cabaleiro, veciño de Suarriba e a súa muller Juana Piñón natural de Lousada e veciña tamén de Suarriba. Alugueiro: Francisco Ermida de Roupar, titor do menor David Piñón Iglesias, fillo de José Piñón e Rosa Iglesias de Lousada e Roupar, finados. O que se aluga son bens en mixtión no lugar de Choutan. Asinan o alugador e o titor así como as testemuñas das dúas partes Vicente Bouza e Antonio Prieto.
***23/06/1895 –** Compra dun cuarto de ferrado de pasteiro en Suo Ribón no lugar de Marraxón de Arriba. Comprador: Benito Cabaleiro Piñón. Vendedor José Vilaboy Pico, solteiro, e a súa irmá Dolores. Valoración: 20 pesetas. Testemuñas: Antonio Ledo López e Plácido Pajón Penabad.
***23/06/1895 –** Permuta de propiedades entre Benito Cabaleiro Piñón, casado, e Juan Ramos, casado, e o seu cuñado Valentín Cebreiro, todos veciños do lugar de Marraxón de Arriba. Pezas de herbal secaño na Conchouso, herbal xunto á aira e herbal en Suo Ribón. Testemuñas: Vicente López, Manuel Pena e Valentín Cebreiro.
***08/03/1896 –** Permuta de propiedades entre Benito Cabaleiro Piñón e o seu cuñado Andrés Vilaboy, labradores e veciños de Marraxón de Arriba. BCP cede a renda foral de Pontedeume valorada en 32 reais anuais que tamén percibe o seu cuñado, unha peza de monte en Couce das Rodas, unha peza de monte en Pena Peada, outra de fraga xunto ao muíño da Uceira e unha peza na Debeira con límites descoñecidos pero documentados e co compromiso de revisalos xuntos. AV cede toda a herdanza dos seus avós maternos Francisco Carballeira e conxunta Vicenta Castro, veciños que foron do lugar do Carballal. Trasladarase a notario público cando calquera parte o solicite. Testemuñas: Narciso Cabarcos e Antonio Caaveiro.
***05/04/1896 –** Pago cota («hijuela»), a Antonio Vilaboy e Manuela Vilaboy, representada polo seu marido Benito Cabaleiro Piñón, das 3/4 partes de 1/5

da herdanza dos avós maternos veciños do lugar de Marraxón de Arriba. Inclúe 10 bens. Trasladarase a notario público cando calquera parte o solicite. Testemuñas: Manuel González, José Fernández, Domingo Prieto, Manuel Sánchez e Antonio Cabeiro.

***27/09/1896 –** Acordo de demarcación para desfacer a mixtión da Fraga do Serrón no lugar de Marraxón de Arriba. Interveñen Benito Cabaleiro, José Carballeira, José Freire, Manuel Valentín Cebreiro, Andrés Curral, Pedro Pajón, Antonio Carballeira por Antonio Bouza, José Formoso Barro, José María Ledo Penabad párroco de Espiñaredo, Antonio Ledo e Vicente Dopico Cebreiro. Nomease de mutuo acordo como perito a José Domingo Casas, veciño da Vilabella. Testemuñas: José Manuel Casas Formoso, José López e Antonio Fraga.

***09/05/1897 –** Notificación polo alguacil das Pontes a Domingo Cabarcos sobre as rozas nos montes en parcería e mixtión con Pedro Formoso, herdeiros de Balseiro Ledo e outros no lugar de Marraxón de Arriba. Asínao a alcaldía constitucional e será de obrigado cumprimento para evitar posibles danos aos propietarios. Testemuñas: Francisco Carballeira e Domingo García.

***27/11/1897 –** Documento de liquidación dereitos reais de Benito Cabaleiro Piñón en Ortigueira pola herdanza do seu pai Andrés Cabaleiro segundo testamento con data 07/05/1895. Imposto do 1% do valor declarado da herdanza máis cargo de guerra.

***02/01/1898 –** Partilla dos bens semoventes e laborías a favor de Benito Cabaleiro Piñon, á parte dos bens dos seus irmáns José e Antonia, da herdanza de Andrés Cabaleiro Rodríguez. Consta de 31 partidas de bens, principalmente gando vacún, (a Jata, a Garricha...), lañar, gando caprino e equino, cereais, arcas, bancos, potes, carros, apeiros de labranza e de cavar, roupa da cama, froitos e colleitas. Testemuñas: Vicente Bouza, Juan Ramos e Pedro Caabeiro López

***15/07/1898 –** Compra de terreo de labradío de 2 ferrados e 6/10 partes doutro en Marraxón de Abaixo chamado Pedregosa no lugar da Casa do Vento. Tamén de 4 ferrados de monte chamado das Choqueiras. Comprador: Benito Cabaleiro Piñón e a súa muller Encarnación Vilaboy Carballeira. Vendedores:

Francisco Prieto en nome da súa muller Modesta Caabeiro Bouza, veciños do lugar do Aparral, Marcelino Fernández en nome da súa muller Manuela Caabeiro Bouza, veciños de Vilalba. Estes bens proceden da herdanza de Vicenta Bouza. Valor de 150 pesetas. Trasladarase a documento público cando sexa necesario. Testemuñas: Narciso Cabarcos e Antonio Caabeiro.

***22/04/1900** - Compra de Benito Cabaleiro Piñón a Manuel López Fernández de 11 ferrados do terreo chamado monte Corvas de Arriba no lugar de Marraxón de Arriba. Prezo de 50 pesetas. Asinado por Benito Cabaleiro Piñón e as testemuñas por Manuel López Fernández que son Narciso Cabarcos e Antonio Caabeiro desta vecindade. A trasladar a documento público cando sexa necesario.

***22/05/1901** - Cota dos montes do lugar de Teixido-Lousada pola 1/20 ava parte da metade deses montes a favor de José Cabaleiro Piñón, irmán de Benito C.P. Valor de 41 pesetas e 25 cts. Inclúe ata 15 bens. Selo de 10 cts. Ano 1901.

***01/10/1901** - Compra de Benito Cabaleiro Piñón e a súa muller Manuela Vilaboy Carballeira a Filomena Ledo López e ao seu marido Narciso Cabarcos Bellas da 1/6 ava parte da casa, curral, hortas e airas onde habita Benito Cabaleiro Piñon, Prado do Casal e fraga e así ata 6 bens. Valor de 625 pesetas. Testemuñas: Manuel López Bouza e Antonio Caabeiro

***25/12/1902** - Compra de Benito Cabaleiro Piñón a Manuel Freire veciño das Pontes, barrio de Tras da Ponte de varias propiedades en Serrón dos Gatos, Tras das Sebes, Os Lagos, Marrocheira de Abaixo, Marrocheira de Arriba e o Serrón. Valoración: 350 pesetas. Selo de 75 cts. Ano 1902. Trasladarase a documento público cando sexa necesario. Testemuñas: Gonzalo Sánchez e Graciano Sánchez.

***29/02/1904** - Acto conciliatorio entre Ramón Castro López, veciño de Pena do Curro e os irmáns Mª Antonia, Alejandro e Domingo Romeu Cabeiro.

***09/07/1904** - Asistencia á demanda anterior. O xuíz municipal fixa unha indemnización en función de datos determinados e dos períodos en que se incorreu de 21 pesetas e 88 céntimos que deberá pagar Antonia Romeu a Ramón Castro.

***15/04/1906 -** Foro que grava a casa e lugar nomeado de Teixido de Abaixo en Lousada, termo municipal de Xermade. Comprador: Benito Cabaleiro Piñón. Vendedor: Vicenta Ramil Ramudo acompañada do seu marido Joseph Bellas Andrade que é dona do dominio por herdanza dos seus pais. Valor anual do foro 2 ferrados de centeo e 1 capón. Valor de 250 pesetas que vende Vicenta Ramil a Benito C.P. e á súa muller Manuela Vilaboy Carballeira. Trasladarase a documento público cando fose necesario. Testemuñas: Baltaxar Ramil Ramudo, Vicente Ramos Puentes e Antonio Caabeiro.

***07/05/1906 -** Cédula para citar a Benito Cabaleiro Piñón para concorrer o 11 de xuño como xurado para entender na causa contra Adolfo? Figueiras N. por homicidio. Tamén os días 12 e 13 contra Esteban López Vázquez por delito relativo ao libre exercicio dos cultos. Figura como prevención de que se non o fai incorre en multa de 50 a 500 pesetas.

xx/xx/1906 - Herdanza dos pais de Benito Cabaleiro Piñón en concepto de 52 bens rústicos e urbanos sitos en Lanzós, Ramil e Porto, Choutar das Pegas, lugares de Lousada e en Somozas. Valoración: 3000 pesetas na «hijuela» de Benito C. P.

***29/12/1908 –** Corrección da inscrición no Rexistro Civil de Francisco Castro Romeu que naceu o 04/06/1881, como Francisco Castro Romeo, (e non Romero). Francisco C. R. e fillo de Ramón Castro López e de Manuela Romeu, veciños do lugar de Pena do Curro e neto de Fernando Castro e de Andrea López e por parte materna de avó descoñecido e avoa María Carmen Romeu. Se xustifica, con testemuñas ante o secretario que o verdadeiro apelido é Romeo, e así queda inscrito en nota á parte. Selo clase 11 , ano 1908.

***02/12/1915 –** Alugueiro dunha vivenda durante 6 anos, (01/01/1916-31/12/21), que linda coa Rúa Real, praza da Constitución e casa de Eugenia Prieto na vila das Pontes, con data 02/12/1915. A casa pertence tamén a Antonio Cebreiro. Alugador: Benito Cabaleiro Piñón. Alugueiro: Manuel Sánchez Vilaboy. Prezo de ¿35? Pesetas, ¿ período?.

***23/01/1918 -** Escritura de compravenda, en parte por poxa pública, da propie-

dade chamada «Pinar» duns 85 ferrados nas Pontes, equivalente a 46.495 m2, con dereito de regadío de auga durante 48 horas continuas por semana que xa existía anteriormente. Comprador: Benito Cabaleiro Piñón. Vendedores: María Josefa Asunción Curral Ocampo, (mestra), Carmen López Cabo, (mestra), muller de Andrés Curral Ocampo e Antonio Maceira Criado, que concorre como representante en concepto de titor de menores de idade autorizado polo presidente do Consello de Familia dos menores de idade. Valor de compra por B. C. P. de 200 pesetas. Selo clase 12, 10 cts. Liquidados os dereitos reais en Ortigueira por un importe de 9,16 pesetas con data 18/02/1918. Selo clase 10 de 2 pesetas. Testemuñas: Antonio Caaveiro Criado e Julio Ferreiro Rey.

***10/12/1918 –** Pago de dereitos reais pola herdanza de Benito Cabaleiro Piñón e Manuela Vilaboy Carballeira. Inclúe testamentos de ámbolos dous, (07/10/1916-08/10/1916) e partidas de defuncións, (17/02/1918-22/09/1918). Os bens de Manuela V. C. son ata 54 e inclúen como primeiro a casa onde vivían, ou sexa, a casa de Benito. Valor total de 3047 pesetas. Os bens de Benito Cabaleiro son ata 21 e inclúen unha casa en mixtión na Rúa Real das Pontes. Valor total de 550 pesetas. Liquidados os dereitos reais en Ortigueira o 11/12/1918. Testemuñas: Julio Ferreiro Rey, Antonio Blanco Cabaleiro, José Antonio Pico Blanco e Ezequiel Lesín López.

***15/02/1927** - Deslinde de partillas promovido polos herdeiros de Benito Cabaleiro Piñon, (neste caso Francisco Castro Romero), e os de Andrés Curral, (Jesús Cal). Permuta de varias propiedades, entre elas a propiedade Tras dos Loureiros, como bos amigos, conveciños e por conveniencia mutua. Testemuñas: Fernando Freire, José Pico, Plácido Pajón, Valentín de Cebreyro e Pedro Caabeiro López.

***15/02/1927 –** Deslinde de partillas entre herdeiros de Andrés Curral e herdeiros de Benito Cabaleiro Piñón e Manuela Vilaboy Carballeira promovido, por unha banda, por Francisco Castro Romero e Encarnación Cabaleiro Vilaboy no seu nome e no dos seus irmáns que están en Cuba, e por outra banda por Jesús Cal, viúvo de Manuela Curral Fraga. Permuta de varias propiedades, (Suo Ribón, Marrocheira, Tras das Sebes, Lagos, Riveira, Serrón e

Fraga Vella, ...) contratando ao perito Pedro Caabeiro das Pontes. Testemuñas: Valentín Cebreiro, Plácido Pajón e Pedro Caabeiro López.

***21/11/1929 -** Dereitos reais liquidados este día en Ortigueira pola herdanza de bens inmobles de Encarnación Cabaleiro Vilaboy. Tarifa de 65,66 pesetas.

***04/10/1931-** Testamento de Francisco Castro Romero feito na notaría de José Roan Tenreiro de Vilalba. Testemuñas: Cosme Sacido Ramil, Ángel Rego Pérez e José Insúa López.

***14/02/1935 -** Dereitos reais liquidados en Vilalba por compravenda de Francisco Castro Romero ao seu cuñado Antonio Cabaleiro. Valor de 200 pesetas. Tarifa do 5% = 10 pesetas.

***24/11/1936 -** Permuta de varias fraccións nas airas. Interveñen Plácido Pajón Penabad, Valentín Cebreiro Guerreiro e Encarnación Cabaleiro Vilaboy, esta acompañada do seu marido Francisco Castro Romero. Testemuñas Marcelino Castro Prieto e Francisco Curral Álvarez.

***30/11/1936 -** Dominio e aproveitamento das augas de pradería do Feal e pradería Grande sitas no lugar de Marraxón de Arriba. Fixanse os días en que poden regar dende o fuso horario ao raiar o sol ata o mesmo fuso, ou a posta do sol doutro día determinado. Interveñen: Francisco Castro Romero de estado casado do lugar de Marraxón de Arriba, Vicente López Bouza e a súa esposa María Curral Fraga, Jesús Cal Pita, viúvo, Plácido Pajón Penabad, casado, e Valentín Cebreiro Guerreiro, solteiro. Testemuñas Marcelino Castro Prieto e Francisco Curral Álvarez.

***18/09/1938 -** Permiso de construción emitido polo Consello Local da 1ª Ensinanza da escola de Marraxón o día 18/09/1938, (III año triunfal segundo figura no escrito de autorización), a Francisco Castro Romero e aos compañeiros da Comisión escolar de Marraxón. Eles comprométense a construír o edificio da escola e vivenda para a mestra en prazo determinado.

***10/01/1940 -** Permuta de bens entre Antonio Cabaleiro Vilaboy e o seu irmán Xosé Antonio Cabaleiro Vilaboy, escriturado na Habana. Manuel Cabaleiro Vilaboy actúa como apoderado do seu irmán Antonio C.V. Antonio é dono de dúas propiedades urbanas na Habana e da herdanza que lle co-

rresponde dos seus pais no lugar de Marraxón, maioritariamente propiedades. Tamén de súa tía carnal Antonia Cabaleiro Piñón, 1/9 parte, no lugar de Suarriba. Valóranse en 2000 pesos as propiedades da Habana e noutros 2000 pesos as de España, (Marraxón). Estas pasan a ser propiedade de José Antonio Cabaleiro Vilaboy por permuta unha vez recibido o seu prezo en moeda oficial cubana. Páganse os dereitos dos bens de Cuba en moeda oficial e acórdase que o valor dos bens en España se converta a dólares americanos por ser máis convertible ou «tipada» coa moeda española para cando se liquiden os dereitos en España.

***22/09/1941** - Liquidación provisional dos dereitos reais da herdanza de dona Encarnación Cabaleiro Vilaboy.

- Leída esta escritura por mí, el Notario, por renuncia
que hicieron los otorgantes a su derecho en su conte-
nido se ratifican y firman.-De todo lo cual, así como
de conocer a los comparecientes por sus nombres y ape-
llidos, de constarme sus ocupaciones y demas generales
con arreglo a sus dichos y de todo lo demas consigna-
do en el presente documento público yo, el Notario, doy
fé; haciendose conla aprobacion de los otorgantes las
siguientes salvedades:(Siguen enmiendas).-MANUEL CA-
BALEIRO.-JOSE ANto.CABALEIRO.-DR.FELIPE RIVERO.Rubri-
cado.----------
DOY FE:-Que concuerda bien y fielmente con su original, que
jo el numero de orden con que encabeza, obra en el Protocolo
neral Corriente de Instrumentos Públicos de esta Notaría a
cargo a que me remito.-Y para el Sr.MANUEL CABALEIRO VILA
su carácter de apoderado del Sr.ANTONIO CABALEIRO VILABO
do esta primera copia en seis hojas de papel, que yo, el Not
firmo y rubrico, fijándole cincuenta centavos en sellos del
bre Nacional y el correspondiente de Jubilación Notarial, de
de nota de esta expedición al margen de su matriz, en Habana
doce de Enero de mil novecientos cuarente. ----------
Los infrascritos Notarios de
Colegios del Distrito de esta
dad, con Residencia en la mis
LEGALIZAMOS la firma y rubri
que antecede de nuestro com
ro el Dr. Felipe Rivero y Alc
Habana, a diez y nueve de Ene
mil novecientos cuarente.---
1940
243087
DISTRITO FISCAL DE OCCIDENTE
PRESENTADO al No. 5 9 4
15 FEB 1940
NOTA DE PAGO: Habana 28 MAR 1940
José A. Cabaleiro
ha satisfecho Cuarenta pesos
según CARTA DE PAGO No. 1401
Administrador
Adm. Fiscal de Occidente
Visto en este Consulado General de España,
A LOS UNICOS EFECTOS DE LEGALIZAR LA FIRMA
de los Notarios Públicos de la Habana, Repú-
blica de Cuba, Señores Ramón Maufonell
y Bernal y Raúl Paris Sao
por ser al parecer la que usan habitualmente en
sus escritos.
Habana de 1942 -5 1940 de 19
EL CONSUL GENERAL
EL CONSUL ADJUNTO
CONSULADO GENERAL DE ESPAÑA
Nº 399

***20/07/1949 –** Permuta no lugar de Marraxón de Arriba de parcelas nos Lagos por Francisco Castro Romero, viúvo, e Valentina e Josefa Ramos Cibreiro, asistida esta polo seu marido Francisco Curral Álvarez. Por Francisco Castro asina o seu fillo Jesús Castro Cabaleiro e por parte dos Cebreiro faino Narciso Curral Ramos.

***15/05/1950 -** Liquidación de dereitos reais pola herdanza de Francisco Castro Romero a favor dos seus cinco fillos por un importe de 21 pesetas e 62 céntimos. Inclúe cargo de guerra.

*** A partir do 1950 -** Non incluímos máis escrituras ou documentos, pois a historia recente se está construíndo. Unicamente dicir que na segunda metade do século XX foron Antonio Barro López procedente do lugar de Tralomonte na Faeira e Manuela Castro Cabaleiro quen seguiron vivindo na chamada casa de Benito do lugar de Marraxón de Arriba, traballando todo o que se puido, con máis ou menos fortuna nas súas vidas, se ben con todo o seu empeño para vivir do lugar. Hoxe, tanto Pepe como Norma Barro López seguen a vivir nas casas e lugar de Marraxón de Arriba coas súas familias respectivas contribuíndo así a que as aldeas sigan tendo vida, iso si, xunto co resto de veciños do lugar de Marraxón.

Árbores xenealóxicas parciais







Manuela Vilaboy Carballeira -1886 e Benito Cabaleiro Piñón -1860. Casaron en 1887
José María Cabaleiro Vilaboy (29/10/1887)
Andrés Cabaleiro Vilaboy (29/11/1889) e M.ª Pilar Blanco López
María Encarnación Cabaleiro Vilaboy (24/03/1891) Francisco Castro Romero
Antonio María Cabaleiro Vilaboy (21/12/1892)
Manuel María Cabaleiro Vilaboy (24/09/1894) e Joseina Constanza Leira
Jesús María Cabaleiro Vilaboy (20/05/1896)
María Consuelo Cabaleiro Vilaboy (20/11/1897) e Candido Corral
Francisco Cabaleiro Vilaboy (31/12/1889)
María Josefa Cabaleiro Vilaboy (09/04/1901) e Manuel Vilar Domínguez
Jose Antonio Cabaleiro Vilaboy (10/04/1903)
Francisco Cabaleiro Vilaboy (18/11/1904)
María de los Remedios Cabaleiro Vilaboy (06/08/1906)
Mariano Cabaleiro Vilaboy (31/01/1908) e Josefina de la Caridad
Crisanto Cabaleiro Vilaboy (01/07/1910) e María Vázquez Llamas

Encarnación Cabaleiro Vilaboy - 1891 e Francisco Castro Romero - 1881, casaron en 1910
Manuela Castro Cabaleiro e Antonio Barrio López
Benito Castro Cabaleiro e Cándida Fraga Seco
Andrés Castro Cabaleiro e Ermitas Caaveiro Paz
Jesús Castro Cabaleiro e Ermitas Muras Carballes
María Soledad Castro Cabaleiro e Manuel Romero Restrebada

Debuxos e planos da casa. O reloxo de pedra

Estimamos nuns 300 anos a antigüidade da casa de Benito en Marraxón de Arriba, (no centro da fotografía), se nos atemos ao conxunto das escrituras antes relacionadas onde o escrito máis antigo é o testamento de Miguel do Pico do ano 1728 onde xa se menciona a casa neste lugar.

No esquema da planta, que se presenta máis adiante, podemos intuír que inicialmente esta casa tiña unha forma construtiva rectangular con planta de solo onde estaba a cociña terreña, as cortes, o alboio e primeiro andar cos seus dormitorios. Existen varias escrituras entre 1852 e 1858 nas que se mencionan obrados na casa nova que corresponden presuntamente a unha ampliación da vivenda orixinal.

Deste xeito quedaría cunha planta construtiva máis ancha que, cos seus anexos como o alboio, alcanzaría os 270 metros cadrados, tal como se menciona en varias partillas, tamén con planta de solo e piso.

Probablemente nesa época fíxose un balcón ou solaina ao poñente onde nunha das esquinas se sitúa o reloxo de pedra.

Na escritura do 15 de febreiro de 1852 xa se fala da «ampliación da planta baixa», neste caso para construír un forno de pedra: «Un montón de bens mobles para Juan do Barro e a súa irmá Dominga do Barro polos seus pais Gregorio do Barro e Vicenta Pérez. Consta de 89 bens ou partidas que inclúen gando, bens como pratos e vasos de madeira, «copetas» de madeira, sellas da auga, potes, baño de toelo para salar, apeiros de labranza, tear, lencería, fío medido en libras, gando vacún, lanar e cabalar, madeira para un carro e pedra para facer un forno».

Na escritura do 2 de setembro de 1855 dedúcese que se estaba ampliando a casa cara ao oeste: «Juan do Barro e o seu sobriño político Juan Vilaboy compráronlle a Manuel Fernández, veciño das Pontes, parte do material

Esquema aproximado da evolución da planta[1]

PLANTA BAIXA ORIXINAL



PLANTA ALTA ORIXINAL



PLANTA BAIXA AMPLIADA
SOBRE O ANO 1850



PLANTA ALTA AMPLIADA SOBRE
O ANO 1850

1 Planos e debuxos de Marta e Carla Romero Seco.

para esta ampliación consistente na pedra, madeira e lousa necesarias para a obra, fixando ademais que a parede medianil que linda entre o cuarto e a cociña sería dos compradores». Esta ampliación pódese verificar hoxe se nos fixamos nos límites da zona ampliada e os seus novos acesos.

Na escritura do 15 de decembro de 1858 mencionase tamén: «Venda de Manuel Fernández de oficio canteiro e veciño da vila das Pontes a Juan do Barro e a Juan Vilaboy dun cuarto da casa nova de pedra e lousa de rumbeiro e sen táboa fabricada de «poñer» e parte das paredes da cociña».

En 1887 a casa n.º 3 de Marraxón de Arriba constaba de cociña terreña, forno panadeiro, tres cuartos ou habitacións, cortes debaixo do piso de táboas, solaina pola parte sur, bodega do forno emparedada coa cociña, dúas portas de entrada na planta baixa, cuberta de madeira e lousa. A parte baixa mide 270 metros cadrados incluíndo o grosor das paredes. Ao seu redor a aira de mallar, unha cabana con piso de madeira e chantas para gardar o cereal e o servizo da leira, outra cabana vella arruinada, que fora casa en tempos pasados e na que presuntamente vivía en arrendamento Rosendo Fernández Cabarcos, con dúas cortes para carros e apeiros, limitando cara á casa de Antonio Cabeiro.

Este reloxo de sol ten tres gnomons, ou sexa, tres compases de tempo. Está colocado nunha esquina da casa orientado ao sur e marcando as horas nos laterais e na parte frontal, (mañá, mediodía e tarde). Non figura nel ningunha data que nos facilite a súa antigüidade e engadir que foi recollido nalgunhas publicacións do hoxe cronista oficial das Pontes Xosé María López Ferro.

Os muíños do Barro, do Tineo e de Gondré. A escola de Marraxón. A planta eléctrica

Os muíños do Barro

01/01/1800 – Os muíños dos Barro. Documento de venda de Francisco do Barro ao seu irmán Miguel do Barro e ao fillo deste, Gregorio do Barro, de 1/8 dos muíños dos Barro sitos no rio Grande, (río Eume). Da súa lectura pódese deducir que foi moi anterior ao ano 1800.

Sello HISPANIARUM REX CAROLUS IV D.G. cuarenta marabedís.SELLO QUARTO, QVARENTA MARAVEDIS, AÑO DE MIL OCHOCIENTOS.

En la villa de las Puentes de García Rodríguez a primer día del mes de enero año de mil ochocientos a presencia de los vecinos que avajo figuran declarados parescio presente Francisco Dovarro soltero vecino de esta villa y al presente sirbiendo de criado con Francisco López Fraga y Calé e dijo luego el a tenor de la presente y en los mejores modos y forma que en derecho aia lugar que bendía y vendió firmemente y luego desenbargara a Miguel Do varro y a Gregorio Do varro su hijo vecinos de la parroquia desta dicha villa y conpran de por mitad tanto para uno como para otro el Miguel para si, sus hijos y herederos y el Gregorio para si, su mujer y herederos.



A saber lo que les vende una otaba parte enteramente de los molinos que se nombran dos Barros situados en el Río Grande vznos nesta citada parroquia conforme se allan deteriorados e inutiles de moler por las muchas crecientes del rio de tal suerte que se alla la casa y presa con prezisa necesidad de bolber atodo A Cimentis? y por este motivo en la cantidad de ciento veinte reais de vellón cuya cantidad recibio ahora de presente de manos de los compradores de que les otorga recibo y carta de pago en forma y desde hoy día de la fecha para siempre jamas se aparta y a sus herederos del frco que abía y tenía a los motibados molinos sus entradas y valizas sin que en ellos le quede otra mas porción alguna y todo lo cede en el comprador y sus herederos y se sujeta a las justicias de Su Majestad a que cumplira lo aqui tratado con renunciación de todas leis de su favor. Así lo otorgo y no firma por no saber a su ruego uno de los presentes testemuñas que lo fueron Vicente Cebreiro, Joseph Presia y Vicente Presia vecinos desta citada villa en ella el día, mes y año de ariva.
Como tº y a Ruº del otorgte. Asinado Bicente Mesia y Joseph Mesia

Hai unha escritura de 1850 que describe como se compartía o muíño dos Barro no lugar de Marraxón fixado en 192 horas naturais que conteñen os 8 días de cada «rolda», (8*24=192 horas). Os da Carballeira: 72 horas, os de Pedro Formoso pola súa muller: 29+19/25 horas; os de Juan do Barro pola súa herdanza e a parte de Cayetano Bouza: 39+21/25 horas; os de Antonio Cebreiro e de Cabeyro: 33+15/25 horas e por último os de Manuel Prieto: 16 + 20/25 horas. Total: 189 h+(19/25+21/25+15/25+20/25)=(189+75/25)=(189+3)=192 horas.

Outra escritura con data 18/06/1868 – No lugar do Bañal da parroquia das Pontes de García Rodríguez compra de Juan Vilaboy para si e para a súa muller de parte dos muíños chamados dos Barro na beira do río Eume debaixo do lugar de Laxoso e montes anexos, a Francisco Cebreyro de Marraxón, este tamén en nome dos seus irmáns Antonio e María Juana e a Juan Curral de Somede en nome da súa muller Juana Caveyro por valor de 432 e

108 reais respectivamente. Ao non estar presente o escribán comprométese a trasladalo a documento público cando o pida Juan Vilaboy.

Outro documento que existe con data de 24/04/1870 – Trato entre Juan do Barro e consorte do lugar de Marraxón de Arriba e Francisco Puentes veciño da Vilabella para arranxo e rectificado de parte dos muros e carpintería de madeira en portas e ventás do muíño fariñeiro dos Barro, en prazos de obra e de pago determinados no documento, que asinan cun importe económico de 3600 reais a pagar por Juan do Barro e socios ao mencionado Francisco Puentes. As obras realizaríanse con total seguridade e firmeza e deberían comezar a mediados de maio de 1870 e rematar a principios de setembro dese mesmo ano. Testemuñas: Pedro Formoso e Salbador Curral.

Noutra escritura con data 12/05/1887 no memorial de bens capitais ao óbito de Juan Vilaboy Curral mencionase entre outros os dereitos de propiedade e uso de 1/8 de cada un dos dous muíños do Tineo en Marraxón de Abaixo e de 3/8 no muíño dos Barro no río Grande, (río Eume): «tres octavas partes en los molinos nuevos llamados de Barro con igual parte en el monte de su frente Oeste, Norte y Sur situados en la margen derecha del río Eume con tres ruedas, en unión con el resto de dicho artefacto y sus derechos con Salvador Curral, de Manuel Prieto, de los de Pedro Formoso, de José Ramos y otros, mide su fondo y el monte contiguo 11 ferrados: confina en su totalidad Este dicho río, Oeste de Salbador Curral y otros, , Norte del Francisco Dapena y Sur monte de los herederos de M Novo apreciada esta parte en 1334 reales»

As seguintes fotos foron feitas en 2011 aproveitando a época de seca que deixou moi baleiro o encoro da Ribeira, probablemente unha das dúas ou tres secas máis grandes dende os anos sesenta do século pasado, unha vez construído o encoro e central hidroeléctrica da Ribeira

Muíño de Severiano

Encoro da Ribeira

Os derradeiros muiñeiros destes muíños dos Barro foron Severiano Castro Gregorio e algún dos seus fillos maiores, (precursores do que hoxe é o grupo empresarial Vda. de Severiano Castro e Hijos, SA nas Pontes), que estiveron ata o último momento moendo e torneando madeira aproveitando a forza da corrente da auga mentres crecía o nivel do novo pantano. Despois disto construirían o actual muíño da Vila nas Pontes ao lado da ponte dos Ferros.

Os dous muíños do Tineo entre Marraxón de Abaixo e de Arriba e o muíño de Gondré

Os mencionados Barro foron propietarios da 1/8 ava parte destes muíños do Tineo segundo aparece en varias escrituras e memoriais de partillas e tamén da 1/8 parte do muíño fariñeiro de Gondré relacionado no Memorial Noveno.

A Escola de Marraxón: reclamación sobre o mestre da escola en 1877

Entre os documentos da casa de Benito non podían faltar os que están relacionados coa súa escola. Son os seguintes:

***03/12/1877** - Escrito á corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez por varios veciños do lugar de Marraxón denunciando ao mestre José Mª Casás da «escola incompleta de nenos» de dito lugar. Era obriga do mestre impartir clase catro meses ao ano e residir en Marraxón e non adoitaba asistir por desempeñar a función de secretario no Concello da Capela, substitúeo o seu irmán Francisco Casás, que apenas sabe ler e escribir e que só se dedica á aprendizaxe do oficio de ferreiro na fragua dun veciño nas horas de clase. Os veciños denuncian para que non lle paguen os seus haberes e ameazan con reproducir este feito ante a inspección provincial. Selo 11º do ano 1877, 50 cts. de peseta. Asinan polo menos 17 veciños.









Nesa época as clases impartíanse na casa dun veciño de Marraxón de Abaixo onde tamén convivía o mestre ou mestra durante o curso escolar. Foi a partir de 1938 cando se construíu a escola que recentemente foi restaurada para dedicarse a unha nova función que é a de local para a «Asociación de Veciños Encoro da Ribeira» de Marraxón inaugurada en 2006.

***18/09/1938-** Permiso de construción da escola Marraxón. Consta neste documento que a escola, unha vez outorgada a licenza de obra, deberían construíla, nun prazo determinado, os propios veciños de Marraxón que enviaban alí aos seus fillos para formarse e prepararse e así poder obter unha boa educación.

Tamén participaron os veciños de Vilarnobo e Pontoibo que foron así mesmo usuarios de dita escola ao longo de moitos anos.



CONSEJO LOCAL DE 1.ª ENSEÑANZA
DE
FUENTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

El Sr. Inspector de esta zona con fecha 13 del corriente comunica lo siguiente: "La Jefactura del Servicio Nacional de 1ª Enseñanza, autoriza a los vecinos de Marrajón para construir el edificio escuela y vivienda de la Maestra en el lugar denominado "Campo de Gabriela".

Lo cual traslado para conocimiento de los vecinos de Marrajón que se comprometieron a la construción del edificio, la que deberán empezar inmediatamente a fin de poder cumplir el compromiso contraído por escrito.

Dios guarde a V. muchos años.
Fuentes 18 Septiembre 1938.
III Año Triunfal.
El Presidente.

Sr. D. Francisco Castro Romero y compañeros de Comisión colar de

Grupo de alumnos da escola polos anos corenta do século pasado coa súa profesora Elvira

A planta electrica

Existe un documento na casa de Benito no que se poden ler as condicións para o uso da última planta de enerxía eléctrica de Marraxón de Arriba que utilizaba os regos dos Lagos e do Casal. Ao parecer existiu outra máis antiga que estaba no rego do Tineo e que se encargaba principalmente da subministración a Marraxón de Abaixo e tamén a Marraxón de Arriba.

> Condiciones para la planta eléctrica de Marrajón de Arriba
>
> PRIMERA: Los vecinos del lugar de Marrajón de Arriba, parroquia de Puentes de García Rodriguez han construido una pequeña planta eléctrica destinada a dar luz a sus respectivos domicilios; se mueve co el agua del arroyo llamado dos Lagos, otro arroyo que desciende por la linia divisoria de las propiedades llamadas Casal, propiedad de los herederos de Francisco Castro Romero ysu esposa, y Serrón do Lobo, propiedad de

don Manuel Curral Montero. En los meses de seca, y cuando el agua de los citados arroyos sea insuficiente para las necesidades de dicha planta, se usará el agua de un manantial que nace en la citada propiedade de los hermanos Castro Cabaleiro llamada Casal; si la escasez del agua se debiese a filtramiento, falta de limpieza y obras de reparación en el cauce que conduce las aguas del arroyo dos Lagos, tendrán que ser susanadas todas éstas causas antes de utilizar las del exprexado manantial

SEGUNDA: El don Manuel Curral Montero y los hermanos Castro Cabaleiro dieron el terreno para la construcción del cauce e instalaciones de dicha planta y como recompensa utilizarán el agua sobrante para regar sus citadas propiedades en la forma siguiente: El do Manuel Curral todos los domingos desd las seis de la mañana hasta las sesis de la tarde de los miércoles, los restantes tres días y medio de la semana regarán los hermanos Castro Cabaleiro.

TERCERA: La planta, instalaciones y accesorios a la misma en general, la pagaron los siete vecinos en partes iguales, en la misma proporción se obligan a pagar todos los gastos de conservación, reparación y reconstrucción cuando sea necesario; el socio o socios que se negasen a pagar dichas obras, consienten que se les exija el pago por la vía judicial, siendo todos los gastos de su cuenta, aunque solo se trate de un juicio de conciliación, como trámite previo

CUARTA: Ningún socio podrá pedir la disolución de la sociedad ni, por lo tanto, la subasta de las obras; cuando no les convenga seguir en comunidad se les indemnizará su parte a razón de dos mil pesetas cada uno, a cuyo fín se valora la planta, instalaciones y accesorios en general en catorce mil pesetas.

QUINTA: Para la administración y gobierno de la planta será elegido por mayoría de votos un gerente-administrador, cuya elección tedrá lugar el día dos de enero de cada año.

SEXTA: Si la luz fuese escasa devido a que los socios usan lámparas de mucho voltaje usan la corriente para otras cosas que no sea para el

> alumbrado, al ser comprobado este hecho se reunirán los socios para acordar el voltaje de dichas lámparas y números que puede usar cada uno, y si ésta medida no diese resultado, se obligan a colocar limitadores para limitar la corriente que ha de gastar cada socio.

Esta planta tiña un mecanismo que estaba situado nunha rama da árbore que aínda hai entre as airas das familias Cabeiro e a da casa de Benito Cabaleiro, que actuaba cando se tiraba dunha panca que estiraba un cable ao longo de centos de metros e que chegaba ata a presa da auga. Nesta presa almacenábase a auga e ao seu carón era onde estaba situada a turbina. No comezo do desenvolvemento desta planta utilizaríase unicamente para a iluminación máis básica das casas debido a que tiña pouca potencia. Co paso do tempo esta potencia foise incrementando para atender ás maiores necesidades de carga a medida que o demandaban os veciños pola modernización de súas cortes e granxas.

Teño o recordo daquela época, nos anos sesenta, cando íamos visitar aos nosos tíos e curmáns, que só había luz de candil, a luz eléctrica raramente funcionaba. Tamén lembro que cando alguén levaba o candil á corte, a cociña quedaba ás escuras e só tiñamos medo.

Outros documentos:

Redención de cargos eclesiásticos

***20/06/1870 –** A redención de cargos eclesiásticos: misa de aniversario perpetuo de esmola de tres reais a «descargar» o día 15 de agosto na igrexa de Santa María de Piñeiro por ter Juan do Barro unha propiedade na Bacariza en Piñeiro. Adiantado ata 97 reais, descontado a capitalización dun 3% para o pago anticipado. A propiedade hipotecada queda libre e exenta de todo gravame.

Era práctica establecida naqueles tempos que para asegurar o cumprimento das misas solicitadas se utilizase como garantía a hipoteca dun ben, de tal xeito que non se podía dispoñer plenamente dese ben en canto non finalizase o pacto. A modo de exemplo, podemos ver no documento seguinte que todos os compromisos futuros de pago das misas foron abonados por adiantado e como tal operación financeira, aprobada polo bispado, que ao igual que unha entidade bancaria, aplicou un desconto por pago anticipado a un tipo de interese establecido, neste caso do 3 %.



Carta na presentación de Alcaldes das Pontes: un recorrido desde 1836

***Xaneiro de 2014.** Unha carta lida no cine Alovi na presentación do libro Alcaldes das Pontes: un recorrido desde 1836.

Ola. Benvidos.

Pola parte dos familiares dos Cabaleiro preparamos un pequeno texto; iso si, algo cargado de nomes e datas, que imos a ler ó longo de seis ou sete minutos, e que recolle outros feitos interesantes, á parte das alcaldías. En concreto falaremos de Manuela Vilaboy Carballeira,

(que foi a muller de Benito e nai de Jesús Cabaleiro), e tamén dos lugares de Suarriba e Marraxón onde habitaron.

Benito Cabaleiro Piñón naceu en Suarriba no ano 1860, fixo a milicia en Betanzos e casou aos 26 anos con Manuela Vilaboy Carballeira, de 20 anos e natural de Marraxón de Arriba. A súa vida foi curta pois viviron soamente 58 anos el e 50 ela. En total tiveron nada menos que 14 fillos, un cada dous anos. Precisamente dous dos alcaldes homenaxeados hoxe teñen parentesco con Manuela pola rama dos Vilaboy, en concreto Manuel e Xaime Vilaboy.

Na casa de Marraxón existen numerosas escrituras e testamentos que van dende 1728 ata hoxe, case 300 anos, e que nos revelan bastante ben as orixes da casa e do lugar cos seus sucesivos propietarios.

O relato ímolo dividir cronoloxicamente en tres partes:

Para un primeiro período, (de case un século), de 1728 a 1825, existen diversos testamentos e escrituras onde aparecen apelidos como «Ledo», «Pastor», »Cebreiro», «do Pico» e «do Barro» entre outros. Este último vai a ter un gran protagonismo pois aparece en varias xeracións.

Nun principio as familias de Francisco e Miguel do Barro, procedentes da Calvela, e posteriormente toda a súa descendencia, foron agrupando propiedades no lugar de Marraxón, moi divididas todas elas polas numerosas particións hereditarias. Foi un proceso longo e que lles levou varias décadas.

Hai tamén unha escritura, con data 01/01/1800, da compra dunha oitava parte do muíño chamado do Barro, sito no río Grande, ou sexa, no rio Eume, e que fai dous veráns puidemos ver e fotografar nunha das escasas ocasións posibles debido ao baixo nivel que tivo o encoro da Ribeira. Na citada escritura fálase de danos importantes no muíño e casa anexa, por valor duns 120 reais de vellón, debido ás enchentes do rio Grande, polo que á súa construción foi sen dúbida anterior ao 1800. O último muiñeiro usuario deste muíño, onde tamén se facía torneado da madeira, foi a familia de Severiano Castro, ata que se construíu o pantano.

Mais adiante, no ano 1810, a familia do Pico alugou por oito anos a casa e lugar de Marraxón de Arriba a Gregorio do Barro, quen despois foi completando e mercando a diferentes herdeiros, entre eles aos seus irmáns.

Nun segundo período, de 1825 a 1880, (uns 50 anos), continua o apelido «do Barro», con dúas xeracións máis: a de Gregorio do Barro e a dos seus dous fillos, Juan e Dominga. En concreto Juan do Barro, que mencionaremos dabondo, herdou a casa e outros bens coa condición de coidar aos seus pais unha vez casase con María Cabaleiro do Carballal. Era o ano 1834 e Juan continuaba agregando patrimonio axudado polo seu sogro Pedro Carballeira.

Juan do Barro e María Cabaleiro non chegaron a ter fillos, doando entón os seus bens á súa sobriña María Juana Carballeira Fernández, casada con Juan Vilaboy Curral, quen tiveron 4 fillos: Manuela, Andrea, Antonio e Andrés Vilaboy Carballeira. E nestes intres cando se enlaza ca rama dos Vilaboy.

No terceiro e último período, dende 1880 ata 1918, mencionar que Juan Vilaboy quedóu viuvo quedándolle un importante legado de Juan do Barro condicionado a que o deixase despois aos seus 4 fillos. No 1887 morreu cumprindo coa súa obriga. Dispoñía dun capital considerable, pois no memorial de bens, procedente maioritariamente da rama dos Barro, figura unha relación interminable de propiedades, 185 concretamente, sitas en lugares tan distantes como Vilalba, Santaballa, Piñeiro, Xermade, Aparral, A Capela, Rúa Real en Pontedeume, Rúa Esteiro de Ferrol, Vilabella, O Meidelo, Goente, Ribadeume, Calvela, Cervicol, Pena do Curro, Gondré e outros lugares na vila das Pontes, así como outros bens por valor total de 123. 534 reais, polo que tocaron 30.883 reais a cada un dos catro fillos da rama Vilaboy. Ademais, outros 13.460 reais a cada irmán pola parte dos bens privativos da súa nai.

Tamén figura nesas partillas a xa citada casa n.º 3 de Marraxón de 270 m2 de planta, con parte baixa, cociña de terra, forno panadeiro,

tres cuartos grandes coas súas cortes debaixo, a solaina do Sur, a bodega e cuberta de madeira e lousa, o baño de pedra para salgar, outra casa en estado ruinoso, e as correspondentes partes do muíño do Barro, antes mencionado, e dos muíños do Tineo e do Bañal e Gondré. Como non, a parte incluída das ferramentas, louza e vidrería, reloxo do cuarto, algunhas mantas usadas, mobles, gando, labradíos e froitos.

Esta casa de Marraxón quedou incluída na partilla correspondente a Manuela Vilaboy Carballeira. Así pois a situación económica de Manuela era máis ben levadeira e permitiríalle ao matrimonio sacar adiante aos seus 14 fillos.

Dende que casou en 1887 con Benito Cabaleiro ata que morreron ámbolos dous no 1918, foron herdando e realizando permutas cos seus cuñados e outros propietarios, que permitiron realizar un labor que hoxe chamaríamos case como de «reordenación de bens e do territorio».

Resaltar que a maioría dos documentos están escritos e rexistrados en papel oficial, utilizándose moito neles expresións características desas épocas do tipo...»no firma por no saber hacerlo», ou... «compra para si y su mujer para siempre jamás»,. como una expresión firme e de cabaleiro. ¡Quizá nos iría mellor si a recuperásemos para os tempos de hoxe!.

Benito Cabaleiro Piñón así mesmo recibiu o seu legado polos seus pais en Suarriba, conxuntamente cos seus irmáns Xosé e Antonia, e que foron dende propiedades en Lousada aos propios bens en Suarriba. Figuran algúns moi necesarios para os labores do dia a dia, e que foron trasladados para Marraxón, como eran: xovencas, algunhas delas preñadas, vacas, gando lañar, cabras, un cabalo cos seus aparellos, unha cama nova con roletes, diversas arcas de madeira, un caixón con navetas, bancos de sentar e cadeiras, unha caldeira de cobre, tixola, tronzador, o carro mellor, a picaraña, a aixada, a roupa da cama e a terceira parte das medas e dos labradíos verdes e secos. Todo isto segundo partillas feitas en 1898.

Xa, para rematar, dicir que a casa de Suarriba está actualmente en proceso de mellora e a casa de Marraxón continúa habitada. Na parte Sur desta casa permanece como testemuña de todo o sucedido un reloxo de sol feito en pedra que marca o tempo horario por tres das súas catro caras: as horas da mañá, as do mediodía e as da tarde, o cal foi recollido nalgunha das publicacións realizadas precisamente polo prologuista do libro dos alcaldes das Pontes, Xosé María López Ferro.

E nada máis, isto é un relato do que sucedeu neses tempos ademais do desempeño das alcaldías dos Cabaleiros e, sen dúbida, cada un dos homenaxeados hoxe terá a súa propia e interesante historia.

De novo dar os meus parabéns a María Sande pola súa obra de investigación, así como ao alcalde Valentín e a todo o seu equipo por este libro que nos terá entretidos para unha tempada.

Bo ano e grazas a todos.

Benito Cabaleiro Piñón foi alcalde das Pontes durante tres lexislaturas, (dende 21/07/1907 ata o seu falecemento o 17/02/1918) polo Partido Liberal. Durante o seu mandato concedeuse a primeira licenza de explotación da mina das Pontes, a chegada da luz eléctrica en 1908 e tamén se inaugurou o primeiro telégrafo e a casa do concello ao leste da praza de América, (hoxe oficina de recadación).

Jesús María Cabaleiro Vilaboy, fillo de Benito Cabaleiro Piñón e de Manuela Vilaboy Carballeira foi tamén alcalde nunha lexislatura, (11/11/1944-20/11/1947). Coñecido como «El bodeguero» xa que logo, foi comercial en Cuba a onde viaxou en dúas ocasións e fixo un pequeno capital.

Servizo militar

Unha carta de 1861 ao señor alcalde sobre a exención do servizo militar. Dúas licenzas do servizo militar cumprido: As quintas de Benito Cabaleiro Piñón e a do seu xenro Francisco Castro Romero.

***11/02/1861 -** Carta de Andrés Vilaboy ao Sr Alcalde Francisco Ramil López sobre a exención do servizo militar na que explica que algunhas persoas afirman que esa exención é maliciosa. Expón os motivos de defensa contra eles e en concreto contra o cura párroco D. Manuel Tomás González, que anda dicindo que usou os mesmos medios que os seus irmáns Juan e Manuel e que ao seu irmán Antonio xa lle están preparando o mesmo motivo para librar do servizo a través do facultativo D. José Galán. Cuestionan así, do mesmo xeito, o labor do alcalde e o facultativo que interveñen neste proceso. Roga consten os motivos da exención no expediente e que se repoña o honor ao seu irmán Antonio e que conste no seu expediente o resultado da análise dos seus pés por parte do facultativo. Selo 4º no reinado de Isabel II no ano 1861, 40 marabedís.







***21/04/1880.-** As quintas de Benito Cabaleiro Piñón. No correspondente sorteo das quintas para realizar o servizo militar, a Benito Cabaleiro tocoulle como destino a Illa de Cuba, se ben, con base na regulamentación aplicable, obtivo licenza aos 20 anos debido a que cambiou de situación co soldado da reserva de Santiago de Compostela Gabriel Chapela Muñiz.

Así consta na comunicación do gobernador militar da Coruña con data 21 de abril de 1880. De xeito que, causa alta deseguido na reserva de Betanzos e consegue a licenza absoluta o 31 de agosto de 1880 por ter cumprido 6 anos de servizo co mencionado con quen substituíu.

El Director General de Infanteria
Don Eduardo Fernandez San Roman
y en su nombre
Concedo licencia absoluta para separarse del servicio á



*** xx/xx/ 1913 -** As quintas de Francisco Castro Romero. No sorteo das quintas asignóuselle como destino a Zona de Recrutamento e Reserva de Betanzos n.º 51. Alí fixo o servizo militar conseguindo licenza absoluta por permanecer un total de 12 anos, entre 1901 e 1913, segundo a normativa do momento (6 anos en servizo activo e outros 6 na reserva), co resultado de excepcional.



MINISTERIO DE LA GUERRA

Instrucciones que se citan en la R. O. C. de 8 de mayo de 1911 (D. O. núm. 102).

JUNTA CALIFICADORA DE ASPIRANTES A DESTINOS CIVILES

EXTRACTO DE LAS DISPOSICIONES COMPRENDIDAS EN LA LEY DE 10 DE JULIO DE 1885

Para solicitar destinos con sueldo desde 1.000 á 1.750 pesetas.

Reservados exclusivamente para los sargentos que reunan las siguientes

CONDICIONES

1.ª Hallarse en servicio activo ó licenciado y cuentan seis ó más años de servicio, y de ellos cuatro por lo menos en el empleo.

2.ª Haber cumplido treinta y cinco años de edad los de activo, ni cuarenta los licenciados, antes de obtener el primer destino.

3.ª Comprobar ó haber comprobado su aptitud para el destino que soliciten si lo requiriese el cargo.

4.ª No tener nota desfavorable en su filiación ó licencia absoluta ó baloría invalidada.

Para destinos con sueldo menor de 1.000 pesetas.

Pueden ser solicitados por sargentos en activo y por los de la misma clase, cabos y soldados que sean licenciados absolutos, que sepan leer y escribir y no tengan nota desfavorable en su licencia ó se halle invalidada, cualquiera que sea el tiempo de servicio que cuenten.

FORMA PARA SOLICITAR DESTINO

1.ª Instancia al Ministro de la Guerra, subscrita por el interesado, en papel del sello 11.ª clase, en la que se consignará el destino que se pida, su edad, número de hijos, si los tiene, y si es licenciado absoluto, expresando en su caso el número de la licencia y la fecha de su expedición, el número que aparece en la filiación, y el número de matrícula de la Junta Provincial de Reclutamiento.

2.ª Dicha instancia, la ha de acompañar de los documentos siguientes: por sí del mes en que aparezca fechada el 1.º, certificado personal al Ministro de la Guerra, de licencia absoluta los licenciados, extendida en papel del sello 11.ª, expedido por Comisario de guerra, Jefe de Cuerpo, al Alcalde y otra en papel del sello 11.ª clase, certificado de aptitud física, expedido por los jefes que se citan en el párrafo siguiente.

3.ª Los que no soliciten destinos de 1.ª clase, acompañarán, además, certificado de aptitud que se expedirá por el Comandante Inspector superior de la provincia, cuando los que se opinen en las escalas de Ultramar, para los segundos, este documento será el que se pide arriba, por la Junta del cuerpo, y en la capital de la provincia, por el Comandante de la capital de la provincia, por el Comandante de la capital de la provincia.

4.ª Para los destinos en que se exija certificado de aptitud física, el certificado de fianza ó fianzas, si fuere necesario, que se acredite en la instancia de solicitud, se expedirá en papel del sello 11.ª clase.

5.ª Los documentos que para cada clase de destino se exigen, se presentarán en la Secretaría del Ministerio de la Guerra, á los Gobernadores ó Comandantes militares del punto de residencia de los interesados, y á falta de aquellas Autoridades, al Alcalde, para que éste los remita de oficio al Gobernador ó Comandante militar respectivo, á fin de que por las citadas Autoridades militares se unan el certificado de buena conducta, posteriormente á su licenciamiento, con sujeción á lo dispuesto en el art. 15 del reglamento de 10 de octubre de 1885.

NOTAS

1.ª Sólo se admitirán para cada concurso las instancias entradas en este Ministerio hasta el último día del mes en que se publique la relación de vacantes en la *Gaceta*, debiendo promover nueva solicitud los que no hayan alcanzado destino y deseen obtenerlo.

2.ª Las vacantes se publicarán en la *Gaceta de Madrid* y *Diario Oficial* de este Ministerio el día 1.º de cada mes, y antes del 10 del siguiente una relación de los individuos propuestos y otra de las instancias que han quedado fuera de concurso, expresando los motivos.

No figurarán en ninguna de ambas relaciones los aspirantes que, á pesar de tener derecho á los destinos que soliciten, no los obtengan por corresponder á otros que reunan más condiciones.

3.ª Los individuos que estando desempeñando destino soliciten otro, deberán acompañar á sus instancias nuevas copias de sus documentos, extendidas en papel de oficio de 10 céntimos.

4.ª Los cesantes que soliciten nuevo destino acompañarán, además de los documentos expresados anteriormente, otro justificativo de su situación, si no la hubiere ya acreditado ó constase en su expediente.

5.ª Siendo necesario conocer la situación en que se encuentra todo aspirante con relación al último destino que haya obtenido, deberá hacer constar en la instancia si ha sido cesante ó cómo se ha producido su cese, si ha sido separado, en los puntos particulares que dirija á este Ministerio, también detallados, si se trata de rectificar, y si se le considerará como si hubiese servido, y, en su consecuencia, se les aplicarán las disposiciones que para estos casos rigen.

6.ª Los aspirantes que no hubieren alcanzado destino, por haberse adjudicado los que pedían á otros con más condiciones, al solicitar de nuevo, deberán especificar de acompañar nuevas copias de sus documentos.

7.ª Los destinos que se provean sin haberse cumplido los preceptos de la ley citada, pueden ser denunciados por cualquier individuo comprendido en la misma, para cuyo fin pueden dirigir instancia á este Ministerio en papel de 11.ª clase, especificando el nombre del destino que se propone denunciar, sueldo que tiene asignado y presupuesto á que está afecto, y acompañando á su instancia una copia de su licencia absoluta en la misma clase 11.ª de papel y con la aclaración que se expresa en el párrafo 5.º, remitiendo dicha instancia por conducto de la autoridad militar como previene la R. O. de la Presidencia del Consejo de Ministros de 4 de mayo de 1908 (C. L. núm. 118).

8.ª No pueden aspirar á destino los que se encuentren pendientes de condonar ó de toma de posesión del último solicitado, según R. O. de la Presidencia del Consejo de Ministros de 23 de agosto de 1909.

Los certificados de aptitudes, cuando que se acompañen á las instancias en petición de destino, están sólo válidos por tres meses desde la fecha de su expedición.



SITUACIONES, SERVICIOS Y VICISITUDES

El Jefe del Depósito de la Zona de Reclutamiento y Reserva de Betanzos número cincuenta y uno, de la que es Jefe principal el Señor Coronel de la misma

CERTIFICO: Que el recluta comprendido en esta licencia absoluta, permaneció los doce años en las distintas situaciones que la Ley determina, por lo que es baja en el Ejército. Observó buena conducta y se le expidió certificado de soltería en la fecha que en su filiación se expresa.

Betanzos 1º de agosto de 1913

V.º B.º

ZONA DE RECLUTAMIENTO BETANZOS

Os que emigraron á Illa de Cuba

Benito Cabaleiro Piñón naceu no lugar de Suarriba o 24 de marzo de 1860 e a súa muller Manuela Vilaboy Carballeira no lugar de Marraxón de Arriba o 24 de xuño de 1866. Do seu matrimonio naceron 14 fillos, 10 varóns e 4 mulleres, segundo a relación seguinte:

— José María naceu o 21 de outubro de 1887
— Andrés naceu o 29 de marzo de 1889, (*)
— María Encarnación naceu o 24 de marzo de 1891
— Antonio María naceu o 21 de decembro de 1892, (*)
— Manuel María naceu o 24 de setembro de 1894, (*)
— Jesús María naceu o 10 de maio de 1896, (*).
— María Consuelo naceu o 20 de novembro de 1897
— Francisco naceu o 31 de decembro de 1899
— María Josefa naceu o 9 de abril de 1901
— José Antonio naceu o 10 de abril de 1903, (*)
— Francisco naceu o 18 de novembro de 1904, (*)
— María de los Remedios naceu o 6 de agosto de 1906
— Mariano naceu o 31 de xaneiro de 1908[2] (*)
— Crisanto naceu o 1 de xullo de 1910, (*)

Dos catorce irmáns foron a Cuba nove (os marcados con *), algúns cos seus cónxuxes: Andrés, Antonio María, Manuel María, Jesús María, María Josefa, José Antonio, Francisco, Mariano e Crisanto. Ata sete dos irmáns, desta primeira xeración dos Cabaleiro que emigraron a Cuba, ocuparon durante bastantes anos cargos na directiva da «Sociedad de Instrucción Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez» na Habana. En concreto Andrés, Antonio María, Manuel, Jesús María, José Antonio, Mariano e Crisanto[3] O que máis anos repite no cargo foi Manuel.

2 Conversación con Mariano Cabaleiro. Audición grabada por Manuel Souto na Coruña.
3 GUERRA LÓPEZ, D. e MONTES DE OCA COLINA, L. (2017): *Sociedad de Instrucción Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez (1912-2015)*. Deputación da Coruña.

Co tempo, segundo transcorrían os acontecementos despois do triunfo da revolución en Cuba, os Cabaleiros tiveron que refacer as súas vidas, con todo o que isto supuxo a nivel familiar, sentimental e profesional, superando todo tipo de dificultades. Parte deles decidiron irse para Miami e outros regresaron a Galicia.

Da segunda xeración dos Cabaleiro, que foi bastante numerosa, unicamente mencionaremos aos fillos de Encarnación Cabaleiro Vilaboy e Francisco Castro Romero, xa que foron os que continuaron vivindo na casa de Benito. Dos cinco irmáns: Manuela, Benito, Andrés, Jesús e María Soledad Castro Cabaleiro, emigraron a Cuba Benito, Andrés e Jesús coas súas respectivas mulleres. Ocuparon tamén durante algúns anos cargos na directiva da «Sociedad de Instrucción Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez» na Habana. En concreto Benito e Jesús.[4]

O día un de xaneiro de 1959 triunfou a revolución emprendida por Fidel Castro en Cuba e isto tivo importantes consecuencias en todos os emigrantes galegos e do resto de España, posto que, os seguintes anos de permanencia na illa foron moi convulsos e pouco a pouco a súa presenza caeu drasticamente. Este proceso implicou múltiples e distintas sortes e penurias pois na maioría dos casos tiveron que empezar de novo.

4 Ídem.

Fotos familiares da primeira xeración dos Cabaleiro na Habana.

Fotos familiares da segunda xeración dos Cabaleiro na Habana.

Fotos familiares da segunda xeración dos Cabaleiro na Habana.



La Coruña,29 de junio de 1968.-

Sra. María Castro Cabaleiro.
Puentes de García Rodríguez.
El Barreiro.

Querida sobrina:
Mucho me alegraré te encuentres bien, en compañía de tus niños y que tengas buenas noticias de Manolo. Por aquí todos nosotros bastante bien, a Dios gracias.

Bueno Maruja: como ya se me va aproximando mi salida a Estados Unidos para reunirme allí con mi otra hija, el esposo y mis dos nietos, no quiero salir sin despedirme de toda la familia, aunque solo por carta, ya que personalmente no se me facilita, como me gustaría hacerlo.

El día 3 de julio debo estar en Madrid, de manera que ese día pienso salir aquí de Coruña por la mañana para estar en Madrid a las 7 de la tarde. Entonces arreglar allí todo lo relacionado con el papeleo del viaje, que creo ha de ser de Madrid a New-York y de New York seguiré a Miami donde están mi jente.

La salida de Madrid para N. York de la tienen señalada para el día 18 de julio y como es por avión, me supongo que a mas tardar al día siguiente ya estaré reunido con mis hijos y nietos.

Por aquí se quedan Olga, Juan Ramón y Roberto, vamos a ver si algún día pueden pasar también para aquel país y entonces estar todos reunidos como son nuestros deseos.

Así que con estas líneas me despido con muchos saludos para Manolo cuando le escribas, muchos besos a Carlitos y Olelos y tu recibes un fuerte abrazo de tu tío que sabes los quiere a todos,

P. D.
Besos y abrazos del Roberto para Carlitos y Gelé

Manuel Cabaleiro
Manuel Cabaleiro,

Carta do tío Manuel Cabaleiro Vilaboy a Maruxa Castro no ano 1968 que explica cando e como se reunirá coa súa familia de Cuba en Florida

Os que foron á guerra.

***xx/12/1939.-** Carta dun pai ao seu fillo en 1939

Da segunda xeración dos Cabaleiro de Marraxón, Benito e Andrés Castro Cabaleiro foron chamados a filas polos nomeados nacionais no fratricida conflito da guerra civil española entre 1936 e 1939. Eran os de maior idade en tanto que Jesús, o seu irmán máis novo, non cumpría a idade de recrutamento. Benito tivo como destino a fábrica de armas da Coruña e non foi á fronte da guerra, mentres que Andrés foi alistado e acabou na fronte en Zaragoza.

Na imaxe, a carta de Francisco Castro Romero que enviou ao seu fillo Andrés Castro Cabaleiro en Zaragoza dende o lugar de Marraxón de Arriba en decembro de 1939, recente terminada a contenda. Andrés aínda pasaría uns anos máis cumprindo o servizo militar e posteriormente emigraría a Cuba, do mesmo xeito que o fixeron os seus irmáns Benito e Jesús Castro Cabaleiro todos coas súas mulleres.



Foron moitos os anos que tiveron que entregar nun período que, pola contra, debería ser a mellor etapa das súas vidas. Descoñecían que aínda quedaba por diante a emigración á illa de Cuba; ¡volta a empezar!. Despois de traballar bastantes anos alí coas súas familias achégase o peor, a saída obrigada polos efectos da revolución cubana. E de novo, volta a empezar!

As cotas de racionamento durante a guerra civil e na posguerra ata 1952

Na casa de Benito de Marraxón gárdanse vellos talonarios de cotas de racionamento de diversos anos no período de guerra e posguerra, sobre todo de produtos básicos. Algúns procedentes posiblemente dos Cabaleiro que vivían na Coruña, pois teñen selos dos establecementos desta cidade.

Cupóns de pan, aceite, azucre, legumes e arroz, patacas, pasta e sopa, carne, ultramarinos, graxas e varios.

As carencias alimentarias eran máis acusadas nos pobos e cidades que nas aldeas. Nestas podíanse traballar as terras e cultivar moitos dos produtos alimenticios máis básicos.

A modo aclaratorio inclúese a seguinte información sobre o racionamento en España en el siglo XX, en concreto durante a guerra civil e os anos da posguerra:[5]

5 Voz «Racionamiento» en Wikupedia: https://es.wikipedia.org/wiki/Racionamiento

La primera vez que se implanta el racionamiento en España es durante la Guerra Civil, establecido por el autodenominado Gobierno de la Victoria, presidido por el socialista Francisco Largo Caballero, a través de un decreto de 5 de marzo de 1937 publicado en la Gaceta de la República el 7 de marzo de 1937, de forma que se repartiesen los alimentos disponibles durante el periodo de guerra. Dicho decreto dicta en su artículo 1: «Se crea en todos los Municipios de la España leal la tarjeta de racionamiento familiar». Posteriormente, una vez finalizada la Guerra Civil española, durante el periodo de la posguerra que estuvo marcado por la escasez, una orden ministerial de 14 de mayo de 1939, estableció el régimen de racionamiento en España para los productos básicos alimenticios y de primera necesidad. El racionamiento no alcanzaba a cubrir las necesidades alimenticias básicas de la población, por lo que vivieron años de hambre y miseria. La degradación del nivel de vida en la década de los 40 fue tal, que asegurarse la subsistencia se convirtió en una auténtica lucha diaria.1 Se establecieron dos cartillas de racionamiento, una para la carne y otra para el resto de productos alimenticios. Se dividió a la población en varios grupos: hombres adultos, mujeres adultas (ración del 80% del hombre adulto), niños y niñas hasta catorce años (ración del 60% del hombre adulto) y hombres y mujeres de más de sesenta años (ración del 80% del hombre adulto). La asignación de cupo podía ser diferente también en función del tipo de trabajo del cabeza de familia. Inicialmente las cartillas de racionamiento eran familiares, que fueron sustituidas, en 1943 por cartillas individuales, que permitían un control más exhaustivo de la población. En mayo de 1943 (BOE de 15 de abril de 1943), al mes de la entrada en vigor de la cartilla individual, el número de racionados en España era de 27.071.978 personas.2La distribución de alimentos racionados se caracterizó por la mala calidad de los productos y puso de manifiesto corrupción generalizada y el mercado negro. El racionamiento per-

duró oficialmente hasta mayo de 1952, fecha en que desapareció para los productos alimenticios.

Entre 1950 y 1960 el consumo per cápita de carne y papel se duplicó y el de azúcar o de electricidad se triplicó.4 Dadas estas carencias nutritivas aparecieron una serie de enfermedades relacionadas como fueron las hepáticas, la tuberculosis, gripe, las fiebres tifoideas, el paludismo y la disentería por falta de higiene. Los ancianos y los niños tuvieron una alarmante índice de defunciones.

En provincias como Jaén en 1942 se alcanzó una taxa de mortalidad infantil del 35% por la desnutrición y la ingesta de peladuras de patata u otros residuos. Paralelamente la dictadura acabó con los ahorros de la clase media de España, al retirar de la circulación 13.251 millones de pesetas republicanas y anular 10.356 millones más en dinero bancario. Un kilo de azúcar costaba 1,90 pesetas a prezo de taxa. En el mercado negro, costaba 20. El aceite para el racionamiento se pagaba a 3,75 el litro y a 30 de estraperlo. Una ley de 1941 amenazaba con la pena de muerte a los especuladores.

As contribucións e o imposto de utilidades:

O imposto de utilidades foi un tributo que se aplicaba na primeira metade do século XX para gravar os rendementos do capital e do traballo. Na seguinte imaxe vese un exemplo do pagado no ano 1924 por Francisco Castro Romero, casado con Encarnación Cabaleiro Vilaboy que vivían na casa de Benito de Marraxón de Arriba.

O imposto calculábase en función de certos parámetros. Por unha banda, con base ás rendas estimadas polas propiedades propias para o seu uso ou para alugar, a casa, as propiedades rústicas e outros bens, as utilidades dos labradíos e dos bens propios e as rendas forais que recibe e, por outra banda, polas utilidades das propiedades que labra en arrendamento e polas cabezas de gando.


AYUNTAMIENTO DE PUENTES 1924
AÑO ECONÓMICO DE 192 -192
Parroquia de
Lugar de
Declaración y estimación de las utilidades de la parte Personal
Estimación por la Comisión
CONCEPTOS
SIGNOS EXTERIORES DE RIQUEZA
OBSERVACIONES

Recibo da contribución territorial do ano 1947, que se asemella máis aos recibos do Imposto de Bens Inmobles que se pagan hoxe en día.

Contribución Territorial 1947
RIQUEZA URBANA
Recibo ANUAL
RIQUEZA IMPONIBLE

As festas de Marraxón, a «vitrola ou victrola», as fotos e os músicos. A sega.

Era costume na festa de Marraxón, cuxa patroa é a Virxe dos Remedios e que se celebraba anualmente no mes de setembro, colaborar coa familia nos preparativos da cociña para os invitados por parte dalgúns membros dentro da familia ou persoas achegadas que se dedicaban a este labor. Temos como mellor exemplo, entre outros, a tía Soledad, solteira, que era irmá de Francisco Romero do lugar de Pena do Curro.

Na imaxe anterior vese unha vitrola, un aparato para reproducir música, en bo estado de conservación, seguramente mercado polos cubanos para a casa de Benito de Marraxón e que ten unha placa co nome inglés de Victrola. Tanto os discos existentes que son de vinilo como a agulla de reproducir son dun tamaño considerable.

Ao longo do século XIX fixéronse multitude de fotos das festas, case sempre tomadas polos cubanos que traían as súas cámaras de fotos para este cometido. Nelas adoitaban aparecer a familia, os invitados e por suposto os músicos. Unha vez que se revelaban as fotos, os nosos tíos escribían nelas o nome das persoas fotografadas, indicando o día e o acontecemento, despois repartíanas á familia.

Fué sacada en Marrajón por la fiesta Virgen de los Remedios; que con este motivo era costumbre celebrar una comida extraordinaria. Además de los vecinos de la aldea aparecen: de la hermanda de los CABALEIROS: Encarnación, Consuelo, los esposos de ambas; Jesús, Francisco (Panchito) los primos de Oscarrís, el tío // José (Pepe) de Suarriba, una joven que vivía con éllos, hermanas de Francisco C.R. cuñadas de Encarn„ción y hermanas de Francisco Castro Romero da Pena Do Curro os Doces etc.; también Urbano, Leopoldo , José sobrino de Francisco y otros muchos que no recuerdo sus nombres.

Esta foto fué hecha por Mariano Cabaleiro Vila-Goy

Os músicos da orquestra que actuaba na festa de Marraxón tiñan por costume comer e durmir nas casas dos veciños, xa que o tiñan ben gañado.

Algunhas destas fotos poden estar sacadas en Suarriba pois de alí procedía Benito Cabaleiro e tamén celebraba a súa festa por vivir nese lugar a tía Consuelo.

Na temporada de verán a maior parte do traballo no rural galego concentrábase nos labores de sega do trigo e centeo principalmente. Os veciños axudábanse entre eles xa que a tarefa era moi dura e urxente o que exixía bastante mao de obra.

Durante séculos, parte do campesiñado galego se trasladaba todos os anos a Castela, fenómeno que chegou ata tempos relativamente recentes, trasladándose a pé ou en ferrocarril cando apareceu este medio e ultimamente mediante os novos medios de transporte.

Cadernos da familia «Cabaleiro» escritos por Mariano Cabaleiro Vilaboy e por Jesús Castro Cabaleiro.

Ao longo dos anos tanto Mariano Cabaleiro Vilaboy como o seu sobriño Jesús Castro Cabaleiro tiveron moito interese e agarimo en deixar documentado con numerosas notas os datos principais da familia Cabaleiro. Nestes cadernos figura numerosa información da familia ao longo de ata catro xeracións, como son as datas de nacemento, casamento e de falecemento. Tamén con quen casaron e os fillos que tiveron. Como é bastante extenso, sobre todo o recompilado polo tío Suso, non o imos incluír aquí, pois isto sería material suficiente para elaborar outro artigo específico desta árbore xenealóxica.

Os «cubanos» tiñan por costume, cada vez que regresaba algún familiar, enviar para a casa de Marraxón a tea dos sacos de azucre que vendían nas súas adegas. Aquí eran ben aceptados, pois, unha vez retiradas as letras, a tea aproveitábanse para facer principalmente sabas e manteis pola moi boa calidade.


DATOS CURIOSOS QUE MERECEN
SER GUARDADOS CON CARIÑO

NACIMIENTOS
CASAMIENTOS
DEFUNCIONES
DESDE MI ABUELO
BENITO CABALEIRO

COPIADO POR
JESUS C.CABALEIRO
LA CORUÑA ENERO DE 1.071



Aprendizaxes baseadas nesta documentación

— A influencia da relixión nos testamentos e na forma de vida.
— O importante papel e coñecemento técnico do perito agrimensor.
— A gran fragmentación das propiedades polas herdanzas e as súas consecuencias en canto á operatividade como medio principal de vida. Os labradores e os propietarios.
— A formalidade das numerosas escrituras e doutros documentos existentes, (máis de 150), e quizais en maior grado de oficialidade nos pertencentes aos séculos XVIII e XIX, onde poucas persoas sabían asinar.
— O papel «secundario» da muller no que vemos que aínda que fose propietaria por herdanza, precisaba do permiso do seu marido para levar a cabo unha venda, unha permuta ou para calquera outro asunto oficial.
— A lectura destes documentos axúdanos a imaxinar como era a vida naqueles tempos, así como a subsistencia, a dureza e as dificultades do traballo individual ou colectivo, os problemas da propiedade, os acordos e os conflitos, a relixión..., e tamén en moitos casos a súa curta e intensa vida.
— A emigración a Cuba a comezos e mediados do século XX.
— As quintas e as consecuencias dunha guerra civil.

Notas aclaratorias

Existen moitos nomes e apelidos que se repiten de forma diferente, tamén os nomes de lugares. Preferín transcribilos tal como aparecen en cada documento e obviar a corrección ortográfica porque se poden cometer erros maiores. Un exemplo é o apelido do Barro que ás veces aparece como Dobarro, Do Barro, Dos Varros ou simplemente Barro. Outro exemplo é o apelido Caveiro que aparece tamén nas seguintes formas: Caveyro, Caaveiro, Caaveyro, Caabeyro. Tamén o apelido Cibreiro que aparece como

Cebreiro, Cibreyro, Cebreyro, .., que nalgúns casos son faltas de ortografía e noutros son evolución do apelido.

Noutros casos decídese conservar a forma en castelán antigo tal como figura por exemplo nos testamentos.

As miñas desculpas anticipadas polos posibles erros de interpretación neste traballo.

Agradecementos

O meu agradecemento aos meus curmáns de Marraxón, Pepe e Norma, e á súa familia, (tamén nos lembramos da súa irmá Gela que morreu moi nova), que fixeron posible a elaboración deste traballo grazas á documentación que custodiaron durante tantos anos. Tamén á miña familia que se dedicou a corrixir a miña gramática, así como, a recompilar as fotografías e a elaborar os planos e debuxos da casa de Benito en Marraxón. Finalmente, á Asociación Hume por facilitar á súa publicación.

Finalizar dicindo que os habitantes actuais na casa de Benito de Marraxón de Arriba son Pepe Barro Castro, Fina Prieto Rey e seus fillos Ely e Tere.

Anexo. Táboas de memoriais

TÁBOA: Memoriais dos bens do lugar en que habita Juan do Barro no lugar de Marraxón de Arriba, 24/10/1857

Primeiro Memorial									
Partixas. (12 agrupacións de bens)	1/40	1/40	8/40	16(2/3)/40	13(1/3)/40				40/40
Herdeiros:	Cayetano Bouza Juan Barro (3/5) Pedro Formoso (1/5)	Isabel Fernández	Juan Barro Pedro Formoso	Fco Carballeira B. Carballeira Genaro Castro	Vicente Ledo Juan Barro				
Valor dos bens en reais vellon	196	196	1.568	3.267	2.613				7.840
Herdeiros:	Valor:								7.840
Cayetano Bouza	39,20								
Juan Barro	2.208,27								
Pedro Formoso	823,20								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	196,00								
Francisco Carballeira	1.088,89								
Pedro Carballeira	1.088,89								
Genaro Castro	1.088,89								
Vicente Ledo	1.306,67								
	7.840,00								

Segundo Memorial									
Partixas. (2 agrupacións de bens)	10(3/4)/25	10(3/4)/25	2(1/2)/25	1/25					25/25
Herdeiros:	Juan Barro Pedro Formoso	Isabel Fernández	Juan Cabeyro	Cayetano Bouza					
Valor dos bens en reais vellon	270	270	63	25					627
Herdeiros:	Valor:								627
Cayetano Bouza	25,08								
Juan Barro	147,35								
Pedro Formoso	122,27								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	269,61								
Juan Cabeyro	62,70								
	627,00								

Terceiro Memorial									
Partixas. (1 agrupacións de bens)	1/5 de por mitad	1/5	3/5	1/5					5/5
Herdeiros:	Juan Cabeyro Pedro Formoso	Cayetano Bouza	Juan Barro	Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos					
Valor dos bens en reais vellon	64	64	192						320
Herdeiros:	Valor:								320
Cayetano Bouza	12,80								
Juan Barro	67,20								
Pedro Formoso	54,40								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	153,60								
Juan Cabeyro	32,00								
	320,00								

Cuarto Memorial									
Partixas. (1 agrupacións de bens)									(9/9)
Herdeiros:									
Valor dos bens en reais vellon	28	112	37	47	22	2	1	3	252
Herdeiros:	Valor:								252
Juan Cabeyro	14,00								
Cayetano Bouza	6,16								
Juan Barro	48,16								
Pedro Formoso	23,24								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	95,20								
Francisco Carballeira	15,50								
Pedro Carballeira	15,50								
Genaro Castro	15,50								
Vicente Ledo	18,74								
	252,00								

Quinto Memorial									
Partixas. (13 agrupacións de bens)	(10/40)	(5/40)	(2/40)	(23/40)					(40/40)
Herdeiros:	Juan Barro Pedro Formoso	Juan Cabeyro	Cayetano Bouza	Isabel Fernández e hijos					
Valor dos bens en reais vellon	2.503	1.251	501	5.756					10.011
Herdeiros:	Valor:								10.011
Cayetano Bouza	500,55								
Juan Barro	1.251,38								
Pedro Formoso	1.251,38								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	5.756,33								
Juan Cabeyro	1.251,38								
	10.011,00								

Sexto Memorial									
Partixas. (5 agrupacións de bens)	*((1/2)*(1/5)=30	)*((1/2)*(1/5)=30	)*(1/3=1/3=1/3	0*((6/30)*(1=1/3	30*(((4=1/3)/30	0*(3)/30)			(30/30)
Herdeiros:	Domingo Vivero	Fernando Freyre	Fernando Freyre Francisco Carballeira Genaro Castro	Pedro Formoso	Antonio Ledo	Manuel Franco			
Valor dos bens en reais vellon	265	265	2.117	1.026	702	486			4.860
Herdeiros:	Valor:								4.860
Manuel Franco, (representando a menores de Francisco Cabarc	486,00								
Pedro Formoso	1.026,00								
Genaro Castro	705,60								
Francisco Carballeira	705,60								
Fernando Freyre	970,20								
Domingo Vibero	264,60								
Antonio Ledo y Hnos	702,00								
	4.860,00								

Sétimo Memorial									
Partixas. (2 agrupacións de bens)	8*(1/5)*(1/8)	8*(1/8)	8*(1/8)*(1+1/2)	*(5/8)*(16+1/3)/3	*(5/8)*(6+1/3)/3	8)*(4+1	5/8)*(3/30)		**(8/8)**
Herdeiros:	Juan Barro Pedro Formoso	Bonifacio Ramos	Isabel Fernánd Isabel Fernánd	Fernando Freyre Domingo Vibero Jenaro Castro Francisco Carballeira	Pedro Formoso	Antoni	Manuel Franco		
Valor dos bens en reais vellon	384	767	1.151	2.088	810	554	384		6.136
Herdeiros:	Valor:								6.136
Juan Barro	287,63								
Manuel Franco, (representando á menores de Francisco Cabarc	383,50								
Pedro Formoso	905,49								
Genaro Castro	556,79								
Francisco Carballeira	556,79								
Bonifacio Ramos	767,00								
Fernando Freyre	765,58								
Domingo Vibero	208,79								
Antonio Ledo y Hnos	553,94								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	383,50								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), José Corral e hij	767,00								
	6.136,00								

Octavo Memorial									
Partixas. (3 agrupacións de bens)	(4/4)*3	(4/4)*1							**(4/4)**
Herdeiros:	Juan Barro	Pedro Formoso							
Valor dos bens en reais vellon	870	290							1.160
Herdeiros:	Valor:								1.160
Juan Barro	870,00								
Pedro Formoso	290,00								
	1.160,00								

Noveno Memorial									
Partixas. (14 agrupacións de bens)	(2/2)*1/2	(2/2)*1/2							**(2/2)**
Herdeiros:	Juan Barro	Pedro Formoso representando a sua muller Dominga Pérez							
Valor dos bens en reais vellon	756	756							1.511
Herdeiros:	Valor:								1.511
Juan Barro	755,50								
Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez	755,50								
	1.511,00								

Décimo Memorial									
Partixas. (4 agrupacións de bens)	(2/2)*1/2	(2/2)*1/2	(2/2)*1						**(2/2)**
Herdeiros:	Juan Barro	Pedro Formoso rep	Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos						
Valor dos bens en reais vellon	131	131	262						524
Herdeiros:	Valor:								524
Juan Barro	131,00								
Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez	131,00								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	262,00								
	524,00								

Décimo Primeiro Memorial									
Partixas. (8 agrupacións de bens)	(25/25)*2,5	(25/25)*1	(25/25)*(10+3/4)	(25/25)*(10+3/4)					**(25/25)**
Herdeiros:	Juan Cabeyro	Cayetano Bouza	Isabel Fernánd	Juan Barro Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez					
Valor dos bens en reais vellon	456	182	1.960	1.960					4.557
Herdeiros:	Valor:								4.557
Juan Cabeyro	455,70								
Cayetano Bouza	182,28								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	1.959,51								
Juan Barro	1.184,82								
Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez	774,69								
	4.557,00								

Décimo Segundo Memorial									
Partixas. (2 agrupacións de bens)	(25/25)*1	(25/25)*12	(25/25)*(6+1/2)	(25/25)*(5+1/2)					**(25/25)**
Herdeiros:	Cayetano Bouza	Isabel Fernández,	Juan Barro	Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez					
Valor dos bens en reais vellon	52	624	338	286					1.300
Herdeiros:	Valor:								1.300
Cayetano Bouza	52,00								
Isabel Fernández, (viuda de Antonio Cebreyro), e hijos	624,00								
Juan Barro	338,00								
Pedro Formoso representando a su mujer Dominga Pérez	286,00								
	1.300,00								

Aurelio Pena Carballeira

Soledad Souto López

Fina Blanco Antelo

Antonio Castro Ferreiro

Aurelio en Ribadeume repasando os lugares da súa mocidade

Infancia

Nacín en Pena de Traste (Ribadeume) o 7 de marzo de 1927. A miña infancia foi alindar nas vacas e ir axudar ao avó a buscar o toxo para darlle ás vacas, que era o Nitramón que había daquela.

Non tiven irmáns que son fillo de solteira; tiven 8 tíos, catro homes e catro mulleres.

Mocidade

A miña mocidade lémbroa máis divertida que a de agora, á nosa maneira. Cando as mulleres preparaban as fías iso era unha festa; así que paraban de fiar ceábase e logo facíanse contos varios: de mal casados, de labrador... era a festa que había. Os contos de mal casado trataban de que había mozos e mozas nun escenario que eran as cuadras e poñíanse facendo unha roda homes xuntos e mulleres xuntas; un deles facía de cura levando a cara toda tapada cunha saba por enriba e achegábase a unha muller e dicíalle que lle era hora de buscar mozo. Logo ía o que facía de sancristán onda algún dos homes e dicíanos que lle tocáramos algo coas mans e os cativos non nos atrevíamos, os máis vellos si. Cando nos íamos achegar á rapaza, o que facía de cura dábanos coa corda e dicía... que fas ho? Entre o sancristán e o cura ordenaban o matrimonio, pero primeiro xa viña o cura tapado e aproveitando da súa situación xa lle daba un

abrazo. Habíache xente pilla senón, quen lle tocaba daquela a unha muller, iso era sagrado!!

A primeira vez que lle toquei a unha muller, lémbrome ben, deume unha bofetada boa e despois pediume perdón; eu estaba borracho. Pero eu fixen o que me mandaron, os cativos dixeron que se lle tocaba as tetas a Josefa dábanme unhas roscas. Fun inocentemente e ao tocala deume unha bofe-

tada que fun a rolos. Era o día da festa de Bermui e xa viñeron os meus tíos onda min.

Comecei a traballar con 14 anos cun particular nas Pontes na construción e ía todos os días andando. A primeira casa de Toxeiro que se tirou para facer o Liceo fixémola nós.

Fun dos que traballaron para facer a Central de Calvo Sotelo. Lembro que o primeiro carbón apareceu por baixo do bar Cantábrico e levaron mostras a analizar a Madrid. Logo construíron tres chemineas; a primeira chamábase Crossley e funcionaba con leña, estaba xusto detrás do Cantábrico, máis ben tirando para a Vilavella onda os muíños da Ramalleira; funcionaba con carbón vexetal e tamén o levaban a Ferrol. Levaban en cabalos a casca das árbores ás fábricas de Mugardos para curtir.

Construción da centralita Crossley
na Areosa, 1943

En Ribadeume facían o carbón vexetal. Argallaban unha especie de bailarete con leños, comezando cos máis pequenos coma se fixeras un palleiro, todo moi colocadiño, logo poñían un pau polo medio ao que lle prendían lume por arriba, tapábase con felgos e facíanse furados para que respirara ese lume. Segundo ía carbonizando non se lle deixaba arder e saía un carbón perfecto que logo se metía en sacos e levábase para Ferrol para consumir nas casas. Viñan as señoritas acompañadas das «carretonas» que lle levaban un saco á súa casa pagándolle algo. Iso facíase nunha plaza en Ferrol Vello chamada a Plaza do Carbón, á que ían xoves ou venres. Todo foi pouco despois de rematar a Guerra Civil. Aínda lembro que para comprar a miña primeira gabardina, eu e mais outros rapaces do lugar fixemos carbón para logo venderllo a Lagares que o usaba para os coches de línea. Tiñamos que durmir ao pé do lume toda a noite para que non ardera, controlando que se fixera ben.

Lembranzas da guerra

Cando comezou a guerra, 18 de xullo do 36, eran as festas nas Pontes. A xente do lugar dicía que viña un porco voando polo aire e escondéronse todos, era un avión voando baixiño. Recordo que contaron os meus tíos cando chegaron á casa, todos asustados, que viñan os asturianos e que non pagaban en ningunha tenda. Recordo tamén que logo había escapados preto da casa, escondidos no monte e que ás veces pedían comida. Tíñamoslles medo porque non era xente do lugar. Da casa onde eu estaba, para a guerra foron os canteiros, que eran de Xestoso.

Había brigadillas de gardas das Pontes que te paraban cando ías para a casa xa de noite e preguntábanche quen eras. Viñan ás casas e ás tabernas á xunta da noite e dicían «mañá queremos tanto diñeiro». Andrés do Caxado foi máis pillo que se fixo amigo dos dous, dos gardas e dos escapados. Os escapados durmían na palleira e os gardas na casa. E di-

cía Andrés: a min non me atacan porque os manteño. Era unha casa rica que che prestaban sen problema. El tiña tanto terreo que cando viñan os mozos da guerra daba a metade do fruto polo traballo que lle facían, el só poñía o abono e a semente; a man de obra eran os que estaban sen traballo. El era o único que tiña os montes e os cartos para poder pagalo.

Os traballos

Recordo tres centrais nas Pontes nese momento, a Crossley, a Auxiliar e a Central Vella, logo construirían a nova. A Crossley estaba detrás do Cantábrico, andaba con leña (carbón vexetal), comprábanlla aos lugareños da zona que facían o carbón nas aldeas. Logo veu a central Auxiliar que xa funcionaba con carbón da mina e tiña dúas caldeiras, había que subir o carbón con caldeiros e cadeas con xente que traballaba a turnos e o carbón viña en vagonetas cativas a través de vías estreitas. Logo fixeron a Central Vella que xa tiña ferrocarril para levar o carbón da mina e despois farían a que hai agora, que din que a van tirar.

As tres centrais no ano 1949

Cine Alovi, festividade de Sta. Bárbara, 1962

Fun traballar ás Pontes con 13 anos, era un neno. Axudei a facer o cine Alovi e as casas de máis talla que hai no pobo que as fixo o portugués. Co cine lémbrome que xa viñan os escaiolistas de Madrid, os pintores e os eléctricos, xa que aquí non había especialistas. Adolfo, o propietario, manexaba información privilexiada. Tiñan boas condicións de traballo para aqueles tempos, traballaban tres horas pola mañá e catro pola tarde, sába-



Panorámica da fábrica de abonos dende a torreta da central térmica, 1950

dos nada. Cando se inaugurou o Alovi pasaron unha película para todos os traballadores que formaron parte desa obra. Fóra agolpouse a xente que non había maneira de poder entrar e iso que había outro cine, o Hispania, pero con esa fachada tan adornada, que nunca tal se vira, era imposible que non chamara á xente. De feito os escaiolistas non deixaban que ninguén vixiara nen copiara os moldes que eles tiñan.

Logo entrei a traballar na Calvo Sotelo, pasei por moitos postos. Empecei nos almacéns xerais, recebando por fóra. Había 8 días de proba pero como xa nos coñecían tanto a min coma ó portugués porque fóramos facer un traballo na oficina, sabían que o facíamos ben. Co primeiro día foi suficiente para quedar a traballar alí. Estiven na fábrica de abonos, pasei por secado, presecado, clasificación, trituración, desulfuración, almacenamento de aire, compresión... facendo o mantemento en todos eles.

Tiven varios xefes aos que lles poñíamos sobrenomes para cando estaban chegando avisarnos uns a otros, usábamos o idioma dos canteiros. Roviralta foi dos primeiros e lembro que non era nada bo. Teño varias anécdotas do mal que o pasei con este xefe. Nunha comisión de seguridade e hixiene no traballo mandáronme pola parte de construción, eu era o máis burro do rabaño e non me avergonzo de dicilo. Había nesas xuntanzas varios xefes como Dopeso, Abeixón, Fermín, Roviralta... a este eu tembláballe.

1?, 2-Roviralta, 3?, 4-Abeijón, 5-Alarcón, no Lar nunha reunión de seguridade

Alí preguntáronnos por se tiñamos propostas. Eu, como era o máis burro de todos e empezaron facendo as preguntas por min, quedeime calado e con medo. Sempre ía por min de primeiro, facendo preguntas e atacándome nas respostas. Preguntou que problemas había na sección de construción e eu contestei que traballando á intemperie estropeábamos moito o traxe de faena que nos daban, que era un por ano, cando ao resto lles daban dous; e xa se me puxo que tiñamos que coidar máis do material que nos daban. Eu coñecía a outro xefe, Iglesias, que xa noutro momento me aconsellara facer un curso nas instalacións pero eu dixera que llo agradecía pero como era mal estudante prefería non facelo e funme a queixar a el, a dicirlle que quería irme, que non me sentía cómodo, e el contestoume que non fixera caso e que quedara. Como eu seguía descontento e estaban Rosón e Darío nunha compañía de reparación, volvín a dicirlle ao maestro Iglesias que quería marchar.

Daquela no Poboado non había beirarrúas na estrada principal, eu dinme conta de que cando ían os nenos para a escola, para evitar charqueiras

Vista xeral do poboado no ano 1949 sen beirarrúas

saltaban e corrían pola carretera co perigo que había dos coches. Falei con Roviralta, estaba con Rodolfo que era quen escribía e dixo que sería boa cousa facelas. Entón, aínda que pareza estraño, a Roviralta pareceulle unha moi boa idea. Con iso busqueille a Roviralta, que era o director, e socio con Rosón, choio para 6 meses. Naquel momento acabouse o castigo para min e deixou de acosarme.

Cerramento do Poboado, ano 1952

Cerramento do Poboado, ano 1953

Alquitranado das rúas do Poboado, ano 1954

Cando se construíu o Poboado viñan os homes de moitas partes cun zurrón ao lombo cun cacho de pan e outro de queixo. Eran tempos de moita miseria. Non había máquinas para axudar a traballar.



Construción das casas da poboado, 1ª categoría, 1949

Construción das casas da 1ª categoría

A dirección de obra era da Calvo Sotelo e viñan directamente de Madrid o enxeñeiro, o aparellador, os técnicos... Pero a man de obra viña de todos os arredores. As primeiras casas en facerse foron as da beira da carretera, entre elas a residencia, lembro que a fixo unha empresa de Ortigueira.

Tamén traballei na igrexa do Poboado. Quen fixo máis dela foi Lara de Lugo, toda a canteiría. A estrutura metálica fíxoa case toda Gumersindo. A carpintería da bóveda, unha empresa de Madrid e a santa, Pérez Comen-

Residencia de técnicos en construcción (1948)

Residencia xa rematada
(1950)

dador. A santa chegou nun coche e axudei eu a levala ata o sitio onde está, entre catro puxémola nunha base e uns paus para cargala ao lombo. Aínda lembro ese día que me vestín de cura e fun detrás facendo que cantaba pensando que non nos vía ninguén e aparece Roviralta, calei de repente; preguntou quen falaba alí e ninguén contestou e el pasou para dentro. Sempre me subía arriba de todo, onde está o Padre Paterno e escondíame para gastar bromas. Gustábame gastarllas a Cabanela, sobre todo cando aínda non sabía de onde viñan as voces,

Igrexa en construción (1963)

logo xa me contestaba el. Un día, cando estaba alí escondido, chegou o cura do Poboado, que era moi serio e malo, e escoitoume. Non se deu conta que era eu, cando o descubriu, logo dun ano, díxome: Aínda conservas a voz como cando lle cantabas a Cabanela? Quedeime cortado, pensaba que non se enterara.

Igrexa en construción (1964)



Igrexa en construción, (1965)

Recordo varios días sinalados, un cando veu o presidente a inaugurar a central que fixeron unha comida na nave dos almacéns, os xefes estaban por un lado e a «tropa» por outro. Non me acordo moito máis dese día. Outro foi o enterro de Arias, o Presidente da Calvo Sotelo, a igrexa estaba recién inaugurada. Os levadores fomos eu, José de Ribadeume, o Roxo e Acuña. Para esa ocasión déronnos buzos novos aos catro e un brazalete negro. Acórdome que José, un dos levadores, empurrou co pé a tabla que non axustaba ben no furado para poder poñer a tapa e logo as rasillas. Nese momento veuno Roviralta e chamoulle a atención. A tumba tiña auga e houbo que botarlle area por baixo.

Retablo da Nosa Señora da luz no ano 1965

A imaxe da Virxe falábase que tiña a cara dunha muller coñecida, a querida de Arias, dicían iso pero eu non sei o nome. Si que sei que a levaron para o almacén e se non a sacaron, alí debería seguir.

Estiven noutros postos de traballo, un deles na construción do pantano cando eu estaba na Calvo Sotelo, aínda que a empresa encargada da construción foi outra.

Inicio das obras da construción do pantano, 1957

Pantano da Ribeira en construción, 10.11.1958

As condicións na Calvo Sotelo non eran as mellores, pagaban moi pouco; a xentiña que viña de fóra a traballar ao pobo viña co saquiño ao lombo cun pouco pan e un pouquiño queixo. O que tiña de bo era a ración, por iso viñan. Había moitas necesidades nas casas. Daban por persoa unha cantidade de aceite, fideos, arroz, xabrón... Camilo facía de «escribiente» de Roviralta igual que o de Ferpu, eles levaban o control da ración.



Pantano da Ribeira en construción, 10.11.1961

Poboado das Veigas

Lembro cando non había nada máis que casas ata a Casilla, a casa de Lage, a casa das Cabritas, a do Sastre, a de Carmen da Seara... A xente cando lles expropiaron non quedou contenta porque non lles pagaron ben, foi moi barato. Onde a subestación había moito labradío e moitas hortas. Quen tiña moita propiedade era Vilariño, outro tamén era don Julio, que estaban para aquí do Cantábrico. «Tarzán» comproulle a don Julio parte do terreo e fixo alí unha casa, fíxoa el só. Chamábanlle Tarzán porque era moi forte e era moi guapo.

Fachadas do edificio das escolas e economato, 1949

Roviralta (o da esquerda), na entrega das vivendas de renda limitada ao delegado Provincial da vivenda, 1962

As escolas do Poboado veunas facer unha empresa da zona da Coruña. Montaron un aserradeiro grandísimo onde está a igrexa, alí preparaban toda a madeira para as vivendas e as escolas, máis ben foi para facer a Residencia que foi o primeiro que se fixo. Os ladrillos viñan de Santa Rita de Ferrol e traíanos en camións e a pizarra viña de Ortigueira. Lembro albaneis como Prego e o Roxo ou fontaneiros como Mundo, Eliseo e Bouza.

Toda a obra era controlada por Roviralta, chegaba el só para facelo, ía pola obra a calquera momento chegando menos contabas con el.

Nestas casas vivían moi ben, acórdome de estar na do director de zona, don Pablo Verín, nela había tantos xamóns como patacas, vinos un día que lle fun clavar uns ganchos e mais poñer os tubos a unha sala enorme onde había unha despensa moi grande. Pablo foi unha boa persoa, era vasco, viñera para aquí logo de ter estado na guerra. Acórdome de cando foi facer

Vivenda para enxeñeiros, 1960

unha visita á central e había un home de Candamil que se chamaba Pedro, que aínda viviu nas Casas Baratas e que tamén fora á guerra; pasou don Pablo todo serio e este Pedro deuse conta de que o vira na guerra, e Chucho, que era o axudante de don Pablo e ía con el mandouno calar, pero Pedro volveu a insistir que fora tenente del. Don Pablo escoitouno e preguntou que que dicía ese home. Chucho non se atrevía a contarllo, pero como lle insistiu tanto, acabou por confesarlle o que dicía Pedro. Don Pablo mirouno e falaron, e fora verdade que coincidiran no mesmo batallón. Iso cambioulle o seu futuro, mirou por el e colocouno nun posto mellor, nos coches que ían a Rábade.

Recordo as empresas estranxeiras que traballaron na obra, a que fixo toda a instalación eléctrica da fábrica de abonos. Viñeron traballadores de fóra, uns do bando dos roxos da guerra civil que estaban fichados e escapaban das posibles represalias.

Tamén viñeron doutras zonas de Galicia xente que tiña moitas necesidades e buscaba aquí un traballo para mellorar a súa vida. Lembro o caso de Tin (Emilio), que veu de Ourense con moitas necesidades, cunha gorra cativa, unha chaqueta rota... e veu como encofrador. Axiña coñeceu a Caridad, a que acabou sendo a súa muller, era unha moza moi guapa e que bailaba moi ben. Ela era veciña miña e aínda fomos algo mocetes. Recordo que unha vez, na festa de Ribadeume, veu unha orquestra e non había animadoras polo que tiña que vir unha rapaza da Coruña que a contrataban para cantar catro pasodobles; correuse a voz polo lugar e había que ir ver á animadora. Como os meus amigos e mais eu estábamos aprendendo para músicos, fomos ata a Taberna. Entón Pancho, o dono do local e moi boa persoa, díxolle á anima-

Caridad e Tin

dora que nós éramos futuros músicos e xa se puxo a falar con nosoutros. Era cando se cantaba a Zarzamora. Eu faleille de que había unha «muchachita» alí fóra que era unha pena non dala a coñecer, xa que bailaba e cantaba o que quería, esa era Caridad. Fun buscala e a animadora púxolle unhas saias de artista e Caridad comezou a cantar, que ben o fixo! Caridad traballaba na casa de Roviralta coidando aos pequenos e queríana moito, non tardou moito en casar con Valentín.

Tin tivo a sorte de coincidir cos alemáns, e beneficiouse de haber estado na División Azul. El veu para Compresión e os alemáns eran os que estaban montando os compresores e como dixo algunhas palabras polo medio en alemán xa contaron con el e eles mesmos foron os encargados de metelo na oficina. Falaron con Roviralta e dixéronlle que cando marcharan o cambiaran para a oficina que estaba un pouco maior para estar na obra. Que ben lle veu! E meteuno de conserxe nas oficinas xerais.

Todos os xefes lle tiñan moito respeto a Roviralta, ata a muller. Vouvos contar algo: unha vez cambiaron o azulexo da cociña e había un desconchado

Vista exterior de Compresión e Sínteses (1959)

pequeniño nunha esquina. A muller, que se chamaba Concepción, díxome: oye Aurelio, quedó muy bien, pero que tan bien queda esto y esta cosa de aquí medio desconchada? Eu díxenlle: pero lo cambiamos!, pues casi mejor. Pero eu non tiven a habilidade de facelo naquel momento. Cando ía empezar a cambialo chega el e dime: que vas a hacer ahí? Pues me mandó su señora que este tiene un desconchado aquí e xa contestou rápido: déjalo estar! E non o movín. Nisto que vén dona Concepción e dime: no se acordó de cambiar el azulejo, señor Aurelio? Sí que me acordé. Y por qué no lo cambió o es que no había? Sí que hay, pero me dijo don Antonio que no lo cambiara, que estaba bien así. Antonio tenía que ser! e saiu como unha chispa. Era malísimo, non doblaba nin con calor. Tamén tiña algo de bo, se che daba a palabra podías contar con ela. Nunha ocasión (eu era bastante equilibrista e xa fixera a bóveda alta) había que poñer uns pararraios en Compresión e Síntese, na cabeza de arriba. Alí estaba todo o persoal eléctrico na parte de abaixo pero ninguén se atrevía a subir arriba. Era complicado porque había que subirse á placa e logo pasar pola bóveda ata a parte central para colocar o pararraios e non había onde agarrarse xa que era pulido. Precisamente eu fixera aquela bóveda; estaban todos mirando para arriba e dixo Rianxo: yo tengo un muchacho que sube ahí. Pero quen vai subirse é imposible, dicían. Preguntou Roviralta que quen era e contestoulle que era Aurelio. El colleu o coche e veu por min que estaba traballando na piscina. Cando o vin chegar e que me chamaba xa me botei a pensar a ver que fixera, menos mal que non foi a máis.

Construción da piscina de adultos (1963)

Construción dos vestiarios (1963)

Construción do LAR (1964)

Lembro cando se fixo o Lar e a piscina; cando se decidiu facer o Lar era porque pensaban construír un club social. O señor Méndez, que era o encargado da obra, dixo que había que facer unha cheminea o máis rústica posible. Por detrás do mostrador, se te pos mirando de frente vese no respaldo como uns cestos. Aquelo fíxoo Pedro de Monfero, foron cun coche a buscar os carballos aló ás Fragas do Eume. O nome púxenllo eu, resulta que Méndez preguntoume que nomes galegos se falaban nas aldeas e que sabía eu para un edificio novo. Contesteille que varios: cociña, lareira... El mandoume parar e preguntoume que era a lareira, díxenlle que era onde se facía o lume. E dixo: ya tenemos nombre, LAR. Así que o padriño do Lar son eu.

Chimenea na biblioteca do LAR (1967)